

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XLVI)

Francisco Fernández del Riego
no río do tempo



CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XLVI)

Francisco Fernández del Riego
no río do tempo

Coordinadores

Tamara Andrés
Manuel Naveira Fuentes
Armando Requeixo



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Director:
Armando Requeixo

Consello asesor:
Luís Alonso Girgado
Xosé Luís Cochón Touriño
Xesús Ferro Ruibal
Anxo González Fernández
Ramón López Vázquez
Segundo Pérez López
Manuel Quintáns Suárez †
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:
Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:
Valentín García Gómez

Coordinador científico:
Manuel González González

Directora Técnica de Literatura:
Pilar Lorenzo Gradín

© Dos textos: As autoras e os autores
© Da cuberta: Isabel Pintado
© Da corrección editorial e revisión lingüística: Tamara Andrés
e Manuel Naveira Fuentes

Santiago de Compostela, 2023

Maquetación e impresión:
Grafisant, S.L.

ISBN: 978-84-453-5446-9

Depósito legal: C 658-2023

Índice

Limiar	9
Intelectual e cidadán	13
PATRICIA ARIAS CHACHERO: Francisco Fernández del Riego, preso político.....	15
MARÍA DOLORES CABRERA IGLESIAS e FRANCISCO DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ: Francisco Fernández del Riego, alma máter e director da biblioteca da Fundación Penzol (1963-2010) ..	29
PERFECTO CONDE: Do autorrelato ás memorias	49
VÍCTOR F. FREIXANES: Francisco Fernández del Riego na Real Academia Galega	59
X. AMANCIO LIÑARES GIRAUT: Do rego dun mozo galeguista na República vivida e soñada	73
MALORES VILLANUEVA GESTEIRA: Francisco Fernández del Riego, o galeguista íntegro.....	91
Literatura e pensamento	113
TAMARA ANDRÉS: Francisco Fernández del Riego e o fío da tradución: práctica e pensamento	115
ANXO ANGUEIRA: A renacemento e Sarmiento na historiografía literaria de Fernández del Riego.....	129
MANUEL NAVEIRA FUENTES: Notas á literatura universal nas letras galegas: Del Riego, lector do seu tempo.....	145
XOSÉ L. PASTORIZA ROZAS: Hermeneuta da nación: Francisco Fernández del Riego e a filosofía galega	161
VICTORINO PÉREZ PRIETO: Francisco Fernández del Riego, cristián na fronteira, e Prisciliano.....	179
MARIO REGUEIRA: Salvador Lorenzana lector contemporáneo: Fernández del Riego como crítico ante as Novas Narrativas	191

Relacións e amizades	209
LUÍS ALONSO GIRGADO: Don Paco del Riego nas publicacións do Centro Ramón Piñeiro	211
XESÚS ALONSO MONTERO: Francisco Fernández del Riego e o exilio cultural galego: achegamento á súa relación con Luís Seoane a partir do epistolario Seoane-Del Riego/Del Riego-Seoane.....	219
MIGUEL GONZÁLEZ SOMOVILLA: Del Riego e Cunqueiro: ser ou non ser	231
CLAUDIO RODRÍGUEZ FER: Cartas e comentarios, a un poeta novo, de Francisco Fernández del Riego	255

Limiar

Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913 - Vigo, 2010) é unha das personalidades máis importantes da cultura galega do noso tempo. Ensaísta de amplísima e diversa obra, historiador, antólogo, dicionarista, narrador, lexicógrafo, memorialista, articulista e tradutor, entre outras moitas facetas, dedicou a vida á causa de Galicia, á súa cultura, á súa lingua e á súa literatura, dende diferentes eidos asociativos, institucionais, publicistas e editoriais. Foi, a non dubidalo, un abraiante motor de explosión da causa de nós, que estendeu a súa actividade dende os tempos da II República ata o novo milenio, e que non cesou nin un intre no seu empeño en multiplicar os esforzos para laborar a prol do engrandecemento da nosa terra.

Neste ano no que o honramos coa celebración do Día das Letras Galegas —do que el, por certo, foi o seu principal ideador e artífice—, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades non podía deixar pasar a ocasión de lembralo e homenaxealo debidamente. Con tal fin, o presente *Caderno Ramón Piñero (XLVI). Francisco Fernández del Riego no río do tempo* centra os seus esforzos en radiografar non poucas das múltiples angueiras nas que brillou como senlleiro intelectual.

Converxen neste libro, pois, un total de dezaseis achegas que, en proxección calidoscópica, contribúen a conformar un retrato substancial da vida e obra de Fernández del Riego, traballos que foron integrados en tres grandes bloques ou seccións.

O primeiro destes apartados aborda a súa faciana de “Intelectual e cidadán”. Nel recóllense artigos que atinxen á súa traxectoria vital e mais ao seu percorrido como integrante de diversas institucións vencelladas co galeguismo. O segundo destes bloques, “Literatura e pensamento”, despraza a súa atención ata o perfil máis autorial, con traballos que dan conta do labor e dos intereses de Fernández Del Riego arredor da palabra e do que a través dela se constrúe. Finalmente, a terceira e última sección, “Relacións e amizades”, céntrase nas relacións que o laurentino mantivo con outros escritores e ámbitos.

As colaboracións deste volume, ordenadas alfabeticamente dentro de cada sección, iníciase co artigo “Francisco Fernández del Riego, preso político” de Patricia Arias Chachero, que incide na necesidade de desmentir

o tópico da non implicación do grupo Galaxia co galeguismo político, describindo os desencontros que o protagonista tivo coas autoridades da ditadura que o levaron a presidio. A seguir, María Dolores Cabrera Iglesias e Francisco Domínguez Martínez asinan “Francisco Fernández del Riego, alma máter e director da Fundación Penzol (1963-2010)”, no que se explicita a total implicación do de Lourenzán na Fundación Penzol ao longo de case medio século. Perfecto Conde elabora en “Do autorretrato ás memorias” unha reflexión teórica sobre a categoría á que atribuír o libro *Conversas con Paco del Riego*. Víctor F. Freixanes documenta en “Francisco Fernández del Riego na Real Academia Galega” a presenza deste dentro do organismo que ambos os dous presidiron. Xosé Amancio Liñares Giraut percorre en “Do rego dun mozo galeguista na República vivida e soñada” a vida do mozo galeguista de Prego. E Malores Villanueva Gesteira traza un panorámico e esencial relato biográfico en “Francisco Fernández del Riego, o galeguista íntegro”.

O segundo dos bloques ábrese coa colaboración “Francisco Fernández del Riego e o fío da tradución: práctica e pensamento” de Tamara Andrés, quen pon o foco tanto na súa praxe versionadora como no seu labor como tradutólogo. Anxo Angueira, en “A renacemento e Sarmiento na historiografía literaria de Fernández del Riego”, salienta a importancia que para o de Lourenzán tivo a figura do sabio bieito. Manuel Naveira Fuentes explora en “Notas á literatura universal nas letras galegas: Del Riego, lector do seu tempo” algunhas das principais conexións do autor coa literatura universal ollada dende a escrita galega. Xosé Luís Pastoriza Rozas aborda en “Hermeneuta da nación: Francisco Fernández del Riego e a filosofía galega” a fundamentación ideolóxica do seu pensamento desde o prisma da Filosofía. Victorino Pérez Prieto fai o propio en “Francisco Fernández del Riego, cristián na fronteira, e Prisciliano” desde a óptica transcendente e relixiosa cristiá, con especial atención ao seu vínculo coa figura de Prisciliano. Por remate, Mario Regueira atende en “Salvador Lorenzana contemporáneo: Fernández del Riego como crítico ante as Novas Narrativas” o perfil do historiador e estudoso que afondou no fenómeno da Nova Narrativa galega e a recuperación do noso discurso literario na Posguerra.

Na derradeira das seccións, Luís Alonso Girgado comeza en “Don Paco del Riego nas publicacións do Centro Ramón Piñeiro” dando conta

dalgunhas das cabeceiras de prensa facsimiladas nas que Fernández del Riego colaborou con ensaios introdutorios; Xesús Alonso Montero, en “Francisco Fernández del Riego e o exilio cultural galego: achegamento á súa relación con Luís Seoane a partir do epistolario Seoane-Del Riego/Del Riego-Seoane” destaca a importancia decisiva de Del Riego para o galeguismo do exterior a partir da correspondencia que intercambiou con Luís Seoane. Miguel González Somovilla, en “Del Riego e Cunqueiro: ser ou non ser”, repasa a historia de profunda amizade que, por riba de todo, caracterizou os días e os traballos de Fernández del Riego e Cunqueiro. E, para pechar o volume, Claudio Rodríguez Fer, en “Cartas e comentarios, a un poeta novo, de Francisco Fernández del Riego”, ofrece a exhumación do relevante epistolario mantido co persoeiro, ao tempo que contextualiza os asuntos entrambos tratados nas misivas.

Como se bota a ver, este Caderno Ramón Piñeiro ten a vocación de iluminar non poucos dos principais ángulos autorais que singularizaron a andaina intelectual de Francisco Fernández del Riego. Tal empeño non sería posible sen a tan rigorosa como desprendida colaboración de todas as persoas que contribuíron cos seus artigos. E tampouco chegaría a bo porto sen que María Dolores Cabrera Iglesias, Francisco Domínguez Martínez e Claudio Rodríguez Fer nos cedesen valioso material gráfico para a súa reprodución e, tamén si, sen que Isabel Pintado fermosease a cuberta do volume coa hipnótica colaxe que o preside. A todas e a todos, beizón por terse sumado a este *Caderno Ramón Piñeiro (XLVI). Francisco Fernández del Riego no río do tempo*, que quere celebrar e recoñecer admirativamente a memoria e o legado inmenso que en herdo nos deixou ese optimista radical que foi Francisco Fernández del Riego.

Os editores

Intelectual e ciudadano

Francisco Fernández del Riego, preso político

Patricia Arias Chachero
(Fundación Ramón Otero Pedrayo)

*A Antón Mascato e Carlos Méixome,
pola amizade*

Ténselle recriminado ao grupo Galaxia facer, nos anos cincuenta e sesenta, labor cultural e non labor político.¹ Francisco Fernández del Riego, un dos esteos da editorial, brazo executor do ideario da tríade formada por el mesmo e mais por Ramón Piñeiro e Xaime Illa Couto, rebateu esta idea con insistencia nos seus traballos de memorias. Léndoo, resulta complicado negar o compromiso político que se agochaba tras o proxecto cultural que, en momentos difíciles, emprenderon con determinación e valentía el e os seus compañeiros. En *A xeración Galaxia* (1996: 197) afirma:

Loitamos sen angustia e con esperanza. Porque sentiamos a seguridade de que Galicia tiña futuro. Moviámonos con teimosa actividade, con total renuncia a atraementos. Fixemos de propulsores, con disciplina e entrega constante a un país e a unha cultura. Nunca enfeblecimos, nin nos momentos máis duros. Nunca nos desnortamos, nin nos enganamos. Sempre dixemos Galicia, galeguismo. Endexamais perdimos a fe inquebrantable en obxectivos que aínda semellaban ser lonxanas quimeras.

A este respecto, Xesús Alonso Montero (2020: 196), en traballo recente, afirma categórico:

Á falacia que circula por certos faladoiros patrios desde hai moito tempo, chámanlle os seus bautistas e seguidores, “piñeirismo”! Pois ben, o piñeirismo (espido de aspas) foi a resposta política

¹ A orixe da recriminación parece xurdir nesa mesma época, entre o grupo dos exiliados. O 16 de novembro do 53 aparece na portada do xornal bonaerense *A Nosa Terra* un texto anónimo titulado “Política e cultura”, que demostra que o debate estaba xa sobre a mesa. Meses despois, en abril do 55, no mesmo xornal, nun texto igualmente anónimo, “Posicións no Galeguismo”, lemos unha crítica máis explícita: “a desaxeitada ourentación imposta ó momento patriótico galego por algúns seitores da intelectoalidade do noso país que, convertido en ‘elite reitora’, adican os seus esforzos á creación dunha ‘estética cultural’ do galeguismo”. Conclúe: “non poderán nunca acadar máis que probes e limitados resultados”.

axeitada, nesa altura, ó Réxime, daquela xa apoiado polo Reino Unido, por Francia e polos Estados Unidos, que viron en Franco un baluarte moi eficaz contra o comunismo. O piñeirismo débese, si, en moi boa parte a Piñeiro, o ideólogo e o gran estratega da acción cultural en Galaxia.

No presente artigo procuraremos apuntalar a idea de que “facer cultura” nos anos cincuenta era unha forma de “facer política”, a forma de facer política que Del Riego e os seus compañeiros estimaron viable naquel momento. O que non debería descualificalos fronte a outras maneiras de entender a política, formas que, por aquel entón, o grupo percibiu como pouco factibles nun réxime represor, moi atento á actividade dos simpatizantes republicanos de preguerra. Para iso deterémonos en dous momentos da vida do homenaxeado nas Letras Galegas de 2023, dúas detencións, con pena de cadea e proceso xudicial, que padeceu entre 1947 e 1955.

Antes de afondar no sucedido, cómpre lembrar que Fernández del Riego (Lourenzá, 1913 - Vigo, 2010) foi un dos mozos do Seminario de Estudos Galegos, militante comprometido do Partido Galeguista e parte activa e consciente dos cadros de galeguismo de preguerra. Profesor auxiliar da Facultade de Dereito, cando o levantamento militar do 36 foi destituído “por desafecto al Glorioso Movimiento”² e xulgado por un tribunal de responsabilidades políticas que lle impuxo unha severa sanción. Co remate da guerra, compaxinou todo tipo de traballos, en xeral non ben remunerados, para poder sobrevivir nun clima que lle era abertamente hostil. A comezos dos anos sesenta, en pleno franquismo, participou con Xosé Manuel Beiras na fundación do Partido Socialista Galego (PSG), cuxo secretariado asumiu con determinación. Con semellante traxectoria, debería estar fóra de toda dúbida a súa participación na órbita do dereitismo e fóra tamén da sospeita de ter renunciado ás actividades políticas partidarias.

² A documentación deste artigo atópase no Fondo Francisco Fernández del Riego da Fundación Penzol de Vigo. A relativa ás represalias sufridas tras o levantamento do 36 pode consultarse na seguinte referencia: FR-CA-054/002/001. Agradézolle a Benito Ramírez, arquivista da Penzol, a Xosé Manuel Soutullo, presidente da entidade, e a Marián Vidal, a súa bibliotecaria, a posibilidade de consultar esta e outra documentación citada. Sen eles este traballo non sería posible.

A primeira causa: setembro 1947 - marzo 1948

A comezos do mes de setembro de 1947, Fernández del Riego foi detido no seu despacho de Vigo. Unha parella da policía irrompe no lugar, identifícao e lévao preso sen lle aclarar o motivo. Na comisaría, retíranlle cerimoniosamente a gravata, o cinto e os cordóns dos zapatos e fano sentar nunha cadeira e agardar en silencio. Pronto descobre que nas dependencias policiais están tamén algúns amigos próximos; o doutor Darío Álvarez Blázquez, o profesor Enrique Vidal de Bustamante, o avogado Roberto González Pastoriza e un fisiólogo de orixe peruana que non fomos quen de identificar. Todos eles de ideoloxía republicana e liberal, todos eles sinalados polo Réxime.

Ese mesmo día, no primeiro andar do edificio, interrúganos, por quendas e por separado. Saben así que están acusados de colaborar cos procesados na causa número 438-47 que sinala, entre outros, a Francisco Rey Drox, coñecido como Coronel Chacama, e a José Barreiro Fernández, de actividades políticas contra o Réxime.

Del Riego, o último en ser interrogado, enfróntase durante unha hora a un acareo con José Barreiro Fernández, pasante de Rodríguez Pastoriza, que insiste en sinalalo como presidente da Unión de Intelectuales Libres, unha organización clandestina moi próxima ao Partido Comunista que xurdira en España a finais de 1944, pouco despois de que, tras a liberación de París, aparecera en Francia a Unión de Intelectuales Españoles. Ambas entidades procuraban o traballo de mans dadas de todos os intelectuais antifranquistas. O propio Don Paco relatou o sucedido en *O río do tempo. Unha historia vivida* (Fernández del Riego, 1990: 182-183):

Teimaba en que todos eramos membros da UIL, e en que eu era o Presidente, cunha contundencia abraiante. Mantivémonos firmes na negativa, pesie ás ameazas do interrogador que, no meu caso, chegou case á agresión física. Permanecemos despois algunhas horas en Comisaría, aillados uns dos outros. Pola noite recibíuse a orde de que nos trasladasen á cadea da rúa do Príncipe. Ingresáronnos aos vigueses en celas incomunicadas. Cando nos pecharon nelas xa nos precederan os pontevedreses e composteláns, tamén en rigurosa incomunicación individual. Mantivéronos a todos nesta situación durante quince días.

Os de Pontevedra eran o mestre Luciano del Río Besada e o cirurxián Celestino Poza Pastrana; os de Santiago, o cirurxián Ramón Baltar Domínguez, o rexistrador da propiedade José Otero e o catedrático Ulpiano Villanueva de Castro. Na causa figuran ademais os nomes de Jorge Seoane, Manuel Ciruelo e Modesto García Nóvoa. Todos estiveron incomunicados ata que chegou o coronel que presidiría o consello de guerra que os ía xulgar. Ignoramos a data exacta en que comezou esta situación, pero na Fundación Penzol consérvase un documento en virtude do cal, o 9 de setembro dese ano, autorízase a Evelina Hervella Nieto, esposa de Del Riego, e aos seus irmáns Antonio e Domingo para que o visiten en prisión.³

A detención estaba relacionada, tal como se anunciou, cunhas conversas que mantiveran meses antes a respecto da posta en marcha da Unión de Intelectuais Libres. O primeiro contacto parece ser o colaborador de Pastoriza, José Barreiro Fernández, e, pouco despois, teríase posto en contacto co grupo Francisco Rey Drox, un republicano que regresara do exilio en Francia e que se facía chamar Coronel Chacama. Del Riego cóntanolo en *Camiño andado* (2003: 101):

Viñera a Vigo un vello conspirador. Traía a misión de se entrevistar cunha serie de persoas coñecidas polos seus antecedentes liberais ou republicanos (...) Presentouse ante cada un de nós como Coronel Chacama. Segundo nos dixo, comisionáranos para organizar en Galicia a Unión de Intelectuais Libres, que xa funcionaba en moitas cidades españolas. Servíralle de intermediario para se comunicar connosco, un pasante do despacho de Pastoriza. A todos nos pareceu, sen acordo previo, cousa sospeitosa a sorprendente proposta. Refugamos un a un o que nos solicitaba. Chacama regresou de baleiro á capital de procedencia.

Sobre este pouco coñecido Coronel Chacama atopamos unha “Requisitoria” en *El Ideal Gallego* do 8 de maio de 1946:

Hijo de Manuel y de Francisca, de 53 años de edad, natural de Naratijo, Puerto Rico, vecino de Orense, Avenida de Zamora,

³ O documento en cuestión pode consultarse en FR-CA-054/002/002. O xustificante, con cabeceira do Ministerio de Justicia. Dirección General de Prisiones, está asinado polo director da prisión e leva un logo no que se pode ler: “Patronato central para la redención de penas por trabajo. Para educar cristianamente a los hijos de los reclusos”.

núm. 7, avecindado últimamente en La Coruña, de profesión empleado, casado, estatura 1.730 mm., color moreno, pelo canoso, ojos oscuros, nariz recta, boca regular, barba canosa, viste de paisano, comparecerá en el plazo de ocho días contados a partir de la fecha de la publicación de esta requisitoria en los periódicos locales y en el Boletín Oficial de esta provincia, ante el Juzgado Especial del Fuero de esta Región, sito en el edificio de las Cigarreras de esta Capital, para responder de los cargos que se le hacen en la causa número 159-46, que por el Comandante don Manuel Chacón Barcala sigue contra María Pérez Mallid y otros bajo apercibimiento de que de no presentarse en el plazo que se le señala, será declarado rebelde.

Víctor Manuel Santidrián Arias (2000: 293-294) sitúa a Rey Drox como membro activo do Partido Comunista na provincia de Ourense:

Empezaran a reconstruí-lo seu Comité Provincial no verán de 1942, sen ter conexión ningunha coa Dirección de Madrid. Juan Novoa Campos foi nomeado secretario xeral e Teófilo Fernández Carral, de Barbadáns-Ribadavia, quedou encargado das relacións cos fuxidos da provincia (...) No Comité ourensán, ó que tamén pertencían Ricardo Docampo Pousa “Romakoff” e Francisco Rey Drox, correspondeulle a Simón Fernández a responsabilidade de mante-las relacións cos fuxidos en Portugal, polo que conectou cun dos encargados do centro do PCE en terras lusas, Víctor García Estanillo “Brasileño”, comunista que se trasladou a fins do ano 1943 a Vigo. Dende alí enlazou coa Coruña e Lugo co obxectivo de formar un Comité para toda Galicia.

Francisco González Vidal, en *Paco Balón: Memorias de un comunista ferrolano* (1999: 74), ao se referir a Manuel Blanco Bueno, coñecido como Diego Romero, explica:

La policía de Orense se tomó su tiempo. En la primavera del 47, en una residencia de Vigo, se detiene a *Diego Romero*. No fue difícil para las autoridades saber que el detenido era Manuel Blanco. Las siguientes caídas afectaron a todo el aparato dirigente de Orense. Entre los detenidos estaban Carnicero y su hijo Manuel, de 15 años, Ramón Gómez Sanz, Francisco Rey Drox, José Salcedo Cesón... hasta un total de 112 personas.

Este Manuel Blanco Bueno, membro do PCE desde 1937, chegara a Galicia en 1945 xunto a José Gómez Gayoso, Manuel Fernández Soto e Antonio Seoane para reactivar o partido e relanzar a guerrilla. Comezou o seu traballo na provincia de Ourense, onde o axudaba Tomás Jiménez Esquivias. Non parece desacertado relacionar a caída do grupo ourensán coa detención do círculo de galeguistas vigueses.

Cando Perfecto Conde (2018: 82) lle pregunta a Francisco Fernández del Riego por que foron absoltos no 47, responde sen dubidar:

Porque Chacama era un home honesto que confesou a verdade. Torturárono. Parece que lle deron coas culatas ata desfacerlle os xeonllos. O caso foi sobresido e as razóns foron que o propio Chacama desdixo o que declarara o rapaz intermediario; e, ademais, dábase a circunstancia de que Baltar acababa de operar con éxito a muller do almirante xefe de Galicia.

Segundo a documentación conservada na Fundación Penzol, Del Riego foi posto en liberdade o 22 de setembro de 1947. Seis meses despois, o 1 de marzo de 1948, Juan González Regueral y Losada, comandante auditor e secretario de xustiza da Capitanía General de la Octava Región Militar, asinou un certificado sinalando que o noso homenaxeado non estaba implicado en ningún procedemento xudicial. O coronel Chacama, encarcerado daquela, falecería trece anos despois, o 25 de decembro de 1960, na prisión de Burgos.

Aquelas semanas do 47 foron, sen dúbida, momentos de angustia e inseguridade, de soidade e incerteza. Conservamos unha carta dirixida a Del Riego por Zamora Vicente (Alonso Montero, 2007: 154) onde este confirma que tiña visitado a outro dos presos, o médico Ulpiano Villanueva, e preocupábase nestes termos polo sucedido:

Si tiene tiempo y ganas, cuénteme cómo quedó el asunto de Uds. ¿De qué se les acusa? ¿Les molestan más? ¿Cómo duele no poder dar una añoranza histórica a nuestra guerra civil! ¡Hemos de estar siempre detrás de ella como alucinados! ¿Y hasta cuándo? Yo pasé un momento por la cárcel y saludé a [Ulpiano] Villanueva, mi amigo de Santiago, y me dijeron que estaba incomunicado todavía. Cuénteme más, si tiene humor.

Poucos días despois volve escribirlle de novo (Alonso Montero, 2007: 154-155): “No sabe Ud. cómo sentí no poder saludarle en mi viaxe a Vigo... Espero que Ud. me ponga unas letras que digan que todo se arregló, como es de esperar, y de que Ud. se ha reincorporado a la vida con el mismo espíritu abierto y libre de siempre”.

A segunda detención: xullo 1954 - setembro 1955

En 1954 o Centro Galego de Buenos Aires convidou a Francisco Fernández del Riego a pronunciar unha serie de conferencias nas Jornadas Culturales Gallegas que a institución organizaba co gallo da celebración do 25 de xullo. Este tipo de xeiras, inauguradas por Otero Pedrayo no verán de 1947, vivíase entre os membros do círculo Galaxia como unha auténtica festa de galegitude e resistencia.⁴ É por iso que, o día 1 de xullo, os amigos de Vigo organizan unha comida de despedida. Dous días despois, Del Riego e Evelina Hervella despegan en Peinador dirección Barajas.

Daquela estiven na Arxentina un mes enteiro. Fun pasar uns días a Mar de Plata no chalé que tiña alí o presidente do Centro Gallego. Dende Mar de Plata despraceime en hidroavión a Montevideo (...) As relacións políticas que había entre Uruguai e Arxentina eran moi malas naquel momento. Collemos o hidroavión de volta e chegamos outra vez a Buenos Aires. Estivemos alí un par de días máis e logo, no canto de volver en avión, regresamos nun barco inglés (...) O barco tiña moita altura e pouca estabilidade e todo o mundo se meteu nos dormitorios e deitouse. No comedor só quedamos dous matrimonios. Pasei o tempo lendo (Conde, 2018: 90).

Tras máis de dous meses afastados da cidade, atracan no porto vigués o 12 de setembro. Ao día seguinte, un feixe de amigos, entre eles Arturo Muñoz Moratorio, o cónsul do Uruguai en Vigo, organízanlle unha homenaxe no restaurante Santorio (ou Santoro?)⁵ dos arrabaldes da cidade.

⁴ Aínda que só sexa en nota a rodapé, debemos consignar que, nesta viaxe, Fernández del Riego leva a América o texto da *Denuncia diante a UNESCO da persecución do idioma galego pol-o Estado Hespáñol*, operación política levada a cabo grazas ao traballo dos galeguistas do interior e os seus camaradas do exilio (Alonso Montero, 2003: 20).

⁵ A prensa da época cita as dúas formas; quizais se trate do restaurante Sanatorio que, nos anos oitenta, pasou a chamarse O sanatorio de Pepiño, un lugar moi coñecido naqueles

O xantar converteuse nunha “festa de confraternidade, que se alongou con discursos e recitais durante algunhas horas” (Fernández del Riego, 1994: 223). Os xornais locais fixéronse eco do sucedido, o que provoca a ira do gobernador civil de Pontevedra, Elías Palao Martialay, que non se atreveu a ir contra os organizadores do banquete —pois o cónsul era o principal deles—, pero impúxolle unha importante multa⁶ ao establecemento onde se celebrara, argumentando que non formalizara os permisos necesarios.

A noticia da sanción chegou a Buenos Aires e alí reproducíuse o sucedido “con comentarios que se chacoteaban do poncio pontevedrés e sobranceaban a arbitrariedade da medida que adoitara” (Fernández del Riego, 1990: 224). Atopamos un destes textos, titulado precisamente “El poncio de Pontevedra sufre del hígado”, no número 153 (outubro, 1954) de *Opinión Gallega*. A prosa non ten desperdicio:

Evidentemente el gobernador civil de Pontevedra debe sufrir de ataques hepáticos. Solo así se explica el que le moleste el que las gentes se reúnan para una función tan natural, tan imprescindible e inofensiva como es la de comer. Hombre bilioso, le fastidia que sus “súbditos” se expansionen comiendo cuando él tiene que vivir amarrado a un régimen de puré y leche. Y aún ésta se le avinagra y le hace caer en actitudes que él cree que son campanudas y ejemplares, pero que resultan ridículas y contraproducentes —¡Cosas del hígado!—. Le recomendamos pasar una temporada en Guitiriz... se lo agradecerán, además de su hígado, sus familiares y los habitantes todos de la paradisíaca provincia de Pontevedra que tienen la desventura de padecerlo.

Cando os xornais americanos, e as burlescas críticas que contiñan, chegaron de volta a Galicia, os servizos de censura postal detectáronos e foron a por quen os recibira. O primeiro detido foi Domingo Lemos Suárez, un excarabineiro da Estrada que, segundo as autoridades franquistas, enviara unha carta a un matrimonio residente na Arxentina na que lanzaba:

anos, situado na aba do monte da Guía, en Teis. Agrádezzolle esta información a Antón Mascato, biógrafo pioneiro de Del Riego e lector atento deste traballo.

⁶ A multa de 500 pesetas está datada en Pontevedra o 16 de setembro dese ano, tres días despois de que se organizase o xantar.

Injurias gravísimas a S. E. EL JEFE DEL ESTADO; y que en un registro efectuado en su domicilio se le encontraron diez ejemplares del periódico titulado “GALICIA”,⁷ editado en Buenos Aires por españoles en el exilio y de tendencia comunista y otras revistas por el mismo estilo, y un libro titulado “SENDA ROJA”, escrito por Julio Álvarez del Vayo,⁸ asegurando que ha visto varios artículos de “SALVADOR DE LORENZANA” en distintos números del citado periódico “GALICIA”.⁹

Tras esta primeira detención, as “forzas da orde” van deter un bo amigo do excarabineiro, o mestre nacional represaliado Manuel García Barros, Ken Keirades, que, con 70 anos cumpridos, asiste ao rexistro da súa vivenda. Tamén a el

se le encontraron diversas revistas de carácter comunista editadas en Buenos Aires por los rojos en el exilio, que ha enviado algunos artículos para que fueran publicados en dichos periódicos; cuyos artículos iban firmados con seudónimo (sic) “KEN KEIRADES”, que no llegaron a publicarse (parece ser) por causas ajenas a su voluntad.

Ben porque saben que Fernández del Riego tamén recibía as publicacións dos “roxos do exilio”, ben porque na carta que presuntamente redactara Lemos Suárez mencionáboo xunto a García Barros, o 25 de agosto de 1955 a policía preséntase na casa de Coruxo onde veraneaba e, como no rexistro non atoparon nada, lévano a Vigo para rexistrarlle o piso que tiña na rúa Progreso, daquela Queipo de Llano, número 12, 5º esquerda, onde tampouco nada encontran. Tan violenta intromisión na intimidade doméstica efectúase a iso das sete da tarde e en presenza de Luis Meijide González, funcionario de Facenda Pública, e Xosé M^a Álvarez Blázquez. Na Fundación Penzol consérvase o certificado do rexistro. Nel lemos:

⁷ Refírese a *Galicia*, publicación semanal editada pola Federación de Sociedades Gallegas Portavoz de la Federación de Sociedades Gallegas, non á revista que co mesmo nome publicaba o Centro Gallego de Buenos Aires.

⁸ Julio Álvarez del Vayo y Olloqui (Villaviciosa de Odón, 1891 - Xenebra, 1975), militante do PSOE antes da guerra, radicalizou a súa posición tras o exilio. Foi expulsado do PSOE, fundou a Unión Socialista Española e máis tarde o Frente Español de Liberación Nacional (FELN).

⁹ Fundación Penzol, FR-CA-054/002/003.

Una vez se ha dado a conocer el objeto de la misión de los funcionarios actuantes, [Francisco Fernández del Riego] dio toda clase de facilidades para ejercer el mejor cumplimiento del mismo, efectuándose seguidamente un minucioso registro en todas las dependencias del piso y especialmente en su despacho, en el que existe una abundante colección de libros, novelas, etc, etc.

Ese deterse nun despacho que imaxinamos ateigado de libros e documentos dá boa conta da “perigosidade” da palabra impresa naquel momento. Neste mesmo senso, un pouco máis adiante, o mesmo documento reconece: “dando resultado negativo el registro efectuado, por no haber sido hallada ninguna prensa ni libros que a juicio de los funcionarios reportara ninguna responsabilidad para el inquilino del piso”.

Non atopan nada pero, mesmo así, detéñeno e lévano á comisaría de Pontevedra e de alí á prisión provincial da Parda. “Anoitecía cando me introduciron na falcona sen dicir palabra. Sentei nun xergón de palla podrecida. Mergullado entre o lixo e a escuridade, o tempo parecía non ter remate. Sentía noxo físico e moral. Non atopaba xeito de poder durmir” (Fernández del Riego, 2003: 126).

A razón para prender a Del Riego parece que foi, simplemente, que publicaba artigos en *Galicia* e que, ao igual que Ken Keirades, facíao usando non o seu verdadeiro nome, senón un “seudomino”. El mesmo (Fernández del Riego, 2003: 126) segue contándonos o trato recibido:

Moi de mañá leváronme a un cuarto na rúa Peregrina. Estaba só entre tres policías. Dous deles alternábanse a me facer preguntas, unha tras doutra. Un terceiro pasaba á máquina de escribir o que eu contestaba. Mantívenme sempre sereo, firme nas respostas. De súpeto soou o teléfono. Alguén se interesaba por min no exterior.

O día 27, dous días despois, acúsano dun delito equiparado ao de rebelión militar, previsto e sancionado no artigo primeiro da Lei do 2 de marzo de 1943. O 31 de agosto, o propio interesado dirixe, na súa defensa, un escrito ao capitán xeneral da Octava Región. Nel confesa ter visto “algunos ejemplares de dicho periódico”, pero insiste en que non colabora nas súas páxinas e argumenta:

Se reducen a afirmar que en un periódico de Buenos Aires denominado “Galicia”, ha publicado con un seudónimo varios artículos, cuando lo cierto es que, ni la materia de estos tiene el menor asomo de contenido político, ni ha enviado en momento alguno tal colaboración al citado semanario. La anterior inserción de dichos artículos en periódicos españoles, y concretamente en “La Noche” de Santiago, revela la inocuidad de los mismos, al amparo de la censura oficial ejercida en dicho periódico, y la irresponsabilidad del autor en orden a las reproducciones abusivas, sin su consentimiento directo o indirecto, que haya podido practicar el citado semanario de Buenos Aires, u otro periódico cualquiera.

Tras o Consello de Guerra, a autoridade militar non atopa fundamento para ocuparse do caso e inhibiuse a favor da xurisdición ordinaria; isto é, a Audiencia Provincial de Pontevedra, a que, inda non tendo causa xustificada para retelo, resístese a poñelo en liberdade.

Ao se nomear un xuíz especial para o caso, encetou a actuación sumarísima polo suposto cargo de rebelión miliar que se me atribuíu. Baseábase o procedemento en que, nunha publicación estranxeira, apareceran artigos periodísticos suscritos co seudónimo de Salvador Lorenzana. En realidade, tratábase de traballos, máis ou menos literarios, reproducidos de xornais de aquí naquela publicación. O instrutor do sumario non o entendeu así, e consideroume responsable dun delito equiparado ao de rebelión militar, previsto e sancionado no art. 1º da Lei de 2 de marzo do 1943. O día 27, o Xuzgado especial dictou auto de procesamento por estimar que, por colaborar na prensa antifranquista, estaba incurso naquel delito. No Consello de Guerra sumarísimo que se celebrou a continuación, o tribunal resolveu inhibirse por falta de probas, xa que non se atreveu a facer uso das cartas (Fernández del Riego, 1990: 224-225).

A situación de prisión preventiva en que se atopa manteno afastado de Vigo e do bufete en que traballa, o que lle ocasiona graves trastornos tanto na vida profesional como na familiar, polo que pide a liberdade provisional. Sen dúbida, a sombra do ofendido gobernador civil de Pontevedra, Palao Martialay, paira sobre o indefenso Del Riego e, tan inxusta situación, percíbese con preocupación e certa angustia entre amigos e familiares. Para arroupalo,

o 13 de setembro de 1955 un grupo de sete letrados do Colexio de Avogados de Vigo¹⁰ dirixe unha petición ao presidente da Audiencia Provincial de Pontevedra, intercedendo en favor do preso. Insisten en que os textos publicados en Arxentina son reproducións e non textos redactados ad hoc, que o autor non foi previamente informado da súa publicación e que se trata de artigos xornalísticos puramente literarios. Engaden que Del Riego é “hombre eminentemente moderado, ecuaníme, perteneciente a familia de arraigo, respetado y querido de todos sus compañeros y de una relevante personalidad”.

Eran moitas as persoas que se interesaban polo preso. Entre elas Ramón Otero Pedrayo quen, abertamente indignado, escíbelle o 14 de setembro de 1955 unha insólita carta a Xosé Ramón Fernández y Oxea, Ben-Cho-Shey. O ton, infrecuente en don Ramón, dá boa conta do seu enfado e preocupación:

Hai de ter un rebolo pra non acugular as cartas. Hai censura. Mal raio fenda ó censor que poña os ollos nista folla. Estiven a ver a Salvador Lorenzana o día 6. Xa levaba 13 días. Inda non teño, estamos a 14, nova de que o botaran fóra. Toda a tempada estou irritado e desacougado co Del Riego na cadea. Había anteonte moi boas novas, pro me non fío.

Ter conta cas letras que hai novas ventando pra facer mal, e co que se di.

Na conversa con Perfecto Conde (2018: 92), o propio protagonista explica o final da insólita situación:

E como García Barros e o excarabineiro residían na Estrada, e eu na Parda facía vida de preso común, pasou todo ao xulgado da Estrada e dábase a casualidade de que o xuíz estudara comigo. Era un chapón, un tipo que sabía o código civil de memoria pero que non tiña cabeza. Un burro tremendo, pero ao saber que era eu o reo, finxiu que estaba enfermo e meteuse na cama. O meu irmán conseguiu que me puxesen en liberdade provisional e así rematou a cousa.

¹⁰ Inda que no documento non figura o nome completo dos autores e as sinaturas non son fáciles de ler, cremos recoñecer os nomes de Juan Baliño Ledo, Manuel García Gestoso, Antonio Viana Conde, Remigio Gándara e Luis Ramón Langa. Agradézolle a información a Antón Vidal Andión.

Liberdade provisional, prisión, Consello de Guerra, rebelión militar, comunismo, interrogatorios, rexistros... Demostran, sen moita discusión, que a cultura era daquela unha forma de significarse e unha actividade non exenta de perigo e de responsabilidades políticas.

Bibliografía

- Alonso Montero, Xesús (2003): *A batalla de Montevideo. Os agravios lingüísticos denunciados na UNESCO en 1954*. Vigo: Edicións Xerais.
- _____ (2007): “Cartas de Alonso Zamora Vicente a Francisco Fernández del Riego”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, 10, pp. 153-157.
- _____ (2020): “Setenta anos da editorial Galaxia, que foi, no esencial, un programa político-cultural para Galicia: consideración xeral cunha incursión especial no Carlos Marx (Ramón Piñeiro) e no Federico Engels (Domingo García-Sabell) daquela empresa intelectual”, *Agora do Orzellón*, 37, pp. 191-205.
- Conde, Perfecto (2018): *Conversas con Paco del Riego*. Vigo: Edicións Xerais.
- Fernández del Riego, Francisco (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (1996): *A Xeración Galaxia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2003): *Camiño andado*. Vigo: Editorial Galaxia.
- González Vidal, Francisco (1999): *Paco Balón, memorias de un comunista ferrolano*, edición e notas de Víctor Manuel Santidrián Arias. Sada: Edicións do Castro.
- Santidrián Arias, Víctor Manuel (2000): *O Partido Comunista de España en Galicia (1920-1968)* (tese de doutoramento). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [Disponible en: <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/24105>. Consulta: 13/01/2023].

Francisco Fernández del Riego, alma máter e director da biblioteca da Fundación Penzol (1963-2010)

María Dolores Cabrera Iglesias
Francisco Domínguez Martínez
(Fundación Penzol)

*[A Biblioteca Penzol] durante corenta anos
consecutivos foi para min fogar de cultura
no que me acubillei.*

Francisco Fernández del Riego, en *Camiño andado*

Prolegómenos

A historia da Fundación Penzol comeza co nacemento e posterior vocación pola bibliofilia do galeguista Fermín Luís Fernández Penzol-Labandera (Sahagún de Campos, 1901 - Santiago de Compostela, 1981), o seu fundador, ademais de propietario, co percorrer dos anos, dunha das mellores e máis completas bibliotecas persoais especializada en fondos de noso.¹

De Fermín, tamén militante e comprometido nacionalista dende a súa mocidade, conta Francisco Fernández del Riego (2003: 139):

Coñecino persoalmente en 1936 con motivo do mitin pro-Estatuto de Galicia celebrado no madrileño Teatro Alkazar. Nel participei eu como orador e Penzol contribuíra a organizalo. Reencontrámonos anos despois durante as actividades clandestinas do Partido Galeguista (PG) nas que ámbolos dous intervimos.

Nos difíciles anos da posguerra, consolidada a ditadura franquista e ante a inviabilidade da restauración da República, logo dos intentos frustrados de reorganización do PG na clandestinidade, os galeguistas do interior apostaron pola estratexia do activismo cultural como unha das poucas canles posibles de resistencia diante do novo e opresivo réxime. Nace así a Editorial Galaxia en 1950, da que Del Riego foi un dos seus primeiros artífices, xunto a Xaime Isla Couto. É Penzol será tamén un dos compañeiros de viaxe neste novo emprendemento, formando parte da nómina de accionistas da editora.

¹ Para afondar máis na persoa de Fermín Penzol e da súa fundación, *vid.* na nosa web a obra *Fermín Penzol. Unha obra para un país*: https://hoxe.vigo.org/pdf/PENZOL/penzol_unhaobraparaunpais2010.pdf

E aínda irá máis alá na contribución a este proxecto colectivo cedendo a devandita biblioteca para uso público, como un útil instrumento de apoio á investigación e estudo da nosa identidade como pobo nas súas distintas disciplinas e, deste xeito, facilitar a elaboración e recuperación do discurso coutado do país, do discurso de nós.

Xenerosa achega, abofé, a do noso bibliófilo, fondamente reflexionada e alentada no seu día por Ramón Piñeiro, con quen mantivo unha fraternal relación de amizade, nacida no Madrid dos anos corenta, que perdurará ata o final da súa vida. Achega que cómpre encadrar dentro da nova estratexia do grupo Galaxia de mediados dos anos cincuenta, consciente da necesidade de crear unha infraestrutura propia que facilitase o labor da investigación galega.² Tal como se reitera nalgunhas das cartas enviadas polo amentado Piñeiro a Del Riego, conservadas e dispoñibles no arquivo deste, das que, a modo de exemplo, reproducimos un par de parágrafos:

Faleille a Fermín do proieito de xuntar a biblioteca dil e mail-a de Martínez [López] nun centro bibliográfico vencellado a Galaxia. Pareceulle moi ben e aceptou a idea. Temos, como ves, unha boa parte do camiño andada (24/8/1954).

Fai un mes, pouco máis ou menos, estivo eiquí unhas horas Carballo Calero. Falamos de que conviña comezar unha nova etapa de Galaxia: a da investigación cultural. A base fundamental pra esta etapa será o gran centro bibliográfico que reuniremos co-a integración das bibliotecas de Martínez [López] e mais de Penzol (25/6/1956).

Será neste marco cando, a finais de setembro de 1956, Fermín fará entrega simbólica do seu patrimonio bibliográfico e documental á citada editorial, á cal confía o seu depósito, custodia e administración. No acto, no que actúa como receptor da doazón, na súa condición de presidente de Galaxia, Ramón Otero Pedrayo, interveñen ademais varios membros do seu Consello de Administración.

² De feito, no documento coñecido como “Informe de Compostela”, do que hai copia no arquivo de Del Riego, no apartado titulado “Galaxia”, entre as sete misións asignadas á editora, a que figura en quinto lugar fai alusión específica á necesidade de creación dun centro para a investigación destas características. O historiador Miguel Barros, nun capítulo do segundo volume da súa obra *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*, estuda e analiza máis en fondura a historia e contidos do citado informe.

Unha crónica deste evento, ilustrada con dúas fotos, ante a inviabilidade naquela altura de poder facelo na Terra, saíra publicada en 1957 alén mar no número 26 da revista bonaerense, dirixida por Luís Seoane, *Galicia Emigrante* co título “Un Importante Acto Cultural en Galicia”. Nese mesmo número, Fernández del Riego, que habitualmente colaboraba nela co pseudónimo de Salvador Lorenzana, aproveita para facerlle unha longa entrevista a Penzol, quen, diante dunha das súas preguntas sobre onde ten pensado emprazar o nova biblioteca, lle responde coa seguinte reflexión:

Quizaves en Vigo. Ten en conta que, sendo como é unha das nosas cidades máis importantes carece de institucións culturás galegas. A Cruña ten a Real Academia Galega —con unha biblioteca espléndida— e máis o Arquivo de Galicia. Santiago ten a Biblioteca da Universidade e máis a do Instituto P. Sarmiento, nas que, máis ou menos, pódense facer estudos sobre as nosas cousas. En Lugo, Ourense e Pontevedra, ora nos respectivos Museos, ora no Arquivo Histórico de cada un delas, pódese traballar sobre temas da cultura galega. Vigo, cidade de gran puxanza económica, necesita tamén centros de investigación e de estudo da nosa cultura.

Xustificado deste xeito o lugar máis idóneo para a súa localización, pasará un tempo entre esta data da entrega simbólica dos fondos e a inauguración do tan arelado centro de estudos. Tempo obviamente necesario para levar a cabo as diversas xestións previas para a súa posta en funcionamento; a saber, a embalaxe e transporte dos materiais procedentes de Ponferrada, Castropol e Madrid, as tres localidades nas que o seu propietario os conservaba; a procura e acondicionamento dun lugar axeitado en Vigo onde depositalos para a súa nova función; e, por último, a recepción e preparación dos mesmos para o seu uso e consulta. A persoa encargada desta recepción na cidade olívica vai ser Del Riego, en quen cada vez máis se delegará a responsabilidade última do futuro espazo, e quen, dende o principio, logo de pedir asesoramento e mediación a Ferro Couselo —daquela director do Arquivo de Ourense— para comezar cos indispensables traballos de catalogación dos libros, contará coa inestimable axuda e supervisión da arquiteira e bibliotecaria ourensá Olga Gallego, daquela residente en Vigo por cuestións profesionais. O propio Fernández del Riego (2003: 140) resume así eses primeiros momentos: “Traballamos arreo baixo a súa competente dirección. Ó longo de horas, días, meses, a Biblioteca foi cobrando forma funcional”.

FAROL
VILO
4-9-63

**UN GRAN CENTRO DE CULTURA
SUPERIOR PARA GALICIA**

**SE VA A INAUGURAR EN VIGO
LA BIBLIOTECA FORMADA
CON LOS FONDOS PENZOL**

**Entrevista con don Francisco F. del Riego,
miembro del Patronato**

—Hoy podemos dar a nuestros lectores una granísima noticia, que afecta no solamente a Vigo, sino a Galicia entera: la inauguración, en nuestra ciudad, de una biblioteca privada de gran importancia para toda clase de estudios —filológicos, históricos, sociales, etcétera—, que se referirá a nuestra región. La biblioteca ha sido instalada espléndidamente en el primer piso de la casa número 24 de la calle de Pouscarpo Sana, edificio antiguo de la Casa de Abogados. Allí, inspeccionando la finalización de los trabajos de ordenación, nos recibe el académico y escritor, colaborador de FARO DE VIGO, don Francisco Fernández del Riego.

—¿Cómo surgió la idea de crear esta biblioteca?

—Un gran gallego, enamorado de su tierra, don Fermín Penzol, se dedicó, desde muy joven, a reunir todo cuanto libro o folio se tratase de Galicia, ya obra de escritores gallegos, ya de foráneos. Al mismo tiempo adquiría revistas, documentos, todo clase de especies referentes a Galicia. Creó así un conjunto extraordinario, incomparable, de excepcional valor. Penzol tenía todos estos libros, revistas, folios y documentos dispersos en sus residencias particulares. Ahora, Penzol, con un alto espíritu de servicio a Galicia y a la cultura gallega, ha querido poner todo ese tesoro —puede llamarse así— a disposición de los estudiantes.

—¿Esta biblioteca es, pues, Biblioteca Penzol?

—Así es. Para regirse se ha creado una "Fundación Penzol" constituida legalmente a este ef-



Don Francisco Fernández del Riego explica a uno de nuestros redactores el abanico cultural que representa el valioso contenido de la Biblioteca pensola a inaugurarse.—(Foto Magar.)

Notario don Alberto Casal Rivas, y cuyo Patronato está formado por personas conocedoras de los grandes temas de la cultura gallega, disertas en las materias que forman la base de esta biblioteca, y capaces de orientar su utilización y futuro desarrollo.

—¿Cuáles son los principales aspectos de la Fundación?

—La principal finalidad de la

Fundación es poner los fondos de la biblioteca a disposición de los estudiosos, especialmente de los jóvenes universitarios. Se crean ahora tres Seminarios de Ciencias Históricas, de Filología y de Ciencias Económico-Sociales. Pretendemos que los que preparan tesis doctorales sobre estas materias, referidas a Galicia, puedan trabajar en esta biblioteca con el rico material reunido por Penzol a su disposición. Además, queremos crear una sección de manuscritos, en la que podamos reunir todos los documentos referentes a Galicia diseminados por bibliotecas y archivos españoles y extranjeros, especialmente documentos medievales importantes para el estudio de la lengua, del derecho, de la historia política y social etc.

—¿Quiénes forman el Patronato?

—Entre otros el propio D. Fermín Penzol, don Antonio Fernández López, don Ricardo Carballo Calvo, don Jesús Ferro Cosme, don Jaime Isla Coulo, y don Ramón Otero Pedrayo y don Domingo García Sabel.

—¿Habrá nuevas aportaciones a esta Biblioteca?

—Sin duda. Ahora mismo ya hay la de una remesa de revistas norteamericanas de Filología románica, de extraordinaria importancia para los estudiosos de lingüística gallega.

—¿Quiere decirnos algo más?

—El satisfacción, como gallego y como miembro del Patronato, de que Galicia cuente con esta Biblioteca. Se trata, indudablemente, de un centro de cultura superior, que ha de servir para un florecimiento de los estudios gallegos. Es un honor para Vigo el albergar la Biblioteca Penzol.



Un aspecto parcial de la Biblioteca de la "Fundación Penzol".— (Foto Magar.)

Nova da inauguración da Fundación Penzol *Faro de Vigo* (4-5-1963)

Complementariamente, o 7 de abril de 1963, mediante escritura notarial bilingüe da que dá fe Alberto Casal Rivas, formalízase a entrega dos fondos de Fermín Penzol. Constitúese así a fundación privada que leva o seu nome como entidade xurídica, que será a responsable de velar polo goberno e custodia do valioso patrimonio. Noméase para rexela un padroado ou consello, presidido polo fundador e integrado nun principio, segundo reza no

documento, por Ramón Otero Pedrayo, Antonio Fernández López, Ramiro Isla Couto, Domingo García Sabell, Ricardo Carballo Calero, Francisco Fernández del Riego, Xesús Ferro Couselo, Xerardo Fernández Albor, Marino Dónega Rozas, Ramón Piñeiro López e Xosé Luís Franco Grande, todas elas figuras do círculo de Galaxia e abondo representativas do galeguismo.³ Nacía así oficialmente a nova institución.

En Policarpo Sanz, 24, 1º

Case un mes máis tarde, o domingo 5 de maio de 1963, no entresollado do número 24 da rúa viguesa de Policarpo Sanz, na coñecida como Casa Bárcena, e nuns locais alugados á Caja de Ahorros Municipal de Vigo,⁴ celébrase o acto de inauguración do novo centro. Presiden Sebastián Martínez Risco, como presidente da Real Academia Galega, e Ramón Otero Pedrayo, como vicepresidente da recentemente estreada fundación. Ao comezo do mesmo pronuncia unhas breves palabras Fernández del Riego (1996: 109) nas que: “Din conta eu de que se abrían os labores a desenvolver na Biblioteca, e dos que ata entón se realizaran para acadar o seu funcionamento”. A seguir, presentou o conferenciante, o filólogo lusitano Manuel Rodrigues Lapa, quen pronunciou a palestra inaugural co título “Os romanistas italianos e a literatura medieval galego-portuguesa”, nun simbólico achegamento ao país veciño.


Tal como acreditan as crónicas do martes seguinte, esta vez xa na prensa local viguesa, dende diversos puntos de Galicia concorre ao importante evento unha nutrida afluencia de coñecidos académicos e intelectuais galeguistas, así como unha significativa representación de xente nova, maiormente da universidade compostelá, como garante da continuidade do proxecto. A nova Biblioteca principiaba así a súa longa e frutífera andaina, sen rótulos de reclamo no exterior, pola obrigada cautela do momento.

³ Unha copia desta escritura de constitución da Fundación Penzol do 7 de abril de 1963 está depositada e dispoñible nos nosos arquivos.

⁴ Segundo consta no contrato de arrendamento de setembro de 1961, tamén dispoñible no noso arquivo, o encargado de asinalo vai ser Francisco Fernández del Riego, na súa condición de director-xerente de Galaxia. Cómpre tamén lembrar que Xaime Isla Couto e Antonio Fernández López foron os que fixeron posible, diante da entidade financeira, a adxudicación destas dependencias.

O variado e rico fondo inicial, cedido polo benemérito outorgante, estaba composto por 7.751 libros, 6.012 folletos, unha ampla colección de revistas e xornais e numerosísimos documentos e papeis de todo tipo, aspecto e feitura, que tiñan como denominador común a temática galega, estaren editados ou impresos en Galicia, ser de autores galegos ou estar escritos na nosa lingua. Xa dende aquela, á fronte deste acervo patrimonial como o seu custodio, aparece Del Riego, disciplinado e metódico, cunha exemplar lealdade a esta causa, como deixamos escrito con anterioridade (Cabrera, 2013: 18):

Coa súa resolución e capacidade de traballo vai desenvolver case de por vida o cargo de director da Penzol. A súa habitual dilixencia e o seu entusiasmo farán del o seu dinamizador e responsable último, dende a súa inauguración ata pouco antes de finar, nonaxenario, no 2010. Encomiable exemplo de desinteresada dedicación e entrega cotiá, sen cobrar endexamais retribución económica ningunha polos seus impagables servizos.



Distribución da Fundación Penzol (debuxo de Xaime Isla Couto)

Tratamento dos materiais para a investigación

El será a peza clave deste novo e ambicioso proxecto. A Penzol non se explica sen a súa presenza activa, tal que tamén recoñecía, ao pouco de abrirse o centro, Ramón Piñeiro nun fragmento doutra carta enviada a Manuel Meilán a Montevideo o 21 de xaneiro de 1964: “Na Penzol sigue sendo segredario o Ramiro [Isla]. Con todo trasladóu del Riego o seu despacho pra alí e, con tal motivo, comezou a funcionar sistemáticamente. Están alí 4 licenciadas en Letras facendo o ficheiro dos libros e documentos” (Girgado e Monteagudo Cabaleiro, 2003: 100). E, canda elas, cómpre lembrar o traballo cotián de Nancy Miranda, quen, a carón do director, respectuosa e silandeira, desenvolveu diligentemente ata a súa xubilación labores propios dunha auxiliar de biblioteca.

Para a tarefa específica de clasificación e ordenación dos fondos documentais Olga Gallego contaría, nun segundo momento, coa estimable colaboración do arquivista Pedro López Gómez —na actualidade tamén padroeiro da institución—, que en 1975 dirixía o Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Froito deste complexo traballo en común, en 1980 publicarían a utilísima obra de referencia e recomendada consulta *Guía das Coleccións bibliográficas e documentais da Fundación Penzol*.⁵

Entre as persoas usuarias destas primeiras dependencias que deixaron testemuño escrito de agradecemento pola súa utilidade, así como pola constante presenza nelas de quen era tamén coñecido habitualmente como Don Paco, está o escritor Méndez Ferrín (2010: 142), seareiro daquela, como continúa a selo na actualidade nas novas instalacións, quen describe deste xeito o quefacer diario do director:

Del Riego, na súa mesa de dirección, fumaba xarutos de élite, recibía as visitas de todo galeguista e antifascista que se deixaba caer

⁵ Segundo deixou constancia escrita (López Gómez, 2002: 158), a citada guía verá a luz tamén “grazas ás xestións de D. Paco”. Recomendamos a lectura do seu texto no que, ademais das laudatorias (e merecentes) mencións ao noso excepcional galeguista, o recoñecido arquivista fai tamén unha descrición moi polo miúdo de como eran daquela os arduos traballos de tratamento dos documentos. E outrosí, recomendamos ler o artigo, de novo elaborado por ambos os dous, “Os protagonistas do galeguismo no arquivo da Fundación Penzol”, publicado na revista *Grial* en 1981. Dispoñible en: <https://hoxe.vigo.org/pdf/PENZOL/GRIAL73.pdf>

por Vigo, despachaba os asuntos de Galaxia, da que era xerente, confeccionaba os *Industrias Pesqueras* (...) e mesmo conseguía, mediante unha economía do tempo (ou dosimetría) perfecta, dactilografar a súa propia, vivaz e tonificante obra literaria. Eu, coma outros, traballaba nun curruncho e deixaba pasar a década dos sesenta do século XX como podía.

E, xunto a el, pasaron por aquel amigable centro, entre outras moitas persoas, nomes coñecidos da nosa cultura como Xosé Manuel Beiras, Carlos Casares, Xohana Torres, María Xosé Queizán, Xesús Alonso Montero, José Antonio Durán, Justo Beramendi, Camiño Noia ou Xavier Castro; facendo da Penzol, ademais dun lugar de investigación e estudo, un lugar de encontros —ás veces mesmo clandestinos— dos que, como corrobora outro dos asiduos do lugar, Xosé Luís Franco Grande: “Del Riego era o catalizador”.

Co paso do tempo, a Biblioteca foi adquirindo cada vez máis sona e prestixio nos medios especializados, maiormente nos universitarios, e entre a xente interesada en estudar a nosa realidade e identidade. Foi medrando, así, o número de visitantes que a frecuentaba, tanto de Galicia como de fóra dela para consultar os seus valiosos e, ás veces, mesmo exclusivos fondos. O propio Del Riego lembra que o primeiro estranxeiro que se achegou por ela foi un universitario noruegués, interesado en documentarse sobre as primitivas embarcacións de pesca galegas, e sabemos tamén da presenza dunha danesa, por foto aparecida nunha reportaxe de prensa dos primeiros anos. Sucedíanse, en especial no período estival, as persoas implicadas en facer traballos ou teses que, as máis das veces, reclamaban a atención do douto director e, a todas elas, “compraciame fornecelles orientacións e axuda nas súas pescudas” (Fernández del Riego, 2003: 235).

Incremento dos fondos

Tamén, co percorrer do tempo, nestas primeiras décadas o importante núcleo fundacional seguiu a medrar e a enriquecerse con novas achegas, procedentes do propio Penzol, froito das súas constantes adquisicións. A súa permanente xenerosidade pódese constatar no fluído cruzar de cartas dos anos sesenta entre este, Piñeiro e Del Riego, depositadas nos seus respectivos fondos. Velaí, como exemplo, a que este último lle envía ao fundador, o 20 de xuño do 1967, como notificación de recepción da relación de novos materiais:

Xosé María Álvarez Blázquez fixo entrega na Biblioteca de todos os documentos autógrafos que figuran na relación que ti me mandache. Despois de facer a comprobación a Bibliotecaria e mais eu, entreguei contra recibo as 145.000 pesetas que transferiras á conta da Fundación, na Caixa de Aforros de Vigo, con tal finalidade. Recibimos da librería “Ojanguren” de Oviedo unha colección da revista “Archivum” e uns Cuadernos “Cátedra Feijóo”.

Estannos entrando de a pouco os paquetes de libros que remesas por avión dende ahí. Tamén veu onte, dende Madrid, unha caixa contendo 18 volumes da obra de Feixóo, con cobertas de pergameo, e algúns outros de diversos autores.

Logo do pasamento de Fermín, será Blanca Jiménez, a súa viúva, quen seguirá perpetuando o seu mecenado con novas incorporacións. E a estas entregas cómpre engadir outras moitas que foron entrando daquela en forma de doazóns, legados ou depósitos dende diversas procedencias, tanto dos membros do propio padroado como doutros particulares próximos, así como de numerosas institucións, públicas e privadas, ou asociacións, editoriais e librarías aíns, de dentro e de fóra de Galicia. Por enumerar só algunhas das unipersoais de galeguistas relevantes, están as dos irmáns Villar Ponte, a do filólogo Eladio Rodríguez, a do pedagogo Johán Vicente Viqueira (materializada pola súa viúva, Jacinta Landa), a do político Portela Valladares ou o magno e valioso legado do patriarca das nosas letras, Ramón Otero Pedrayo, de quen Fernández del Riego foi un dos testamenteiros. Do mundo luso-brasileiro, citaremos as doutra institución veciña, a Fundação Calouste Gulbenkian, e, da man do profesor Celso Ferreira da Cunha, as de diferentes entidades do Brasil, que darían lugar á creación dun Departamento Bibliográfico específico en 1976. E outrosí, entre as do exilio de alén mar, a de Rodolfo Prada, quen ademais achega un importantísimo fondo documental de Castelao. Os máis destes materiais entrarían grazas á intervención e mediación previa de Don Paco, como volve acreditar a súa correspondencia. El mesmo fixo, tamén, achegas propias con traballos seus sobre a actividade política e a literatura galegas, coleccións de revistas, moitos folletos ou libros varios. Entre outras, pola súa singularidade e atractivo, destacan unha carpeta con láminas de autocaricaturas de Castelao, de cando era un mozo universitario en Compostela, e a ampla e fermosa colección de debuxos, coñecida como “arquitectura de papel”, do seu amigo o arquitecto Manuel Gómez Román (Fernández del Riego, 1996: 121).



Del Riego na Fundación Penzol con, de pé, Marino Dónega, Ramón Piñeiro e García-Sabell. Sentadas, Isabel López, Jacinta Landa (viúva de X. Vicente Viqueira), Blanca Jiménez e, no centro, Fermín Penzol (1973)

Co constante incremento das coleccións, e diante da evidente insuficiencia de espazo que presentaban as dependencias da primeira sede, cada vez se facía máis necesario e urxente desprazarse a outras instalacións máis amplas, tal como recoñece o seu director nunhas declaracións do 7 de decembro de 1983 a *La Voz de Galicia*:

Es tal la cantidad de material de que disponemos para un espacio tan reducido, que nos vemos desbordados y, por eso, cientos de libros, folletos, revistas y otros documentos esperan, pacientemente, el momento de su traslado a un local más amplio y mejor acondicionado.

E será de novo el, Francisco Fernández del Riego, sempre a pé de obra, pragmático e resolutivo, quen co seu bo saber facer mova ficha para conseguir o ansiado e imprescindible novo emprazamento, sito no edificio do antigo concello vigués. Comeza así unha nova e máis moderna andaina da vida da Fundación Penzol.

Na Casa Galega da Cultura

O prestixio da Fundación Penzol, adquirido polo bo goberno e custodia do seu arquivo e biblioteca e polo espírito galeguista e de defensa da identidade de Galicia, como acabamos de dicir, deu lugar a un importante incremento de doazóns de fondos e fixo que o espazo das instalacións de Policarpo Sanz, 24, quedase pequeno. Del Riego tiña no goberno municipal de Vigo un gran valedor, que era Carlos González Príncipe, tenente de alcalde, sendo alcalde Manuel Soto. Naquela altura, o antigo edificio do Concello, do ano 1862, situado na praza da Princesa a carón da Porta do Sol, quedara baldeiro polo traslado da administración municipal a un novo edificio construído na aba do Castro. Coa intención de empregalo en usos culturais pasou a denominarse Casa Galega da Cultura de Vigo. As súas xestións, apoiadas por Alfonso Zulueta e Antón Vidal, deron como resultado un acordo plenario do Concello de Vigo de data 30 de novembro de 1984, escriturado o 26 de marzo de 1985 diante do notario de Vigo José Luís Espinosa Anta, quen actuou en substitución de Alfonso Zulueta de Haz pola súa incompatibilidade como vicepresidente da Penzol. Por ese acordo, no que Blanca Jiménez Alonso, viúva de Fermín Penzol, representaba a Fundación como presidenta, o Concello de Vigo “cede gratuitamente o uso e utilización da terceira planta e do sobrado da Casa da Cultura”, nos que se instala o depósito do arquivo e biblioteca, as oficinas e a sala de consulta. Ademais obrígase á cesión da segunda planta para outros usos. Todo isto acompañado da designación “dun funcionario especialista para a concreta dirección técnica e supervisión dos servizos e do persoal auxiliar que sexa necesario, sendo a cargo do Concello os gastos da contratación” (Escritura 26/3/1985). O bo facer de Del Riego abría desta maneira un horizonte moi importante para o nivel de calidade da atención ás persoas usuarias e a continuidade e crecemento futuros da institución e dos seus servizos á investigación.⁶

No mes de maio deste mesmo ano prodúcese a incorporación da funcionaria especialista Marián Vidal e doutro persoal técnico bibliotecario, procedentes da Biblioteca da Universidade Popular de Vigo.⁷ Cun certo

⁶ *La Voz de Galicia e Faro de Vigo* do 24 de marzo de 1985 dan conta de que se vai producir o traslado.

⁷ Con Marián Vidal incorporáronse Xosé García, Pula Díaz e Loli Mendía.

desacougo e preocupación pola nova situación, foron recibidos por “un señor de cabelo branco” que lles deu as primeiras instrucións e lles explicou quen era Fermín Penzol e cales eran os obxectivos da súa Fundación. O primeiro traballo que realizan é o de organizar o traslado do material desde a sede de Policarpo Sanz á Praza da Princesa. Decontado empezan a atender xente e dinos Marián (Vidal Freire, 2010: 152) que “o trato afable dos investigadores e o valioso asesoramento, nunca escatimado, de D. Francisco... foron escorrentando os nosos medos iniciais”. Así comezou esta nova etapa na vida da Penzol, capitaneada polo egrexio “señor de cabelo branco”, a quen todo o persoal respectaba con admiración.

En 1995 vanse producir feitos importantes na vida da Penzol, propiciados por novas decisións e xestións de Del Riego. Ao igual que fixera Fermín Penzol, decide doar en vida ao pobo de Vigo “a biblioteca, arquivo, cadros de pintura e debuxos, condecoracións, placas distintivas e obxectos artísticos da súa propiedade” (Convenio, 30/1/1995). O Concello de Vigo, que nesta ocasión ten ao seu valedor, Carlos González Príncipe, como alcalde, acepta a doazón nun acordo plenario do 30 de xaneiro de 1995, no que tamén se decide situala na Casa Galega da Cultura, onde estaba xa dende había dez anos a Fundación Penzol. Con antelación a isto, as instalacións da Casa Galega da Cultura sufrirían unha remodelación para dotar a parte do edificio dunha estrutura metálica destinada a resistir a carga dos libros e do arquivo e a preparar o espazo da sala museo onde expoñer as pezas artísticas doadas. Aproveitando este reforzamento estrutural tamén se preparan as dependencias cedidas á Fundación Penzol para poder localizar os depósitos nesta zona reforzada. Simultaneamente amplíase o espazo coa anexión de dúas plantas dun edificio lindeiro.⁸ É así como Del Riego consegue tamén a renovación do convenio existente que se outorga ante notario o 15 de xuño de 1995, achegando á Penzol novas vantaxes para o desenvolvemento do seu cometido. Entre a “Doazón de D. Francisco Fernández del Riego” e a Fundación Penzol establécense fortes vencellos no referente ao seu goberno, pois dous representantes da mesma, o presidente e o secretario, van formar parte do Padroado xestor (Convenio, 30/1/1995) e, por outra banda, o

⁸ Estas obras esixiron o traslado, en febreiro de 1994, dos materiais da Fundación Penzol ao edificio Ferro, actual Biblioteca Juan Compañel. Os servizos de consulta quedaron interrompidos ata marzo de 1995 (*Faro de Vigo*, 22/2/1994).

persoal técnico e auxiliar será o mesmo no desenvolvemento das funcións referentes á conservación, catalogación e servizo de consulta das respectivas bibliotecas e arquivos. Desta maneira, as dúas institucións potencianse mutuamente tendo en conta que nelas se custodian documentos e libros que forman parte da memoria de Galicia e do galeguismo.⁹



Del Riego na porta da Casa Galega da Cultura (fotografía de Paco Vila Barros)

A xestión nas novas instalacións

As circunstancias mudaron moi positivamente na sede da Casa Galega da Cultura ao contar con persoal especializado en biblioteconomía

⁹ En marzo de 1995 abre de novo a atención ao público e a inauguración oficial ten lugar o 15 de xuño de 1995 (*Faro de Vigo*, 7/3/1995 e 16/6/1995).

e arquivística sempre baixo a dirección de Del Riego, co que establece unha relación executiva e tamén afectiva, conseguindo que con entusiasmo traballen non só como empregados, senón que se incorporen ao espírito de defensa dos obxectivos da Fundación, ao servizo do espallamento da cultura e da identidade galegas. Mentres, os tempos mudan para a sociedade do coñecemento, no que as tecnoloxías da comunicación xogan un papel transcendental. As iniciativas da dirección vense potenciadas polas do persoal na posta ao día das ferramentas de xestión e, desta maneira, xa no comezo da década dos 1990 mércase un ordenador no que se instala o primeiro programa-catálogo de biblioteca Sabini, que supón un paso pioneiro e de xigante na catalogación, ata o momento levada manualmente en fichas de cartolina. Máis tarde, no 2007, adquirese o programa-catálogo de arquivo Archivo 3000 para facer o mesmo cos documentos ca o que xa se estaba facendo cos libros. Desta nova situación fanse eco os medios de comunicación¹⁰ e explica ben unha das asiduas investigadoras e padroeira da nosa fundación (Pérez Pais, 2010: 146):

Na súa nova sede gañou espazo, lonxe quedan os atados de xornais en corredores (...) Pulcritude e orde dominan estancias e depósitos así como un ambiente de comedida elegancia e confort. Agora no catálogo automatizado e nos servizos de información advírtese a man de novas promocións de bibliotecarios (Marián, Xosé, Pula, Loli, aos que se sumarán outros profesionais nos últimos anos).¹¹ E desde a súa atalaia, don Paco atenderá a marcha do centro e seguirá entregando xenerosamente unha parcela da súa prodixiosa memoria a quen busque a súa axuda e a súa compañía.

A Penzol avanza no camiño da modernización que máis adiante, xa falecido Del Riego, se combina con internet para poñer na rede, a disposición telemática dos usuarios, o importante patrimonio custodiado.¹²

¹⁰ *La Voz de Galicia* dedícalle unha ampla reportaxe no seu suplemento CULTURA (14/12/1995).

¹¹ Rosa G. Bordallo, Pilar Vilaboy e Benito Ramírez.

¹² Actualmente poden facerse consultas sobre os fondos na seguinte ligazón da páxina web: https://hoxe.vigo.org/movemonos/m_penzol.php?lang=gal#/

Novos fondos

Con Del Riego como guía, a Fundación Penzol vai creando a súa imaxe institucional cunha serie de características propias desta magna obra, custodia da identidade nacional de Galicia, das que citaremos as máis salientables (Domínguez, 2013: 26):

- A claridade nos obxectivos: conservar a memoria histórica de Galicia para construír desde o galeguismo un futuro no que sentímonos máis donos de nós.
- Os fondos recibidos (...) non só se consideran documentos e libros valiosos, senón un tesouro que forma parte de nós e que hai que conservar e poñer a disposición da xente.
- A capacidade de acollida que logrou que moitos galegos e galegas encontrasen na Fundación Penzol orientación e alento para o compromiso co seu país.

Tanto esta imaxe institucional como as atinadas xestións do seu director propician a entrada de novas doazóns de fondos de personalidades e organizacións destacadas da cultura e da política galegas. Na lista de incorporacións cóntanse as do destacado galeguista Ramón Martínez López (década 1980); as do estudoso da literatura medieval galego-portuguesa, Manuel Rodrigues Lapa (anos 1999-2001); as do cineasta Carlos Velo (ano 1992); as cartas de Rosalía de Castro a María Josefa Martínez Viojo, doadas polo seu parente Luís Tobío (1998); as do compañeiro de Del Riego e fundador de Galaxia, Ramón Piñeiro (anos 2005 e 2009); as dos Coloquios Galegos de Parroquias (ano 1990); as dos partidos políticos Esquerda Galega e Unión do Pobo Galego (década 1990), e outras entradas máis. Incluso nalgunhas delas os trámites foron iniciados por el en vida e producíronse despois do seu falecemento, tal foi o caso do médico galeguista de Buenos Aires, Antonio Pérez Prado.

O camiño andado

Nos escritos autobiográficos que nos deixou sobre a longa vida de entrega a Galicia descubrimos a íntima unión que sentía con esta súa segunda casa e así escribe en *Camiño andado* (Fernández del Riego, 2003: 240-241):

Salientar á Biblioteca Penzol como referente, así como os vencellos que me uniron a ela. Durante corenta anos consecutivos foi para min fogar de cultura no que me acubillei. Penso que na miña entrega ao seu servizo cumprín axeitadamente os desexos do fundador.

O paso dos anos fai aínda máis forte esta identificación (Fernández del Riego, 2003: 241):

Ningún sitio mellor para ese retiro que a Biblioteca Penzol. Continuarei acudindo a cotío a ela, mentres teña folgos. A mente sostense viva, lúcida. Pero os ollos van gastos, e envellecidos os ósos. Con todo seguirei achegándome, aínda que paseniña e traballosamente, ás nove da mañá ao querido local da Casa Galega da Cultura.



Del Riego co persoal da Fundación Penzol (2009)

Nos últimos anos da súa vida, Galaxia puxo á súa disposición un dos seus empregados, Enrique Méndez, que o apreciaba moito e o levaba todos os días no seu coche, con puntualidade, ás 9 da mañá á Penzol, e tamén o achegaba a onde fose preciso. Nese tempo Reme, a auxiliar administrativa,

pasaba a limpo os seus artigos para o xornal e a competencia e eficacia da directora técnica Marián foron para el un caxato no que apoiarse con confianza e seguridade. Preocupado por resolver o seu relevo na dirección, no verán de 2009 presentou ao padroado a proposta dunha persoa da súa confianza para coller o facho cando a falta de forzas non lle deixase desempeñar as súas tarefas.¹³ En decembro convida a todo o persoal a un xantar de despedida, ao que non falta ninguén. Nel recibe o agarimo das persoas que con el colaboraron. A partir do primeiro de xaneiro de 2010 haberá un novo director e el poderá retirarse a preparar a súa derradeira viaxe do 26 de novembro daquel mesmo ano 2010. Logo do seu pasamento queda entre nós o seu exemplo de entrega de vida e fe no pobo galego, e na Casa Galega da Cultura permanece a súa doazón e a súa obra na Fundación Penzol. Nela recibiu co gallo do seu pasamento os testemuños de condolencia e agradecemento pola súa vida. Na entrada da mesma unha gran foto de Xurxo Lobato continúa a dar a benvinda a todas as persoas que queiran encher o seu espírito do alento de Galicia cos documentos e os libros que alí están para dar testemuño da identidade do noso pobo galego.

Agradecementos

Queremos manifestar o noso agradecemento a Marián Vidal, directora técnica da biblioteca, e mais a Benito Ramírez, o noso arquivista, pola súa colaboración e axuda profesional na elaboración deste traballo.

Fontes primarias

Escritura de constitución da Fundación Penzol outorgada por Fermín Fernández-Penzol Labandera diante do notario Alberto Casal Rivas. Vigo. 7 de abril de 1963. Fondo da Fundación Penzol.

Escritura de cesión de uso outorgada polo Concello de Vigo e Fundación Penzol, diante do notario Alfonso Zulueta de Haz, substituído por incompatibilidade por José Luís Espinosa Anta. Vigo, 27 de marzo de 1985. Fondo da Fundación Penzol.

Convenio Concello de Vigo-Francisco Fernández del Riego. Doazón de Francisco Fernández del Riego de Biblioteca e Obras de Arte. 30

¹³ A persoa proposta foi o galeguista Francisco Domínguez Martínez, coautor deste artigo, director de 2010 a 2021, ano en que foi substituído por Xosé Soutullo.

de xaneiro de 1995. Certificación no fondo da Biblioteca Francisco Fernández del Riego ao pobo de Vigo.

Escritura de actualización de convenio outorgada polo Excmo. Concello de Vigo e a Fundación Penzol, diante do notario José Antonio Rodríguez. Vigo, 15 de xuño de 1995. Fondo da Fundación Penzol.

Bibliografía

- Alonso Girgado, Luís e Teresa Monteagudo Cabaleiro (2003): *Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Barros, Miguel (2009): “O debate co galeguismo da emigración. O Informe de Compostela: maio de 1957”, en *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo (1943-1981)*. Vigo: Editorial Galaxia, pp. 378-421.
- Cabrera Iglesias, María Dolores (1993): “Xénese da Fundación Penzol a través dos seus documentos”, *Grial*, 197, pp. 13-21.
- Domínguez Martínez, Francisco (2013): “Presente e porvir da Fundación Penzol. No seu 50 aniversario”, *Grial*, 197, pp. 26-31.
- _____ e Marián Vidal Fraile (2013): “A Fundación Penzol na Casa Galega da Cultura”, en María Dolores Cabrera Iglesias e María Dolores Villanueva Gesteira (coords.), *Francisco Fernández del Riego. Vigo dende o corazón de Galicia*. Vigo: Fundación Penzol, pp. 48-53.
- Fernández del Riego, Francisco (1957): “Conversa con Fermín Penzol, o gran bibliófilo galego”, *Galicia Emigrante*, 26, pp. 2-4.
- _____ (1996): *A xeración Galaxia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2003): *Camiño andado*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Gallego, Olga e Pedro López (1980): *Guía das coleccións bibliográficas e documentais da Fundación Penzol*. Vigo: Fundación Penzol.
- _____ (1981): “Os protagonistas do galeguismo no arquivo da Fundación Penzol”, *Grial*, 73, pp. 356-376.
- López Gómez, Pedro (2002): “D. Paco e a Biblioteca Penzol”, en VV. AA., *Homenaxe a Francisco Fernández del Riego*. Vigo: Fundación Premios da Crítica-Galicia, pp. 157-161.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (2010): “A imaxe da lealdade”, en María Dolores Cabrera e Henrique Monteagudo (coords.), *Fermín Penzol. Unha obra para un país*. Vigo: Fundación Penzol e Editorial Galaxia, pp. 141-142.

- Pérez Pais, Carmen (2010): “A biblioteca dun soño, a biblioteca dos meus recordos”, en María Dolores Cabrera e Henrique Monteagudo (coords.), *Fermín Penzol. Unha obra para un país*. Vigo: Fundación Penzol e Editorial Galaxia, pp. 146-147.
- Vidal Andión, Antón (2013): “Un capital cultural e humano para Vigo”, en María Dolores Cabrera e Henrique Monteagudo (coords.), *Francisco Fernández del Riego. Vigo dende o corazón de Galicia*. Vigo: Fundación Penzol e Editorial Galaxia, pp. 111-114.
- Vidal Freire, Marián (1987): “A biblioteca de don Fermín Penzol”, en VV. AA., *Actas das I Xornadas de Arquivos, Bibliotecas e Museos de Galicia*. A Coruña: ANABAD-Galicia, pp. 415-482.
- _____ (1998): “Biblioteca Penzol”, *A Buguina. Boletín de programa Urban de Vigo*, 2, pp. 16-18.
- _____ (2010): “A gran recompensa do noso labor”, en María Dolores Cabrera e Henrique Monteagudo (coords.), *Fermín Penzol. Unha obra para un país*. Vigo: Fundación Penzol e Editorial Galaxia, p. 152.

Do autorrelato ás memorias

Perfecto Conde
(xornalista)

Un día do primeiro trimestre de 2008, Alexandro Diéguez e mais eu visitamos a Francisco Fernández del Riego, Paco del Riego, no seu despacho de director da Casa da Cultura-Fundación Penzol de Vigo, para facerlle unha entrevista que se publicou na revista *Galegos* (Conde Muruais, 2008), editada por Diéguez e daquela dirixida por Carlos G. Reigosa. Había moito tempo que non falaba con el extensamente e pasaran longas tempadas sen que sequer nos vísemos, particularmente entre os anos 1984 e 1995, os da miña segunda estadía de emigrante en Madrid, e, polo tanto, aquela ocasión foi coma unha *rencontre* circunstanciada que nos levou a lembrar os tempos da preparación e elaboración da *Gran Enciclopedia Gallega* e a outros episodios dos derradeiros anos da ditadura franquista e dos primeiros pasos da democracia española.

Precisamente, foi nesa altura cando empezaron a medrar a nosa amizade e a miña admiración, sempre progresiva, polo egrexio fillo de Vilanova de Lourenzá (Lugo). Co asturiano Silverio Cañada, editor da *Enciclopedia*, no ano 1972, empecei unha relación con Paco del Riego que nos durou toda a vida. Iamos comer con el a Vigo, onde case sempre nos levaba a un estupendo restaurante que había pola parte alta do barrio do Calvario e que, se non ando errado, pertencía a unha compañía pesqueiro-alimentaria. Neses xantares, Del Riego sempre remataba fumando un habano da casa Montecristo aos que eu tardei pouco en sentirme extraordinariamente atraído polo seu aroma, de tal xeito que tamén me convertín en empedernido catador destes xarutos, que seguíñ consumindo case diariamente ata que as sucesivas crises económicas e a síndrome da API (a puta idade), como lle chamaba o xenial fadista Carlos do Carmo, me apartaron deste vicio contra a miña vontade.

Empedernido fumador de puros

Empezo contando estas anécdotas, que se cadra o lector só as considera insubstanciais, porque Del Riego foi toda a súa vida un empedernido fumador de puros e, de ser posible, dos “robustos”, é dicir, os de alta cilindrada. Comprobeino cando me entrevistei con el, durante unha ducia de xoves do ano 2008, para escribir o libro *Conversas con Paco*

del Riego que publicou Edicións Xerais dez anos despois (Conde Muruais, 2018). O noso personaxe vivía no quinto andar do número 29 da praza viguesa de Compostela, e, preto do seu domicilio, había un estanco no que eu compraba sempre dous Montecristo Regata antes de subir, porque moitas veces xantabamos alí e sempre rematabamos tomando whisky Ballantines e fumando aqueles xarutos. Paco del Riego xa tiña daquela máis de 95 anos.

Cando me encontrei con el para facer a entrevista que apareceu en *Galegos*, propúxenlle levarmos a cabo unha serie de conversas co propósito de facer un libro. Pareceulle ben e, o 16 de maio de 2008, tivemos a primeira na súa casa. Dende o principio, quedou moi claro que íamos falar sen ningún tipo de guiión nin preguntas concertadas. Queríamos conversar sen trabas, libremente, sen ningún atranco e aínda menos cartón. Como fala a xente cando se atopa a vontade. Ao comezar o noso primeiro encontro, pregunteille se me quería poñer algunha condición, precaución ou recado acerca de como deberían transcorrer estas conversas e a futura edición e publicación do libro. Emitiu un rápido sorriso e contestoume:

Faga vostede o que lle pareza con todo o que falemos. Confío plenamente en todo o que poda facer, escribir e publicar como resultado destas conversas que imos ter. Doulle total liberdade para facerme as preguntas que queira e para redactar despois o libro como lle cadre máis oportuno. Se cadra, eu nin sequera estarei vivo cando saia do prelo.

Efectivamente, Paco del Riego xa había dez anos que morrera cando se publicou o volume que recolle as súas respostas. A primeira entrevista tivémola o 10 de abril de 2008, sentados a carón dunha mesa no salón da súa casa. Daquela démoslles un longo e detallado repaso ás orixes laurentinas do importante home da nosa cultura. Comezamos a falar ás doce en punto e, ao rematarmos, cando faltaban poucos minutos para as tres da tarde, o anfitrión convidoume a xantar o que cociñara a súa asistente, unha muller dominicana que o atendía con moito esmero. Comemos peixe e algo máis que non lembro, baleiramos unha botella de Terras Gauda entre os dous, tomamos café e dous whiskies Ballantines cada un e fumamos cadanseu Montecristo do número 4.

A partir de aí, volvemos encontrarnos, polo menos, nas datas do 18 e 24 de abril, 2, 8 e 22 de maio, e 5 e 17 de de xuño de 2008. Houbo

máis encontros, pero esquecín as datas en que tiveron lugar. Moitos deses días caeron en xoves e a rutina sempre foi a mesma: comezo do faladoiro ao mediodía e remate entre as dúas e media e as tres da tarde, hora na que parabamos de falar para sentármonos á mesa do comedor. Estas comidas sempre foron na súa casa, agás unha vez que Don Paco quixo levarme ao restaurante Timón, que estaba preto do seu domicilio e que el frecuentara moito ao longo da súa vida. Quería que eu coñecese os donos daquel mítico restaurante vigués porque descendían da Pontenova (Lugo), que tamén é a miña terra de nacemento.

As catro primeiras conversas foron gravadas nun magnetófono Panasonic RR-US380, e nun Olympus LS-10 as restantes. Gardo as tarxetas de memoria como se fosen un tesouro. As fotos de Del Riego que aparecen no libro fíxenllas eu cunha cámara Nikon D7000, e tamén aparecen outras fotografías do personaxe que me foron cedidas por el mesmo.

Tardei varias semanas en facer a transcripción literal das gravacións da que, sen dúbida, é a máis longa entrevista que se lle fixo a Francisco Fernández del Riego en toda a súa vida. Os amigos que estaban ao tanto dos meus encontros con el preguntáronme moitas veces como andaba o asunto. Un deles, Xosé Ramón Fandiño, o Morris, foi o que mostrou máis curiosidade polo tema, evidenciando o seu interese en que lle aclarase se era verdade que eu acordara co entrevistado que non se publicase nada ata que el morrese, porque se supoñía que podía haber manifestacións e xuízos de valor que supostamente danarían a determinadas persoas. Eu deixeiille correr a imaxinación, pero en realidade non había nada do que me estaba indicando. Como xa dixen antes, Fernández del Riego non me pediu nunca, nin sequera me suxeriu, e menos aínda me impuxo, limitación ningunha que puidese condicionar a publicación das conversas, que se levaron a cabo sempre nun verdadeiro clima de concordia e satisfacción polas dúas partes. Nunca houbo, en consecuencia, adiamento nin condicionamento de ningún tipo solicitado ou imposto polo entrevistado.

Testamento cultural

Que pasou, logo, para que o meu libro tardase dez anos en ser publicado? Algo moi sinxelo de explicar. Que eu non tiver a vista moi perspicaz nin a sensibilidade moi aguda para decatarme a tempo de que

Del Riego me deixara un verdadeiro testamento cultural, social e político de todo o que el pensaba e do que representou ao longo da súa vida. Este erro de apreciación meu foi tan grave que ata cheguei a rexeitar daquela o ofrecemento que me fixo un editor para publicar un libro coas conversas. Que sei eu? Se cadra ata pensei, ben erroneamente, dende logo, que todo o que tiñamos falado Don Paco e mais eu non tiña importancia, e deixei pasar o tempo. *Mea culpa, mea culpa, mea maxima culpa.*

Tanto deixei pasar o tempo que, dous anos, seis meses e dezaseis días despois de termos a derradeira conversa, o 17 de xuño de 2008, Francisco Fernández del Riego faleceu, o 26 de novembro de 2010, cando tiña cumpridos noventa e sete anos, nove meses e vinte días. Non vou dicir agora que me arrepentise por non publicar o libro daquela. En realidade, seguía pensando que non pagaba a pena e, menos aínda, sen o protagonista vivo. Eu non son moito de pensar na transcendencia das cousas. Quizais sempre me movín máis polas arroutadas e pouco pola “calculometría” existencial.

Pero, pasados dez anos, volví repasar as conversas con moita calma e atención crítica. Non vou presumir de que caín do cabalo de súpeto. Nin eu son Saulo nin Paco del Riego era Xesucristo. Simplemente cheguei á conclusión de que non debía subtraerlle á opinión pública —esa abstracción pola que tanto e tan inutilmente loitamos certos xornalistas— un testemuño tan importante como o que me confiou o protagonista do meu libro, porque Paco del Riego espíu a súa alma e estrullou os seus miolos para transmitir todo o que sabía, pensaba e sentía sobre a súa amadísima e venerada Galicia.

Francisco Fernández del Riego, sobre todo, e eu, na pequenísima parte que me toca, non quixemos facer un libro amable que fose un escaparate de antollos ou veleidades, nin, menos aínda, unha crónica de sociedade das que sempre proliferan de máis no panorama cultural do mundo galego e de todos os mundos. Mesmo nos saíu, pola contra, un libro que pode resultar duro, esgrevio (no sentido de áspero, non confundir con egrexio) e incómodo para algún lector. Por algo é que nin o protagonista nin o autor do libro nos distinguimos nada por sermos dalgunha confraría de asubiadores da miñoa.

E, *sed fugit interea, fugit irreparabile tempus* (“Pero entre tanto foxe, foxe irreparablemente o tempo”, di Virxilio nas *Georgicae*), chegou o ano 2022 no que a Academia Galega decidiu, por fin, dedicarlle o Día das

Letras Galegas a Francisco Fernández del Riego, que foi precisamente o que inventou o invento (oh, se vivise Borobó!). Tempo era. Así é que as nosas conversas de Vigo recuperaron algo de actualidade.

Memorias, autorrelato, autobiografía, egodocumento

Por exemplo, eu preguntaría-me que é o que fixemos Del Riego e eu cando conversamos tan amplamente na súa casa de Vigo dous anos antes de que el morrese. Unha autobiografía?, unhas memorias?, un híbrido entre as memorias e a autobiografía?, unha especie de diario?, un egodocumento, segundo o neoloxismo de Jacques Presser? (Dekker, 2002), un simple libro de entrevistas? As fronteiras que separan as autobiografías das memorias son ás veces certamente difusas, segundo Georges May (1982), como nos lembra Francisca Montiel Rayo en *Las escrituras del yo* (Montiel Rayo, 2018). A palabra egodocumento, a mediados dos anos 50 do século pasado, pasou a significar as autobiografías, memorias, diarios, cartas persoais e outros textos nos que o autor escribe, explicitamente, sobre si mesmo, dos seus propios asuntos e sentimentos. Aínda que esta denominación entrou rapidamente no idioma holandés, non gozou daquela de boa acollida entre os colegas historiadores de Presser, que se mostraron moi reticentes a utilizar os textos que el denominaba co seu neoloxismo; pero nos anos 80 do século XX a historiografía cultural volveu poñer os ollos nos egodocumentos, que sempre foron populares entre os lectores, algo que explica o paradoxo do *Diario* de Ana Frank, por exemplo, amplamente lido pero escasamente estudado ata hai pouco tempo (Dekker, 2002). Falta por saber se o que conta Francisco Fernández del Riego no meu libro acaba sendo utilizado polos historiadores do futuro (dáme a impresión de que algúns dos do presente xa o fixeron). De ser así, as *Conversas* serían un egodocumento.

No que respecta a un posible carácter autobiográfico contido nas respostas do protagonista do libro, cómpre empezar dicindo que non se trata neste caso de ningunha “prosa puramente autobiográfica” que naza da “necesidade inmediata de contar unha serie de experiencias persoais” ás que “o autor quixo conceder un valor máis xeneral”, nin de que “nalgúns casos se trate dunha simple liberación persoal”, por utilizar categorías que Santos Sanz Villanueva (1976) expresa no tocante ao exilio español de 1939. Antes das nosas conversas, Fernández del Riego xa tiña publicado

textos máis “autobiográficos” en diversas ocasións e soportes. Porén, e aínda que non sexa unha obra escrita da man do noso protagonista —pero si rigorosamente procedente da súa narrativa oral—, non hai dúbida de que a “autobiografía” de Del Riego está presente en case todas e cada unha das páxinas das *Conversas*.

Será logo un libro de memorias? Pois tampouco, aínda que se pareza moito. Xa o dixo José Moreno Villa: “Entre memorias y autobiografías hay parentesco; mucha gente las toma como hermanas, pero no llegan a ser primas” (Moreno Villa, 1976). Parentes próximas ou non, todo o que nos conta Del Riego no libro que nos ocupa anda a cabalo tanto no lombo da autobiografía como no da memoria, concepto que casa perfectamente coa súa personalidade pola extraordinaria e ás veces prodixiosa memoria que gardaba das cousas, dos acontecementos, dos sentimentos e das vicisitudes da súa época. Sumado, ademais, a que Del Riego era un narrador superdotado para contar a historia con minúscula.

Un híbrido segundo Weintraub

Se cadra o que máis resultou nas *Conversas* é o “híbrido” do que fala Karl J. Weintraub: “Non é sorprendente atopar nunha zona intermedia do espectro moitas obras que son un híbrido entre as memorias e as autobiografías” (Weintraub, 1991). Por outra banda, ambas dúas (memorias e autobiografías) son “xéneros nucleares das escrituras do eu”, segundo Anna Caballé (1995). Philippe Lejeune, cofundador da Association pour l’autobiographie et le patrimoine autobiographique (APA), achegou abondosas e moi interesantes ideas, datos e referencias sobre as escrituras autobiográficas e os autorrelatos (Lejeune, 1975). Define a autobiografía como “relato retrospectivo en prosa que fai unha persoa real da súa propia existencia cando pon o acento na súa vida individual, particularmente sobre a historia da súa personalidade”. Segundo esta definición, nas *Conversas* hai moito de autobiográfico no canto de que Francisco Fernández del Riego autorrelátase, ás veces ata o fondo, nas respostas que lle dá ao entrevistador. Por exemplo, cando fai a seguinte confesión:

Miña nai non puido darme de mamar, algo que non logrou facer ata que tivo o cuarto fillo, e contrataron para que me criase unha ama de cría que lle chamaban María de Masma, unha muller solteira, regordeta, moi maciza, que a min me facía estar moi a

gusto no seu colo. Ademais, tiña unha virtude moi boa para min e moi conveniente para a familia: dicíalle á miña nai que, para adormecerme ben, me levaba ao seu dormitorio, onde eu durmía coma un príncipe. Daquela, pola tardiña, sempre me metía no seu cuarto, pechaba a porta e despois sacaba o peito e dábame de mamar. Mentres que eu chupaba da teta, ela collía dunha lacena unha botella de caña e bebía dela a morro mentres que eu me nutría do seu leite augardentizado. Quedei inmunizado xa para toda a niña vida. Esta muller, cando lle descubriron o que facía, marchou da nosa casa (Conde Muruais, 2018: 18).

Que diría Freud desta revelación?

Abondando aínda máis no tocante ao hibridismo teorizado por Weintraub (1991), seguramente co que ten máis que ver o libro de entrevistas con Del Riego é co xénero das memorias. El mesmo publicou algún libro fundamental deste xénero (Fernández del Riego, 1990), no que fai “un relato dos acontecementos da época galega” que lle tocou vivir e no que empeza dicindo que “evocar, resucitar os momentos pretéritos, non é só unha maneira de recuperar o tempo e o espacio. Non valerían de nada o tempo e o espacio se non tiveran un contido. Este contido fórmao o ambiente, sobre todo o ambiente espiritual”.

Latido da sociedade

No prólogo do primeiro tomo dos excelentes diarios de Rafael Chirbes (2021), di Marta Sanz que “non teñen a vocación de facer falar aos mortos para que o obsceno saia á luz, para dicir o que non se puido dicir por covardía ou medo a perder”. Pois algo parecido lle pasa a Del Riego cando se expresa nas páxinas de *Conversas* palpando o “latido da sociedade e da paisaxe a través da multiplicación de perspectivas e voces”. Don Paco tampouco desbota a publicación dos seus sentimentos, opinións ou conviccións, por exemplo, cando di de Alfredo Conde o que segue:

Comezou sendo poeta. Eu coñecino nos seus inicios e publikeille un libro de poesía en Galaxia. Despois adquiriu certo creto no ámbito político e novelístico, pero é un home que esperta poucas simpatías no ambiente, seguramente por proceder con falta de liña recta. Non é un personaxe vulgar nin moito menos. Ao meu ver, non sabe estar e isto provocoulle referencias moi

contraditorias. Hai unha crítica moi adicta ao seu labor, nun momento determinado, e logo unha crítica negativa que se dirixe máis á súa conduta ca á súa obra de traballo creador (Conde Muruais, 2018: 192).

Segundo o aludido se ten expresado nos seus recentes libros memoriais (Conde, 2022), producíronlle algo de urticaria estas manifestacións dun home ao que sempre quixo respectar e admirar. A vida é así moitas veces. E, se é a literaria, máis aínda.

En definitiva e como sentenciou Philippe Lejeune (1975), “autobiografía, memorias, diarios e epistolarios son, hoxe en día, as principais modalidades das denominadas escritas do eu, termo englobante e flexible que se vén utilizando dende os anos oitenta”. Andrés Trapiello, gran coñecedor e practicante destas escritas, considera que, concretamente o diario, “é o lugar ao que un acude para falar de si mesmo coa esperanza de esquecerse de si mesmo para atopar o seu eu verdadeiro e divino” (Trapiello, 1998). Verdade ou non, Del Riego se cadra tamén practicou algo do que di Trapiello nas súas andanzas literarias e, dende logo, nas *Conversas*. “Escribo para non esquecerme”, sentenciou Max Aub nun dos seus diarios (Aub, 1998). Seguramente é o que facemos todos algunha vez, e Del Riego tamén, aínda que España siga sendo un país de “escasa afección á escrita autobiográfica” (Caballé, 1995), e, no caso concreto de Galicia, esa carencia aínda sexa máis notable. A literatura galega segue sen ter grandes —e nin sequera abondosas— memorias literarias, todo o contrario do que pasa en Reino Unido ou en Francia, onde as literaturas de autorrelato e todos os xéneros memorísticos foron e seguen sendo cultivados profusamente. E non será que os galegos aínda somos algo tímidos de máis? Se cadra tamén é que non todos saben contar “unha vida sen pedantería nin cobizas” (Fernández del Riego, 1990), como soubo Francisco Fernández del Riego.

As entrevistas

E, finalmente, queda algo por dicir dun libro que é máis de Francisco Fernández del Riego que do seu propio autor; que, sobre todo, é un libro de entrevistas que pretende asociarse cunha vella tradición editorial abondo frecuente nas actividades editoriais de Galicia e de España. Autores como Xosé Manuel del Caño, Víctor F. Freixanes e Carlos G. Reigosa, por

exemplo, achegaron obras moi dignas ao xénero. O primeiro con varios libros entrevistando a Xosé Luis Méndez Ferrín e a outros autores galegos, o segundo con *Unha ducia de galegos*, que foi pioneiro no idioma de Galicia, e o terceiro cun libro sobre Gonzalo Torrente Ballester.

No tocante á actividade editorial en lingua castelá, empezaría dicindo que o gran mestre do xénero foi o catalán Salvador Pániker, con dous magníficos libros de entrevistas, *Conversaciones en Cataluña* e *Conversaciones en Madrid*, auténticos clásicos do xénero tanto un coma outro, publicados pola editorial Kairós de Barcelona en 1966 e 1969, respectivamente. A seguir, estarían o tamén catalán Manuel Vázquez Montalbán (1948) e varios entrevistadores máis, case sempre procedentes da actividade xornalística.

Na escala internacional, cómpre salientar as interesantísimas entrevistas da *The Paris Review* durante máis de medio século (Belmonte *et al.*, 2020): Forster, Hemingway, Faulkner, Eliot, Pound, Auden, Lowell, Dinesen, Welty, Bishop, Pasternak, Frost, Céline, Simenon, Borges, Kerouac, Wilder, Carver, Cortázar, Kundera, Walcott, Yourcenar, García Márquez, Murdoch, Atwood, Gordimer, DeLillo, Eco, Sontag, MacEwan, Auster, Murakami, Rushdie... ata cen narradores, poetas, dramaturgos e cineastas retratados literariamente en entrevistas que se publicaron entre 1953 e 2012. Dous volumes en cartonné editados de xeito primoroso polos que paga a pena gastar os 85 € cos que se marcou o seu nada insignificante prezo.

Bibliografía

- Aub, Max (1998): *Diarios (1939-1972)*. Barcelona: Alba Literaria.
- Belmonte, María *et al.* (trad.) (2020): *The Paris Review (1953-2012)*. Barcelona: Acantilado.
- Caballé, Anna (1995): *Narcisos de tinta. Ensayos sobre la literatura autobiográfica en lengua castellana (siglos XIX y XX)*. Málaga: Megazul.
- Chirbes, Rafael (2021): *Diarios. A ratos perdidos 1 y 2*. Barcelona: Anagrama.
- Conde, Alfredo (1968): *Mencer de lúas*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2022): *A conto do literario*. Santiago de Compostela: Ensenada de Ézaro Ediciones.
- Conde Muruais, Perfecto (2008): “A literatura galega medrou enormemente en cantidade, pero non en calidade”, *Galegos*, 1.
- _____ (2018): *Conversas con Paco del Riego*. Vigo: Edicións Xerais.

- Dekker, Rudolf (2002): “Jacques Presser’s Heritage Egodocuments in the Study of History”, *Memoria y civilización: anuario de historia*, 5, pp. 13-17.
- Fernández del Riego, Francisco (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada: Ediciós do Castro.
- Lejeune, Philippe (1975): *Le pacte autobiographique*. París: Éditions du Seuil.
- May, Georges (1982): *La autobiografía*. México D.F.: Fondo de Cultura Económica.
- Montiel Rayo, Francisca (2018): *Las escrituras del yo. Diarios, autobiografías y epistolarios del exilio republicano de 1939*. Sevilla: Editorial Renacimiento.
- Moreno Villa, José (1976): *Los autores como actores y otros intereses literarios de acá y de allá*. Madrid: Fondo de Cultura Económica.
- Sanz Villanueva, Santos (1976): “La narrativa en el exilio”, en José Luis Abellán (dir.), *El exilio español de 1939. IV. Cultura y literatura*. Madrid: Taurus.
- Trapiello, Andrés (1998): *El escritor de diarios*. Barcelona: Ediciones Península.
- Vázquez Montalbán, Manuel (1984): *Mis almuerzos con gente inquietante*. Barcelona: Planeta.
- Weintraub, Karl (1991): “Autobiografía y conciencia histórica”, en *Anthropos: Boletín de información y documentación*, 29, pp. 18-33.

Francisco Fernández del Riego na Real Academia Galega

Víctor F. Freixanes
(Presidente da Real Academia Galega)

Francisco Fernández del Riego, a quen con admiración e afecto todos chamabamos Don Paco, ingresou como académico de número na Real Academia Galega o 26 de novembro de 1960, nunha sesión plenaria extraordinaria que se celebrou no salón de actos do Círculo de Artesáns da cidade da Coruña, entidade que entón se denominaba Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos. Historicamente vencellada ao liberalismo e ao galeguismo, a Reunión Recreativa e Instructiva fundouse en 1847. Dende ela promovéronse acontecementos significativos da cultura do Rexurdimento, como os Xogos Florais de 1884 e a homenaxe a Rosalía de Castro en setembro de 1885, que se celebrou no Teatro Principal, presidida por Emilia Pardo Bazán. O 30 de setembro de 1906 presentárase nos seus locais a Real Academia Galega, constituída un ano antes (4 de setembro de 1905) e, entre outras actividades nas súas instalacións celebrouse a solemne homenaxe a Concepción Arenal, en 1918 recibíuse como académica de honra a Sofía Casanova e nese mesmo ano programouse a homenaxe a Eduardo Pondal, que finara o ano anterior.

Seguindo esta tradición, que deu acollida tamén a outros académicos, no Círculo de Artesáns leu Fernández del Riego o discurso de ingreso na Real Academia Galega, titulado “Un país e unha cultura: a idea de Galicia nos nosos escritores”, ao que respondeu Ricardo Carballo Calero en nome da institución. Na súa intervención, o novo numerario fixo unha viaxe pola literatura galega dende o século XIX, salientando a significación do discurso das letras na construción da identidade do país. Pode consultarse no sitio web da RAG,¹ xunto coa biografía do autor.

Mais a relación e o compromiso coa Academia viña de atrás. O 4 de abril de 1948 Fernández del Riego fora proposto como académico correspondente, presentado por Manuel Casás Fernández, que entón era presidente da institución, por Alejandro Barreiro e por Leandro Carré. Dez anos despois (12 de novembro de 1958), os académicos Manuel Gómez Román, Ramón Otero Pedrayo, Sebastián Martínez-Risco e o mesmo Manuel

¹ <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/64>

Casás Fernández asinan a instancia para recibilo como académico numerario, instancia que se oficializa en xunta ordinaria o 21 de xuño do ano seguinte. Daquela presentouse tamén outra candidatura, a do xornalista Francisco Leal Insua,² promovida polos académicos Victoriano Taibo García, José Espinosa Rodríguez, Francisco Vales Villamarín e Ramón de Artaza Malvárez. Leal Insua era entón, igual que Del Riego, académico correspondente, e xuntos colaboraran de mozos con Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Noriega Varela e Xosé Díaz Jácome, entre outros, no semanario *Vallibria* (1930), que dirixía en Mondoñedo Xosé Trapero Pardo. Nas datas da elección académica figuraba Leal Insua á fronte do xornal *Faro de Vigo*. Tratábase de cubrir a cadeira que deixara vacante por falecemento Florentino López Cuevillas. A candidatura de Del Riego obtivo dezasete votos e a de Leal Insua trece.³

O 13 de novembro de 1960 a Academia acordou en xunta ordinaria a data de ingreso. A acta di literalmente:

En cumplimiento de lo que preceptúan los Estatutos corporativos, designose una comisión encargada de dictaminar respecto de los discursos de ingreso en la Academia de don Francisco Fernández del Riego y de contestación, éste de don Ricardo Carballo Calero. Por unanimidad fueron nombrados los Numerarios don Domingo García Sabell, don Isidro Parga Pondal y don Aquilino Iglesia Alvariño.

Estos compañeros expresaron el deseo de que se suspendiese la reunión por breves momentos, con objeto de redactar los informes solicitados, cosa que se hizo con la aprobación de todos los presentes.

² Francisco Leal Insua (Viveiro, 1910 - Madrid, 1997) xa fora candidato para ingresar na RAG pouco tempo antes, competindo con Isidro Parga Pondal. Estaba casado coa pintora Xulia Minguillón (Lugo, 1906 - Madrid 1965), autora dun coñecido retrato de Fernández del Riego co val de Lourenzá ao fondo, cadro que se presentou nunha exposición en Vigo no ano 1951. Ambos os dous, Del Riego e Xulia Minguillón, viviran a infancia en Lourenzá case que porta con porta, na mesma rúa e na mesma praza.

³ Foron votos a favor: Otero Pedrayo, Vicente Risco, Ferro Couselo, Xaquín Lorenzo, Gómez Román, Filgueira Valverde, Iglesias Vilarelle, Luís Iglesias, Ramón María Aller, Iglesia Alvariño, Antonio Fraguas, Bouza-Brey, López Abente, Manuel Casás, Carballo Calero, García-Sabell e Chamoso Lamas. Apoiaron a candidatura de Francisco Leal Insua: Espinosa Rodríguez, Victoriano Taibo, Xulio Sigüenza, Rey Soto, Vázquez Saco, Artaza Malvárez, Vázquez Seijas, Bugallal Marchesi, Dávila Díaz, Rodríguez Yordi, Vales Villamarín, Freire de Andrade e Ángel del Castillo. Abstivéronse: Portela Pazos, Chao Espina e Pedret Casado.

Reanudada la sesión, por el Secretario que suscribe, se dio lectura al escrito que los Académicos aludidos presentaron, siendo aprobado sin reparo alguno por la Asamblea, señalándose a continuación el día veintiséis del mes actual para el acto de recepción del Numerario electo señor Fernández del Riego.

O 26 de novembro celebrouse, pois, a recepción, ás 20:00 horas, no salón de actos da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos, que o cedeu xenerosamente para tal ocasión. Sesión pública e solemne, presidida por Sebastián Martínez-Risco, na que actuou como secretario Francisco Vales Villamarín e como tesoureiro Leandro Carré Alvarellos.

Entre los asistentes figuraban los miembros Numerarios y Correspondientes de la Academia que en la localidad residen, así como muchos llegados de diferentes puntos de la región a este objeto; representaciones de los centros de cultura y selecto público, que abarrotó totalmente el amplio y magnífico salón. También se registró la presencia de numerosas señoras.

Abierta la sesión por el señor Martínez Risco, procedió el Secretario, señor Vales Villamarín, a la lectura del acta de la elección de don Francisco Fernández del Riego y a la convocatoria circulada al efecto entre los miembros de este regio Instituto. Después, los Académicos de número don Domingo García Sabell y don Isidro Parga Pondal, acompañaron al recipiendario hasta el lugar designado a éste en el estrado presidencial, para proceder a la lectura de su reglamentario discurso de ingreso.

El señor Fernández del Riego leyó su discurso, notable pieza literaria y de investigación, que versó sobre “Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores”. Antes, en exquisitos párrafos, dedicó un recuerdo emocionado a su antecesor en el sillón corporativo, don Florentino López Cuevillas Alonso. Seguidamente, el miembro Numerario don Ricardo Carballo Calero, designado para contestar al nuevo Académico, glosó lo más saliente del discurso de éste, haciendo una muy completa semblanza del señor Fernández del Riego.

Los dos Académicos se expresaron en idioma gallego.

Finalmente, entre nutridas ovaciones, don Sebastián Martínez Risco impuso al señor Fernández del Riego la medalla corporativa, dándole el abrazo tradicional.

El solemne acto terminó con unas palabras del señor Martínez Risco, en las que expresó la satisfacción de la Academia por contar con tan relevante miembro. El señor Martínez Risco fue también muy aplaudido. Eran las nueve y treinta horas de la noche del expresado veintiséis de noviembre de mil novecientos sesenta, de todo lo cual, como Secretario, certifico con el visto bueno del señor Presidente.

Francisco Vales Villamarín
Vº Bº. El Presidente, Sebastián Martínez Risco

Con anterioridade a esta data, Francisco Fernández del Riego xa viña participando moi activamente no deseño estratéxico da Academia, máis concretamente na súa necesaria renovación, seleccionando a incorporación de novos persoeiros que recuperasen a súa actividade e, sobre todo, o compromiso galeguista que a definía historicamente. Despois da guerra a institución figuraba moi minguada, igual que a propia cultura galega. O presidente Manuel Casás Fernández, que fora alcalde da Coruña durante a ditadura de Primo de Rivera, logrou que o novo réxime non a disolvese, como aconteceu co Seminario de Estudos Galegos, por exemplo, mais ao prezo de diminuír a súa actividade e a súa significación. Na ampla correspondencia que conservamos de Fernández del Riego con compañeiros de xeración e outros como Ramón Otero Pedrayo, a quen todos tiñan por mestre e guieiro, hai numerosas alusións e mesmo indicacións concretas verbo da necesidade de traballar a prol de determinadas candidaturas para fortalecer o que nos seus escritos el mesmo considera primeira institución simbólica da nosa lingua e a nosa cultura.

Nun dos seus libros de memorias, *O río do tempo. Unha historia vivida*, escribe:

A institución fundada no ano 1905 puido sobrevivir durante a guerra civil polas xestións de don Manuel Casás, que ocupaba a presidencia da mesma. Sen embargo, o labor académico non só esmorecera, senón que case se podería chatar de desgaleguizador. Por mor das circunstancias, para cubrir as moitas vacantes, chegaron a ser membros numerarios homes non identificados cos problemas da lingua e da cultura autóctonas. Mesmo houbo momentos nos que se fixeron manifestacións públicas indocumentadas e culturalmente irresponsables. Así as cousas, pareceunos que non debiamos desentendernos da vida da

Corporación, pesie á súa inoperatividade. A Academia Galega gozaba de certo carácter representativo, polo menos a nivel oficial. Aínda que silandeiramente, compría proceder ao seu remozamento (Fernández del Riego, 1990: 234-235).

Tal remozamento significaba traballar a prol da incorporación de candidatos renovadores. Entre 1950 e 1960 sobre todo son numerosas as xestións de Fernández del Riego para incorporar novos académicos na órbita do galeguismo. Non foi el o único. A figura de Otero Pedrayo era moi importante como referencia. No ano 1950 creárase a Editorial Galaxia, plataforma que presidía o señor de Trasalba e que entre os seus fundadores reunía vellos compañeiros do Partido e das Mocidades Galeguistas, xunto con representantes do galeguismo no exterior, de Buenos Aires principalmente. Naquelas datas xa estaban na RAG Ricardo Carballo Calero, que ingresou no ano 1958, e Domingo García-Sabell (1959), ademais dalgúns figuras históricas como o devandito Otero Pedrayo (1929) e outras de relevancia como Fermín Bouza-Brey (1941), Aquilino Iglesia Alvariño (1949), Manuel Gómez Román (1951), Ramón Villar Ponte (1951), Xesús Ferro Couselo (1951), Xaquín Lorenzo (1951), Filgueira Valverde (1951), Antón Fraguas (1956)... Mais non abondo para asumir a estratexia galeguizadora que Del Riego e o grupo de vellos galeguistas republicanos propoñían. Xosé Luís Franco Grande, en *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración* (Editorial Galaxia, 2004), fala deste período e mais do impulso que no seu día lle deu á institución Sebastián Martínez-Risco, cando asume a presidencia en 1960, logo do falecemento de Manuel Casás. Xusto ese ano ingresa na RAG Francisco Fernández del Riego.

Nun primeiro momento Del Riego resistiuse á candidatura. Consideraba que podía ser moito máis útil na retagarda, actuando dende atrás, non na primeira liña. Mais a operación estaba deseñada, non é casual que como asinantes aparezan Otero Pedrayo e Manuel Gómez Román, que foron compañeiros seus no Partido Galeguista, o segundo incluso secretario deste na clandestinidade despois da guerra e tampouco estraña a presenza de Sebastián Martínez-Risco, que figura entre os fundadores da Editorial Galaxia en 1950 e que viña de asumir a presidencia da RAG o 10 de outubro de 1960, pouco antes do ingreso de Del Riego, iniciando o proceso de renovación ao que fai referencia Franco Grande nas súas memorias. Manuel Casás Fernández xa propuxera a Del Riego como académico correspondente dez anos antes.

A nómina de incorporacións “galeguistas” acérase logo do ingreso do de Lourenzá: Isidro Parga Pondal le o discurso en xuño do mesmo ano 1960; Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole entran na RAG en 1963; Xosé María Álvarez Blázquez, elixido en 1962, faino en 1964, ano en que foi elixido Valentín Paz Andrade —se ben este último non le o seu discurso ata 1978—; Rafael Dieste é escollido en 1967 e le o discurso en 1970; Marino Dónega Rozas é electo en 1968 e le o discurso en 1973; Xesús Taboada Chivite, elixido en 1964, ingresou en 1965... segundo se van producindo vacantes. O común destes casos é que aparece sempre Francisco Fernández del Riego entre os promotores.

O caso de Cunqueiro tivo unha significación especial. Del Riego participara moi activamente na recuperación do de Mondoñedo para a literatura galega, compañeiro de andainas universitarias nos anos composteláns da Segunda República, xunto con Ricardo Carballo Calero. Son moitas as alusións na correspondencia á necesidade de avivar a candidatura do autor de *Merlín e familia*. En cartas a Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo e outros amigos, Fernández del Riego insiste en que sexa Cunqueiro quen se incorpore á institución antes ca el. En calquera caso, foi Del Riego o encargado de dar resposta ao discurso de ingreso, “Algunhas imaxinacións sobre tesouros”, que a Editorial Galaxia publicaría co título de *Tesouros novos e vellos* (1964).

Entre os novos académicos promovidos por Francisco Fernández del Riego figura tamén Eduardo Blanco Amor. Foi proposto por Ramón Otero Pedrayo, Domingo García-Sabell, Xesús Ferro Couselo e Francisco Vales Villamarín, ademais de polo noso académico, e resultou electo en xunta ordinaria da RAG o 30 de xaneiro de 1972. Mais non chegou a tomar posesión da cadeira como numerario. Faleceu en Vigo en decembro de 1979.

Propostos por Francisco Fernández del Riego, que formaba parte da terna correspondente, foron elixidos máis adiante Andrés Torres Queiruga, en xunta ordinaria o 3 de xuño de 1979, Eduardo Moreiras Collazo, o 15 de maio de 1977, e Xaime Isla Couto, o 17 de febreiro de 1974, aínda que este non leu o discurso ata o ano 1999.⁴

⁴ Andrés Torres Queiruga foi proposto por Domingo García-Sabell, Francisco Fernández del Riego e Ramón Piñeiro López, electo en xunta de 3 de xuño de 1979. Ingresou o 20 de xuño de 1980. Eduardo Moreiras Collazo foi proposto por Francisco Fernández

Ademais de propostas para a incorporación de numerarios, Del Riego animou e asinou varios ingresos de académicos correspondentes cos seus perceptivos informes; son os casos de Alejandro Campos Ramírez (“Alejandro Finisterre”) —electo en xunta do 17 de decembro de 1967—, proposto, ademais de por Don Paco, por Ferro Couselo e Cunqueiro; o de Hipólito de Sá Bravo —electo en xunta do 26 de xaneiro de 1969—, proposto por Francisco Vales Villamarín, Del Riego e Xosé María Álvarez Blázquez; o de Tomás Barros —electo en xunta do 23 de marzo de 1980—, proposto por Francisco Vales Villamarín, Del Riego e Eduardo Moreiras; o de Olga Gallego Domínguez —electa o 26 de outubro de 1980—, proposta por Del Riego, Antonio Gil Merino e Xulio Francisco Ogando Vázquez; o de Andrés Martínez-Morás Soria —electo en xunta do 20 de setembro de 1981—, proposto por Valentín Paz Andrade, Del Riego e Xosé María Álvarez Blázquez; e o de Florencio Delgado Gurriarán —electo o 19 de xullo de 1981—, proposto por Del Riego, Ogando Vázquez e Valentín Paz Andrade.

Os traballos literarios de Fernández del Riego na RAG céntranse en labores de difusión cultural e crítica, achegas publicadas todas no *Boletín* anual da institución (*BRAG*), actualmente dispoñibles na web da Academia.⁵ Dada a enorme produción do autor e o seu vencello con outras empresas e entidades, moi fundamentalmente coa Editorial Galaxia, onde exerceu de editor e xerente; coa revista *Grial*, da que foi codirector xunto con Ramón Piñeiro entre os anos 1963 e 1988; e a Fundación Penzol, que dirixiu dende a súa creación en 1963 ata pouco antes do seu falecemento, o número de referencias na RAG, comparadas co conxunto da súa obra, é cuantitativamente menor, mais non por iso pouco relevante. A primeira colaboración da que temos noticia é do ano 1956, “O mundo de Eduardo Pondal”, publicada no número 309-320 do *BRAG*. No número 339-344, do ano 1961, publica unha “Bibliografía de Ramón Cabanillas”. En 1975, ano no que lembrabamos vinte e cinco anos do pasamento en Buenos Aires de Castelao, publica no número 357 “Nova presenza de Castelao”. Máis

del Riego, Álvaro Cunqueiro e Marino Dónega, electo en xunta de 15 de maio de 1977. Ingresou o 28 de abril de 1991. Xaime Isla Couto foi proposto por Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego e Isidro Parga Pondal, electo en xunta de 17 de febreiro de 1974. Ingresou o 29 de xaneiro de 1999.

⁵ <https://2012.academia.gal/boletins>

adiante, no ano 2000, salientamos no número 361 tres notas necrolóxicas sobre vellos compañeiros e amigos: Álvaro Cunqueiro Mora, Ramón Martínez López e Ricardo Carballo Calero, así como outra no ano 2002 (número 363) dedicada a Marino Dónega Rozas.

O principal labor de Francisco Fernández del Riego, que merece especial recoñecemento, é a súa dedicación a prol da renovación da RAG e o seu papel significado na creación do Día das Letras Galegas no ano 1963. En numerosas entrevistas o autor advirte que tivo unha implicación relativa na actividade académica, mais nalgúns momentos debemos recoñecer que foi decisiva.

Xa fixemos referencia á súa actividade na posguerra, pilotando dende a retagarda o proceso de renovación da institución a prol da incorporación de persoeiros comprometidos coa lingua e mesmo co pensamento galeguista, esmorecido despois da contenda. Nese momento contou coa colaboración activa de Ramón Otero Pedrayo. Na correspondencia entre os dous, actualmente en vías de publicación por parte da RAG, hai moitas referencias a ese proceso.⁶ O seguinte gran momento de Fernández del Riego é cando en 1997, con 84 anos, asume a presidencia da Academia, logo do pasamento de Domingo García-Sabell. Durante catro anos, ata o 2001, de novo lidera un proxecto de futuro que supón, entre outras iniciativas, a renovación dos estatutos fundacionais —que non se actualizaran dende 1905—, a reestruturación dos membros de número —establecendo mandatos de catro ou todo o máis oito anos para os cargos executivos, que ata ese momento eran practicamente vitalicios—, o inicio dun proceso de nova organización do traballo —e mais a dixitalización de fondos, que despois continuaría o seu sucesor, Barreiro Fernández—, a reactivación de publicacións esmorecidas —entre elas o propio *Boletín* da RAG—, a presenza social da institución alén do estrito espazo académico e, sobre todo, a creación de novas pontes de diálogo que permitiron a incorporación á RAG de persoas que se mantiñan distantes ou abertamente críticas.

⁶ Son máis de 450 cartas. Correspondencia cruzada procedente na súa meirande parte dos fondos da Fundación Fernández del Riego, a Fundación Otero Pedrayo e a Fundación Penzol, en Vigo. Edición e notas de Patricia Arias Chachero. Limiar de Xesús Alonso Montero.

Durante a presidencia de Fernández del Riego incorporáronse á Academia Xosé Luís Franco Grande (03/07/1998), Antón Santamarina Fernández (24/10/1998), Xaime Isla Couto (29/01/1999), Andrés Fernández-Albalat (28/05/1999), Ramón Lorenzo Vázquez (07/05/1999), Francisco Fernández Rei (25/09/1999), Xosé Luís Méndez Ferrín (03/09/2000), Xohana Torres Fernández (27/10/2001) e Xosé Neira Vilas (17/11/2001). Este último evoca nun dos seus libros de memorias a derradeira visita que, xunto con Anisia Miranda, lle fixo na súa residencia viguesa da praza de Compostela en marzo de 2009. Tiña Don Paco 96 anos.

Falamos de moita cousas (...) da democracia, do sistema das autonomías, e referímonos a algúns escritores novos, o uso de Internet e do teléfono móbil, a edición de libros, os concursos literarios, a normativa lingüística, a Real Academia Galega, que el presidira ata non había moito, promovendo unha necesaria renovación... Satisfacíalle que lle dixésemos isto, e apoñía: “Fixen o que puiden” (Neira Vilas, 2013: 60-61).

Mais a achega máis significativa de Francisco Fernández del Riego, acaso a de maior transcendencia para a lingua e a cultura galegas, foi a creación do Día das Letras Galegas, pouco tempo despois da súa incorporación á Academia no ano 1960. O proceso está moi documentado, e mais tiña un antecedente. No ano 1933, Del Riego xa publicara un artigo en *El Pueblo Gallego* (25/7/1933) no que fala da necesidade de ir promovendo unha semana “dedicada á cultura galega, coa emoción, coa intensidade e coa riqueza que tal empresa esixe e merece” e fala, entre outras cousas, da celebración dunha Festa do Libro Galego con vocación de incidir na sociedade, sobre todo para espallar nas escolas.

A historia é coñecida. A pouco de chegar, Del Riego ponse en contacto con vellos amigos, académicos e non académicos, para promover unha iniciativa destas características dende a primeira institución cultural do país. Seica houbo algunhas reticencias, visións pesimistas que el non compartía. Nas horas de conversa que tiven ocasión de manter con el, moitas veces escoiteino renegar do pesimismo, unha pexa que seica leva o país enriba, produto da frustración histórica, mais que el entendía que debíamos combater con vontade, coherencia e visión de futuro. A iniciativa do Día das Letras nacía en parte para contraponerse á celebración do Día do Libro, en

castelán, o 23 de abril, aniversario da morte de Miguel de Cervantes. “Un día para o libro e as letras galegas”, comentoume; e remexendo na memoria deu co 17 de maio, data na que, a falta de colofón ou información editorial, Rosalía de Castro asina a dedicatoria de *Cantares Gallegos* á escritora Fernán Caballero (Cecilia Böhl de Faber) en 1863. Tamén era a data do nacemento do seu esposo, Manuel Murguía, que moito tiña que ver coa edición. Daquela facíanse cen anos da primeira edición dun libro que se considera fundacional da nosa literatura moderna, o Rexurdimento.

Para tal fin, Del Riego reúne a sinatura doutros dous compañeiros de corporación, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo. Os dous ingresaran na RAG antes ca el e formaban parte da estratexia galeguista que viñan deseñando dende a década anterior. Velaquí o texto coa argumentación que o 20 de marzo de 1963 os tres académicos presentan para que se considere a iniciativa:

Con motivo de se celebrar no presente ano o Centenario da publicación de “Cantares gallegos” de Rosalía de Castro, os membros numerarios que subscriben someten á consideración da Xunta xeneral da “Real Academia Gallega”, a seguinte proposta:

- 1º.- Todos sabemos que o libro rosalián editado en 1863, ten sido a primeira obra maestra con que contou a Literatura Galega Contemporánea. A súa aparición veu a lle dar prestixio universal á nosa fala como instrumento de creación literaria. Representa, pois, un fito decisivo na historia da renacemento cultural de Galicia.
- 2º.- A celebración do centenario deste acontecemento, convida a reconsiderar o significado do mensaxe transmitido nos “Cantares”. Un mensaxe que, tanto como espírito e pobo, tanto como universalismo e galeguidade, foi, estéticamente, un mensaxe de palabra e poesía.
- 3º.- Velahí por qué, ademáis dos aitos conmemorativos que se orgañen pra reactualizar na conciencia das xentes o acento de tal mensaxe, a Academia —como órgano oficial da nosa cultura— debería consagrar, con carácter de perdurabilidade, o simbolismo da data nunha celebración anual.
- 4º.- O millor xeito de o conseguir sería que acordase declarar Día das Letras Galegas, o 17 de maio de cada ano, a partir do presente. Contaríase así, pra o porvir, cunha xornada oficialmente adicada a honrar ós nosos libros. O día 17 de maio de cada ano

viría ser a data destinada a recoller o latexo material da actividade intelectual galega.

5º.- Ninguén desconoce que o libro ten unha forza simbólica extraordinaria. Sendo a amosa máis reveladora do nivel cultural dos pobos, non é de estranar o afán de espaxelo e de lle abrir camiños pra ensanchar o ámbito dos seus lectores. No caso de Galicia, ningunha data máis axeitada pra enaltecer e difundir o libro eiquí producido, que a que conmemora a publicación da obra coa que se encetou orestixio contemporáneo das Letras galegas.

6º.- De atopar eco no acordo dos numerarios da Corporación o contido desta proposta, compriría dalo a conocer en Nota oficial, recabando a colaboración dos centros culturás de Galicia e a de todos os Centros Galegos do mundo, pra percurar o éxito consagratorio da celebración.

A acta da xunta ordinaria da RAG do 28 de abril de 1963, apenas tres semanas antes da conmemoración, di:

El Secretario dió a conocer una interesantísima proposición que suscriben los numerarios señores Fernández del Riego, Gómez Román y Ferro Couselo, en relación con el centenario de la publicación de “Cantares Gallegos” de Rosalía de Castro, que se cumple el 17 de mayo próximo. En su vista, acordó la asamblea declarar “Día de las Letras Gallegas” el 17 de mayo de cada año, a partir del presente, que esta Corporación celebrará con la máxima solemnidad, recabando, como se solicita, la colaboración de las instituciones culturales del país y la de todos los Centros Gallegos del mundo para el mayor realce de tan señalada efemérides.

En principio, los actos que, a juicio de la Academia, deben tener lugar el año actual, en la fecha indicada, serán los siguientes: Visita a doña Gala Murguía de Castro, hija única supérstite de los insignes don Manuel Murguía y doña Rosalía de Castro; ofrenda floral en las tumbas de Rosalía y Murguía, al igual que en la casa de la Matanza, en donde falleció aquélla; sesión académica extraordinaria en el paraninfo de la Universidad compostelana con intervención de los académicos de número señores Otero Pedrayo, Carballo Calero y Bouza Brey, y del correspondiente señor Naya Pérez, y colocación de una lápida conmemorativa en la casa en que vivió la gloriosa lírica aquí en La Coruña, esto último a petición del académico numerario señor Freyre de Andrade.

Solicitouse a correspondente autorización do ministerio, como era preceptivo, e apenas sen tempo para maiores encomendas organizáronse as primeiras celebracións: un acto académico, aberto ao público, no salón Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela, presidido polo catedrático Enrique Moreno Báez, no que o académico Ricardo Carballo Calero disertou sobre a figura e a obra de Rosalía de Castro. Na primeira bancada había catro poetas novos, que participaron no acto: Xohana Torres, Arcadio López-Casanova, Carlos Casares e Salvador García-Bodaño. A afluencia de público, segundo din as crónicas, foi importante, aínda que escollida. A continuación realizouse unha procesión cívica ata a estatua da poeta na Ferradura compostelá. En Vigo e Lugo tamén se celebraron actos. Nesta última cidade, concretamente, o profesor Alonso Montero, María Xosé Queizán e Xosé Luís Méndez Ferrín falaron sobre a autora de *Cantares Gallegos* e sobre a literatura galega en xeral. Polas mesmas datas, en Vigo, inaugurábase a Fundación Penzol. Ao ano seguinte, a RAG acordou dedicar o 17 de maio á figura e á obra de Castelao, que finara no exilio de Buenos Aires catorce anos antes.

Dende o primeiro momento, a celebración tivo un eco importante na prensa. Non hai máis que consultar os xornais daqueles anos. Mais hoxe é un acontecemento cultural de primeiro nivel. Poucas iniciativas de tanta transcendencia social como o Día das Letras Galegas. O que inicialmente foron actos académicos case que en ámbito cerrado, axiña foron asumidos na década dos 60 e nos anos 70 polo cada vez máis activo asociacionismo cultural, que en gran medida era tamén activismo cívico a prol das liberdades democráticas, a identidade nacional que promovía o galeguismo e a reivindicación do idioma. O libro era o gran protagonista, símbolo de recoñecemento e prestixio. As librerías sacaban á rúa as mesas con libros galegos. Sesenta anos despois podemos dicir que o Día das Letras Galegas implica a toda a sociedade, seguramente dun xeito desigual, pero cada vez máis participativo: no ámbito institucional, docente, asociativo, político, económico, empresarial, mediático, dentro e fóra de Galicia. Unha iniciativa que a RAG considerou de xeito moi especial para dedicar a celebración neste ano 2023 a quen foi o seu principal promotor.

Bibliografía

- Fernández del Riego, Francisco e Ricardo Carballo Calero (1973): *Un país e unha cultura: a idea de Galicia nos nosos escritores*. Vigo: Artes Gráficas Galicia S.A. [Dispoñible en: <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/64>. Consulta: 10/02/2023].
- Fernández del Riego, Francisco (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada: Edicións do Castro.
- Neira Vilas, Xosé (2013): *Cartas e lembranzas. Epistolario con Francisco Fernández del Riego, 1959-2007*. Vigo: Editorial Galaxia.

Do rego dun mozo galeguista na República vivida e soñada

X. Amancio Liñares Giraut

(Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

Despois do fracaso en España tanto da restauración borbónica e a ditadura de Primo de Rivera coma do conseguente experimento governamental coñecido como o réxime da *ditabranda*, presidido sucesivamente polos militares Berenguer e Aznar (xaneiro de 1930 a abril de 1931), chegou a II República. O 14 de abril de 1931 agromou a primavera republicana, a República de Abril, tamén denominada “A nena bonita”. Os que exerceran ese poder castrense, elitista e monárquico “non foron capaces de dar conta do recado”, como me dicía nunha conversa un paisano que vivira aqueles momentos trepidantes. Ou, como lle escribira nunha carta ó seu amigo Xosé Fontán o mozo Xulián Magariños Negreira (1904-1934, co-fundador do SEG en 1923),

indudablemente atravesamos el más culminante de los momentos de nuestra historia política en lo que va de siglo. Sobre el palacio de la Plaza de Oriente soplan huracanados vientos de poda. El sector republicano avanza a galope, extendiendo sus tentáculos por las páginas del censo (Liñares Giraut, Roig Rechou, 1988: 53-54).

Daquela, Francisco Fernández del Riego (FFdR),¹ estudante do primeiro curso de Dereito, vivía en directo eses acontecementos da alborada republicana en Madrid. Temos a sorte de contarmos con varios libros seus, pertencentes ós xéneros das memorias e das conversas,² aínda que convén engadirlle, ó mellor coñecemento da súa biografía e labor nese intenso tempo histórico, outras fontes historiográficas, algunhas delas anteriores, e asemade os froitos das novidades editoriais 2022-2023, como indicamos

¹ No libro de conversas con Perfecto Conde Muruais, *Conversas con Paco del Riego* (2018), pódese ler este diálogo: “P. É consciente de que é unha figura moi relevante da cultura galega? R. Quen? P. Vostede, Paco del Riego. R. Non. Paco del Riego é o nome familiar. Os demais chámanme don Paco, don Paco... P. Pero non lle molesta que lle chamen Paco del Riego. Ou si? R. A min que me chamen como queiran. Tamén Borobó [o xornalista Raimundo García Domínguez (1916-2003)] me chamaba Lorenzana”. De feito, Salvador Lorenzana foi un dos pseudónimos máis empregados polo escritor de Vilanova de Lourenzá.

² *O río do tempo. Unha historia vivida* (1990), *A xeración Galaxia* (1996), *Camiño andado* (2003) —xénero de memorias e ensaístico—, e máis o libro de conversas con Perfecto Conde *Conversas con Paco del Riego* (2018).

na Bibliografía. Ben sabemos que nos subxectivos e tan persoais libros de memorias adoitan inserirse lembranzas destacadas e quedan fóra outros recordos —adrede ou por esquecemento— que convén contrastar con máis documentación. Trátase de agrandarmos algo máis a ollada sobre Francisco Fernández del Riego nos tempos da II República, na simbiose do seu propio vivir co contexto do espazo que habita entre os veráns de 1931 e 1936. Nesta liña queremos abeirar a presente contribución a eses anos universitarios, tan militantes, ilusionados e republicanos do polígrafo galeguista de Lourenzá (1913-2010), “intelectual e activista cultural de xenerosa e inesgotable entrega a Galicia”, segundo o define Malores Villanueva no *Álbum de Galicia* do Consello da Cultura Galega; “o inmenso Fernández del Riego” (Alonso Montero, 2023: 29).³

Situándose noutras etapas na vida de FFdR, os espazos esenciais terían como nome Vilanova de Lourenzá —casa e terra matricial—, Madrid —estrea dunha maior sociabilidade e bautizo universitario—, Vigo —con moito peso biográfico, fogar familiar e actividade profesional— ou mesmo A Coruña —presidencia da Real Academia Galega, de 1997 a 2001—. Pero a xeira republicana lévanos con fondura ó intenso e ás veces tenso acontecer dun mozo con afouteza e compromiso nun territorio de seu: a Universidade e a vida cotiá da cidade de Santiago de Compostela (ou da “aldea grande”, como a ten chamado Otero Pedrayo), levando Galicia como

³ Xesús Alonso Montero dedicoulle dous artigos da súa serie *Beatus qui legit* a Francisco Fernández del Riego no remate de 2022 e abrete de 2023 (*vid.* Bibliografía). Neles, anotou sentenzas como as seguintes: “Escritor, orador e publicista sen o cal non se pode entender a recuperación cultural de Galicia”, “cómpre entender o labor deses patriotas [refírese a Del Riego, Ramón Piñeiro e Xaime Isla como esteos da Editorial Galaxia] da causa da cultura galega, moi especialmente a de Fernández del Riego, encarcerado en dúas ocasións e facendo mil traballos para subsistir aínda non tendo fillos. Así entendemos moito mellor tanta abnegación” (*La Voz de Galicia*, 30/12/2022). “El foi, precisamente, quen ideou a festa literaria que vai protagonizar o próximo 17 de maio”, “non sei de ninguén que, na prensa, no libro e na tribuna, teña feito tanto por esta causa”, “ademais de erudito, orador xa aplaudido antes do 36, antólogo, bibliógrafo, inxente epistológrafo, viaxeiro literario, director rigoroso de revistas e institucións culturais, escritor memorialístico, autor de miles de páxinas xornalísticas, ensaísta, xeneroso prologuista e obreiro [termo con que o caracteriza Ramón Nicolás na súa recente biografía de FFdR] non alleo á literatura clandestina. Inmenso exercicio de pedagogía galeguista!” (*La Voz de Galicia*, 6/1/2023).

tarefa e horizonte.⁴ Un Santiago que daquela significaba pouco máis cá área da súa améndoa monumental, onde o domicilio máis estable da familia Fernández del Riego se situaba no que conformaban aínda arrabaldes de Compostela, nos lindeiros da rúa do Hórreo.

Para aquelas xeracións mozas e adultas, Compostela, coas súas aulas universitarias, cafés, pensións, tabernas, teatros, feiras, festas, rúas e prazas, era o verdadeiro *locus amoenus*; un espazo real, idílico e cotián, onde moita daquela mocidade dinámica e inquada, con moita praxe e espírito renacentista e diletante, vivía a diario o que se denomina a temática do horaciano *beatus ille* (“feliz aquel”). Así era Santiago, unha das catro arelas dos renacentistas, dos militantes dun novo rexurdimento: ese *beatus ille*, xunta o *carpe diem* (“goza do momento”), o *tempus fugit* (“o tempo que corre”), e sempre nese *locus amoenus* xacobeo.

A maiores, coma unha placenta ou palabra medular que envolve todo este período aínda que distingamos nel varios planos, Galicia. O compromiso co país galego vai ser o fío condutor ou denominador común que marca o devir do mozo Paco del Riego neste sexenio inicial dos anos 1930. Mais a partir do amolado e malfadado 18 de xullo de 1936, todas estas realidades e soños humanistas foron gadañados polo levantamento militar franquista que xerou a guerra civil. Con aqueles episodios chegaron as tebras dos “anos de odio” (Emilio Grandío, 2007), que se estenderon moito máis ca aquel lustro ilusionado e acelerado da II República, que por riba lle abría a porta —por vez primeira no devir histórico— a unha Galicia autonómica.

Francisco Fernández del Riego na vida persoal e familiar

Paco del Riego regresa en tren ó fogar familiar dende Madrid a mediados de xuño de 1931. O 25 de xullo daquel ano quixo conmemorar o Día de Galicia en Lourenzá, xunto cun estudante de Medicina:

Escribín o texto dun manifesto de exaltación da data (...)
Imprimímolo no obradoiro de Mancebo en Mondoñedo (...)
Tan axiña como saíu do prelo espallámolo por todas partes,

⁴ Algúns aspectos da Compostela dos anos da II República (1931-1936) reflíctense, por exemplo, nos primeiros capítulos do libro de VV. AA., *80 anos. Santiago 1936. Memoria da Exposición*, 2017. Porén, hai máis alusións á xeira republicana en Compostela (*vid.* Bibliografía).

convidando ás xentes para que se sumasen á celebración. Izamos a bandeira galega no balcón do Concello, e desde el pronunciei unha breve arenga sobre o significado da Diada. Foi a miña primeira intervención oratoria en público, aos dezaioito anos de idade (...) Contratáramos tamén un grupo de gaiteros (...) para animar a festa. Despois de interpretar o Himno Galego, organizouse un baile popular (...) Do festexo conmemorativo que organizáramos, soupo moi axiña Álvaro Cunqueiro en Mondoñedo. Uníame a el unha boa amizade, encetada cando andabamos nos primeiros anos do bacharelato (Fernández del Riego, 1990: 39-40).

Hai unha decisión paterna que vai condicionar a vida da súa extensa familia dende os albores da década de 1930. De volta xa do que o noso protagonista chama “o escenario matritense” (Fernández del Riego, 1996: 31 e seguintes), un primeiro curso universitario —nun tempo tan convulsivo na capital de España—, o 15 de setembro de 1931 a familia Fernández del Riego deixa Lourenzá:

Abandonamos a casa na que nacéramos e puxémonos en camiño cara o novo destino. A partida da vila supuxo un insólito acontecemento para as xentes coas que convivíramos. Xuntáronse moitos veciños, algúns con bágoas nos ollos, a nos despedir. Os irmáns maiores instalámonos en dúas furgonetas, nas que se acomodaron tamén os mobles máis indispensables. Nun taxi alugado da localidade ían meus pais, a criada e os dous nenos pequenos (Fernández del Riego, 1996: 41).

Sabemos que era unha familia moi numerosa —once fillos, con sete estudando fóra de Lourenzá— e, de cara ó inmediato futuro, nos meses anteriores os proxenitores tomaran a decisión dese traslado a Santiago; nas palabras de Del Riego: “Meu pai determinou así viaxar á cidade xacobea para precurar algunha vivenda ampla, capaz de lle dar cabida a familia tan numerosa” (Fernández del Riego, 1996: 41).

Inicialmente, este núcleo familiar instalouse nun andar baixo da rúa Virxe da Cerca, n.º 24, “que constaba ademais de sotarrego e horta”, fronte á Praza de Abastos. “Tiña un baixo amplísimo, un xardín e un soto no que estudabamos meu irmán e mais eu porque non había calefacción e envolvíámonos nunha manta para empezar a estudar ás cinco da mañá”. Foi a partir de 1932 cando cambiou o fogar á rúa Curros Enríquez, n.º 12, máis

preto da área do río Sar. Estudando alí, o Paco concluiría as licenciaturas en Dereito, que iniciara en Madrid, e Filosofía e Letras, que cursou por libre tamén na universidade compostelá.

O meu pai xuntouse con outros para constituíren unha cooperativa e fundaron un barrio que se chamaba das Casas Baratas. Mantecón, meu pai e un tal Ron foron os que dirixiron a cooperativa e nós, cando se edificaron os chalés, vivimos no chalé en Curros Enríquez, 12. Alí botamos todo o tempo e alí morreu meu pai (Conde, 2018: 33).

Estas vivencias máis persoais e de relacións afectivas tamén están inseridas nos amentados libros de memorias e de conversas co xornalista da Pontenova.

Nese tempo, un estudante de Ciencias Químicas, entusiasta galeguista, presentoume a unha compañeira de Facultade, Evelina Hervella Nieto, que seguiría despois a carreira de Farmacia. Non tardamos en nos facer noivos, e, anos andados, converteríase na miña muller (Fernández del Riego, 1996: 71).

Evelina Hervella sería a súa compañeira (“que foi a miña moza definitiva”), con quen casou e compartiu a vida ata que ela finou no ano 2007. O matrimonio non tivo descendencia.⁵

Este feito non impediu que o mozo Paco del Riego mantivese outras aventuras amorosas xuvenís. Na súa personalidade con tanta vehemencia, activismo e optimismo —a dese “obreiro do galeguismo” (Ramón Nicolás, 2022)—, cabían estas vivencias máis persoais e sentimentais.

De min sempre se dixo que fun moi namoradoiro dende a máis tenra infancia (...) A verdade é que fun, efectivamente, un namoradoiro dende moi novo. Era amigo das rapazas máis bonitas, como, por exemplo, Lolita Basanta, Rosita Posada etc., coas que ía aos bailes e ás festas. Sempre me gustaron moito as mulleres.

⁵ No amentado artigo intitulado “Cinco deles sen fillos”, Xesús Alonso Montero cita os nomes de significados galeguistas que non deixaron descendencia. Ademais de FFdR, Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Xaime Isla e Fermín Penzol (*La Voz de Galicia*, 30/12/2022). E analiza as posibles consecuencias desta circunstancia familiar, en varios aspectos.

“E as guapas máis”, afirma Perfecto Conde. E el confésalle ó xornalista: “As guapas e intelixentes. Gustábame que tivesen vida interior. Cando era novo —e como ademais era bo orador—, ata chegaron a tirapuxar algo por min”. Nesas conversas retruca que non foi nunca un *donjuán*, e deixa anotados outros nomes femininos que o cativaron: a arxentina Arminda, da que se sentiu moi namorado, a súa moza Gloria no curso de estadía en Madrid, unha tal Marina, que estudaba Farmacia en Santiago, e outras máis, case sempre das Facultades de Farmacia ou Filosofía e Letras da USC, onde as mulleres tiñan daquela unha maior presenza.

Francisco Fernández del Riego na vida universitaria, social e cultural

Movémonos agora dende o rego máis particular ás leiras máis comunitarias. Todo indica que xa dende os finais da década de 1920 o adolescente Paco del Riego sentiu a chamada do galeguismo. Lecturas poéticas e novelescas, coñecemento do maxisterio exercido polos persoeiros das Irmandades da Fala, do Seminario de Estudos Galegos e da *Época Nós*, gusto pola lectura dos xornais, libros de Vicente Risco como a *Teoría do nacionalismo galego* (1920) e *El problema político de Galicia* (1930), e mais a súa estrea universitaria con ese curso inicial en Madrid —círculo de amizades e cenáculos relacionados coa reivindicación da personalidade de Galicia, defensa da lingua e cultura de noso—, contribuíron ó seu medrar intelectual neste credo ideolóxico, que o marcou deica o final da súa vida. Os eidos agrandáronse moito, e algunhas colleitas —non todas, xaora— abrollaron vizosas.

Situámonos no comezo do curso 1931-1932. O mozo de Lourenzá de contado ingresou en Santiago na Asociación Profesional da Facultade, encadrada na FUE,⁶ nada máis principiar con matrícula oficial o segundo curso de Dereito na Universidade Galega e comezar ó mesmo tempo por libre os estudos de Filosofía e letras, como temos indicado. Confesa que “desde os momentos iniciais propúxenme traballar dentro [das asociacións escolares] a prol da galeguización universitaria (...) A causa do ensino estaba unida, para min, á causa de Galicia” (Fernández del Riego, 1996: 59). Foi

⁶ Federación Universitaria Escolar (FUE), fundada na Universidade Central de Madrid en 1926, con protestas contra a ditadura primorriverista e a monarquía; a favor das ideas republicanas e da esquerda política. FFdR xa pertencera á FUE no seu primeiro curso universitario na capital de España, 1930-1931.

presidente da Asociación de Dereito, representante na Xunta de Facultade e logo participaría na Xunta de Goberno da Universidade. Representaba cinco Facultades e destacou na organización dalgunhas folgas e manifestacións estudantís, que lle xeraron algúns problemas e a instrución dun expediente con sanción, que non tivo máis percorrido “pola actitude de solidariedade e apoio unánime dos meus compañeiros”. A memoria tan detallada de Don Paco rexistrou unha chea de actividades organizadas daquela no ámbito universitario: ciclos de conferencias, exposicións, edicións de manifestos, revistas (un par de números da titulada *Universitarios*) e folletos. Todo un *armadanzas*. Aí aparecen como participantes os nomes de Castelao, Luís Seoane, Carlos Maside, Laxeiro, Colmeiro, Carballo Calero, Cunqueiro, Vicente Risco, Otero Pedrayo e Filgueira Valverde. Estreitou vínculos con entidades culturais e universitarias de Portugal e Cataluña. Por iso amais os nomes de Joaquim de Carvalho, Rodrigues Lapa, Carlos Mascareñas ou Xosé Luís Segarra. Mesmo pronunciou o discurso de apertura oficial do curso 1933-1934 (“La Universidad gallega ante el momento actual”, titulou a súa disertación), no nome dos estudantes, elixido pola FUE, e estivo na constitución dunha Agrupación Universitaria pro Sociedade de Nacións, organismo internacional que sería truncado polas tensións mundiais da década de 1930 e que non rexurdiría como ONU ata outubro de 1945.⁷

A temperá relación de FFdR coas xentes do Seminario de Estudos Galegos (SEG) lévanos outra vez ó outono de 1931. “Encuentro coa cultura galega” é o título que elixiu o estudante de Vilanova de Lourenzá en Compostela para o capítulo que trata desta militancia nun dos seus libros de memorias. Neste achegamento, salienta inicialmente o nome de Lois Tobío Fernández, que fora un dos mozos universitarios fundadores do SEG oito outubros antes, no ano 1923 (Mato, 2001, pássim). Lembra que entrou por vez primeira na súa sede do edificio de Fonseca en outubro de 1931. Alí coñeceu moi axiña a Ricardo Carballo Calero, xa licenciado en Dereito e, coma el, tamén estudante de Filosofía e Letras. De Tobío e de Carballo fainos FFdR unha pequena descrición biográfica, e da súa amizade, e despois cita outros nomes de persoas vinculadas ó Seminario: Sebastián González García-Paz, Antonio Fraguas Fraguas, os irmáns Xurxo

⁷ Nos libros de Isaura Varela (1989) e Ricardo Gurriarán (2016) trátanse aspectos relacionados coa USC tamén neste período republicano, e en varios deles está a presenza de FFdR.

e Xaquín Lourenzo Fernández, Florentino López Cuevillas, Xesús Carro García, Paulino Pedret Casado, Felipe Cordero Carrete —secretario da entidade—, Isidro Parga Pondal, Luís Iglesias Iglesias, Xoán López Durá... Anota nomes de profesores e de estudantes que acudían con asiduidade ás dependencias do agora histórico e daquela aínda novo SEG. Os dous últimos presidentes do Seminario antes da guerra civil foran Luís Iglesias e Otero Pedrayo. Lembrando a súa actividade no SEG, Fernández del Riego destaca o importante labor (“un dos elementos clave”, afirma) de Xesús Carro, o crego, arqueólogo e arquivista compostelán (1884-1973).

A intervención máis directa de FFdR nos labores do Seminario produciuse na organización e desenvolvemento da Semana Cultural Galega en Porto (do 30 de marzo ó 6 de abril de 1935). Descríbenola polo miúdo en *O río do tempo. Unha historia vivida*. Ademais de ter lugar naqueles días na cidade lusa a VI Xunta Xeral do SEG, acordaran unha nova *Semana Cultural Portuguesa* en Compostela, pero “os dramáticos feitos da guerra civil impedirían que se corporeizase a idea”. Neste ambiente de tristura, relátanos amais as súas últimas visitas ós locais do Seminario en Fonseca, nos comezos de xullo de 1936, “antes de que a barbarie espoliara os seus fondos” (Fernández del Riego, 1990: 52).

Outro dos labores culturais de FFdR ten que ver co editor Ánxel Casal —pouco despois alcalde mártir de Santiago, executado o 19 de agosto de 1936— e a imprenta Nós, instalada primeiramente na rúa das Hortas e despois na rúa do Vilar. Nos seus parladoiros e vencellos repítense identidades que xa mencionamos, e ás que se lle poden engadir os nomes Camilo Díaz Baliño, Luís Manteiga, Manuel Beiras, “e varios máis”.

Pensaba eu por ese tempo que había que o sacrificar todo ao ideal que nos movía. Ser idealista parecíame que era imprescindible. Pero sen prexuício de non perder de vista a realidade, e de loitar con ela para que se respeitase o noso ideal. As horas que ocupaba nos estudos, non enfebleceron a adicación a tal mester (Fernández del Riego, 1990: 53).

As colaboracións nos xornais e revistas encheron tamén o tempo do noso protagonista durante estes anos. Foi cando empezou a publicar artigos no xornal vigués *El Pueblo Gallego* (sección “Verbas da Mocidade”), enviou traballos a *La Universitat Catalana*, *La Publicitat*, dirixiu provisionalmente *A*

Nosa Terra, por encargo de Ánxel Casal, e os seus textos apareceron ademais nas páxinas do ourensán *Heraldo de Galicia*, *A Fouce e Galicia* (Buenos Aires), o *Guieiro*, quincenal das Mocidades Galeguistas, o semanario de esquerdas *Ser*, en Santiago, *Alento*, *Nós...*

Aínda no activismo cultural de FFdR tivo cabida daquela a súa participación no movemento xuvenil de carácter nacionalista *Ultreya*, pulado por Álvaro de las Casas (1932),⁸ do que foi escolleito secretario xeral. Coma decote, os datos que nos achega Don Paco sobre a agrupación dos *Ultreya* son moi documentados e precisos, de memoria prodixiosa.

O Don Paco mozo tampouco quere esquecer deste período xuvenil santiagués outras notas de labor intelectual e do tempo de lecer, entre 1932 e 1936. E aí insire os faladoiros dos cafés, nos que ten participado con asiduidade. Fai mención e diferenza entre dous: o do Derby e o do Español. O primeiro caracterízao como máis galeguista-nacionalista e político, con persoas máis vellas e máis novas. Polo Café Derby era frecuente a presenza de Castelao, Risco, Otero, Picallo ou Bóveda, ás veces rodeados de estudantes. O parladoiro do Café Español disque mantiña un ambiente máis artístico-literario, con Maside, Seoane, Eiroa, Manteiga, Cuadrado, Martínez-Barbeito, Cunqueiro, Fole... Desas veladas de palabras naceron recitados poéticos, comentarios de obras literarias e das vangardas artísticas, convites a poetas e escritores de dentro e de fóra de Galicia (Federico García Lorca,⁹ Gerardo Diego ou o célebre capitán e aviador Iglesias Brage). E naceu a idea de editar a revista poética *Resol*.

Outros feitos que non obvia FFdR son as súas viaxes polo país adiante, case sempre nadas por actividades culturais e por homenaxes a persoeiros, como a de Castelao en Lugo ou as de Rosalía e Brañas en Bonaval. Os percorridos polo territorio galego intensificaríanse máis coas campañas electorais, especialmente na do Estatuto de Autonomía.

⁸ Vid. Uxío-Breogán Diéguez Cequiel (2003): *Álvaro de las Casas. Biografía e documentos*. Vigo: Editorial Galaxia.

⁹ Vid. Henrique Alvarellos Casas (2020): *Federico García Lorca en Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora. Del Riego gardaba na memoria —e escribiu— verbo da participación nas actividades do poeta andaluz durante os días da súa estada en Galicia, cando corría o ano 1932.

Este ambiente cultural e político que Francisco Fernández del Riego viviu na Compostela da II República (Universidade, SEG, grupo Nós, imprenta Nós, revistas *Nós* e *A Nosa Terra*, festas e troulas estudantís, faladoiros nos cafés Derby e Español, medios de prensa e libros, Partido Galeguista etc.) recórdame moito a biografía do mestre agrarista e galeguista barcalés Avelino Pousa Antelo (1914-2012), quen participou tamén case nos mesmos escenarios, e tennos relatado experiencias e xuntanzas moi parecidas. Foi esta unha xeración en boa medida “perdida”, tronzada pola guerra do 36, e ata entón con vivencias, actividades e ideais semellantes dabondo. O paralelismo entre Don Paco e don Avelino, entre Salvador Lorenzana e Lucho do Peto, mesmo se dá nas peripecias que ambos viviron para poderen salvar as súas vidas, nos primeiros meses da represión franquista, tras o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936. Despois dun tempo inicial agochados como e onde puideron, buscados polos seus inimigos antigaleguistas, militares ou falanxistas, a integración como soldados da súa quinta no exército franquista foi a solución que ambos adoptaron. E, afortunadamente, lograron sobrevivir a aquela desfeita, a pesar da nova conxuntura con tanto desacougo, cando se impoñía *manu militari* un “tempo de apandar”, na expresión de Ramón de Valenzuela.

Mutatis mutandis, na década precedente de 1920, outros mozos universitarios en Compostela viviron aquela xuventude académica en parámetros bastantes semellantes, no tocante á súa presenza nas institucións docentes e culturais galeguistas. Por riba, sempre pendentes do acontecer mundial. Aqueles que fundaran en 1923 o Seminario de Estudos Galegos movíanse na cidade xacobeá con inquiredanzas, militancia, ideais, actitudes e aptitudes parecidas dabondo, inda que coas pexas que supuña o réxime da ditadura primorriverista en España, ben distinto ó posterior período republicano. Ter estudado nomeadamente as traxectorias biográficas do negreirés Xulián Magariños Negreira (1904-1934) e do boirense Ramón Martínez López (1907-1989), co-fundadores do SEG e estudantes de Letras como FFdR, permítenos soste-lo tal afirmación, que certifica ben ás claras os seus vencellos coas entidades e arelas mencionadas.¹⁰

¹⁰ Outras interpretacións complementarias, discrepantes dos tópicos, e con complicidades sobre o vivir destas camadas estudantís universitarias na Compostela dese primeiro terzo do século XX, no libro de Antón Capelán, *Contra a Casa da Troia*, 1994, pássim.

Francisco Fernández del Riego na vida política

A súa participación cívica ou política máis notoria iniciouse no Día de Galicia de 1931 coa edición e difusión dun manifesto galeguista na terra natal de Vilanova de Lourenzá, que asinaba xunto co estudante de Medicina Carlos Rodríguez Alonso, naquel 25 de xullo. Xa temos aludido páxinas atrás a este feito auroral no seu compromiso político co nacionalismo galego e con toda a constelación galeguista.

Foi chegar a Santiago naquel outono de 1931 e principiar a acción política, convertendo o seu bautismo xa en confirmación. Fíxoo primeiramente como secretario da agrupación galeguista de Compostela. O citado xurista Lois Tobío tivo moito que ver niso. Mais tamén outros nomes que foron aparecendo nestas páxinas: Sebastián González, López Durá, Ánxel Casal, Xoán Brañas, Manuel Beiras... En decembro constituíuse en Pontevedra o Partido Galeguista (PG),¹¹ aínda que Del Riego non puidera ir alí, porque se desprazara a Lourenzá debido a cuestións familiares, lémbraos.

Asistiron ao acto constitucional algúns membros do grupo santiagués. Este, antes de se integrar no novo partido, mantiña posturas semellantes ás que serían despois as súas posturas programáticas: defensa dos valores autóctonos; prestixiamento do idioma propio; propósito de atinxir o recoñecemento da peculiaridade que nos distinguía como pobo; non nun sentido localista, senón entendido como célula de universalidade (Fernández del Riego, 1990: 65).

Os recordos e reflexións que achega o lauretino arredor do PG e do seu significado inciden nese aspecto ou compromiso basicamente ético dos seus impulsores, militantes, afiliados e simpatizantes. Teima en subliñar ese plus que lle querían outorgar a este histórico e tan meritorio Partido Galeguista, establecendo unha diferenza con outras opcións partidarias. Así, escribe:

¹¹ “Nace o Partido Galeguista”, en E. Villaverde García e X. A. Liñares Giraut: *Ramón Martínez López. Pola universalidade de Galicia* (1992, pp. 177 e seguintes). Cfr. a ampla documentación e información sobre o PG dos libros de Xavier Castro (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana* (2 vols.) e de Justo Beramendi (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Os propios textos das memorias e conversas de FFdR ben serven tamén para afondar no que supuxo o nacemento e desenvolvemento do PG, xunto coa súa participación activa en todo este proceso.

Mentres os outros partidos loitaban pola conquista do poder, o galeguista tentaba despertar, teimosamente, a conciencia colectiva de Galicia. A súa moral amosábase indiferente aos éxitos ou fracasos electorais: propúñase traballar arreo polo futuro do pobo galego (Fernández del Riego, 1990: 66).

O mozo galeguista dinos que deu os seus primeiros mitins en Bandeira, Moraña, Catoira e Ordes, na primavera de 1932. E despois continuou disertando noutras vilas e cidades do país, porque “pesie a ser tan mozo, comecei a adquirir certa sona de orador. O Partido contaba xa comigo para os actos de meirande releve”. Falou en Pontevedra, Ferrol, Cedeira, Valdoviño, Outes, Ortigueira, Bueu, Cesantes, Bembrive, Viveiro, Redondela, Vigo, A Coruña, Santiago (os “mitins das arengas” do 24 de xullo na Quintana)... E quen ten participado con el nestas tribunas políticas nos anos 1932 e seguintes? Os homes máis sobranceiros naquela realidade e imaxinario galeguista. Velaquí unha listaxe ben incompleta: Castelao, Ramón de Valenzuela, Raimundo Aguiar, López Durá, Alonso Ríos, Plácido Castro, Núñez Búa, Paz Andrade, Suárez Picallo, Martínez López. Álvaro de las Casas, Carballo Calero, Ramón e Antón Villar Ponte, Otero Pedrayo, Gómez Román, Álvarez Gallego, Alexandre Bóveda, Víctor Casas, Iglesia Alvariño, Lugrís Freire, Sebastián González, López Abente etcétera. Neste cadro de oradores áchanse nomes moi selectos da órbita rutilante do PG!; iso si, non se rexistran nomes de mulleres nos chamamentos destes mitins ou na primeira liña dirixente desta forza política vernácula. Son cousas daqueles tempos, contexto histórico —outras chaves na temática de xénero— e non esquecemento do narrador, por suposto.

Pola súa idade, a FFdR tocaríalle desenvolver un papel específico na creación e expansión das Mocidades Galeguistas (MG), a póla xuvenil do PG.¹² Xa no 1932 se formara en Ourense a primeira agrupación das MG. Seguiu despois a extensión destes grupos da rapazada noutras comarcas aurienses, na Coruña, Vigo, Compostela, Celanova, Barcala, Viveiro, Lugo, Pontevedra e varias localidades máis. En xaneiro de 1934 as MG decidiron argallar unha Federación. Xaime Isla Couto redactou uns estatutos para tal fin. Establecéronse catro secretarías para o labor executivo, e Del Riego sería elixido secretario xeral, principiando un traballo intenso —coma decote—

¹² Vid. a monografía de Arximiro Rojo *As mocidades galeguistas* (1987).

de expansión destas Mocidades nacionalistas galegas. Emporiso, en abril de 1935 deixou tal responsabilidade para se reintegrar na militancia do PG adulto, e as MG escolleron un novo órgano reitor, inda que non descoidou a colaboración nas súas actividades específicas.

Como membro entusiasta do PG e das Mocidades hai que entender a súa presenza en varias iniciativas relacionadas co proceso de elaboración e aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia. Don Paco del Riego inseriuse fundamente en todo o que isto supoñía. E en que actividade relacionada co galeguismo non atopamos o seu nome ó longo da súa vida? Sobre a súa implicación moi directa en todo o sarillo estatutario tamén nos ofrece datos ben polo miúdo nos seus libros memorísticos que consultamos. “O Estatuto, e cartas de Bóveda” (Fernández del Riego, 1990: 83 e seguintes) é un capítulo ben detallado neste tema, porque...

Traballei arreo nos cometidos que se me encomendaran. Con posterioridade, designáronme tamén membro da Comisión de Propaganda. Fixen unha chea de notas e artigos de difusión, dacordo co papel que me atribuíran. Intervín, ademais, en mitins e xeiras propagandísticas, con caracterizados persoeiros do Partido Galeguista, por Galicia toda. Cómpre que advirta aquí, o singular e intenso labor realizado por Bóveda, con intelixente criterio de integración, no seo da Comisión encargada de elaborar o anteproxecto de Estatuto.

Varias páxinas de *O río do tempo* sérvenlle para se estender en reflexións moi atinadas arredor do Estatuto de Galicia, dos seus contidos, eivas e valía, que sería plebiscitado e aprobado o 28 de xullo de 1936. Describe os momentos esenciais nesta andaina, a partir de decembro de 1932 e ata que a vontade do pobo galego polo seu autogoberno democrático se viu violentada e frustrada co levantamento militar franquista do 18 de xullo de 1936 e a conseguinte guerra (in)civil. Nese capítulo están as asembleas de alcaldes e concellos, as negociacións e reviravoltas políticas pro-Estatuto, a valoración en conxunto do texto legal, o inxente labor do PG nesa conxuntura histórica, a campaña do plebiscito, os mitins, a súa estreita relación persoal e epistolar con Alexandre Bóveda, a quen tanto admiraba e a quen atribúe un labor medular en todos estes acontecementos, xestións e difusión en prol do Si á autonomía de Galicia: “O motor que dinamizou

e orientou a política estatutaria foi, sen dúbida, Alexandro Bóveda. Fóra das relacións que mantiven coas máis sobranceiras figuras do galeguismo, as de meirande intensidade sostívenas con aquel”, afirma. E iso tiña unhas motivacións: ser militante do PG, dirixente universitario, secretario xeral das Mocidades, membro do consello de Galeuzca e de Ultreya. De aí que “foi case permanente a nosa relación persoal, e copiosísima a correspondencia que cruzamos”. Nestas frases vese ben o seu agarimo polo axiña mártir: “Non esquecerei nunca o seu ollar firme e tenro, e o seu sorriso. Afirmaba cos ollos e agarimaba cos beizos. Na bisectriz do pragmatismo e o idealismo estaban o tempero e a intuición existencial do gran conductor”.

O Paco mozo participou nunha chea de actos nesa campaña galeguista da primavera do 36. Cos mitins fixo arreo oratoria política por todo o país, “no labor difusorio tiven participación intensa como membro da Comisión de Propaganda”, escribe. Mesmo foi designado polo PG para intervir no acto pro-Estatuto desenvolvido no teatro Alkázar de Madrid, onde “o local estaba totalmente acugulado de público. Presidía o Xefe de Gabinete de Prensa do Presidente da República, Roberto Blanco Torres”, lembra Del Riego.

A entidade Galeuzca, que xuntaba causas comúns para Galicia, Euskadi e Cataluña tampouco foi allea ó laurentino. As coñecidas como nacionalidades históricas mantiñan nesa asociación un vencello, que permitía o contacto máis directo entre os tres pobos. Despois de teren celebrado xuntanzas en Donostia e Barcelona en 1933, Del Riego cóntanos do encontro que tivo lugar en Compostela en febreiro de 1934, coa súa participación, e dos proxectos que foron ideando de cara ó futuro, malogrados polos acontecementos bélicos posteriores.

Coda

O que aconteceu coa vida e obra de FFdR a partir daquela malfadada data do 18 de xullo de 1936 forma parte xa doutro relato, que supera o contido da presente esculca biográfica, centrada só na xeira republicana de 1931 a 1936. Neste mesmo 2023, coa publicación por Galaxia do seu *Diario da guerra*, achéganse novos datos verbo do futuro inmediato do intelectual galeguista. O limiar de Lourenzo Fernández Prieto tamén resulta ben interesante, acompañando a publicación.

Por outra parte, os tempos que viñeron despois (*longa noite de pedra, anos escuros...*) non fuxiron da memoria de don Paco. Aí xa acadara a idade máis adulta e a súa acordanza aínda se fai máis próxima e precisa. O libro *A xeración Galaxia* (1996) supón a proba máis evidente. Nel reescribe e inclúe novas alusións ós seus compañeiros do tempo republicano que precedeu á guerra civil e ó triunfo franquista. E déixanos referencias salientables, tales como que:

As páxinas que seguen valen máis a título de testemuño que de historia. Se a importancia do movemento no que nos mergullamos se recoñece polas xeracións futuras, como parece, serán elas as que se encargarán de vulgar e de valorar (Fernández del Riego, 1996: 7).

Ou que:

Os homes da que vou chamar a Xeración Galaxia, malia a paréntese de forzado desvencellamento, atinaron a enlazar cos da Xeración Nós. Non houbo entre eles unha rompedura. Mantiveron máis ben unha continuidade, superando a experiencia traumática que uns e outros sufriron. En realidade, a xeración galaxiana continuou, completou, en boa parte realizou, con novos criterios, os obxectivos esenciais da precedente. Ámbalas dúas xeracións sumáronse de tal xeito, que unha e outra participaron dun labor común (Fernández del Riego, 1996: 21-22).

Chegando ó cabo desta esculca sobre un anaco esencial na encrucillada biográfica de Francisco Fernández del Riego —o seu particular e colectivo trazo dos anos republicanos 1931-1936—, teño para min que é pertinente unha alusión á recobrada importancia das biografías para mellor comprendermos a Historia. E fágoo partillando uns comentarios de Anselmo López Carreira, no comezo dun traballo referido a un personaxe moito máis afastado no tempo, non obstante tamén vinculado ás terras de Mondoñedo e ós personaxes sobranceiros do galeguismo, o mariscal Pardo de Cela, aló polo século XV, no devalo da Idade Media. O parágrafo inicial do seu artigo válelle para escribir ó historiador (López Carreira, 2022: 14):

Na procura de métodos precisos para investigar o pasado e transmitírllo ao público da mellor maneira, a historia, despois de ter incorporado as análises profundas das estruturas económicas e de todas as manifestacións da vida colectiva (desde a demografía ata as mentalidades), hai xa algún tempo que recuperou o interese

por factores de alcance máis limitado ou de interpretación dubidosa, como son as biografías de personaxes representativos ou, incluso, o mito e a lenda, que anteriormente (e non sen motivo no seu momento) foran desterradas por incertas, insignificantes ou deturpadoras da dimensión colectiva do decurso histórico. Mais a restauración da narración e do papel do individuo na historia non pretende agora glorificar figuras a costa de ignorar o carácter social da historia, senón entendéndoo como “encarnación concreta dos grandes movementos da historia” (J. le Goff). Así, a biografía pódenos servir para “chegar a saber máis sobre a sociedade, da mesma maneira que para estudar a arte se pode partir dun monumento” (G. Duby).

Tales reflexións, fundamentadas en citas dos mestres medievalistas Le Goff e Duby, están na liña do que se pretendeu redactar nestas páxinas sobre Francisco Fernández del Riego, Paco del Riego, Don Paco del Riego, Don Paco, Salvador Lorenzana, Lorenzana (“a min que me chamen como queiran”, dicíalle ó xornalista Perfecto Conde).

Reiteramos o convite á lectura dos seus libros de memorias e conversas, tan prolixos, con tanta substancia e apostolado galeguista, inda que se complementen con outras obras centradas neses anos da II República española.

E concluímos cunha cita da escritora Marina Mayoral, tamén natural das terras mindonienses, na mesma comarca da luguesa Mariña Central, referidas a este home que, nun río do tempo, nos conta a súa historia vivida e o seu camiño andado:

Moitos escalóns leva subido dende entón e algúns ben duros: a guerra, a represión, o desterro, mesmo a cadea (...) Xenio e figura... De vez en cando a Fernández del Riego gústalle pararse a ollar, para atrás e ó arredor. É a súa unha ollada fonda e ampla (...) Esta amplitude e esta universalidade non se parecen en nada nin á seca erudición nin ó superficial esnobismo, ben o contrario, xurden da curiosidade intelixente e dun constante desexo de comunicación, de facer participar ós demais do que para el foi o pracer da lectura (...) A súa é a actitude do home que sabe recoller o froito da vida, quitarlle a coda amarga e disfrutar do miolo. Un miolo que está feito de amor, de amizade, de sentimentos, de goces pequenos e grandes, solitarios e compartidos (Mayoral, 1995: 52).

Bibliografía

- Alfonso Bozzo, Alfonso (1976): *Los partidos políticos y la autonomía en Galicia, 1931-1936*. Madrid: Ediciones Akal.
- Alonso Montero, Xesús (2022): “Cinco deles, sen fillos”, *La Voz de Galicia*, 30/12/2022.
- _____ (2023): “O inmenso Fernández del Riego”, *La Voz de Galicia*, 6/1/2023.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1981): *Historia de Galicia. IV. Edad contemporánea*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1982): *Historia contemporánea de Galicia. III. Historia de la cultura gallega*. A Coruña: Ediciones Gamma.
- Beramendi, Justo e Xosé Manoel Núñez Seixas (1995): *O nacionalismo galego*. Vigo: A Nosa Terra.
- _____ (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais.
- Capelán Rey, Antón (1994): *Contra a Casa da Troia*. Santiago de Compostela: Laidvento.
- Castro, Xavier (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana* (2 vols.). Ourense: Deputación Provincial de Ourense.
- Conde, Perfecto (2018): *Conversas con Paco del Riego*. Vigo: Edicións Xerais.
- Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán (2003): *Álvaro de las Casas. Biografía e documentos*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Fernández del Riego, Francisco (1983): *Pensamento galeguista do século XX*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (1996): *A xeración Galaxia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2003): *Camiño andado*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2023): *Diario da guerra*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Grandío Seoane, Emilio (2007): *Anos de odio. Golpe, represión e guerra civil na provincia da Coruña (1936-1939)*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.
- Gurriarán, Ricardo (2016): *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Liñares Giraut, Xosé Amancio e Blanca-Ana Roig Rechou (1988): *Xulián Magariños Negreira. Un home da “Época Nós” (1904-1934)*. Sada: Edicións do Castro.

- _____ (1991): *Conversas con Avelino Pousa Antelo. Memorias dun galego inconformista*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (2004): *Xulián Magariños Negreira*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- _____ (2007): *Ramón Martínez López*. Santa Comba: tresCtres Editores, 3C3.
- López Carreira, Anselmo (2022): “Pardo de Cela na historia e na lenda”, *Sermos Galiza*, 10/12/2022.
- Máiz, Bernardo (1989): *Galicia na II República e baixo o Franquismo*. Vigo: Edicións Xerais.
- Mato, Alfonso (2001): *O Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Edicións do Castro.
- Mayoral, Marina (1995): “Francisco Fernández del Riego”, en Xurxo Lobato, *Galegos na escaleira*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, p. 52.
- Nicolás, Ramón (2022): *Francisco Fernández del Riego. Vida e obra dun obreiro do galeguismo*. Vigo: Edicións Xerais.
- Porto, Héctor J. (2023): “Don Paco, a dignidade no uso da lingua”, *La Voz de Galicia*, 15/1/2023.
- Rojó Salgado, Argimiro (1987): *As Mocedades Galeguistas*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Varela, Isaura (1989): *La Universidad de Santiago (1900-1936). Reforma universitaria y conflicto estudiantil*. Sada: Edicións do Castro.
- Velasco Souto, Carlos F. (2000): *Galiza na II República*. Vigo: A Nosa Terra.
- Vilas Nogueira, Xosé (1975): *O Estatuto Galego*. A Coruña: Edicións do Rueiro.
- Villanueva Gesteira, Malores (2022): *Francisco Fernández del Riego, un loitador pola idea de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Villares, Ramón (2004): *Historia de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2021): *Cultura e política na Galicia do século XX*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Villaverde García, Elixio e Xosé Amancio Liñares Giraut (1992): *Ramón Martínez López. Pola universalidade de Galicia*. Noia: Sementeira.
- VV. AA. (1978): *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (2017): *80 anos. Santiago 1936. Memoria da Exposición*. Santiago: Concello de Santiago.

Francisco Fernández del Riego, o galeguista íntegro

Malores Villanueva Gesteira
(Fundación Penzol)

“Trouxéronme ao mundo dos vivos un 7 de xaneiro de 1913. Xusto cando ían de retirada os Reis Magos”. Así relataba Francisco Fernández del Riego a súa chegada ao mundo en Vilanova de Lourenzá, como un regalo atrasado que encheu de felicidade o matrimonio de Amada e Vicente. Foi o primoxénito do casal, que completaría a descendencia con dez fillos máis: Antonio, Amada, Domingo, Rosa, Fernando, Ana María, Joaquín, Vicente, Jesús María e Charo. A familia vivía de xeito desafogado, pois rexentaba unha tenda de tecidos que vendía un pouco de todo, para dar servizo á vila. A familia materna era natural de Lourenzá e, aínda que había a lenda de que descendían do xeneral Del Riego, a documentación dos seus parentes na vila é moi anterior ao nacemento do liberal asturiano. O certo é que o estudo da súa liñaxe amosa como se castelaniza, a partir do século XVIII, o apelido, que ata ese momento era Do Rego (López e Román, 2011: 279). Pola súa banda, a familia paterna era natural de Cedofeita, parroquia de Ribadeo, a onde ían pasar tempadas no verán. Na casa non faltaban xornais nin libros, polo que dende moi novo desfrutou da paixón da lectura e das conversas dos maiores. No seu caso, a política non só estaba na prensa, tamén na casa, posto que seu pai era militante do movemento agrarista da comarca, que lideraba Xoaquín Lozano —gran amigo da familia e guieiro de formación do pequeno.

Os primeiros anos puido estudar en Lourenzá, primeiro na escola ao pé da súa casa, despois cos frades bieitos do mosteiro, grazas aos que obtivo o bacharelato elemental. Naquel tempo traba amizade con Álvaro Cunqueiro, da veciña Mondoñedo, que non perdía de ir ás festas do Conde Santo, onde xogaban a meter o dedo polo sartego. Tamén coincidían no ómnibus cando se ían examinar por libre ao Instituto de Segundo Ensino de Lugo. Aquela amizade non deixou de medrar, a pesar das adversidades, e Del Riego sempre afirmaba do seu amigo que fora a persoa máis excepcional que coñecera. Co tempo, comezan a escribir en *Vallibria*, o semanario que dirixía en Mondoñedo Trapero Pardo e onde coinciden coas plumas de Iglésia Alvariño ou Gamallo Fierros. Para entón, Del Riego xa estudaba interno nos Escolapios de Monforte, onde medrou o seu interese e gusto pola literatura,

e onde tomou a decisión de proseguir os seus estudos por Letras. Daquela época son os seus primeiros artigos na prensa dando conta das celebracións no colexio (*La Región*, 5/4/1929), e tamén o primeiro premio nun concurso literario cun traballo titulado “Leyenda griega”, co que gañou cincuenta pesetas e un exemplar de *Peñas arriba*, de José María de Pereda.

Por amor a seu pai estuda Dereito e trasládase a Madrid para comezar a carreira. Alí vive a proclamación da II República, o 14 de abril de 1931, e prende nel o espírito de liberdade e o entusiasmo por construír unha España menos retrógrada. Ese curso participa en comités de apoio a presos políticos, nas asembleas lideradas pola Federación Universitaria Escolar (FUE) e sente o orgullo de ser galego, sen permitir as chanzas dos compañeiros casteláns. O fervor político acrecéntase nel coa lectura da *Teoría do nacionalismo galego*, de Vicente Risco, que o encamiña definitivamente cara ao nacionalismo. Así, aquel verán de regreso á vila natal, Del Riego organiza —xunto ao tamén universitario Carlos Rodríguez Alonso—, un acto para celebrar o Día da Patria Galega; dende o balcón do concello diríxese aos seus paisanos cunha arenga galeguista, izan a bandeira galega e entoan o himno ao compás duns gaiteiros que contrataran, para a continuación dar paso a unha festa que se prolongou ata ben entrada a noite. Ese será o punto de partida da súa andaina política.

O pai, que visitara Madrid nos días en que se proclamara a República para buscar aloxamento ao que trasladar a familia, decide que finalmente será Compostela a cidade escollida, pois desacougáralo o boureo de xente e o clima da capital. Así as cousas, ao rematar o verán de 1931 instálanse na rúa Virxe da Cerca e Del Riego matricúlase na Facultade de Dereito para cursar o segundo ano. Só uns días despois coñece a Lois Tobío —auxiliar de Historia do Dereito na USC—, e da súa man entra no Seminario de Estudos Galegos, onde el xa era director da Sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas. Era outubro cando visitou por primeira vez as instalacións no edificio de Fonseca e alí traba amizade con Antonio Fraguas, Xesús Carro García, Paulino Pedret Casado, Felipe Cordero Carrete, Isidro Parga Pondal, Luís Iglesias, Xoán Astorga, Xoán Bautista Carpintero, Luís Vidal, Ánxel Ramos Colemán ou Luciano Fariña. No SEG reuníase unha xeración de mozos galeguistas que foi partícipe, en boa medida, do movemento nacionalista durante a República. A carón deles, como guieiros, Otero Pedrayo, Risco ou Castelao. Del Riego non só era un socio activo,

senón tamén protector, é dicir, facía achegas económicas para o sostemento do SEG —o mínimo eran 12 pesetas ao ano—; deste modo, garantía o acceso libre aos actos e á biblioteca. Unha das actividades en que participou de cheo foi a Semana Cultural Galega, que o levou —asistiron vinte e cinco membros do SEG— á cidade de Porto, do 30 de marzo ao 6 de abril de 1935. No marco das xornadas fixo varias intervencións, unha delas a conferencia “O arte galego contemporáneo”, na Casa-Museo Teixeira Lopes, en Vila Nova de Gaia, ante un numeroso público que o ovacionou.

Na Universidade axiña chegou a ser Delegado na Xunta da Facultade de Dereito, e tamén na de Filosofía e Letras —carreira en que se matriculara por libre—, sempre co firme propósito de conseguir galeguizar a institución e modernizala. Durante esta etapa atopámolo nas manifestacións, na organización de conferencias ou na redacción de folletos para concienciar da necesidade dunha universidade galeguizada. Entre outros fitos, cómpre salientar o discurso que leu en representación do estudantado na apertura do curso universitario 1933-34, “La Universidad gallega ante el momento actual”, que obtivo unha grande ovación dos asistentes e unha sonora repercusión na prensa. Entre as palabras dirixidas ao auditorio, resoaron con forza aquelas en que pedía a galeguización da universidade, a creación de cátedras propias nos eidos da xeografía, da historia e da literatura, así como a cooficialidade dos dous idiomas. Abelardo Moralejo Lasso, catedrático de Latín, preparara unha intervención titulada “Los nombres propios personales con referencia a los españoles principalmente”, pero cando comezou a súa disertación os asistentes comezaron a facer ruído e facíase imposible escoitalo. O seu enfado foi inmenso e abandonou o acto visiblemente molesto. O inmenso apoio que recibiu dos seus compañeiros foi crucial para que non prosperasen sancións contra Del Riego, tanto neste episodio coma noutros. Así as cousas, en 1934 rematou a carreira de Dereito e permaneceu na USC como profesor auxiliar de Dereito Civil.

Durante a súa etapa universitaria, Del Riego encargárase de dirixir o segundo número de *Universitarios. Revista de la FUE* —saíu en abril de 1933—, co claro propósito de galeguizala, aínda que vai atopar moitos atrancos e só oito, das vinte e dúas colaboracións, están na nosa lingua. Del Riego entendeu sempre a escrita como unha ferramenta fundamental para dar a coñecer o pensamento nacionalista e para poñer en valor a cultura e a

lingua propias. Por esa razón, a súa pluma traballaba co mesmo desacougo ca o seu dono. Durante a República mantivo a sección “Verbas da mocidade” no xornal *El Pueblo Gallego*, dirixiu durante un tempo *A Nosa Terra*, o semanario do Partido Galeguista, e tamén o semanario *Ser*, relevando a Suárez Picallo. Simultaneamente, impulsou a aparición de *Guieiro*, o voceiro da Federación de Mocidades Galeguistas, e ocupou a Secretaría de Redacción na revista de estudos políticos *Alento*, fundada por Álvaro de las Casas. As súas colaboracións na prensa eran moi frecuentes, non só en cabeceiras do interior como *Nós* ou as xa citadas, senón noutras de fóra de Galicia como na revista *La Universitat Catalana* ou no xornal *La Publicitat*.

A vida universitaria tamén se desenvolvía nas xuntanzas do café Derby, un parladoiro político ao que asistía Del Riego xunto a López Durá, Casal, Brañas e tamén, cando visitaban Compostela, Castelao, Otero, Risco ou Eduardo Blanco Amor, durante a súa estada en Galicia como correspondente do xornal bonaerense *La Nación*. Preto de alí, no Café Español, facían encontro Carlos Maside, Carlos Martínez Barbeito, García Sabell, Eiroa, Luís Seoane e, de cando en vez, Cunqueiro e Fole. E novamente Del Riego, quen era o único membro asiduo de ambos os faladoiros. Neste caso a cultura era o tema principal e chegaron a fundar o Comité de Cooperación Intelectual para traer a Galicia figuras sobranceiras, como Federico García Lorca, a quen recibiron na primavera de 1932. E aínda cada xoves, no mostrador da imprenta Nós, parolaban Casal, Carlos Maside, Luís Manteiga, Carballo Calero, Luís Seoane e Del Riego, entre outros. Co tempo, estes últimos dedicáronse á edición e, sen dúbida, aqueles anos foron formativamente cruciais para eles ao aprenderen o oficio cun gran mestre. Seoane e Del Riego foron, sen dúbida, os que máis horas pasaron no taller e os que axudaron en todo tipo de tarefas; incluso foron os encargados de corrixir as probas de libros como *Os dous de sempre* (1934) ou *Retrincos* (1934), de Castelao. Daquelas conversas xurdiron iniciativas como a creación do Grupo Galeguista de Santiago, que dirixía Ánxel Casal e que se integraría no Partido Galeguista (PG) no momento da súa fundación, en decembro de 1931, en Pontevedra. O carné de afiliado de Del Riego ten data do 1 de xaneiro de 1932 e, como militante, asume o postulado nacionalista e a súa liña de traballo.

Sempre a pé de obra, acepta as funcións que Alexandre Bóveda lle encomenda en cada momento; así, xunto a Plácido Castro, ocúpase da

preparación da campaña electoral ás Cortes Españolas de 1933 pola provincia de Lugo, axudando os candidatos Álvarez Gallego e Basanta del Río. Despois dun grande esforzo, o fracaso electoral precipitou o cambio de dirección do Partido Galeguista, pois Bóveda entendeu que fora un erro manterse neutral nas loitas da política española e consideraba vital establecer alianzas no futuro. As tensións no PG acrecentáronse entre os proclives a concorrer nos vindeiros comicios nunha coalición coas forzas republicanas de esquerdas, e os que non vían con bos ollos ese xiro, caso de Manuel Beiras, Xosé Mosquera, Vicente Risco ou Xosé Filgueira Valverde, que se refuxiarán na Dereita Galeguista. Ao tempo, Bóveda decide que é necesario aglutinar todas as Mocidades Galeguistas que se crearan pola xeografía galega dende 1932 e, para iso, bota man de Francisco Fernández del Riego. O 13 de xaneiro de 1934 reuníronse en Ourense representantes dos distintos grupos e acordaron redactar uns estatutos polos que rexerse, así como que o secretario xeral da Federación de Mocidades Galeguistas fose Del Riego; en tanto Xaime Isla, secretario de organización; Xosé Luís Fontenla Méndez, secretario técnico; e Xoán Luís Ramos Coleman, de propaganda. Nas Mocidades militaban rapaces dende os 15 ata os 23 anos e pretendíase a captación política de xente nova como base do PG, pois preocupáballes a continuidade do proxecto.

Será o seu cargo á fronte da Federación de Mocidades Galeguistas o que o leve a participar na constitución de Galeuzca, en febreiro de 1934. Naquel momento entendeuse que era necesario establecer contactos entre as forzas nacionalistas estatais e de aí xorde unha xuntanza en Compostela. Xunto aos representantes das outras nacionalidades, sentaron Otero Pedrayo, Gómez Román, Plácido Castro, Álvarez Gallego, Enrique Peinador e Del Riego, que firman o Pacto de Compostela, naqueles días intensos de confraternidade que se relatan no primeiro número de *Alento* —voceiro da organización xuvenil *Ultreya*—, do que Del Riego era secretario de redacción. O 13 de outubro de 1935 convocouse un acto multitudinario, que congregou a máis de catro mil mozos galeguistas que se concentraron ante o mosteiro de San Rosendo de Celanova. Din as crónicas que Del Riego pronunciou un discurso que foi interrompido en numerosas ocasións polo público e que se sintetizaba en tres puntos: nacionalismo económico, cultural e universal (*El Pueblo Gallego*, 17/10/1935). Naquel encontro, Del Riego tamén se despediu da FMG dalgunha maneira —substituíuno Xosé Velo Mosquera—, pois é reclamado por Bóveda para asumir funcións no Partido Galeguista.

Será entón nomeado membro do Comité de Prensa, adxunto ao Comité do Estatuto de Autonomía. Son meses dunha grande intensidade política, coa campaña do plebiscito do Estatuto de Autonomía que o levará novamente a diferentes puntos da xeografía de Galicia como un dos principais oradores do partido.

O seu último mitin é en Madrid, pois Del Riego fora escollido para representar o Partido Galeguista no acto celebrado o 21 de xuño no Teatro Alkázar. Aquel foi un día emocionante, pois estaban as rúas próximas cheas de xente e no auditorio non se collía. Presidía Roberto Blanco Torres, xefe de gabinete de prensa do presidente da República; en representación dos socialistas falou o deputado Edmundo Lorenzo; por Izquierda Republicana, Emilio González López; e antes destes dous, Del Riego. Entre os asistentes non faltaron Dieste, García Martí, Cotarelo Valedor, Ramón Cabanillas, Fermín Penzol ou Manuel Martínez-Risco. Fóra amoreábase a xente intentando escoitar as súas intervencións e sostendo a propaganda que se espallara polas rúas da capital horas antes. Logo só restaba agardar os resultados electorais do 28 de xuño, cando máis dun millón de galegos referendaron por unha amplísima maioría o seu apoio ao Estatuto de Autonomía.

A súa implicación política sitúao o 18 de xullo de 1936 na reunión do Comité Local da Fronte Popular que ten lugar no Pazo de Raxoi, sede do concello, na súa función de delegado do Partido Galeguista. O golpe militar impuxo o terror e dilapidou a democracia, os feitos íanse sucedendo e despois duns días agochado chéganlle as primeiras noticias do asasinato dos amigos. Os fascistas quitáranlle a vida a todos os presentes naquela reunión e tamén a outros amigos como Xaime Quintanilla, Ánxel Casal, Alexandre Bóveda ou Camilo Díaz Baliño. Así as cousas, cando chamaron á súa quinta decidiu non ir, pero fíxoo cando reclamaron os excedentes de cota, pois sabía que non podería permanecer agochado por moito máis tempo. Desta maneira tivo que vestir un uniforme militar que detestaba e sufrir diferentes humillacións. Un daqueles días leváronos á praza do Obradoiro, a unha concentración en favor do réxime, e despois dunha arenga os compañeiros ergueron a man e entoaron o himno da Falanxe. Como había moita xente, pensou que pasaría desapercibido e permaneceu quedo, cando de repente sentiu unha forte labazada na cara. Nunhas semanas os universitarios foron chamados para conformar unha nova unidade militar e trasladárono a Sevilla,

logo a Salamanca, a Teruel, a Estremadura ou Madrid. Durante aquel tempo atroz escribiu un *Diario da guerra* e nesas páxinas atopamos tristeza e dor, só a lectura logra por veces evadilo da barbarie. Tolstói, Blaise Cendrars, Gorki, Benjamín Jarnés, Paul Margueritte, Maeterlinck, Pirandello, Emerson, Azorín, Eça de Queirós, Wagner, Baroja, Maimónides, Amado Nervo, Francis James, Pierre Louÿs ou Spengler son algúns dos autores que le durante eses anos na fronte de batalla e que se converten no seu refuxio.

Ao rematar a cruenta guerra non podía instalarse en Compostela, porque era unha cidade na que cada pedra o acusaba. Por esa razón, en outono de 1939 chega a Vigo grazas á axuda que lle presta Valentín Paz Andrade. Atrás quedaba unha etapa importante da vida e afrontaba o futuro cos soños esnaquizados, con mil pesetas no peto e sen boa parte dos amigos: uns asasinados, outros silenciados e moitos no exilio. Paz Andrade ofrécelle ser axudante no seu bufete e conséguelle unha colaboración na revista *Industrias Pesqueras*, como suplemento aos seus cativos ingresos. Nun primeiro momento instálase nunha pensión e xanta con Maside a única comida que facían ao día, porque non tiñan cartos para máis abundancias. Como estaba inhabilitado para a docencia non conseguía traballo no ensino, ata que despois de moitas tentativas o admitiron como profesor no colexio Mezquita, omitindo o seu segundo apelido e poñendo no cadro de persoal que era coronel. Debido aos éxitos do seu alumnado nas probas da reválida, o chamado exame de Estado, os do colexio Labor ofrécenlle incorporarse ao seu centro, polo que durante un tempo alternou estes dous empregos e, aínda pola tarde, impartía Literatura na Academia Sigma, que abrira con outros dous compañeiros no último andar dunha casa na praza da Constitución, case en fronte da actual Fundación Penzol.

En 1940 casou con Evelina Hervella —eran mozos dende a universidade, cando ela cursaba a carreira de Farmacia— e trasladáronse a unha vivenda do médico galeguista Ramón Ovella. Camiñaba unha tarde por Vigo cando atopou Del Riego a Enrique Peinador —galeguista significado— en compañía de Vidal Pazos —daquela decano do Colexio de Avogados— e trabaron conversa. Nun momento dado diríxense á rúa Marqués de Valladares, onde vivía Peinador, pois este quería comunicarlle en privado unha petición: reconstruír o Partido Galeguista na clandestinidade. De primeiras, puxéronse en contacto con Manuel Gómez Román —o último

secretario xeral do PG—, e entre todos elaboraron unha listaxe coa xente que podía estar interesada en participar, especialmente galeguistas que non se significaran co franquismo. De alí, Del Riego saíu co encargo de atopar unha persoa que fixese de enlace e axiña pensou en Ramón Piñeiro, que acepta de contado. A reunión para a reconstrución política na clandestinidade lévase a cabo en 1943 nunha casa mariñeira na praia de Coruxo, onde Del Riego pasaba as vacacións estivais. Dous meses despois celebrárase outro encontro en Vigo para decidir os cargos de dirección do partido a través dun comité executivo: Gómez Román, secretario xeral; Piñeiro, secretario político; Del Riego, secretario do exterior e propaganda; Xosé Meixide, secretario de organización; Cesáreo Saco, secretario de información, e Xaime Isla Couto, secretario técnico. Ao tempo, Del Riego asume ir a Ourense coa finalidade de informar a Ramón Otero Pedrayo e mais a Manuel Peña Rey, así como facer un semanario a máquina, que titulará *Roteiro*, onde se informase da situación do Partido.

O galeguismo comezaba a alentar e cumpría non illarse, polo que establecen contacto con todas as outras organizacións clandestinas no interior e no exilio, tamén cos políticos cataláns e vascos. Incluso Piñeiro viaxa a París —cruza os Pireneos a pé por Navarra na compañía do nacionalista vasco Joseba Elósegui—, para tratar de que Castela saíse nomeado ministro no goberno do exilio, como así sucedeu, pero esta manobra non pasa desapercibida e, ao seu regreso, foi detido xunto aos irmáns Saco. A eles atopáronlles varios números de *Roteiro* e Piñeiro consegue alertar a Del Riego de que destrúa toda a documentación que o compromete, aínda que este decidiu agochala nunha maleta e enterrala na horta da casa de súa nai no monte Castro —para entón, conseguira asentarse a boa parte da familia en Vigo—, ata que chegase a democracia. Este material verá a luz na clarificadora publicación *Castelao e os galeguistas do interior* (2000).

Se no interior conseguen artellar minimamente os lazos entre os galeguistas, Francisco Fernández del Riego fará de ponte con aqueles que se viron obrigados ao exilio. De feito, para xestionar esa relación entre as dúas beiras do Atlántico, xa en 1949, o Centro Galego de Buenos Aires designouno membro correspondente, cunha remuneración anual que o obrigaba a tramitar todo o relacionado coa diáspora: axudou a Seoane na exposición de arte galega que montou en 1951 en Buenos Aires; xestionou

a pensión vitalicia que recibía Gala Murguía de Castro da emigración e tamén a de Ramón Cabanillas; mercou as flores que se depositaron na tumba deste último o día do seu enterro; entregou os cartos do premio ao mellor estudante da USC, que financiaba a emigración; tramitou o diñeiro para a adquisición da casa de Rosalía e, posteriormente, as subvencións ao Padroado, entre outras moitas xestións. Do mesmo modo, fornecía as publicacións do exterior non só con artigos propios, senón que tamén doutros galeguistas, e informábaos dos pasos que daban en Galicia ou facía de anfitrión con aqueles que regresaban. Así, en decembro de 1949, parte do porto de Vigo Perfecto López —emigrante en Buenos Aires, onde fixera certa fortuna como empresario—, despois dunha estancia vacacional coa familia, cunha saqueta que lle entregara Del Riego. A morte de Castelao sabíase próxima, polo que antes de volver a Buenos Aires recibe terra galega coa que enterrar a unha das figuras máis significativas de Galicia. Del Riego recollera terra da beiramar de Coruxo —xunto a Emilio Álvarez Blázquez e Celso Collazo— e mesturáaa coa que Otero Pedrayo mandara en coche de liña dende Trasalba. Aos poucos días, reciben a triste noticia do falecemento de Castelao e, en Galicia, pouco se podía facer, fóra de chorar a súa morte, pero Del Riego non se paralizou e comezou a pedir colaboracións para o número especial da revista do Centro Galego de Buenos Aires e tamén d’*A Nosa Terra*. Nesa cabeceira porteña publicárase o tan coñecido poema de Ramón Cabanillas, “Irmán Daniel!”, que Del Riego demandara ao poeta de Cambados, e que envía xunto ás demais colaboracións.

A loita na clandestinidade non deu os resultados agardados, incluso o levou a pasar unhas semanas na cadea en setembro de 1947. Un ano antes, chegara a Vigo un emisario madrileño que debía entrevistarse con algúns persoeiros republicanos, como Del Riego, para crear en Galicia a Unión de Intelectuais Libres (UIL). O certo é que non lles deu moita confianza e todos os interlocutores refugaron o seu ofrecemento sen, aparentemente, ningunha outra transcendencia. Cando xa esquecera este feito, uns policías presentáronse no traballo e detivérono, coa sorpresa de chegar á comisaría e comprobar que estaban tamén os outros interlocutores do Coronel Chacama, como o coñeceran. A Del Riego acusárono de ser o presidente da UIL en Galicia, e aínda que o desmentiu diante da policía, pois era unha falsidade, non lle valeu para que o soltasen. Durante dúas semanas estivo no cárcere, illado, nunha cela estreita cun xergón para durmir. Despois

de comparecer perante o tribunal militar, puxéronos a todos xuntos e iso mellorou a estancia, pois, polo menos, podían falar, mesmo recibir visitas e incluso ter acceso a libros. Grazas a estar comunicados, souberon que se estaba a celebrar unha reunión da Unesco, razón pola que se produciran as detencións, ata que pasado algo máis dun mes sobreseron o caso.

Aínda sen participar en actividades políticas, a súa persoa era sometida a un escrutinio constante e cada un dos seus pasos era espiado. Así, ao regreso da viaxe á Arxentina e ao Uruguai —realizada en 1954—, as amizades organizáronlle un xantar que non gustou ás autoridades, pero non se atreveron a actuar porque un dos participantes fora o cónsul de Uruguai, Muñoz Moratorio. O certo é que pasaron os meses e a noticia daquel recibimento apareceu na prensa da diáspora, algo que desgustou profundamente o gobernador civil, quen culpou a Del Riego de espallar a nova, polo que pediu a súa detención. Era agosto de 1955 cando o foron buscar a Coruxo, dende alí conducírono ao seu piso de Vigo para realizar un exhaustivo rexistro e, a continuación, trasladárono a Pontevedra. Cando o estaban a interrogar, soou o teléfono e o policía, nunha das ocasións, respondeu que o trataban “con guante blanco”. Por entón, dicían que Franco estaba de veraneo en Sada e esa era unha das causas polas que non podía saír do cárcere da Parda. Pasou bastante tempo ata que por fin o deixaron en liberdade.

A súa pluma era asidua na revista *Galicia* do Centro Galego, onde tiña unha sección fixa cada mes titulada “Galicia cada treinta días”, e a colaboración estréitase especialmente a partir de 1957, cando Blanco Amor asume a dirección. En *Galicia Emigrante*, dirixida por Seoane, exerce a mesma función e nas demais publicacións que requiren del. En Buenos Aires, a Federación de Sociedades Galegas publicou o libro *Cos ollos do noso espírito* (1949) —co que Del Riego gañara o premio convocado pola institución— e alí saírían tamén: *Danzas populares gallegas* (1950), *Galicia no espello* (1954) e *Galicia y nuestro tiempo* (1959). Non só realizou estas obras divulgativas, tamén fixo a edición da *Obra completa de Ramón Cabanillas* (1959) e unha escolma do labor xornalístico de Antón Villar Ponte que titulou *Pensamento e sementeira* (1971). Alén mar, publicou ademais centos de artigos sobre diferentes aspectos e participou dos concursos que se convocaban, así foi que enviou unha das súas obras máis queridas, a *Historia da literatura galega*

—rematáraa de escribir en 1947— ao premio do Centro Galego de Buenos Aires, que se lle concede por unanimidade. Curiosamente, non vai saír ao prelo en Buenos Aires e será a Editorial Galaxia quen a publique finalmente —foi o primeiro volume da serie *Manuais*—; iso si, viuse na obriga de traducila ao castelán ao tratarse dunha monografía —así o esixía a censura—, aínda que mantivo en galego a dedicatoria ao pai falecido.

Ese labor de difusor tampouco o abandonou en Galicia e os lectores podían atopar os seus artigos en *El Pueblo Gallego*, en *El Correo Gallego* ou en *La Noche*, onde firmaba co pseudónimo de Salvador Lorenzana a sección “Un tema gallego cada semana”. Nesa mesma época comeza a emitirse cada luns na Sección española da BBC de Londres un programa sobre as realidades culturais galega, vasca e catalá. Del Riego coordinou boa parte das colaboracións que se radiaron entre 1947 e 1956, incluso as mecanografaba antes de enviarllas puntualmente a Alexandre Raimúndez. Tamén foi a persoa que máis entregas asinou —un total de doce, das oitenta e tres que se emitiron—, aínda que o fixo baixo o pseudónimo de Salvador Lorenzana. Non sería este o único proxecto ilusionante durante a década dos corenta, pois, xunto a Xaime Isla, asumiu a dirección do suplemento cultural de *La Noche*, que comezaría en outono de 1949. Cada sábado saía ao prelo coa colaboración de intelectuais galegos de primeira fileira que facían crítica literaria, análises sociolóxicas, tratamento da actualidade... Os números dedicados a Castelao, que acababa de morrer no exilio, e ao arcebispo Quiroga Palacios, en que se deixaba ver a simpatía do bispo pola causa galega, molestaron a censura, que obrigou a pechar a publicación.

Xaime Isla e Francisco Fernández del Riego argallaron a fórmula para botar a andar unha editorial antes do peche do suplemento. A creación de Galaxia xurdía da necesidade de restaurar o proceso cultural protagonizado polas xeracións anteriores e que a Guerra Civil interrompera drasticamente. Xaime Isla redactou os Estatutos e fíxoo en galego, amparándose nun regulamento vixente da República; ao tempo, Del Riego encargouse do “Prospecto de fundación” para captar socios, tanto accionistas como subscritores. A Editorial Galaxia nacíu como unha Sociedade Mercantil Anónima “que terá por ouxeto a edición de libros, revistas e demais publicacións, a súa exportación, espallamento e venda e calisqueira outras actividades afíns”. A presidencia exerceuna Otero Pedrayo; a vicepresidencia, Gómez Román; a

secretaría, Fernández del Riego; Isla Couto, conselleiro-delegado; Xesús Ferro Couselo, Sebastián Martínez-Risco e Antonio Fernández López, vogais. Máis alá desta xerarquía, constituíuse unha Comisión Executiva formada por: Isla Couto, Fernández del Riego, Luís Viñas Cortegoso, Ricardo García Suárez (Xohán Ledo), Emilio Álvarez Blázquez, Antón Beiras, Rufó Pérez e Xosé Meixide. De seguida comezan a preparar na casa de Del Riego o primeiro número dos Cadernos Grial, colección prohibida pola censura despois do cuarto número.

Coas primeiras publicacións, Del Riego fai un atado e achégase ás librerías de Vigo con convicción e firmeza; ao comezo, só dúas aceptan vender os libros, pero cando saían outros volvíaa facer o mesmo percorrido. Del Riego convértese na alma da editorial e o seu inxente traballo sería difícil de plasmar nunhas liñas; con todo, o 28 de Nadal de 1951 —tal como se extrae da lectura das actas— Del Riego pide ser substituído no cargo de secretario, que asumirá Emilio Álvarez Blázquez. Esta renuncia non interfere nas súas funcións executivas e, así, editou a *Cunqueiro* ou incluso o primeiro dos libros de contos de Ánxel Fole, *Á lus do candil*. Tamén foi importante a súa aposta polos máis novos, como Méndez Ferrín, ou a súa decisión por simplificar a ortografía co propósito de facer máis doada a lectura das obras.

Naqueles primeiros anos traballaba no bufete dos seus irmáns Joaquín e Vicente. O certo é que Del Riego nunca tivera vocación para exercer a avogacía, polo que o día que se presentaron Otero Pedrayo, Gómez Román e Xaime Isla naquel despacho —situado na rúa Velázquez Moreno— para pedirlle que se dedicase en exclusiva a Galaxia, pois a editora non ía ben, non o dubidou. A realidade é que non podía prescindir do seu soldo no bufete, pero Isla ofreceulle unha remuneración de tres mil pesetas. Con aquel salario —acompañado dos ingresos por outras tarefas— podía vivir, polo que asumiu o cargo de xerente; era o 6 de novembro de 1960. En sucesivas xuntanzas consta en acta o agradecemento a Del Riego, pois, dende que asumira a nova responsabilidade, a editora mellorara as vendas e impulsara as relacións co estranxeiro, especialmente co profesorado universitario e centros culturais. Se ben, será a partir de 1963 cando se dedique case sen horario a *Grial. Revista Galega de Cultura*, que coñece unha segunda etapa na que participan as mellores plumas do país e mesmo do estranxeiro. Á marxe da Editorial Galaxia, aínda que aproveitándose dos

medios e dos subscritores, apostou pola creación da Colección Salnés; no proxecto embarcou a Celso Emilio Ferreiro e a Emilio Álvarez Blázquez, aínda que el era novamente o patrón daquela dorna que chegou a editar poemarios de gran valía, entre eles *Longa noite de pedra*, de Ferreiro, que Del Riego corrixiu, ordenou e escolleu nome. Despois de moitos anos ao servizo de Galaxia, o 28 de xuño de 1991 faise firme a renuncia como conselleiro. Previamente, no mes de abril, Del Riego escribe unha carta a Xaime Isla en que expresa o seu desexo de dimitir do seu cargo, aínda manifestando que non rompe co “espírito de Galaxia”. As desavinzas con Carlos Casares proviñan da súa xestión na editorial, pois Del Riego entendía que estaba desatendida en mans dunha persoa que se dedicaba a viaxar ou á política, pero que non mantiña unha disciplina de empresa.

O 3 de marzo de 1972 constitúese a empresa Artes Gráficas Galicia, cando *Faro de Vigo* decide desprenderse do seu taller de impresión e mercan as máquinas, nunha aposta arriscada naquel momento. Del Riego era a persoa que asumía o peso da empresa e, por primeira vez, ten un soldo co que cotiza á seguridade social. Polas mañás sempre estaba alí, era o director, aínda que non tivese ese cargo. Non había nada que non pasase polas súas mans e os inicios foron moi bos, porque a empresa marchaba ben e repartiú dividendos, pero co tempo aquela vella maquinaria quedara obsoleta. En Artes Gráficas Galicia imprimíanse os libros de Galaxia, pero tamén moita cartelería, talonarios de rifas, loterías, libros doutras editoras, incluso almanques. Ao tempo, tamén imprimía clandestinamente para partidos políticos ou asociacións e, de todo o que saía daquelas máquinas, un exemplar ía para o arquivo da Fundación Penzol, á que acudía cada tarde.

Con anterioridade, Francisco Fernández del Riego ingresara na Real Academia Galega, en 1960, pronunciando o discurso *Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores*. O seu maxín comeza axiña a pensar en como dinamizar a institución e propón en 1963, co apoio de Xesús Ferro Couselo e Manuel Gómez Román, a constitución dun Día das Letras Galegas. Despois de ser aprobado polo plenario da RAG por unanimidade, Del Riego pensou en datas significativas para celebrar a efeméride e bateu co 17 de maio de 1863, día que Rosalía de Castro asina a dedicatoria de *Cantares Gallegos* a Fernán Caballero. Cen anos despois celebraríase por vez primeira o Día das Letras Galegas, sendo, posiblemente, o feito máis destacado que a

RAG levou a cabo ata ese momento. O infatigable Del Riego intervén tamén na constitución de novas entidades culturais, como a creación da Casa-Museo Rosalía de Castro, do Museo Carlos Maside ou da Fundación Otero Pedrayo. Agora ben, a ningunha lle dedicou tantas horas coma á Fundación Penzol, inaugurada en Vigo no *annus mirabilis* de 1963 e da que foi o seu director durante case cincuenta anos. En todo ese tempo soubo gardar o tesouro bibliográfico e documental que construíu Fermín Penzol e que lle entregou ao país. Del Riego, patrón e obreiro, pasou incontables horas traballando sen acougo para lograr a catalogación dos fondos, para a súa conservación, difusión e, incluso, axudou a incrementalos con achegas persoais. Nunca releou tempo ás súas funcións na Penzol, incluso se queixaba dos moitos festivos que había, porque a institución permanecía pechada; tampouco choraba as horas que investía nas persoas que se achegaban a investigar e que requirían a súa guía.

A historia remóntase a aquel mitin celebrado en Madrid no Teatro Alkazar, o 21 de xuño de 1936, pois alí coñecera a Fermín Fernández Penzol-Labandera, un dos homes que colaborara na súa organización e que, ademais, era membro do Partido Galeguista. Xa daquela Penzol era un coñecido bibliófilo que mercaba todo canto tivese que ver con Galicia, así ata posuír a biblioteca privada de temática galega máis importante do mundo. Será nos anos corenta cando trabe unha estreita amizade con Ramón Piñeiro, que se mantería ao longo de toda a súa vida. Sen dúbida, foi o asesoramento deste o que o levou a entregarlle os seus valiosos fondos á Editorial Galaxia, a finais de setembro de 1956. A editora asumiu a responsabilidade de custodiar e poñer á disposición das persoas interesadas os fondos. Con todo, non sería ata o 7 de abril de 1963 cando se formalice a doazón mediante escritura notarial, ao tempo que se constitúe como tal a Fundación Penzol, como institución xurídica responsable do seu goberno: “Co degoiro de que estes fondos poidan servir de axuda coa meirande eficacia a cantos queiran consagrarse ó estudo e á investigación da historia e dos problemas da realidade cultural e social galega”, como reza a escritura. Para iso, noméase un padroado que está presidido por Fermín Penzol e ademais intégrano Otero Pedrayo, como vicepresidente; Ramiro Isla, secretario; e vogais: Gómez Román, Antonio Fernández López, García-Sabell, Carballo Calero, Fernández del Riego, Ferro Couselo, Fernández Albor, Ramón Piñeiro e Franco Grande. Xa entón fora nomeado director

Del Riego, quen se responsabiliza de que non sexa un simple depósito de documentación: buscaba ser lugar de formación e difusión cultural, un espazo onde se impartían cursos, conferencias, etc. O certo é que co tempo, e grazas á entrega de Del Riego, os fondos incrementáronse de maneira significativa, ben polas xestións realizadas para novas unidades, ben pola súa xenerosidade, pois entregou libros e documentación propia. Así conseguiu que se depositase na Penzol a correspondencia, os manuscritos e outros documentos de Castela —grazas ás xestións con Rodolfo Prada—, do seu grande amigo Otero Pedrayo, de Xohán Vicente Viqueira ou de Antonio Pérez Prado. O espazo quedaba escaso, polo que en 1985 a Fundación Penzol trasladouse á antiga casa do concello —rehabilitada naquel momento—, grazas novamente ás xestións de Del Riego. Alí estableceuse a Casa Galega da Cultura, na praza da Princesa, onde continúa ata o día de hoxe.

Grazas á súa dilixencia, consegue que o Concello de Vigo asuma o mantemento do edificio e do persoal especializado da Fundación Penzol. Por esta razón, e nun acto máis de xenerosidade, en 1995 Del Riego doa a súa biblioteca, o seu arquivo e a súa colección de obras de arte e cadros á cidade de Vigo. O certo é que sempre recordaba que a súa biblioteca xa fora en parte cedida á Fundación Penzol —cando non tiña en mente a doazón—, pois entregara moitos dos volumes que lle chegaban de América ou os debuxos e proxectos que lle regalara Gómez Román, unha das xoias da Penzol. Con todo, a biblioteca de Del Riego ten máis de 30.000 volumes e un valioso arquivo, porque gardaba todo dende a súa mocidade. E aínda reservou uns dous mil exemplares para a biblioteca de Vilanova de Lourenzá. No seu compromiso íntegro co país, decidiu vender as únicas propiedades que posuía —dous apartamentos en Praia América— para pasar unha vellez máis folgada economicamente, pero doar os seus bens máis queridos á cidade que lle deu todo.

Nos últimos anos da ditadura franquista participa na fundación do Partido Socialista Galego (1963), como figura histórica xunto a Cesáreo Saco e a carón de xente nova como Xosé Manuel Beiras. Xa en 1977, por delegación do Partido Socialista Galego, participa na Candidatura Democrática Galega para Senadores, pero non sae elixido por poucos votos. Só uns meses despois pide a baixa como militante e remata aí a súa traxectoria política que comezaba no balcón do Concello de Lourenzá no verán de 1931. Aínda que non vai

aceptar ningún cargo político, como o de Valedor do Pobo, para o que foi proposto, non renuncia ao seu ideario político e non dubida en asinar o chamamento *Realidade Galega*, en 1980, ou facer declaracións na defensa de Galicia como nación, cunha lingua propia e cunha cultura de seu.

A democracia atópao traballando e será neses anos nos que máis publicacións dá ao prelo, aínda que ten obras fundamentais durante a ditadura. Francisco Fernández del Riego editou ensaios de carácter divulgativo, porque pensaba na necesidade que Galicia tiña de manuais, de dicionarios ou de escolmas literarias, en definitiva de obras de conxunto. A súa preocupación lévao a escribir textos como *Historia de la literatura gallega* (1951), *Escolma de poesía galega. Os contemporáneos* (1955), *Escolma de poesía galega. O século XIX* (1957), *Poesía galega: do dezanove aos continuadores* (1976), *Vocabulario castellano-gallego* (1979), *Poesía galega: do postmodernismo aos novos* (1980), *Diccionario de escritores en lingua galega* (1990). Tanto nas escolmas coma nos manuais de literatura escolleu o criterio lingüístico para delimitar o sistema literario galego, unha elección que non estivo exenta de críticas.

Durante a ditadura, Del Riego deixara atrás a súa voz dos tempos universitarios, aqueles artigos combatentes, políticos, aguerridos, incluso prescinde do seu nome e apelidos en favor de diferentes pseudónimos. Moito mudara todo, polo que se centrou na literatura, unha das súas grandes paixóns, e escribiu sobre escritores estranxeiros, cun gusto especial pola literatura francesa, pero tamén, con frecuencia, sobre obras anglosaxoas, brasileiras, lusas ou latinoamericanas. Outros temas reiterados na súa produción xornalística son a arte e a paisaxe. Para entón comeza a colaborar na páxina “Letras”, de *Faro de Vigo*, que dirixía Cunqueiro; esta iniciativa terá un longo percorrido, ata 1979, e ambos os autores farán todo o posible por conseguir colaboracións interesantes. Se ben, a comezos dos sesenta estes artigos son en castelán, a partir de 1964 consegue que lle permitan escribir en galego. O certo é que na época en que Álvaro Cunqueiro dirixe o xornal vigués —entre 1964 e 1970—, “Letras” segue a gañar caracteres en galego, ata que se fai monolingüe a partir dos anos setenta. A última etapa de Paco como colaborador habitual de *Faro de Vigo* corresponde á dirección de Armesto Faginas; será entón cando apareza o “Suplemento cultural” os venres, que dende o inicio, 1980, é coordinado por Álvaro Cunqueiro. Cando o escritor falece, Del Riego toma a remuda, aínda que só durante un ano. Despois

desta época no xornal vigués, recibe o convite para colaborar en *La Voz de Galicia*, onde aparece cada certo tempo no “Caderno da cultura”, aínda que non terá unha cita semanal cos lectores ata 2005 en “Culturas”, esa si se mantivo ata o 31 de xullo de 2010, catro meses antes do seu falecemento.

Francisco Fernández del Riego homenaxeou nalgunhas publicacións os amigos e persoeiros significativos de Galicia, como nos estudos *Antolín Faraldo. Un precursor* (1978), *Vicente Risco. Escolma de textos* (1981), *Ánxel Casal e o Libro Galego* (1983), *O señor da Casa Grande de Cima de Vila* (1988), arredor do seu admirado Otero Pedrayo; *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo* (1991), *Álvaro Cunqueiro 1911-1981. Unha fotobiografía* (1991), *Blanco Amor. Emigrante e autodidacta* (1992), *Luis Seoane desde a memoria* (1994), *Antolín Faraldo. O gran soñador* (1998), *Un epistolario de Ramón Piñeiro* (2000) ou *Cartas de Luís Seoane dende o exilio* (2002). As súas paixóns non foron alleas á súa escrita, pois Del Riego disfrutaba dende pícaro da lectura; será dese coñecemento da literatura universal que escriba obras como *Letras do noso tempo* (1974) ou *Escritores de Portugal e Brasil* (1984). Outra das súas afeccións era viaxar e dese entusiasmo bebe o libro *A pegada das viaxes* (2000) ou as páxinas que deixou inéditas e que este ano ven a luz en *Memorias do París literario*. O seu caudal ensaístico fornécese doutras obras como *Pensamento Galeguista do Século XIX e Pensamento Galeguista do Século XX* (1983), *As peregrinacións xacobeas* (1984), *Mondoñedo* (1992), *Galicia* (1994), *A xeración Galaxia* (1996) ou *A pesca galega de mar a mar* (1998). Tamén publicou a novela *O cego de Pumardedón*, (1992) un retrato xeracional, en certa maneira autobiográfico, cunha escrita coidada para retratar a violencia da guerra e as súas terribles pegadas. Da súa autoría tamén son o relato “San Andrés de Teixido” —na colección do Castromil— e “Na espera do amigo”. Por sorte, cultivou a prosa de non ficción e escribiu as súas memorias en dous libros imprescindibles: *O río do tempo. Unha historia vivida* (1990) e *Camiño andado* (2003).

Nos últimos anos os seus esforzos centráronse na Fundación Penzol, na creación ensaística e nos artigos que publicaba en *La Voz de Galicia*. A paréntese produciuse entre 1997 e 2000, cando se converte en presidente da Real Academia Galega. Durante o seu mandato produciuse a modernización da institución, que logrou promovendo a renovación dos estatutos primitivos, en vigor desde 1906. Modificouse o mandato vitalicio

do presidente e dos directivos, eliminouse o tradicional voto delegado e aumentouse o número de académicos numerarios de vinte e cinco a trinta. Ao tempo, conseguiu que todos os académicos que non leran o discurso de ingreso por diferenzas co funcionamento da RAG —algúns levaban moitos anos nomeados— entrasen na institución, á vez, promoveu a entrada de persoas que levaban toda unha vida de entrega á dignificación da lingua e da cultura galegas, independentemente de ideoloxías. E ao igual que en Vigo fixera na Penzol, abriu a Academia aos investigadores, achegouna á sociedade e comezou a dixitalización dos fondos documentais.

O último cargo que deixou foi o de director da Fundación Penzol. Foi no durante corenta e seis anos —dende 1963 ata o 31 de decembro de 2009—. Cando aínda estaba permitido fumar, alí se atopa el acompañado do seu inseparable xaruto e, xa cando as forzas comezaron a minguar, asistía apoiado no seu caxato tres veces por semana. Sen dúbida, chamaba a atención a súa mesa sempre ordenada ao milímetro: a lupa para axudar a cansada vista, as tesoiras para recortar as noticias relacionadas coa cultura galega, un código civil e as súas notas. Era o seu verdadeiro fogar, como tantas veces dixo referíndose á Fundación. De feito, sempre quixo morrer co puro nas mans e os pés na Penzol, pero tamén soubo cando ceder o mando, un ano antes do seu falecemento. Ao tempo, quixo que o seu sucesor fose Francisco Domínguez, nel confiou a remuda da institución. Hoxe, cando se cruza o limiar da porta da Casa Galega da Cultura, recíbenos unha inmensa foto de Del Riego, que recorda quen foi o patrón maior da Fundación.

Marchou co descanso do traballo ben feito, que lle foi recoñecido con numerosísimas distincións. Francisco Fernández del Riego recibiu pola súa obra literaria algúns premios, pero especialmente foille recoñecida a súa traxectoria cultural con todas as distincións posibles: Pedrón de ouro (1979), o premio vitalicio da Fundación Pedro Barrié de la Maza (1982), a Medalla Castelao (1985), Medalla da Cidade de Vigo (1988), o Premio Trasalba (1988), Premio Lugueses do ano (1989), Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo (1992), Premio de Creación Cultural (1992), Premio Irmandade do Libro (1992), Premio Vigueses do ano (1992), Galego Egrexio (1993), Premio Fernández Latorre de Periodismo (1994), Premio Otero Pedrayo (1995), Insignia de Ouro da USC (1996), Premio das Letras e das Artes de Galicia (1997), Premio Celanova Casa dos Poetas (1998), Xuíz Honorario do

Couto Mixto (2001), Medalla de ouro de Galicia (2001), Fillo Adoptivo de Nigrán (2002), Premio Laxeiro (2004), Premio Voces da Liberdade (2008), Medalla de Plata de ANFACO (2010), incluso, postumamente, o Premio Bos e Xenerosos da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Co humor que o caracterizaba, sempre afirmaba que posuía todos os cargos que non tiñan remuneración; así foi vogal do padroado do Auditorio de Galicia, da Fundación Luís Seoane, da Fundación Museo Carlos Maside e mais do Museo do Pobo Galego. Noutras institucións foi socio ou membro de honra, como na Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Asociación do Traxe Galego, a Asociación Internacional de Críticos Literarios, a Fundación Álvaro Cunqueiro, a Fundación Laxeiro ou a Sociedad Hijos de Lorenzana da Habana. Nomeárono presidente honorífico da Agrupación Cultural Galicia Rutas Mágicas, da Asociación Cultural Francisco Sánchez, da Fundación Peña Novo ou da Fundación Vicente Risco. Membro do Consello de Bibliotecas de Galicia e do Consello da Cultura Galega. Aínda, presidente da Fundación Otero Pedrayo, do Instituto Galego de Información ou de ANABAD-Galicia.

A súa foi unha vida de entrega xenerosa a Galicia dende a súa mocidade ata o final dos seus días. Nin a guerra, nin as dúas veces que estivo preso, nin a censura, nin os múltiples atrancos do fascismo impediron que seguise a pé de obra, traballando arreo e con radical optimismo, ata os derradeiros momentos da súa vida, para construír unha Galicia dona de seu. Con ese espírito intacto faleceu o 26 de novembro de 2010 na súa vivenda da praza de Compostela, en Vigo. A poucos metros de alí sitúase a Casa Galega da Cultura, onde se encontra toda a súa herdanza, a biblioteca, o arquivo e a pinacoteca que levan o seu nome e que, xenerosamente, doou á cidade que o acolleu durante algo máis de setenta anos. Pechábase así unha vida exemplar, sempre no camiño recto —como gustaba dicir—, sempre loitando por unha Galicia con identidade propia.

Fontes primarias

Arquivo da Fundación Penzol

Arquivo-Biblioteca Francisco Fernández del Riego

Conversas con Francisco Fernández del Riego entre 2008 e 2010

Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia

Hemeroteca do *Faro de Vigo*
Hemeroteca de *La Voz de Galicia*

Bibliografía

- Alonso Girgado, Luís *et al.* (2004): *Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Beramendi, Justo (2009): “Ramón Piñeiro e a política galega: galeguismo vs. nacionalismo”, en Antón Santamarina (ed.), *Ramón Piñeiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 29-54.
- Castro, Xavier (2000): *Castelao e os galeguistas do interior. Cartas e documentos*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Conde, Perfecto (2003): “La tristeza es un lujo para jóvenes”, en VV. AA., *Álvaro Cunqueiro 1911-1981*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra, pp. 107-117.
- Cunqueiro, Álvaro (2003): *Cartas ao amigo. Epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2011): *Tesouros novos e vellos*. Vigo: Editorial Galaxia.
- De Toro Santos, Antonio Raúl (1994): *Galicia desde Londres*. A Coruña: Tambre.
- Fernández Rei, Francisco (1994): “Contribución das organizacións políticas á normalización da lingua galega (1963-1989)”, en VV. AA., *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, VI. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 51-74.
- Fernández Freixanes, Víctor (2003): “Conversa con Francisco Fernández del Riego e Xaime Isla Couto. Corenta anos de *Grial*”, *Grial*, 157, pp. 50-57.
- González, Helena e María Xesús Lama (2009): *Do sentimento á conciencia de Galicia: correspondencia, 1961-1984*. Vigo: Editorial Galaxia.
- López González, Xosé e Manuel Román Ramos (2011): *Lume aceso*. Lourenzá: Xunta de Galicia.
- Martínez González, Xurxo (2011): *Luís Soto. A xeira pola unidade galega*. Vigo: Edicións Xerais.
- Mato, Alfonso (2001): *O Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Edicións do Castro.

- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1968): “Unidade lingüística galega”, en Xesús Alonso Montero *et al.*, *O porvir da lingua galega*. Lugo: Círculo de las Artes, pp. 13-18.
- Monteagudo, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2021): *O idioma galego baixo o franquismo. Da resistencia á normalización*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Rei, Luís (2009): *Ramón Cabanillas. Crónica de destellos e saudades*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Soeiro, Teresa (2016): “Galiza no Porto: evocación da Semana Cultural Galega de 1935”, *Portvgalia: revista de arqueología do departamento de ciencias e técnicas do patrimonio da FLUP*, 37, pp. 89-129
- Villanueva Gesteira, Malores (2022): *Francisco Fernández del Riego, un loitador pola idea de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Villares, Ramón (2004): *Historia de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia.

Literatura e pensamento

Francisco Fernández del Riego e o fío da tradución: práctica e pensamento

Tamara Andrés

(Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

Son moitos os fíos que Francisco Fernández del Riego (1913-2010) desenvolveu en materia literaria: foi escritor, editor, antólogo, crítico, historiógrafo e tradutor. Esta última faceta súa apenas ten suscitado interese ata o momento presente, e seguramente este ano, malia todos os actos, publicacións e investigacións que han xirar arredor deste persoeiro con motivo do recoñecemento da súa figura e do seu labor no Día das Letras Galegas, continúe sendo así. E é que o fío da tradución é un fío invisible. E é que, no sistema literario galego, enfiar tradución e literatura fica aínda unha tarefa, polo xeral, pendente.

A nosa achega parte da vontade de reunir, por unha banda, todos os traballos que o de Lourenzá asinou en calidade de tradutor (a práctica) e, pola outra, de recuperar algúns dos lugares onde reflexionou sobre a tradución, isto é, onde actuou a modo de tradutólogo (o pensamento).

O pensamento tradutolóxico de Francisco Fernández del Riego

Tal e como demostran os relatos (auto)biográficos publicados sobre el, Del Riego relacionouse coa lectura e coa literatura universal desde unha idade temperá.¹ Ademais diso, valoraba a importancia dunha boa tradución. No seu primeiro libro de memorias, *O río do tempo. Unha historia vivida*, escribe: “O coñecemento de obras consagradas en diversas línguas, traducidas por calificados escritores, producíame unha singular satisfacción” (Fernández del Riego, 1990: 302). O perfil do de Lourenzá como lector de traducións

¹ Villanueva Gesteira, por exemplo, relata: “Cando chegou o tempo de ir á escola empezou as clases con dona Estrela, natural de Vilalba, quen impartía o seu maxisterio a poucos pasos da súa vivenda (...) Despois dela ocuparían o seu posto don Maximino e, máis tarde, don Xosé. Naquelas aulas Paco aprendeu a ler e a escribir, prendeu nel a paixón pola lectura e, dende entón, non faltaba na carta aos Reis Magos a petición de contos (...) De certo, o pasatempo habitual dos pícaros era a lectura: os contos de Calleja, dos irmáns Grimm, de Andersen, ou Dickens, as novelas de Mark Twain ou Jules Verne e mais as historias de Dick Turpin ou Búfalo Bill, que enchían de fantasía aqueles cerebros miúdos” (2022: 20-22).

era ben esixente. Tanto é así que, cando lle renxía na lectura do texto meta, non dubidaba en comparalo co orixinal:

O vicio de lector levoume ás veces a exercicios pouco sólitos. Unha deficientísima edición en castelán dos *Karamazov* induciume a cotexala con outra seria da Editorial “Atenea”. No cotexo puideron comprobar a alteración de sentido nos textos da primeira, e mesmo a omisión de páxinas enteiras do orixinal. Leín de cabo a rabo a versión que da *Divina Comedia* fixera o Conde de Cheste no 1865, en igual clase e número de versos do texto traducido, e cunha chea de notas crarexadoras das alegorías (Fernández del Riego, 1990: 304).

O labor tradutor e o pensamento tradutolóxico de Francisco Fernández del Riego deben ser comprendidos no seu contexto histórico: fundamentalmente, un século atravesado por unha guerra civil (1936-1939) e mais unha ditadura (1939-1975) no que a lingua galega tivo que cingirse ao ámbito privado e no que a cultura galega ficou desterrada, nomeadamente alén mar. No ano 1936, após o sublevamento militar, o proxecto de revitalización do idioma galego que ata entón emprenderan as Irmandades da Fala e o grupo Nós, que tamén impulsaba a tradución literaria, viuse interrompido (Noia, 1985: 47). Haberá que agardar ata mediados do século XX para que a tradución á lingua galega volva revitalizarse. Nesa época, algúns dos espazos que acolleron ou promoveron traducións ao galego foron a revista *Grial* (con Del Riego como parte activa, como veremos máis abaixo), a colección Bibliófilos Gallegos, dependente do Instituto Padre Sarmiento,² ou o Servicio de Ediciones, Publicaciones y Traducciones (SEPT), constituído en Vigo no ano 1946 da man de Plácido Castro, Celso Collazo e Xaime Isla Couto.

Alén de traballar el mesmo como tradutor, Del Riego tamén exerceu de crítico de traducións literarias, escritos dos que se pode inferir o seu pensamento como tradutólogo. Así, nun texto que aparece o 30 de abril de 1950 en *Galicia*, o semanario da Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires, analiza o volume *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (Editorial Alborada, 1949), obra na que conflúen tres escolmas poéticas

² No ano 1950, esta entidade convoca un concurso de tradución que premia o *Cancioneiro da poesía céltica*, de Jules Pokorny, en tradución de Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega. A partir de 1951, ademais, publica a Biblioteca Antolóxica de Clásicos.

traducidas por Plácido R. Castro, Lois Tobío Fernández e mais por Florencio Delgado Gurriarán,³ que resultan gañadoras, no ano 1946, do concurso de tradución organizado pola agrupación mencionada. No escrito, Del Riego reflexiona sobre a importancia de verter as obras canónicas da literatura universal á lingua galega, así como tamén teoriza sobre a tradución poética:

A Galicia cómprelle —pra incorporar ó acerbo da súa cultura renacida— o esforzo das traduccións. Todo canto se faga pra verquer á nosa lingua as obras mestras da literatura universal é merecente dos meirandes apoios.⁴ Emporiso, o labor que n-iste senso ten feito a Editorial Alborada, debe ser valorado axeitadamente (...) As dificultades pra traducir poesía non é mester ponderalas; son evidentes. O feitizo da poesía depende, en muito, das palabras. Cando encol d'ilas se opera a máis leve mutación, córrese o risco de detruilo. Poesía é expresión. Sustituir, pois, a totalidade dos elementos verbás dun poema, por outros de distinta lingua, implica, en calisquera caso, un grave albur. Ten de se percurar o emprego d'un linguaxe equivalente ó utilizado pol-o poeta. Tamén, dentro dos lindeiros prudentes, a fidelidade ós ritmos e cadencias do orixinal. Doado é decir que o contido da composición débese respetar escruposamente.

Non sempre é posibre a ouservancia simultánea das tres régras. E o tradutor de boa fe, abanéase entre conceder a primacía ó contido, ou ás palabras. Pergúntase: ¿É máis importante criar novas formas, forzándoas deica onde sexa necesario pra que seña poesía na fala do tradutor? ¿Ou, con meirande docilidade, restrinxir a súa tarefa

³ O poema de Pierre Drieu de La Rochelle que figura en *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (“Queixa dos soldados europeos”) publicouse no xornal *La Noche* o día 14 de xaneiro de 1950, en tradución do propio Delgado Gurriarán. Aparecía precedido por un breve paratexto que actuaba a modo de presentación e que, baixo o pseudónimo de Salvador Lorenzana, escribira Del Riego: “O poeta —bo poeta— que Drieu é amósase n-ista composición que hoxe reproducimos. O seu pensamento, a súa forza lírica, están ben patentes n-ela. Vertereuna o noso idioma outro poeta, un poeta galego de limpa inspiración: Florencio Delgado Gurriarán. Vencelladas as ideas de Drieu ás formas verbás da fala galega, latexan con un vigoroso senso expresivo” (Fernández del Riego, 1950b: 14).

⁴ Nunha carta que lle remite Cunqueiro a Del Riego no ano 1950, atopamos unha reflexión semellante: “Hai que traducir ó galego aquilo que é apremiante, urxente, que seña dito entre nós, e si todo se fai arqueoloxía e cacheo de castros e arquivos, hai que botarse fóra e decir, con boca de outros, anosado, aquilo que os galegos deben saber. Quizaves todo seña labrar e paredar no mar, pero non por iso deixarei de facelo” (Cunqueiro, 2003: 58).

á estricta reprodución do texto na nova lingua? Si se opta pol-a primeira d'istas técnicas, o perigo máis notorio é que a poesía da tradución sexa a do traductor, e non a do traducido. Escollendo o segundo método, a versión pode ser totalmente extrapoética (Fernández del Riego, 1950: 3).

Na década de 1980, Del Riego tamén comentou nas páxinas de xornais galegos dúas traducións realizadas por Aquilino Iglesia Alvariño: os *Carmina*, de Horacio, publicados no ano 1951 da man do Instituto Padre Sarmiento, e obra que inaugura a colección Biblioteca Antolóxica de Clásicos, e mais a *Comedia da oliña*, título co que o de Abadín bautizou a *Aulularia* de Plauto, e que foi publicado pola Editorial Galaxia no ano 1962. Sobre o primeiro transvasamento comenta:

O autor de *Cómaros verdes* escribe con pureza, con entrañable acento popular, suavemente, líricamente. Traduciu nesta ocasión en lingua labrega a un poeta pacego, refinado, en certo xeito sedán. O verso do poeta galego, na súa versión, é outro que o ordinario: esbara fluido, mol. A Horacio zafráneselle —se é zafrañada— a súa abondosa dozura, o seu alarde de gracia en prexuício da profundidade. Ese estilo, ao pasar ao galego, a un idioma aínda non prestixiado literariamente, e pola pluma de Aquilino, modifícase, sen perder por eso o seu sabor; adquire naturalidade, e mesmo consistencia (...) Guiado pola ilusión da finura estética do clásico latino, o traductor verteuna na linguaxe viva da súa natal terra campesiña. E na fala popular enxerta, vividamente, o depurado estilo do poeta venusino. O intento é cobizoso, pero, ao noso entender, Iglesia Alvariño soubo resolvelo con garridez e xusteza. Na voz do pobo noso actualizou o texto antigo coa súa estética vitalidade; transmitiulle a cadencia nova do noso alentar ao día. Máis que traducir a secas, fixo nestes *Carmina* verdadeiras transfusións de sangue (Fernández del Riego, 1986).

E, respecto ao segundo:

Como na que fixera anteriormente dos *Carmina* de Horacio, intentou neste caso un trasvase da esencia do orixinal latino ás formas naturais e vivas de decir propias da lingua galega. Ou seña, que se trata dunha recreación artística; dunha reconstrución da *Aulularia* tal como eventualmente a escribiría Plauto, si o seu instrumento expresivo non fora o latín arcaico, sinón o galego moderno (...) o seu

galego non é o que hoxe é o literario común. É un galego falado, un *sermo rusticus* completamente localizado: o idioma natal do poeta, o seu dialecto comarcal (Fernández del Riego, 1981).

Segundo o exposto, podemos concluír que Del Riego consideraba a tradución literaria unha ferramenta indispensable para normalizar, en Galicia, a lingua e mais a cultura propias (“A Galicia cómprelle —pra incorporar ó acerbo da súa cultura renacida— o esforzo das traducciós”), así como tamén lle atribuía aos bos tradutores a capacidade e o poder de revitalizar e actualizar os textos, como acontecía para el no caso de Aquilino Iglesia Alvariño (“Máis que traducir a secas, fixo nestes *Carmina* verdadeiras transfusións de sangue”). Parece sumarse así Del Riego ao discurso tradutolóxico que afirma que as traducións literarias responden ao seu tempo e por iso, para corresponderse aos novos paradigmas, deben ser renovadas.

A práctica tradutora de Francisco Fernández del Riego

Despois de deternos brevemente na ollada que Del Riego pousou sobre a tradución en xeral ou sobre certos exercicios de tradución en particular, catalogaremos a continuación aqueles textos que Francisco Fernández del Riego transvasou ao galego el mesmo. Cómpre puntualizar que nos referiremos unicamente aos traballos de tradución que teñen a ver co que entendemos por literatura en sentido estrito, mais o de Lourenzá tamén verteou ao galego textos noutros ámbitos, como é o caso do sector pesqueiro, que seguía con atención. Así o demostra a súa implicación na actividade da cabeceira viguesa *Industria Conservera*, que el mesmo dirixiu entre os anos 1943 e 1984; isto é, durante catro décadas. Nesa publicación, Del Riego adoitaba colaborar baixo o pseudónimo de Alevín, e nela asinou notas editoriais, diversos artigos e traducións do inglés, francés e portugués, “pois a revista nutríase para as seccións fixas de notas de revistas estranxeiras” (Vieites Baptista de Sousa, 2013: 65).⁵ Alén diso, Del Riego tamén formou parte de procesos de tradución realizados por terceiros. Por exemplo, no

⁵ O 16 de outubro de 2009, co gallo do 75 aniversario da revista, o propio Del Riego nomeaba algunhas das publicacións foráneas que lle serviron como medio de formación no eido conserveiro (“a portuguesa *Conservas de peixe*, a francesa *La Pêche Maritime* ou a británica *World Fishing*”), así como tamén citaba algunhas das autorías que traducira no marco da publicación: Elzamann Magalhães, Eral Dun, Fritz Müller, Henri Cheftel, Joaquim Alves Iglesias, Peter Eller, Rolando Cultrera ou Alfredo Bellido Delgado. O texto

transvasamento dalgunhas obras de Valle-Inclán e mais de Cunqueiro ao italiano, axudou a Giovanni Allegra, tradutor e profesor da Universidade de Perugia, a esclarecer “certas frases e palabras que ofrecían dificultades de interpretación” en galego (Fernández del Riego, 1990: 310).

As epígrafes que estruturan a continuación o texto dan conta dos formatos que acolleron os transvasamentos do de Lourenzá (publicación periódica e libro exento) e mais da tipoloxía das traducións que realizou (autotradución, tradución inédita e tradución silenciada).

A) TRADUCIÓN EN PUBLICACIÓN PERIÓDICAS

O proxecto *Grial* comeza en 1951, un ano despois da fundación en Vigo da Editorial Galaxia, a empresa que o alenta. Tras dar ao prelo catro cadernos, a Dirección General de Prensa y Propaganda prohíbe a súa publicación ata 1963, ano no que asumen a súa dirección Francisco Fernández del Riego e Ramón Piñeiro, persoas que se mantiveron no cargo ata 1988, cando a revista levaba publicados cen números. Nas páxinas de *Grial*, a tradución era concibida “como un espacio de comunicación entre a cultura gallega y las culturas del mundo, recuperando así en parte el trabajo iniciado por las Irmandades da Fala (1916) y la Xeración Nós antes de la Guerra Civil” (Luna Alonso, 2012: 191). As linguas fonte maioritarias eran o francés, o inglés e o alemán e, ao tratarse dunha publicación periódica, os textos transvasados compartían todos eles o carácter fragmentario.

Na época na que actúa como director, Francisco Fernández del Riego transvasou diversas autorías no marco da revista. Se ben a meirande parte delas se enmarcan na literatura en lingua francesa (Paul Valéry, Léopold Sédar Senghor, Jean-Paul Sartre, Claude Lévi-Strauss, Michel Butor, Raymond Queneau, Allais Alphonse, Saint-John Perse, Jean-Joseph Rabearivelo e David Diop),⁶ tamén as hai hispánicas (Félix Pita e Luis Marré), croatas

do discurso que ofreceu Del Riego na celebración foinos facilitado polo Museo ANFACO da Industria Conserveira.

⁶ Álvaro Cunqueiro tamén traduciu este último poeta, como pode comprobarse na antoloxía *Flor de diversos: escolma de poemas traducidos* (Editorial Galaxia, 1991). Mentres que Del Riego verte ao galego os poemas “Desafía á forza”, “Un branco díxome”, “Sofre, pobre negro” e mais “O que o perdeu todo”, Cunqueiro fai o mesmo co texto titulado “As horas”.

(Ivo Andrić), italianas (Italo Calvino e Alberto Moravia), irlandesas (Lady Gregory), británicas (Nina Epton), ou polonesas (Bolesław Leśmian).⁷

Nalgunhas ocasións, Del Riego insire, antes das traducións, un paratexto no que achega información sobre a autoría ou sobre a obra traducida, reflexiona sobre o proceso de tradución ou manifesta que os transvasamentos non son directos.⁸ “O cemiterio mariño” de Paul Valéry é a primeira das traducións que, baixo o pseudónimo de Salvador Lorenzana, Del Riego asina en *Grial*. No texto que o precede, escribe: “Pensamos que se trata da primeira versión galega do sonado poema de Valéry. Cando menos, non sabemos de outra que se teña dado a coñecer” (Fernández del Riego, 1965: 344). Porén, tal e como indica Noia (2003-2004: 46), o xornal *Opinión Gallega*, en Buenos Aires, acollera catorce anos antes (1951) unha tradución dese mesmo poema realizada por Florencio Delgado Gurriarán. Para emendar o erro, *Grial* publicou no número 23 (1969) a versión do poeta valdeorrés.

B) TRADUCIÓNS DE LIBRO EXENTO

Máis alá de verter ao galego textos en publicacións periódicas, Del Riego tamén realizou traducións que saíron do prelo en formato libro exento, ben no marco do xénero ensaístico (*Grandeza e decadencia do reino de Galicia*, de Emilio González López, en 1978), do xénero infantoxuvenil (*As tres laranxas da vida e Itawa, conto dos peles roxas americanos*, en 1979, dous contos tradicionais adaptados en catalán por Francesc Boada i Moret e

⁷ Agás no caso do texto de Nina Epton, todos estes transvasamentos aparecen atribuídos a Cosme Barreiros ou a Salvador Lorenzana, pseudónimos de Del Riego. Algúns deles foron asinados en coautoría: o de Lady Gregory, xunto a Félix Soloni; o de Bolesław Leśmian, xunto a Manuel Díaz Martínez; o de Nina Epton, xunto a Antonio Fernández del Riego. A continuación fornecemos, por orde cronolóxica, a relación de números de *Grial* nos que figura cada tradución: Paul Valéry: n.º 9, 1965; Léopold Sédar Senghor: n.º 19, 1968, Jean-Paul Sartre: n.º 25, 1969; M. Sys: n.º 27, 1970; Félix Pita: n.º 33, 1971; Ivo Andrić: n.º 37, 1972; Claude Lévi-Strauss: n.º 48, 1975; Michel Butor: n.º 51, 1976; Italo Calvino: n.º 56, 1977 e n.º 82, 1983; Luis Marré: n.º 60, 1978; Raymond Queneau: n.º 61, 1978; Allais Alphonse: n.º 67, 1980; Saint-John Perse: n.º 75, 1982; Alberto Moravia: n.º 76, 1982; Lady Gregory: n.º 77, 1982; Bolesław Leśmian: n.º 81, 1983; Nina Epton: n.º 91, 1986; David Diop, Jean-Joseph Rabearivelo e Léopold Sédar Senghor: n.º 97, 1987.

⁸ Para pasar ao galego o conto “O soño de Rajka”, do croata Ivo Andrić (número 37 de *Grial*, 1972), e mais as cartas de Cesare Pavese (número 60, 1978), Del Riego indica que tomou como base as traducións ao francés.

Miquel Desclot respectivamente) ou da literatura de viaxes (*Uvas e granito*, de Nina Epton, en 1993).

No tocante á tradución da obra de Nina Epton, cómpre indicar que o seu transvasamento total, coasinado xunto con Antonio Fernández Del Riego, foi precedido sete anos antes pola publicación, no número 91 de *Grial* (1986), da versión en galego do penúltimo capítulo do libro (“Peregrinaxe á montaña”). Na publicación periódica, os tradutores presentaban o texto do xeito que segue:

No ano 1956, a escritora británica Nina Epton publicou en Londres un libro co título de *Grapes and Granite*. Nel recolleu as impresións do longo e demorado percorrido que fixera por Galicia toda. Grande admiradora do noso país e boa coñecedora das súas paisaxes e das súas xentes, puido ofrecer así unha visión orixinal deste fisterre ao público de fala inglesa, lonxe dos tópicos patentes noutros escritos de viaxeiros foráneos (Epton, 1986: 66).

Por unha carta que Epton lle envía a Del Riego o 11 de abril de 1956, reproducida no limiar da tradución de *Uvas e granito*, sabemos da relación de ambos os dous escritores durante a estada da británica en Galicia, e tamén que a tradución ao galego da obra en cuestión foi desexo e petición da propia autora (Epton, 1993: 8):

Meu querido Paco: Con todo agarimo e agradecemento mándoche un exemplar do meu libro sobre a túa belísima patria. A data de publicación é o 17 de maio pero como penso estar fóra do país nese momento, os editores remesáronme os meus exemplares persoais de antemán. Gustaríame que algún día este libro fose reeditado na vosa fermosa fala.

¿Cando nos volveremos atopar? Desde logo, teño que voltar a Galicia. Non é un país que se poida esquecer, e nunca esqueceré a túa ‘iniciación’ no coñecemento das riquezas —humanas e arquitecturais— da terra galega.

c) UNHA HISTORIA AUTOTRADUCIDA

No ano 1951, a Editorial Galaxia publica, en castelán, *Historia da literatura gallega*, obra coa que Francisco Fernández del Riego acada no ano 1946 o premio do Centro Galego de Buenos Aires. Esa mesma obra reaparecerá vinte anos despois (1971) no marco dese mesmo selo, mais desa

volta en lingua galega. No limiar da segunda edición, a cuestión lingüística merece a seguinte explicación:

Agora, pasados xustamente catro lustros, publícase esta 2.^a edición, correxida e posta ao día. O texto do compendio, que inicialmente aparecera escrito en castelán, preséntase nesta ocasión en lingua galega. As razóns que xustifican o feito non compre ponderalas. As dúas décadas decorridas dende unha edición á outra serviron pra incrementar ampliamente o número de lectores na propia fala. Polo tanto, o que resultaba política axeitada para 1951 non vale xa pra 1971 (Fernández del Riego, 1971: 7).

Destas liñas poderíamos deducir que o devandito manual foi redactado orixinalmente en castelán e logo traducido ao galego. Porén, o epistolario cruzado entre Del Riego e Seoane⁹ permítenos comprobar que o proceso non foi así. Nunha carta datada o 5 de febreiro de 1949, o de Lourenzá comenta que o galego era a lingua de redacción do traballo presentado ao premio:

Te agradecería que les indicases, en mi nombre, que me hagan efectivo el importe del premio del concurso de 1946, en la forma que tú creas más oportuna. Hace mucho tiempo que me comunicaron que estaba a mi disposición, pero yo lo fuí dejando. Convenía, también, advertirles lo de la parte que me corresponde por ser el trabajo en gallego, ya que nada me decían acerca de tal extremo.

Malia que o manual de Del Riego obtén un premio alén mar, a obra acaba publicándose no interior de Galicia, como xa apuntamos, en 1951. A situación política que atravesaba España nese momento (unha ditadura que

⁹ Parte deste epistolario está dixitalizado, na súa lingua de redacción orixinal (castelán), na páxina web do Consello da Cultura Galega (http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/epistolarios/persoas.php?p=1374). Algunhas das cartas que lle enviou Seoane a Del Riego foron publicadas no volume *Cartas de Luís Seoane desde o exilio*, en tradución ao galego do propio Del Riego, tal e como apunta Alonso Montero no limiar (“Na presente edición ofrécense a totalidade das cartas en galego, pero cómpre aclarar que parte delas foron redactadas en castelán. Nós atémonos, neste corpus epistolar, ó texto tal como nolo ofreceu Fernández del Riego, ‘unificado na lingua’”, Fernández del Riego, 2002: 8). Os fragmentos que reproducimos neste texto sen referencia bibliográfica están extraídos da primeira fonte.

prohibe *de facto* o emprego de calquera lingua que non sexa o castelán) explica por que o volume acaba aparecendo primeiramente en castelán en (auto)tradución do propio Del Riego, tal e como este lle comenta a Seoane en carta do 16 de xullo de 1951:

Supongo que habrás recibido el ejemplar de Historia de la Literatura Gallega. Como verás, he cambiado varias partes del texto original y tuve que traducir éste. Creo que en la época contemporánea incluyo un número bastante abundante de literatos. Ya me dirás tu opinión.

D) UNHA TRADUCIÓN INÉDITA DE SARTRE

Como xa anotamos máis arriba, Del Riego traduciu a Jean-Paul Sartre no marco do número 25 da revista *Grial*, publicado no ano 1969. Baixo o pseudónimo de Cosme Barreiros, o de Lourenzá achegou ao galego o texto titulado “Un análise do teatro burgués”, onde se recollen fragmentos dunha conferencia que Sartre impartiu na Universidade da Sorbona na primavera de 1960. Non obstante, esa non foi a única ocasión que este autor traduciu ao galego as palabras do filósofo francés.

O epistolario que cruzaron Francisco Fernández del Riego e Luís Seoane revela o interese que suscitaba no primeiro a obra de Sartre a comezos da década dos cincuenta. En carta do 24 de outubro de 1950, Del Riego confésalle a Seoane que sente curiosidade por coñecer a produción do francés dun modo directo, e pídlle que lle envíe algunha das súas obras, en francés ou castelán: “Te estimaría que me enviaras lo que por ahí se publicase o tradujese y que no hubiera en las librerías de aquí. Yo te lo abonaré en la forma que me indiques”. O 24 de novembro de 1950, Seoane, desde Buenos Aires, escíbelle que lle manda o *Teatro completo* de Sartre en edición de Losada (Fernández del Riego, 2002: 44).

En 1951, Del Riego escribe que non recibiu a obra de Sartre que Seoane lle enviara, pero que xa puido facerse con algunhas das obras do autor (“El libro de Sartre que me enviaras no llegó por fin a mi poder. Sin embargo, ya me hice con las ediciones francesas de sus principales obras”). Engade que da cidade na que vive Seoane lle interesan todos aqueles libros “de teatro, novela o ensayo, tengan un interese actual, y que no se conozcan por aquí”, así como tamén se compromete a enviarlle “todas las publicaciones de

Galaxia, y cuantas se publiquen por otras editoriales, que merezcan la pena”. Seis anos despois, o 11 de febreiro de 1957, Seoane felicita a Del Riego pola tradución dunha das obras do francés: “Recibí tu traducción de Sartre que me pareció muy buena y si tu lo autorizas y se consiguen los derechos de autor, haré lo posible por publicarla aquí, no sé cuando”. Poucos días máis tarde, o 22 de febreiro, Del Riego contesta: “Por lo que respecta a la traducción que te envié, quedas en libertad de hacer con ella lo que estimes oportuno”.

Non temos constancia de que se chegase a publicar en formato libro a tradución que Del Riego lle mandou a Seoane, cuxo título non se menciona en ningunha das cartas e que, por tanto, non podemos coñecer. Quizais se tratase de *A puta respetuosa*, montaxe teatral que foi representada no ano 1968 polo Teatro Popular Galego, fundado e dirixido en Vigo por María Xosé Queizán, e de cuxo transvasamento se ocupou Del Riego, un dato que rexistran Lourenzo e Pillado Mayor (1987: 142), e tamén Darío Xohán Cabana no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, quen, ademais, indica que a tradución de Del Riego contou con algunha intervención de Xosé Luís Méndez Ferrín (Cabana, 2006: 38).

E) UNHA TRADUCIÓN SILENCIADA

No volume *Las crónicas del sochantre*, novela publicada no ano 1959 pola editorial catalá AHR, e coa que Álvaro Cunqueiro acadou nese mesmo ano o Premio da Crítica de narrativa castellana, non aparece ningún paratexto que indique que se trata dunha tradución, o que pode crear a falsa idea de estarmos diante dun texto redactado orixinalmente en castelán (cando en verdade se trata dunha historia publicada primeiramente en galego, pola Editorial Galaxia, no ano 1956), ou mesmo de que a versión nesa lingua sexa unha autotradución do propio Cunqueiro, cando tampouco foi así.

Son varias as fontes que sinalan a implicación que tivo Francisco Fernández del Riego no transvasamento de *As crónicas do sochantre* desde o galego ao castelán. En conversa con Perfecto Conde, o propio Del Riego indicaba que exercera como tradutor do mindoniense nalgunha ocasión:

Ao ver o éxito que tivo o *Merlín*, Cunqueiro determinou seguir escribindo en galego. Publicou despois *Crónicas do sochantre*, o *Simbad*, e logo, moito máis tarde, animámolo a que recollese os artigos que publicaba periodicamente e que tamén tiñan unha

gran receptibilidade popular (...) *E logo eu empecei a traducilo e pronto chamou a atención, sobre todo, dos cataláns. Cunqueiro sempre tivo moita relación con Cataluña, cos da revista *Destino*, na que escribiu moito, por exemplo. E, finalmente, escribiu unha chea de libros en castelán que tamén lle publicaron as editoras de Cataluña, sobre todo (Conde, 2018: 112; a cursiva é nosa).*

As cartas que lle enviou Cunqueiro ao de Lourenzá entre os anos 1949 e 1961, editadas por Dolores Vilavedra no ano 2003, permítennos observar que a tradución foi unha demanda do propio Cunqueiro e, ademais, establecer o período no que Del Riego traballou na tradución, que foi entre os primeiros meses de 1958 e outubro dese mesmo ano. A comezos de 1958, Cunqueiro escíbelle a Del Riego: “¿Cando te podes poñer a traducir *As crónicas do Sochantre*? Teño agora a ocasión de que me publique o libro AHR na mesma colección do Merlín, e que poida saír no outono. Conviría que eu llo puidese pasar aló pra maio” (Cunqueiro, 2003: 121). En outubro dese mesmo ano, o mindoniense declara: “Axiña teremos o Sochantre” (Cunqueiro, 2003: 131). Xa en 1959, Cunqueiro anuncia: “Está o Sochantre en taller de encadernación. Recibirás o primeiro exemplar” (Cunqueiro, 2003: 140), idea que repite nunha carta de pouco despois: “O Sochantre está no taller de encadernación, e ven decontado, recibirás o primeiro exemplar” (Cunqueiro, 2003: 142).

Con todo, na tradución ao castelán, o nome de Del Riego figura unicamente na dedicatoria (“A Francisco Fernández del Riego”), mais non aparece por ningures en calidade de tradutor. Segundo lle confesou o propio del Riego a Ventura, foi el quen o quixo así:

Fun eu quen, a pedido de Cunqueiro, fixen a traducción, aínda que quixen que non figurase o meu nome como tradutor. Cando tiña rematado o labor, Cunqueiro propúxome dúas cousas: engardirle á versión castelá o *Epílogo para bretones*, e modificar un algo o texto dos *Dramatis personae*... (Ventura, 1993: 190).

A modo de broche

Na nosa intención de ensartar todos os fíos que Del Riego desenvolveu en relación á tradución, descubrimos que o de Lourenzá non só se preocupou, senón que tamén se ocupou, de que na literatura galega

permeasen os discursos literarios que estaban a discorrer noutros espazos. Esta preocupación non foi exclusiva do de Lourenzá, senón que tamén a podemos atopar no percorrido literario doutros persoeiros que compartiron, co autor que nos convoca no presente volume, un tempo no que practicamente todo estaba por facer no que atinxe á historia da tradución literaria en galego, tanto no caso desta como lingua fonte ou como lingua meta.

Sen dúbida, Del Riego, ávido lector da literatura universal, cría na tradución literaria como ferramenta de normalización e mesmo de construción identitaria. Así, ao noso modo de ver, sería de xustiza recoñecer nel unha figura pioneira no diálogo que a literatura galega tece coa literatura universal, así como o seu perfil polifacético arredor da tradución: traduce diversos xéneros (ensaio, LIX, literatura de viaxes) e para diversas canles (publicacións periódicas e libros exentos), ao tempo que se autotraduce, axuda outros tradutores ou mesmo exerce como crítico de traducións.

Bibliografía

- Cabana, Darío Xohán (2006): *De Manuel María a Ferrín: a grande xeneración. Discurso lido no acto da súa recepción polo ilustrísimo señor don Darío Xohán Cabana Yanes e resposta do excelentísimo señor don Xosé Luís Méndez Ferrín*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Conde, Perfecto (2018): *Conversas con Paco del Riego*. Vigo: Edicións Xerais.
- Cunqueiro, Álvaro (2003): *Cartas ao meu amigo. Epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego (1949-1961)*. Edición de Dolores Vilavedra. Vigo: Editorial Galaxia.
- Epton, Nina (1986): “Peregrinaxe á montaña”, *Grial*, 91, pp. 64-70 [tradución de Antonio Fernández del Riego e Francisco Fernández del Riego].
- _____ (1993): *Uvas e granito (unha viaxe por Galicia)*. Vigo: Ir Indo Edicións.
- Fernández del Riego, Francisco (1950a): “Poesía Inglesa e Francesa, en Galego”, *Galicia*, 30/4/1950.
- _____ (1950b): “Poemas de aquí e de alá: Pierre Drieu La Rochelle”, *La Noche*, 14/1/1950.
- _____ (1965): “O cemiterio mariño de Paul Valéry”, *Grial*, 9, pp. 342-344.
- _____ (1971): *Historia da literatura galega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1981): “A *Aulularia* de Plauto, en galego”, *Faro de Vigo*, 13/2/1981.

- _____ (1986): “A versión horaciana de Iglesia Alvariño”, *La Voz de Galicia*, 20/2/1986.
- _____ (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (2002): *Cartas de Luís Seoane desde o exilio*. Sada: Edicións do Castro.
- Lourenzo, Manuel e Francisco Pillado Mayor (1987): *Dicionário do teatro galego (1671-1985)*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- Luna Alonso, Ana (2012): “La revista *Grial* como importadora de textos italianos (1951-1975)”, *Transfer*, 7, 1-2, pp. 186-197.
- Noia, Camiño (1985): “Historia da tradución en Galicia no marco da cultura europea”, *Viceversa. Revista galega de tradución*, 1, pp. 13-62.
- _____ (2003-2004): “As traducións ao galego de *Le cimetière marin*”, *Viceversa. Revista galega de tradución*, 9-10, pp. 41-69.
- Ventura, Joaquim (1994): “*As/Las crónicas do/del sochantre*: Dúas versións: ¿dúas recepcións de lectura?”, *Anuario de estudios literarios gallegos*. 1993, pp. 185-197.
- Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (2013): “*O Alevín*”, en María Dolores Cabrera e María Dolores Villanueva (eds.), *Francisco Fernández del Riego. Vigo dende o corazón de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia, pp. 64-66.
- Villanueva Gesteira, Malores (2022): *Francisco Fernández del Riego, un loitador pola idea de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia.

A renacementa e Sarmiento na historiografía literaria de Fernández del Riego

Anxo Angueira
(Universidade de Vigo)

Unha das múltiples dedicacións de Francisco Fernández del Riego, encarada coma todas cun claro espírito patriótico, foi a de construír ou axudar a construír a historiografía literaria galega. Pouco despois de deixar a presidencia da Real Academia Galega, confesáballe a Ana Acuña (2002: 158):

Eu, por necesidade, eu non fun poeta nin escribín un verso sequer porque non tiña vocación de poeta nin aptitudes para tal nin tampouco un narrador, en cambio a política de ensaios servíume de camiño para difundir as ideas. Entón foi o xénero que cultivei fundamentalmente. Ora toquei moitos baleiros que había que ir cubrindo, con deficiencias, claro, eu non era un home solvente para ocupar baleiros determinados, aínda que facía un esforzo e, sobre rodo, tiña gran esperanza. Eu sempre fun un optimista, este optimismo salvou moitas cousas.

Este afán de ir cubrindo baleiros está claramente testemuñado coa publicación en 1951 do *Manual de historia de la literatura gallega*, onde o autor é así de explícito no “Liminar” da obra (Fernández del Riego, 1951: 9):

Nuestra literatura carecía de un manual donde se recogiese, de un modo sistemático, la nota de su desarrollo histórico. Hasta hoy se habían hecho trabajos monográficos y estudios parciales sobre aspectos aislados o ciclos concretos de la historia literaria gallega. Pero era necesaria la mirada total del proceso literario, desde la óptica primitiva hasta los momentos presentes.

O que nos interesa neste artigo é observar como a idea de renacementa literaria foi evolucionando en Fernández del Riego desde os seus anos mozos nos tempos da II República ata a morte de Franco, por un lado, e, por outro, que papel lle concedeu na súa historiografía literaria á figura de Sarmiento, sempre a través das súas publicacións durante todo este período.

Tal como xa expuxemos noutro lugar (Angueira, 2019), Francisco Fernández del Riego participa como protagonista, aínda que mozo, ben activo, dunha visión histórica vixente ó longo do período 1916-1936: a de que Galicia

estaba vivindo naqueles anos un proceso de renacemento, de rexurdimento (esas eran as palabras máis empregadas), tanto na cultura como na literatura, pero tamén, especialmente coa II República, na política. Esa foi a única época histórica na que unha boa parte da sociedade galega, coma nos casos do *Risorgimento* en Italia e da *Renaixença* en Cataluña, cría vivir un período de rexurdimento. Aducimos un testemuño simbólico: así como o xornal *Il Risorgimento* se publica en Torino en 1847, a revista *La Renaxensa* en Barcelona en 1871, en Betanzos publicouse *Rexurdimento* en 1922. A partir da fundación das Irmandades da Fala prodúcese unha mudanza estrutural e de fondo calado na sociedade galega, talvez a partir do salto teórico que supuxo entender Galicia como nación. As condicións xerais do momento conduciron a un avance extraordinario en tódolos sentidos. Pero tamén houbo un cambio teórico á hora de entender a historia de Galicia. E ese cambio deuno o líder e fundador das Irmandades: Antonio Villar Ponte. El foi quen botou a andar a idea de que aquel presente en Galicia, aquel momento histórico, era un momento de rexurdir, de renacer. E fíxoo moi expresamente en varios textos daqueles anos: “Por nuestro renacimiento literario” (1914) ou “Nuevo renacimiento de las letras gallegas” (1922). Pero sobre todo nun texto clave de 1916: *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional*. Nel, o de Viveiro segue o modelo literario e político da *Renaixença* e con el o historiográfico de Michelet e Burckhart baseado no esquema da sucesión histórica: idade dourada, decadencia e renacemento. Pola súa banda, Vicente Risco participa da idea fundamental de Villar Ponte e intégraa na súa *Teoría do nacionalismo galego* (1920), de decisivo impacto. Nesta visión, tanto Villar Ponte coma Risco integraron onomasticamente o XIX, que xa a historiografía literaria asociaba a renacemento (palabra empregada por Curros no seu *O divino sainete* en 1888), chamándolles ós autores deste século, a partir do título do libro de Manuel Murguía, os precursores. De feito, Murguía nunca vinculou o proceso que el estaba vivindo á idea de renacemento. Para el, a palabra máis empregada para definilo era “regeneración”, concepto cultural e tamén político. De tal maneira que o período 1916-1936 en Galicia explícase en moitos dos seus avatares políticos, culturais, literarios e lingüísticos desde a visión de os seus protagonistas estar vivindo un rexurdimento ou renacemento, que se converten en palabras clave de todo este período.

Esta visión, máis vixente ca nunca durante a II República, estendeuse loxicamente ás xeracións máis novas, que sempre tiveron ós homes de Nós como verdadeiros mestres, polo que Francisco Fernández del Riego, na

súa actividade xornalística e política deste período, participou dela. E moi activamente. Vexamos.

Con dezanove anos publicaba na columna “Verbas da mocidade” o artigo “Síntomas de europeísmo”. No seu *incipit* vese moi claramente a quen ten como mestres e como asume e manexa a onomástica do seu tempo —“renacemento” e “precursores” (Fernández del Riego, 1932):

O Seminario de Estudos Galegos, carne viva da espiritualidade galega, inxente esforzo de exquisitos homes que n-il labouran dispostos a sacrificar todo o inmediato en ben de unha visión chea de futuro, conqueríu no tempo que leva de vida, ofrecer ó mundo e ós mais pobos de Hespaña, o espetáculo multiforme e rico en suxestíós dun renacemento totalista e integral da cultura galega, iniciado xa polos precursores.

O 25 de xullo do seguinte ano publica “Diada do libro galego”, artigo no que chama a celebrar unha semana da cultura galega e dentro dela dedicar un día á nosa literatura (Fernández del Riego, 1933): “Elo sería un meio eficaz para opór á labourea desgaleguizadora d-isa fornada de insolventes que ainda bate as suas derradeiras escumas escontra das rocas inxentes do rexurdimento aitual”. No ano seguinte e na sección “Bitácora Galeguista” publica o 25 de xaneiro (Fernández del Riego, 1934a) “O movemento novo da cultura”. O artigo fala da “Nova xeración galega” e remata invocando a referencia cultural de Compostela. Faino deste xeito: “Pulo vital de vizoso rexurdimento, xunta tódal-as suas pedras nunha soia evocación e nunha soia resonancia: GALICIA POBO EN CAMIÑO”. Ese mesmo ano recensiona *Os evanxeos da risa absoluta* de Antonio Villar Ponte, a quen se considera faro da mocidade galeguista, referente para “os mozos desta hora, cando o camiño do propio rexurdimento se atopa colmado de obras, de xentes e de horizontes” (Fernández del Riego, 1934b). Mais probabelmente de tódalas achegas deste tempo a máis importante sexa “Índice cultural e artístico do Renacemento galego”, unha conferencia dada en Vigo e logo publicada en tres entregas na revista *Nós*. Sorprende a escolla “Renacemento”, palabra que competía con “Renacemento” para designar o período que Michelet chamou *Renaissance*, e sorprende tamén, ó grafala con maiúscula inicial, a vontade clara de terminoloxizar a palabra para aludir con ela ó rexurdimento, á renacemento, que eran as palabras habituais da cultura galega desta época e do propio autor.

O caso é que Fernández del Riego, nas páxinas iniciais, reproduce cremos que máis explícito ca nunca o esquema de Michelet e Burckhart aplicado á cultura galega, que, despois da decadencia, rexorde agora, non no XIX, como rexurdiu a clásica a finais da Idade Media (Fernández del Riego 1933b: 185):

Non embargantes, aquelas culturas, aquelas formas do espírito, afogadas pol-o balbordo dos sucesos políticos alleos á súa esencia, que se ollaron interrompidas na súa marcha cara á culminación, habían de rexurdir puidentes e con novos azos, cando somellaban mortas. Max Weber falando do crepúsculo da cultura antiga, escribe que o despotismo tivo que afogar e oprimir en certa medida, psíquicamente, ao home antigo, a súa vida pública, a súa cultura... A vida espiritual de Ocidente sumiuse, así, en longa noite. Mais a súa caída lembra aquel xigante do mito helénico que recobraba novas forzas cando tocaba o seio da nai terra. Na Idade Media o vello xigante *rexurdiu* dotado de nova forza e erguéu o legado espiritual da antigüedad á luz de unha moderna cultura. Do mesmo xeito as culturas peninsulares ibeiras (sic) desfeitas despóticamente no século XV voltan no XIX e no XX a alumear con fito de epopeia os ronseles da ciencia universal. Voltan criando formas novas, con enerxías insatisfeitas, sementando as súas inqedanzas de traballo, ceibes xa de fórmulas imperiás veciñas sempre da decadenza, sobre todo nos eidos do espírito.

Despois de facer un percorrido histórico pola idade de ouro dos cancioneros, de falar do “predomiño castelá” como causa da posterior decadencia e do “despertar das enerxías galegas” desde fins do XVIII e todo o XIX, chegamos á época do auténtico rexurdimento, da “renacencia” plena, do “renacemento” “totalista e integral” (Fernández del Riego 1933b: 187):

E chegamos xa aos preludios do noso tempo. Galicia amostra o espeitáculo multiforme e rico en suxestións dun renacemento totalista e integral. O movemento escomenzado pol-as Irmandades da Fala atrae sobre todo aos estudantes e aos mozos con devoción literaria e por toda a nosa terra se estende a emoción nacionalista, unha emoción que apreixa integralmente todol-os aspectos da vida galega. Os espertares nacionás alumearon os diferentes manantiás da nosa vitalidade: a lingua e o estilo, o senso filosófico e o esforzo ledado do traballo, do agro e da mar. Galicia coñece a esencia do seu espírito e faino frolecer en total-as súas variadas direccións.

E a partir de aí vai enumerando as grandes e certas conquistas realizadas desde 1916 desde posicións moi europeístas, na liña de Otero Pedrayo. Comeza polas plataformas editoriais e xornalísticas e fai un percorrido polo “Movimento lírico”, “A pintura”, “A escultura”, “A música” e a “A prosa”. Remata citando tres feitos fundamentais segundo a súa opinión (Fernández del Riego 1933b: 243):

O pulo xermolador de vizoso rexurdimento do Seminario de Estudos Galegos. A fundación dos agrupamentos “Ultreya”, debida ao seu maor Alvaro de las Casas, e o rexo balbordo dos universitarios composteláns que teiman abrir total-as fiestras da nosa vella Escola cara todol-os roteiros do mundo.

En abril de 1936, Fernández del Riego publica en *A Nosa Terra* “Commemoración da nosa Renacemento” (Fernández del Riego, 1936), un texto no que a renacemento tería un sentido amplo dado que abarcaría a historia recente de Galicia e tamén unha clara orientación historiográfica.

O *Guieiro* da Federación das Mocidades Galeguistas, da que Del Riego era dirixente, sae á rúa en santos de 1935. No “Aparecemos” que saúda este primeiro número non se rexistra a palabra pero si a idea de rexurdimento e mesmo o esquema aquí a ela asociado:

Si queremos construír un pobo —mellor dito, se queremos resucitalo— temos que escomenzar por facer revivir todol-os valores espritoales, amordazados hoxe pola cultura castelán que hai na Galiza, e que tiveron seu eispresendor na historia pasada; principalmente na Idade Meia.

Nese mesmo primeiro número asina Del Riego “Os oito intentos e sete fracasos de Galicia”. Estes serían sete episodios históricos nos que desde a visión do autor Galicia fracasou: Medulio, morte de Prisciliano, caída da monarquía suevo, sometemento a Castela, fracaso dos irmandiños, morte do Mariscal Pardo de Cela e revolución de 1846 (Fernández del Riego, 1935a):

Pero a leición de sete fracasos está dada. Galiza adendeuna, e no intre en que a ialma nacional sentiu entrar en agunía o seu corpo histórico, señalóu o berro de *rexurdimento* frente a eses sete calvarios.

Esa era a idea e a confianza: agora non vai pasa-lo mesmo. Ese era o proxecto e a ilusión da época, a esperanza “representada pol-os vértices espirituales das xeneracións coetáneas” moi pouco antes do alzamento fascista. E no número seguinte (Fernández del Riego, 1935b) volve insistir no mesmo en “Anuncio da Galicia nacionalista”, artigo no que se reedita a ilusión e a confianza no éxito do movemento: “En calqueira rúa ou albre do xardín da Patria estará gravurado con letra de Rexurdimento. Porque Galiza, isa Galiza soñada, somos nós”.

Xa no derradeiro número de *Guieiro* achamos, tras a aprobación do Estatuto, as palabras exultantes do titular da primeira páxina “Galiza, si!!”:

En verdade son certas as palabras do poeta: *Os tempos son chegados!*
Tempos de ledicia, de eisaltazón e de traballo; de ollar a luz
liberadora da Patria aínda non ceibe. Con que verbas diremol-o
aleluia da resurreizón?

Ata o último momento, antes da barbarie fascista, a política e a cultura galegas viviron esta etapa en boa medida baixo a palabra e a idea de rexurdimento, renacemento, “resurreizón”.

Cando despois na posguerra Francisco Fernández del Riego inicia o seu labor na historiografía literaria ó publicar en 1951 o seu *Manual de Historia da Literatura Gallega*, que logo traduce e versiona en galego en 1971, desaparece todo rastro de aplicación historiográfica ó vivido ata 1936, coma se o rexurdimento ou a renacemento entre 1916 e 1936, tamén literarios, fosen silenciados, abatidos, asasinados polo fascismo. A clave para nós está en que esa historia está concibida como un manual e, sobre todo, como o propio autor indica no “Liminar” antes citado, está baseada nas historias da literatura de Carré Aldao (1903) e Couceiro Freijomil (1935). A historia da literatura que contén *El idioma gallego*, máis voluminosa e desde logo máis completa que *La literatura gallega en el siglo XIX* de Carré Aldao, que como di o título practicamente só se cinxe ó XIX, era a que realmente podía introducir no seu discurso a idea ou o concepto dun renacemento ou dunha segunda renacemento a propósito da literatura xerada a partir de 1916, porque trata, desde a altura de 1935, da produción feita ata dous anos antes. Pero non o fai. Era imposible. Fronte ó discurso iniciado por Antonio Villar Ponte en torno a ese tema, Couceiro Freijomil negou taxativamente e mesmo ridiculizou a idea

de que Galicia vivise un rexurdimento (segundo ou principal ou o que fose) no período das Irmandades. Fíxoo a propósito dunha intensa polémica sobre a bandeira de Galicia que el mesmo suscitou (*La bandera de Galicia*, 1930), facendo causa contra a bandeira azul e branca, identificada cos nacionalistas, e de esguello contra a idea destes de protagonizaren un rexurdir histórico. Nese contexto publica un artigo con este gráfico título: “Sobre la ficción de un renacimiento” (Couceiro Freijomil, 1930: 43-46):

¡Un renacimiento nada menos! ¡A donde llega la vanidad desbordada! (...) Desde que transcurrido el primer cuarto del siglo XIX, surgió en Galicia, incorporada a la general corriente romántica, el único renacimiento que conocemos de las letras regionales, y con él, naturalmente, el de la conciencia Colectiva, no se produjo aquí ningún otro renacimiento, ni cosa que se le parezca, aunque sí alharacas con algo más o menos cómico entremezclado.

E volve con “Más sobre la ficción de un renacimiento”, onde se intenta desprestixiar o labor de Antonio Villar Ponte e o das Irmandades da Fala para a continuación facer o mesmo con Risco e os nacionalistas procedentes de *La Centuria*. A serie remata con “Termina la ficción de un renacimiento”. Neste artigo atácase ó grupo ourensán que fundou *Nós* e se incorporou ás Irmandades. O remate, no que adiviñamos un Couceiro Freijomil (1930, 55) arrabeado, é este: “¡Y viva el ‘segundo renacimiento’ y la nueva bandera!”.

Se o manual de Fernández del Riego se inspiraba nestes dous antecedentes é imposible que transmitise unha visión distinta, coa súa onomástica, tanto do XIX coma das primeiras décadas do XX, por moito que el vivise e teorizase o período anterior ó 36 coma un verdadeiro rexurdir de Galicia e da súa literatura. O de Carré porque só se cinxía ó XIX e, imitando o discurso historiográfico catalán para a *Renaixença*, a literatura galega vive segundo el un período de renacemento, aínda que sen terminoloxizar a palabra, desde mediados de século. Carré, ademais, despraza o termo “precursores”, empregado por Murguía para a súa propia xeración, a de Pondal e Rosalía, e destínoa a unha xeración anterior, a de Añón, Pintos, Camino etc. O antecedente de Couceiro seguía o de Carré no anterior e, ademais, podendo facelo pola súa perspectiva cronolóxica, negaba rotundamente a existencia dun rexurdir antes do 36. Ó final, o manual de Fernández del Riego, neste

sentido, seguirá a este respecto o carreiro historiográfico marcado por estes dous autores, como o seguirán obras canónicas de moito maior impacto como a *Historia da Literatura Contemporánea* (1961 e 1975) de Carballo Calero. O que fixeron as historias da literatura, neste sentido, é negarlle o papel histórico que reclamaron para si os propios protagonistas da historia cultural e política de Galicia: o de precursores (Murguía e toda a súa xeración) e o de protagonistas dunha renacementa (Villar Ponte, Risco, Castelao, Manuel Antonio, Bouza Brey etc). Detrás estaban autores dalgún xeito alleos a esas dinámicas creativas e teorizadoras dos protagonistas, como Carré (por idade) e Couceiro Freijomil (por ideoloxía); e tamén protagonistas activos, aínda que mozos, coma Fernández del Riego ou o Carballo Calero do último período. De tódolos xeitos, nestes dous últimos casos, non era realmente nada doado en 1951 ou en 1961 interpretar a historia literaria (e cultural e política) de Galicia outorgándolle un papel protagonista e rotundamente brillante a un período que o fascismo combatera, destruíra e esmagara. Dalgún xeito, e co tempo, estes mozos, ou boa parte dos que viviron aquel período, foron desprazando da historia cultural de Galicia o que era categorizar un período coma o de 1916-1936 como época de rexurdimento; con todo o que politicamente tamén supuña, cara ó protagonismo dun grupo de escritores, desprazar o que era a visión global e estrutural dun proxecto cara os contornos particulares dunha xeración: a xeración de 1916 (Ramón Villar Ponte, 1951), a xeración de Risco (Carballo Calero, 1955), o grupo Nós (Ramón Piñeiro, 1963) e finalmente a xeración Nós (Fernández del Riego, 1965). Mesmo a toda esa época de renacementa se trasladou o nome dunha xeración: Época Nós (Anxo Tarrío, 1994). Tódalas gabanzas feitas a esta xeración (“Importancia decisiva da xeneración Nós” de Ramón Piñeiro en 1978) dalgún xeito encubrían a descrición de todo un período, de todo un proxecto, a realidade dos discursos literarios, culturais e políticos da época e a propia vivencia dos seus protagonistas que, seguindo a teoría e os esquemas de Michelet, entendían aquel período coma un período de renacementa.

E así e todo, Fernández del Riego non esquece nin se esquece do que el mesmo dixera e vivira antes de 1936. En 1951 e en 1971, aquí, a propósito do Seminario de Estudos Galegos: “Pra facer a historia da nosa cultura na época que esaminamos, compre a referencia a esta institución, cúa tarefa patriótica exercéu un básico papel na obra de rexurdimento espiritual do país” (Fernández del Riego, 1971: 193).

Polo tanto, no seu manual de 1951, Fernández del Riego reproduce a visión hoxe consabida (Fernández del Riego, 1951: 165-167), na que distinguimos “La época medieval”, “La decadencia”, “El renacimiento” e “Los contemporáneos”. Vinte anos despois, o índice complicábase, pero mantén os mesmos principios (Fernández del Riego, 1971: 309-311): “A época medieval”, “Catro séculos de decadencia”, “Albada romántica”, “Tres figuras da renacencia”, “Os órganos sintonizadores”, “As letras contemporáneas”, “Os camiños da nova literatura”, “Da narración e do ensaio” e “Notas literarias de hoxe”.

Por outro lado, como se sabe, a palabra Rexurdimento non está aínda terminoloxizada, nin en 1951 nin en 1971, como non o estará aínda na *Historia da literatura galega contemporánea* de Carballo Calero de 1975. Efectivamente, na primeira edición en galego, Fernández del Riego (1971: 76, 77, 79, 94) mestura *renacencia*, *renacimiento*, *rexurdimento* e mesmo *restauración* e aínda é moito máis insegura a terminoloxización de calquera destas palabras, que só vemos para *Renacimiento*, coma no caso de Carballo Calero. Tamén nas liñas iniciais do prólogo á súa *Escolma de Poesía Galega. III O Século XIX* fai o mesmo. Aparecen as diferentes formas case no mesmo parágrafo (Fernández del Riego, 1957: 7):

Nas páxinas diste tomo tencionamos dar unha mostra do desenrolo da poesía galega na época da súa renacencia. Non é tarefa doada amosar o horizonte de tal rexurdimento (...) Sabido é que o renacimiento da lírica galega operouse baixo o signo romántico.

Que Fernández del Riego e Carballo responderon do mesmo xeito á peripecia da evolución historiográfica e terminolóxica que acabou nos anos oitenta coa instauración de “Rexurdimento” ten un testemuño evidente, por se estes non fosen suficientes, nunha publicación na que coinciden: o discurso de entrada na RAG de Fernández del Riego de 1960, contestado por Carballo Calero: “Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores”. Nel empréganse todas estas variantes coñecidas, e aínda outras, aplicadas tanto ó século XIX coma ó período das Irmandades, e ningunha delas cun claro valor terminolóxico, coma se dun leitmotiv se tratase. Vexamos (Fernández del Riego, 1973: 13, 14, 23, 33, 76, 82, 15, 42, 44, 45, 49, 51, 81, 83): “Os homes que inician o rexurdimento”, “autores participantes do noso rexurdimento cultural”, “arela de restauración do esprito do pasado”, “restauración cultural”, “recobración espiritual do país”,

“proceso restaurador da nosa cultura”, “tarea de rexurdimento”, “a renacencia do século pasado”, Murguía “figura que está sempre detrás de todo empeño de restauración espritoal galega”, as Irmandades “derradeiro movemento da nosa renacencia”, a etapa das Irmandades “etapa de restauración cultural”, o afán das Irmandades “tarea do rexurdimento idiomático” e “rehabilitamento idiomático”, referíndose ó grupo Nós, “restauración galega”, “reconstrución cultural galega” e mesmo “reconstitución espritoal”, de xeito xeral “proceso cultural co que Galicia emprincipia o rexurdimento da súa autóctona espritoalidade”, “a empresa restauradora”, os homes das Irmandades “ensanchan unha vez máis a tarefa restauradora”. Pola súa banda, atopamos en Carballo Calero (1973: 91 e 93) que na contestación fala dos autores do XIX como “precursores” e “movemento de recobración de Galicia” e despois, a propósito de Salvador Cabeza de León, a propósito da súa mocidade, “foi o vencello pra nós, os mozos do Seminario, co mundo dos Precursores”. Veláí probabelmente a clave: tanto Fernández del Riego coma Carballo Calero, pero sobre todo o primeiro, ó evocaren a súa mocidade, non podían deixar de ter presente a terminoloxía daquel tempo, a que eles mesmos usaban.

A mestura de todas estas formas e a ausencia clara da terminoloxización de calquera delas tamén a podemos ver nas dúas páxinas iniciais do “Limiar” de Fernández del Riego á súa *Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores* xa en 1976. O de Lourenzá usa as formas “renacemento”, “rexurdimento”, “renacimiento” e “renacencia”, e non falta algunha alusión a *restauración*, sempre carentes de valor propiamente historiográfico (Fernández del Riego, 1976: 7-8). Pero a chegada de “Rexurdimento” para unificar tódalas opcións e erixirse noutra categoría ó se terminoloxizar estaba preto. Tanto como a chegada da lingua e da literatura galega ó ensino.

Dentro da súa historiografía literaria, Fernández del Riego considerou e reconsiderou a figura de Sarmiento en diferentes ocasións. En 1951, nas palabras prologais do *Manual*, dísenos que despois de varias centurias sen cultura literaria, “Es necesario llegar al siglo XVIII para encontrar dos figuras literarias de algún renombre, Fray Benito Jerónimo Feijoo y el Padre Martín Sarmiento, que hicieron empleo de la lengua gallega” (Fernández del Riego, 1951: 15). No apartado a el dedicado, o noso autor dálle importancia á presenza de Galicia na obra tan diversificada do bieito. Para o que aquí máis interesa di (Fernández del Riego, 1951: 56):

Fué Sarmiento el primero en demandar un diccionario de nuestra lengua, en pedir que se editasen los Cancioneros medievales, y en quejarse de que no hubiese maestros para enseñar el gallego en las escuelas. Uno de sus esfuerzos más significativos, por otra parte, es el “Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega”, todavía sin editar en libro.

Compuso algunos versos en nuestro idioma, si bien resulten faltos de vigor expresivo, y de vitalidad lírica. De todos modos, lo cierto es que sus palabras son voz acuciadora que señala rutas para un porvenir mejor, así como el subrilado de nuestra autóctona personalidad.

Como Salvador Lorenzana, publicou “El Padre Sarmiento y Galicia” nos *Papeles de Son Armadans* en 1957, artigo logo traducido en 2002, ano en que se lle dedicaba ó bieito o Día das Letras Galegas, instituído precisamente polo de Lourenzán. Na liña de Manuel Murguía ou de Antolín López Peláez (*El gran gallego*, 1895) e antecedendo a de Filgueira Valverde ou Pensado Tomé, Fernández del Riego, a partir do manexo de múltiples fontes, fai unha vindicación moi significativa de toda a importancia e o significado histórico que para Galicia ten a figura de Sarmiento. E esa importancia é inmensa, segundo o de Lourenzán, dado o impresionante labor realizado polo beneditino. Ademais dun retrato vivo da súa personalidade, alérxica ós convencionalismos, da súa xenerosidade intelectual pola que derramaba o seu mar de erudición onde fose preciso e sen interese, Del Riego orienta o seu estudo a verificar como Galicia ocupa para Sarmiento —polo menos a partir de certo momento— a súa referencia principal, como Galicia se converte no centro das súas preocupacións e é Galicia o seu campo de traballo e de investigación en tódolos ámbitos, tal e como proban as tres viaxes ó país, no artigo ben descritas. Del Riego destaca dous aspectos principais no seu labor de servizo a Galicia: o de cultivador incansable de toda clase de estudos, en especial os históricos, filolóxicos e das Ciencias Naturais, e o de defensor da dignidade e do bo nome do país e da súa cultura, polo que entrou en diversas polémicas.

Sarmiento é recoñecido tamén como unha figura clave para a historia da lingua e da literatura galega por ser el quen exhumou un texto fundamental como era a “Carta del Marqués de Santillana sobre la Poesía”, co célebre parágrafo referido ó prestixio medieval do idioma galego. E, en definitiva,

pondera no artigo como dun xeito xeral aplicou a Galicia, á súa economía, ó seu comercio, á súa pesca..., sempre desde un punto de vista pragmático e con consellos de perfil empírico, os criterios da súa erudita formación. E velaí tamén, xa no territorio lingüístico, o seu *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega*, gabado coma precursor en varias disciplinas (por Piel na filoloxía románica contemporánea, por Ángel del Río na dialectoloxía peninsular) e no que non falta a defensa da lingua galega, da súa dignidade e do seu uso. Remata con estas palabras que, no contexto histórico en que foron ditas, están claramente en función dun horizonte político (Fernández del Riego, 1957: 52):

La rehabilitación del gran defensor de la lengua gallega —diremos con palabras de Joseph M. Piel—, digno sucesor de un Nebrija, de un Aldrete y de un Covarrubias, camina a pasos agigantados. Para Galicia constituye tal hecho, un motivo de legítimo orgullo, pues que en la figura de Fray Martín tiene a uno de sus representantes más esclarecidos, y a un firme defensor de su personalidad cultural.

Foi Sarmiento unha figura fundamental da historia de Galicia para o de Lourenzá, pero vexamos o que nos dicía a respecto da súa creación literaria (Fernández del Riego, 1957: 45):

Es indudable que Fray Martín gustaba más de las ciencias prácticas que de los devaneos líricos. Él mismo confiesa que jamás ha sido poeta, y que nunca ocupó mucho tiempo en leer poetas. No obstante, esta confesión suya sólo es verdadera hasta cierto punto. Con ocasión de la muerte de Felipe V y exaltación a la corona de Fernando VI, se publicaron diversos poemas en varias lenguas. Y Sarmiento, que disponía de muchísimas voces y frases gallegas, pretendió coordinarlas en un metro pueril y claro. A tal fin escribió un *Coloquio* entre dos niñas y dos niños gallegos, componiendo sin esfuerzo mil doscientas coplillas en nuestro idioma. No hay en este coloquio, es verdad, calidades poéticas, ni erudición alguna. Pero, en cambio, su autor procuró conservar en él, con todo rigor, la propiedad de las frases, voces y comparaciones.

Cando en 1971 traduce o seu *Manual* de 1951 ó galego, a figura de Sarmiento é algo revisada. Concédesele agora máis importancia ó seu compromiso precursor con Galicia, coa súa cultura e coa súa lingua, pero o seu *Coloquio* nin sequera aparece citado (Fernández del Riego, 1971:

70): “Compuxo tamén unha riola de versos na nosa fala, mais cun senso non de creación sinón de vocabulario”. Era o que o propio Bieito dicía na presentación do seu texto e é o que se repetiu constantemente na historiografía literaria canónica ata a intervención de Méndez Ferrín (2002) na sesión que a RAG celebrou en Vilafranca do Bierzo con motivo do Día das Letras Galegas dedicado ó bieito vilafranquino.

A figura de Sarmiento, que non aparece tratada na *Historia da Literatura* de Carballo Calero, como tampouco o seu *Coloquio*, recuperou protagonismo posteriormente e con independencia da historiografía literaria canónica. O peso de Sarmiento na cultura galega comezou a medrar de novo na década dos setenta, a partir especialmente do bicentenario da súa morte e do traballo oceánico realizado polo profesor José Luís Pensado Tomé, que fixo as edicións anotadas de referencia de moita da súa obra, singularmente da filolóxica, un dos maiores tesouros contemporáneos.

O propio profesor ferrolán rectificou nos anos oitenta e concedeu a Sarmiento un papel como precursor do denominado Rexurdimento (Carvalho Calero, 1983). Pero o catecismo historiográfico xa estaba escrito por el, por Fernández del Riego e remotamente por Carré Aldao. As historias da literatura tenden a ser en exceso esquemáticas e inmovilistas. Tanto que, ás veces, nin sequera acollen nas súas páxinas a propia experiencia vital e mais a propia investigación dos seus autores.

Bibliografía

- Acuña, Ana (2002): “Francisco Fernández del Riego, académico e director da Biblioteca Penzol”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 5, pp. 155-162.
- Carvalho Calero, Ricardo (1955): *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*. Madrid: Gredos.
- _____ (1983): “As orixens da literatura galega contemporánea”, en *Da fala e da escrita*. Ourense: Galiza Editora, pp. 54-59
- Carré Aldao, Uxío (1903): *La literatura gallega en el siglo XIX*. A Coruña: Librería Regional de Carré.
- _____ (1975): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Editorial Galaxia.

- Couceiro Freijomil, Antonio (1930): *La bandera de Galicia*. Ourense: Imprenta Galicia.
- _____ (1935): *El idioma gallego*. Barcelona: Alberto Martín.
- Fernández del Riego, Francisco (1932): “Síntomas de europeísmo”, *El Pueblo Gallego*, 28/12/1932.
- _____ (1933a): “Diada do libro galego”, *El Pueblo Gallego*, 25/07/1933.
- _____ (1933b): “Índice cultural e artístico do Renacemento galego”, *Nós* 117, 118 e 119, 15 de setembro, 15 de outubro e 15 de novembro.
- _____ (1934a): “O movemento novo da cultura”, *El Pueblo Gallego*, 25/1/1934.
- _____ (1934b): “Os evanxeos da risa absoluta”, *El Pueblo Gallego*, 1/9/1934.
- _____ (1935a): “Oito intentos, e sete fracasos de Galicia”, *Guieiro*, 1, p. 2.
- _____ (1935b): “Anuncio da Galicia nacionalista”, *Guieiro*, 2, p. 4.
- _____ (1936): “Conmemoración da nosa Renacemento”, *A Nosa Terra*, 411, 24/4/1936.
- _____ (1951): *Manual de historia de la literatura gallega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1957): “El Padre Sarmiento y Galicia”, *Papeles de Son Armadans*, ano II, tomo IV, X, pp. 30-52.
- _____ (1965): “A xeneración ‘Nós’ na cultura galega”, *Grial*, 7, pp. 75-85.
- _____ (1971): *Manual de historia da literatura gallega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1973): *Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores*. A Coruña: Real Academia Galega.
- _____ (1976): *Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Piñeiro, Ramón (1963): “Prólogo”, en Ramón Lugo, *Vicente Risco e a cultura galega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1978): “Importancia decisiva da xeneración Nós”, *Grial*, 59, pp. 8-13.
- Tarrío, Anxo (1994): *Literatura galega. Aportacións a unha Historia Crítica*. Vigo: Edicións Xerais.
- Villar Ponte, Antonio (1914): “Por nuestro renacimiento literario”, *La Voz de Galicia*, 7/4/1914.
- _____ (1916): *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional*. A Coruña: Tipografía Obrera.

- _____ (1922): “Nuevo renacimiento de las letras gallegas. Algunos libros nuevos”, *La Voz de Galicia*, 22/1/1922.
- Villar Ponte, Ramón (2015): *A xeración do 16. Discurso lido o día 16 de xuño de 1951 no acto da súa recepción, polo ilustrísimo señor don Ramón Villar Ponte e resposta do excelentísimo señor don Ramón Cabanillas Enríquez*. A Coruña: Real Academia Galega.

Notas á literatura universal nas letras galegas: Del Riego, lector do seu tempo

Manuel Naveira Fuentes
(Centro Ramón Piñeiro para a
Investigación en Humanidades)

Do universal ao particular

A atención que Fernández del Riego presta á literatura universal semella unha constante que atravesa todo o seu labor como intelectual das letras galegas dende os primeiros escritos; ben tanto atendendo á análise de obras producidas fóra do sistema literario galego na súa lingua orixinal ou mesmo traducidas á lingua de noso (labor de crítico literario), ben atendendo á relación do producido dentro do sistema literario galego co producido noutros (labor de literatura comparada); e mesmo chegando á definición do sistema literario galego ben en si mesmo (perspectiva imanentista) ben en relación a outros (perspectiva transcendentalista) dentro dun labor que podemos catalogar como teórico da literatura.

Crítico, comparatista e teórico da literatura, tales son os papeis que Del Riego toma en relación á literatura universal. E podemos observar a súa impronta tanto dende dentro da perspectiva do seu propio sistema (postura *emic*) coma, en menor medida se se quere, dende fóra da perspectiva do tal sistema (postura *etic*).

Tendo en conta todo o anterior damos pé, a modo de pequenas notas, á análise de como Del Riego se relaciona coa literatura universal; é dicir, ao Del Riego en contacto co seu clima, ao Del Riego lector do seu tempo. Todo para demarcar tanto a súa época literaria (ademais das de que esta foi debedora, o *zeitgeist*), como o papel que o de Lourenzá toma en relación á tal época.

O clima e o tempo

Ao nacemento de Francisco Fernández del Riego o mundo estaba a piques de entrar en guerra. Apenas ano e medio despois desta efeméride daba comezo a chamada, nun primeiro momento, Gran Guerra co cal non pretendemos dicir máis ca que o clima sociopolítico europeo —lembramos que naqueles intres o centro do mundo continuaba a ser Europa, se ben por

pouco— era o da tensión absoluta. E como non pode ser doutro xeito, a relación que a literatura, e a produción artística xeral, ou académica, garda co clima sociopolítico é estreita, aínda que non determinante. Por suposto, non falamos aquí de determinismo histórico, senón máis ben, dunha relación dialéctica entre as estruturas socioeconómicas e as perspectivas artísticas e de coñecemento —o antigo e idealista espírito— hexemónicas ou non, na que o punto xerador non é máis ca o da propia relación, que flutúa no propio poder xerador entre unha parte ou outra da mesma relación.

Mentres que en Europa, abrindo moito a perspectiva, a tensión era absoluta, no caso concreto galego assistimos a un tempo no que o comezo paulatino do éxodo rural iniciado a finais do século XIX, ademais do da emigración exterior, se vai consolidando; o que provoca o crecemento, se ben pouco máis ca tímido, do galego urbano. Isto explica en boa medida o xurdimento, organizado en moitas ocasións, de grupos que procuran a defensa dun ente galego fronte a, ou en relación con, un outro ente español, ao que acusan de, de forma unívoca, centralista e centrípeto; unido ao cal xorden tamén fronte contra o caciquismo local que pouco a pouco van logrando adeptos —caso paradigmático é o de Acción Gallega.

Se este é o temperamento sociopolítico existente ao tempo do nacemento de Del Riego, o mar de perspectivas artísticas, filosóficas e literarias non é menos tumultuoso, xa que mentres que en Europa, no plano literario, véñse dunha xenealoxía marcada polo conflito entre unha perspectiva máis realista e outra máis simbolista, que dará lugar a continuación ás distintas vangardas; en Galicia a forza do rexurdimento —que atopa o seu grande impulso precisamente no momento de maior conflito entre as dúas correntes europeas mencionadas— desembocará, neste tempo, nunha nova xeración que procurará renovar e impulsar, sempre coa busca do puramente xenuíno mais sen abandonar o xerme cosmopolita, o campo literario e de coñecemento galegos. É o tempo da Xeración Nós. É o tempo das Irmandades da Fala.

O raizame que florecerá

O rexurdimento galego toma consciencia de si mesmo, vólvese autoconsciente, paseniño e progresivo, na segunda metade do século XIX; e isto ao pretender unha fronte propia que se enfronta a outra que se considera, polo menos, veciña —se ben ás veces aliada irmá e, outras tantas, non

tan aliada—. Se tomamos como punto de inicio primeirísimo do rexurdir galego a Martín Sarmiento (Angueira, 2019), en pleno século XVIII, e seguimos analizando as autorías que se van sumando a esta vontade común, observamos que o diálogo, ou enfrontamento, que a corrente autoconsciente galega mantén coas vías de pensamento que se van sucedendo en Europa son evidentes; e esta evidencia non debería sorprenden. É dicir, a constante galega, máis ou menos xenuína,¹ conflúe positiva ou negativamente nun sentido dialéctico, cos *espíritos* europeos.

Ben, pois tal é así que no tempo da Xeración Nós, das Irmandades, dos que se consideraban xa a si mesmos propios dun momento de rexurdir con entidade, mais sen nome definido, comezan a sucederse unha serie de manifestacións artísticas e literarias que procuran relacionarse máis activamente co/s xermolo/s europeo/s e, xa, extraeuropeo/s.² É dicir, é este un tempo no que o interese polo decorrer literario universal —que, por outro lado, coñece unha actividade sen parangón previo— se acentúa de xeito progresivo, como así o demostran tanto a produción feita dende as letras galegas como a acollida que se fai destas literaturas e ideas foráneas.

Falamos, dende logo, de influencia e confluencia, de cosmopolitismo modernista, de vangarda; e o caso galego non é alleo: Xoán Vicente Viqueira, o primeiro Cabanillas, o Risco máis orientalista e ecléctico, Rafael Dieste ou, dende logo, o seu paisano Manoel Antonio..., por destacar só algúns. Tales son os que precederon á xeración do 36, á que pertence, por idade, del Riego; e do seu sentir herdarán, como veremos a continuación, o interese e divulgación do decorrer literario universal.

A formación dun universo

Sentada a base, dispoñémonos ao concreto, a consideración que Del Riego ten pola literatura universal e contemporánea; a mirada atenta dun crítico literario en toda regra, cun ollar amplo, fino e atento ao movemento,

¹ A existencia de tal constante como xenuína en orixe, non de procedencia foránea, é discutible; mais non é este o lugar.

² Necesaria semella aquí unha matización, xa que tan incluído polo tempo da Ilustración foi Martín Sarmiento, como do romanticismo Xoán Manuel Pintos, como do simbolismo Pondal.

e ás direccións que tomaría tal movemento, das principais liñas da literatura do mundo.

Como se comprobará, a preocupación de definir o sistema literario galego, buscar a xenealoxía que o conforma, captar as diferentes esenciais que dentro del se atopan, foron xurdindo e cara onde foron e irán —en resumo, definir a literatura galega—; é a grande constante que atravesa a vida intelectual de Del Riego. Nada novo até aquí. Mais, ao xeito endocéntrico, con este núcleo, Del Riego era consciente da necesidade de descubrir os fíos tendidos ao longo de todos os sistemas literarios; de captar a comunicación entre tales sistemas para, en plena retroalimentación —positiva, asimilando, ou negativa, contraponendo—, innovar nas formas e sentidos de captar e explicar a realidade intersubxectivamente e de xeito xenuíno. Isto é, na literatura.

Para este labor, analizar o Del Riego crítico e atento á literatura do seu tempo, cinguímonos a continuación aos artigos que, cos pseudónimos de Salvador Lorenzana e Cosme Barreiros, publica en *Grial*; case estritamente, xa que consideramos que son unha mostra canon do seu labor, mais non obstante tomamos tamén en conta algunhas poucas mostras noutras publicacións. Ademais damos tamén conta dalgúns dos seus ensaios. Todo isto para mostrar o transcurso do seu pensamento e mais da súa teleoloxía, da súa intención galeguista centrípeta.

A primeira entrada de Del Riego —baixo o nome de Salvador Lorenzana— en *Grial*, é a seguinte, nun artigo sobre Aquilino Iglesia Alvariño (Fernández del Riego, 1963: 28):

A lírica galega, renacida e universalizada no verso dos tres grandes poetas románticos, enceta un novo ciclo coa xeneración que encabezan Noriega Varela e Ramón Cabanillas. O ciclo daquela aberto, ten a súa continuidade na promoción de Manuel Antonio e Amado Carballo, e na que despois personifican Cunqueiro, Iglesia Alvariño e Carballo Calero.

Noriega e Cabanillas promoven, de certo xeito, unha revolución literaria fronte á liña dos epígonos rosaliáns, da poesía tradicional. Dende iles pode decirse que non hai discontinuidade, rompimento esencial algún na nova xeira poética creada. Entre Noriega e Cabanillas e o momento de Manuel Antonio e Amado

Carballo, entre ístes e a promoción de Aquilino, Cunqueiro e Carballo Calero, entre os tres e os poetas mozos de arestora, o cambio, en cada caso, sinálase por crebas máis ou menos superficiás. Pero hai un tecido continuo por embaixo, e moitos elementos que sirven de laña eu ensambladura. Nunca unha rachadura definitiva.

A constante, o “tecido continuo por embaixo”: a pretendida xenitude galega; o cambio, as “crebas máis ou menos superficiás”: a atención e sensibilidade dos autores polo decorrer literario e artístico europeo.

A seguir, ademais, recolle no mesmo número primeiro de *Grial* un breve artigo, desta vez baixo o pseudónimo de Cosme Barreiros, no que relaciona a Rosalía de Castro con Azorín.

Nos seguintes números atopamos artigos sobre o luso Rodrigues Lapa (número 4) ou sobre o brasileiro Drummond de Andrade (número 5); dúas voces, como é ben sabido, con proxección universal, ben no eido da lingüística, ben na poesía. Realiza, do poeta brasileiro (Del Riego, 1964: 364), unha breve nota que condensa o esencial da súa poesía, mais son especialmente relevantes as seguintes palabras: “De certo, ista figura senlleira (...) é pouco conocida en Galicia. Mesmo cando os escritores galegos deberan amosarse particularmente atentes á poesía viva, craxadora, dona de valiosos recursos, que hoxe prolifera no grande país ultramarino da nosa propia fala”. Está aquí Del Riego actuando no seu papel de atento crítico da literatura universal, advertindo os seus contemporáneos para que atendan á literatura alén mar, mais escrita na súa fala.

Logo de atender tamén á figura de Picasso no mesmo número 5, ou á de Arturo Souto no número 6 —non hai só literatos baixo a súa atenta mirada universal, pois—, atopamos, no número 7, un xa máis extenso artigo no que se resumen as principais características da Xeración Nós, das que dende logo temos de traer á fronte as seguintes palabras (Del Riego, 1965: 81):

A regaleguización de Galicia chegará polo camino dun mergullárese nas esencias tradicionás, e polo do vencellamento ó mundo europeo (...) [Risco] traballa arreo na europeización da cultura galega e pon ó seu servizo unha técnica moderna. O seu degaro de saber lévao dende a poesía lírica de Oriente deica a ‘yurta’ de teas de ouro do simbolismo francés; da postura neosófica, reflexada

en ‘La Centuria’, chega á profesión galeguizadora que, en ‘Nos’, defende con vóos europeos.

Un apuntamento máis, logo, sobre o tema que tratamos.

En números seguintes atende o de Lourenzá á literatura francesa, ben achegándose á poesía e á vida de Paul Valéry —incluíndo unha tradución—, ben describindo sucintamente a novela gala de posguerra, previa ao seguinte *nouveau roman*, todo isto no número 9; ou ben dando os trazos fundamentais do teatro francés da mesma época de posguerra no número 10.

Pasamos a continuación a terreo xermano, ao atender Del Riego ao teatro didáctico de Bertolt Brecht, cunha fonda análise, no número 14; e analizar extensamente o *nouveau roman* francés, no número 19. Cómpre lembrar aquí que na data deste artigo, 1968, se está a dar, e a establecer, a Nova Narrativa no terreo galego, movemento que se considera irmán do seu contemporáneo galo. Ou o que é o mesmo, Del Riego permanece máis que atento á produción das xeracións máis novas nas letras galegas.³ No mesmo número, ademais, traduce ao poeta senegalés Léopold Sédar Senghor.

Seguindo con outro dos principais autores que sentan unha nova tendencia na literatura fai Salvador Lorenzana unha análise fonda, no número 21, do teatro do absurdo de Ionesco; á vez que mostra unha breve nota para lle dar voz aos novos movementos da literatura africana.

Tras unha tradución de Sartre no número 25, e outra de Sys no número 27, volve Del Riego a atender á literatura francesa, neste caso a unha figura e institución da altura de Albert Camus, do que realiza todo un resumo da súa obra e vida aos dez anos do seu pasamento. En paralelo á figura de Arxelia dá a continuación, no número 33, unha análise de Kafka, e unha de Henry Miller no número 37. Tres autores relativamente emparentados —cada un por suposto coa súa xenuína impronta— e unidos por un elo común existencialista froito do seu tempo. Non pase desapercibida, por outra banda, a lingua de expresión de cada un: francés, alemán e inglés, linguas de maior proxección na primeira metade do XX.

³ O conflito entre as tales xeracións máis novas e o xa establecido grupo Galaxia é máis ca coñecido; do mesmo xeito cá diferente sensibilidade para cos tales máis novos de Del Riego a diferenza de, por exemplo, Ramón Piñeiro.

A seguinte parada, tras unha tradución de Ivo Andrić no número 37, unha do antropólogo estruturalista Lévi-Strauss no número 48, e outra de Michel Butor no 51, chegamos a Proust, sobre o cal atopamos unha pormenorizada análise, en todos os aspectos, rodeada cun certo pulo de admiración palpable. Por suposto é aquí consciente Del Riego de que está a tratar dun dos grandes novelistas de todos os tempos, xunto a James Joyce o creador da novela contemporánea, e o influxo que un autor destas características puido ter na literatura universal é simplemente asumido.

Pasando por un radical —de ir ao raizame— artigo sobre Cabanillas, no número 54, do que afirma de entre moitas outras ideas a dobre vertente que vimos dando aquí: “hai na época cabanillesca de algún dos seus libros iniciáis, un afán ‘novo estilo’ e un certo coñecemento dos ‘raros’ europeos, mesturados a un coorismo enumerativo non desprendido aínda da estrutura romántica” (Del Riego, 1976: 421), mentres que “de todos xeitos [Cabanillas], recibíu de esguello o influxo modernista”; e pasando tamén por un resumo da relación entre Teixeira de Pascoaes cos da Xeración Nós, no número seguinte, e mais por unha tradución de Italo Calvino no número 56; chegamos, no número contiguo, a un excelente resumo da estética, filosofía e mesmo vida do primeiro poeta moderno, maldito e actual, Charles Baudelaire, que Del Riego realiza a modo epistolar, presumiblemente dirixido ao seu amigo Cunqueiro —talvez a Ramón Piñeiro—, lembrando as antigas discusións sobre o iniciador do simbolismo, ou supernaturalismo.

Detención seguinte atopamos tras unha serie de traducións de grandes da literatura universal; de Luis Marré no número 60, de Raymond Queneau no 61, de Alphonse Allais no 67, de Saint-John Perse no 75, de Alberto Moravia no 76 e de Lady Gregory no número 77. Isto para chegar a un artigo sobre outro dos autores galegos máis influenciados polo devagar europeo, Rafael Dieste, no número 78, do que dá conta da súa estética dende o profeso cariño do propio Del Riego. Ademais, neste mesmo exemplar, realiza unha recensión da obra dramática por antonomasia do rianxeiro, *A fiestra baldeira*.

Segue a continuación o de Lourenzá coa tradución, dun orixinal de Boleslaw Lesmian, no número 81, e doutro de Italo Calvino no 82. É precisamente sobre o escritor italiano nacido en Cuba a do número 90, onde se dá conta do seu pasamento. Xa das últimas entradas que atopamos

de Del Riego en *Grial* son a tradución de poemas do malgache Jean Joseph Rabearivelo, do senegalés Sédar Senghor e do bordelés de ascendencia africana David Diop no número 97, e mais outra tradución, neste caso dun orixinal de Hectore Eande; todo isto para rematar cun artigo no que aproxima a figura do novelista brasileiro Guimarães Rosa, talvez dos máis internacionais do país latinoamericano. Estas dúas últimas entradas, no número 98.

Son todas estas anteriores as colaboracións de Del Riego nas que trata, extensa e explicitamente, autorías de calado na literatura universal; non obstante tamén atopamos varias recensións breves de varios libros xustamente no tramo de tempo que ocupan os artigos que recollemos. Son estas recensións na súa maioría de libros de recente aparición no momento da propia recensión e, igualmente na súa maior parte, de libros dentro do sistema literario galego.

Unha vez atendidas as achegas que Del Riego fai sobre a literatura universal ao longo dos cen primeiros números de *Grial* —mesma época na que a dirixe—, cómprenos atender moi sucintamente a artigos que atopamos noutras publicacións periódicas, aínda que sexa só mencionar algunhas delas. “Onte, hoxe e mañá na nosa lírica”, no número 3 e “Lope de Vega, e Goethe” no número 6 de *Alba*, ambos traballos inscritos na literatura comparada; no número 9 de *Dorna*, con “Panorámica das letras galegas contemporáneas”; “O autóctono e o universal” do número de xuño/xullo de 1989 da revista *Alborada* do Centro Gallego de Barcelona; ou “Relembrando a Goethe, hoxe”, no número 9 do *Boletín Galego de Literatura*, onde realiza un resumo da vida e obra do autor do *Fausto*, polo que Del Riego parecía sentir certo aprecio especial.

Non obstante temos de ter en conta as súas colaboracións nos medios de difusión escrita tamén na Galicia exiliada, de alén mar, que foi tamén numerosísima e de ampla temática. Para sintetizar, cómpre traermos á lectura o seguinte extracto da revista *Lar* de Buenos Aires (Del Riego, 1955: 45-46), que condensa perfectamente a idea deste artigo:

Pois, ¿cómo se anovan os pobos, a humanidade? ¿Partindo dunha táboa rasa? ¿Quiá! O porvir nútrese das reservas espirituás e inteletuás do pasado, disponibilidades da tradición, esquecidas ás veces, subsistentes e valedoiras sempre (...) Crarifcado o feito diferencial da propia cultura, a tarefa de hoxe está en atopar a unidade de espírito do país. Porque decontado virá o noso

crasicismo. A unidade espiritual sustantiva pra o pensamento e a filosofía de Galicia. Veleiqué o motivo de que a obra galeguizadora se amosa en dobre senso: dunha beira, a nota introspeitiva; doutra, o anxeio universalizador (...) Galicia fitando pra sí mesma, sin o espellismo de fórmulas estranas. E decir, estudo da terra e da vida galegas (...) Mais iste labor non sería dabondo. Sabemos que pra valorizar unha cultura hai que a mergullar nos aires universás. Soio mantendo un contaio vivo e permañente co mundo, acadaremos diñificar e prestixiar a propia criación. O contrario, o faguer unha cultura de tipo doméstico, local, levaríamos (sic) á caída no máis cómico i estéril narcisismo.

O epicentro do universo

Xa no comezo absoluto da obra delriegana aparece unha necesidade de difusión da literatura universal. Tal é o que mostra a aparición na publicación de pequenísima traxectoria *Universitarios*, cunhas páxinas dedicadas exclusivamente a títulos transcendentais na historia da literatura no suplemento ao seu primeiro número que leva por título, precisamente, “Obras escogidas de la literatura universal”. Falamos aquí de 1932, cando Del Riego contaba con 19 anos.⁴ Está conformado este suplemento dunha serie de fichas nas que se pretende unha

ambiciosa selección de obras de las literaturas de todos los tiempos. Obras escogidas, no *obras maestras*. Y menos aun, *las cien obras maestras* [destacados no orixinal]. Con ello eludimos el riesgo dogmaticista, agravado de nacionalismo literario, en que incurrió Lubbock” (Cuquejo Enríquez e Alonso Girgado, 2005: 54).

É dicir, toda unha xenealoxía xeral da literatura universal, iniciando esta en Exipto e a India, pasando por toda a literatura grega e latina clásicas mais unha rápida visión de obras medievais para, finalmente, dar títulos xa da Idade Moderna que inicia, nesta particular relación de obras, no *Eloxio da loucura* de Erasmo de Rotterdam. Os sistemas literarios que nesta última parte se recollen son o francés, inglés (até o XVIII), alemán, italiano e ruso (este derradeiro dos séculos XIX e XX).

⁴ E lembremos tamén o peso de Fernández del Riego nesta publicación, chegando a ser o director da segunda entrega. Para ampliar, *vid.* Cuquejo Enríquez e Alonso Girgado, 2005.

universitarios

revista de la f. u. e.

(suplemento)

obras escogidas de la literatura universal

septiembre 1966.

impresa vna

traducción española de Rodríguez Navas.
Edit. L. Michaud, París.)
Bavajad-Gita (Traducción Federico Climent.
Ant.º Roch, Barcelona)
Hitopadesa (Versión de Alemany y Bolufer.
Edic. Granada, 1895.)
Kamasutra (Edit. Biblos, Barcelona.) Sakuntala
(Clásicos «Cervantes».)
Evangelio de Buda (Versión de Pablo Carás.
Edit. Beltrán).
R. Pischel: Vida y doctrina de Buda (Revista de
Occidente.)

CHINA

Cuentos populares de China (Publicación Revista
de Occidente).
R. Wilhem: Kongtsé (Confucio Revista de Occi-
dente).

ISRAEL

Biblia (Versión de Cipriano de Varela.)
Sociedad de Estudios bíblicos. Oxford. Véase
apéndice pág. 15.

GRECIA

Homero: Odisea (Edit. Prometeo, Valencia.—

Vid. clásicos greco-latinos, Bernat Metge,
Barcelona; y clásicos «Belles Lletres», Pa-
ris: Colección Budé). La *Iliada* (Bergua).
Esquilo: Tragedias (Versión de F. S. Brieva Sal-
vatierra. Sucres. Hernando).
Sófocles: Tragedias (Versión de Alemany Bolufer
Sucesores Hernando.)
Aristófanes: Comedias (Edit. Prometeo Va-
lencia.)
Antología de poetas griegos (Clásicos, «Cer-
vantes».)
Idilios de Teócrito (Sucesores Hernando.)
Jenofonte: Apología de Sócrates. El banquete
(Edit. Prometeo, Valencia).
Platón: Diálogos dogmáticos. La República
(«Bibl. Clásica», Scres. Hernando.)
Plutarco: Vidas Paralelas (Edit. Calpe, Colección
Universal).
Luciano de Samosata: Diálogos Satíricos («Bi-
blioteca Clásica», Hernando.)
Eurípides: Tragedias («Biblit. Clásica».)

ROMA

Plauto: Comedias (Edit. Prometeo, Valencia)

— 6 —

— 7 —

Reproducción do suplemento de *Universitarios*

A atención de Del Riego ao decorrer das letras universais non quedou só condensada en artigos recollidos en publicacións compartidas. De tal calado é a importancia que o de Lourenzá prestaba aos espíritos que recorrían as letras de Europa, do mundo occidental, e mesmo do máis oriental

e occidentalizado, que deixou ao longo dos seus ensaios varias análises que dende logo influíron en todo o sistema literario, e de pensamento, galego. De feito mesmo algúns dos seus títulos están adicados expresa e completamente á literatura universal do seu tempo. Isto é, non só pretendía Del Riego dar difusión en colaboracións grupais e de ampla posibilidade temaria —*Grial, A Nosa Terra*, o *Boletín Galego de Literatura*...—, cunha posibilidade de acollida social e divulgativa máis numerosa —se ben igualmente especializada—; senón que, consciente do valor de conectar o camiño galego cos camiños europeos, concibiu ensaios para afondar con toda a súa potencia intelectual nas correntes da época.

O principal destes ensaios levou por nome *Letras do noso tempo*, publicado no ano 1974 por Galaxia, se ben previamente recibira unha breve nota, con autoría de Carlos Durán, no número 46 de *Grial*. Este ensaio, “unha presada de ensaios cortos adicados aos principáis representantes das literaturas contemporáns máis destacadas, coas soias esceicións da rusa e da xaponesa” segundo o mesmo Durán na súa recensión do libro (1974), supón todo el unha punta de lanza mediante a que a literatura galega se aproxima á literatura universal, sobre todo á “literatura en inglés e francés [que] é do millor que se pode atopar hoxe en calquera lingua culta e podería mesmo servir pra un curso de introdución a esas literaturas”.

O libro é efectivamente unha aproximación aos principais movementos da literatura universal dos últimos cincuenta anos, dende o primeiro cuarto do século XX á presente no momento da década dos setenta. Como adianta Durán na súa nota, o libro afonda esencialmente nas literaturas do ámbito anglófono e francófono, se ben tamén se abeira á literatura grega, italiana, alemá e latinoamericana, con dous capítulos especialmente dedicados aos novos camiños da dramaturxia onde se inclúe un foco especial ao teatro do absurdo.

A ficha de autores e movementos literarios é exhaustiva; na vía estadounidense John dos Passos, Hemingway, Faulkner e Steinbeck —aos que fai partícipes dunha liña común cos seus respectivos sinais de identidade individuais, tendendo pontes con Unamuno, por exemplo, no caso do autor das *Viñas da ira* (tradución do propio del Riego de *The Grapes of Wrath*)— xunto ao “enfant terrible” Henry Miller e aos máis sociais Norman Mailer, Capote e Styron; sen esquecer por suposto a todo o movemento beat, cos

poetas William Burroughs, Allen Ginsberg e o novelista Jack Kerouac á cabeza —este último o de máis fonda análise no libro.

Pola banda francesa quere Del Riego destacar dous movementos esenciais e correlativos, o existencialismo —de Sartre, Simone de Beauvoir e Camus— e o *nouveau roman* —de Robbe-Grillet, Sarraute, Butor, Duras e Claude Simon—; aínda que sen pasar por alto un autor que sae de todo movemento, Louis Ferdinand Destouche, Céline, e o seu *Voyage au bout de la nuit*. Mentres que do ámbito británico, xa de forma máis condensada, destaca soamente tres autores, Graham Green, William Golding e máis Durrell; e do grego, igualmente sucinto, dous, Kazantzakis e o premio Nobel Seferis.

Prosegue este conxunto de pequenos ensaios co neorrealismo italiano, onde o de Lourenzá analiza as figuras de Dino Buzzati, Alberto Moravia, Elio Vittorini, Cesare Pavese, Pier Paolo Pasolini, Vasco Pratolini, Italo Calvino, Ignazio Silone, Carlo Cassola e a de Giorgio Bassani. A todos estes, como non pode ser doutro xeito, relaciónaos entre si e, ademais, co fenómeno neorrealista producido no ámbito cinematográfico.

O punto seguinte é o dos novelistas alemáns de posguerra agrupados ao redor do chamado “grupo 47”, non sen antes deterse en tres destacados novelistas da xeración anterior, Robert Musil, Hans Erich Nossack e Hermann Kasack. Do mencionado grupo analiza as figuras de Günter Grass —ao cal concede o posto de ser o máis destacable—, Heinrich Böll, Martin Walser e Peter Handke.

Finaliza a análise de autores segundo o sistema literario ao que pertencen coa entrada do “orbe novo”; é dicir, a literatura latinoamericana. Os nomes que aquí destaca Del Riego son os de Jorge Luis Borges, Miguel Ángel Asturias, Mario Vargas Llosa, Gabriel García Márquez, Juan Rulfo, Alejo Carpentier, Julio Cortázar e, o único do ámbito lusófono, Guimarães Rosa. Como se pode comprobar, é esta unha ficha de autores diversa e co único punto en común do outras tantas veces chamado “boom latinoamericano”.

Os últimos dous capítulos son dedicados exclusivamente, e á parte, ao teatro, de tal xeito que por un lado se presenta unha casuística constituída polas figuras de Bertolt Brecht, Peter Weiss, Friedrich Dürrenmatt, Max

Frisch, Jean Anouilh, Arthur Miller, Tennessee Williams e Tankred Dorst; é dicir, todo un conxunto de formas e estéticas teatrais do máis diverso signo. E por outro lado ofrécese un capítulo dedicado exclusivamente ao teatro do absurdo, constituído polos dramaturgos Samuel Beckett, Eugène Ionesco, Arthur Adamov, Jean Genet e o caso particular do teatro denominado Off-Off-Broadway norteamericano —chama a atención, poderíamos engadir, a non aparición dunhas páxinas dedicadas ao teatro de Antonin Artaud, considerado a maior influencia deste xénero.

Todos os capítulos, a excepción dos dedicados aos escritores británicos, gregos e alemáns, están presentados por unha pequena introdución que dá o contexto e os trazos máis comúns que definen o conxunto de autores en cuestión. Ademais cómpre mencionar que a condensación de información para cada un dos tales autores é total, xa que non excede ningún deles practicamente das tres páxinas de análise.

Como se pode comprobar é este un pequeno manual que posibilitou na súa época o coñecemento e espallamento dos movementos da literatura contemporánea máis directa, o que sen dúbida debeu resultar crucial para a vitalidade da literatura galega nos igualmente cruciais anos setenta, anos de conformación e reafirmación do actual sistema literario galego. Tal proba son as palabras do devandito Durán: “E penso que contar cun libro así en galego préstalle un prestixio indubidábel á nosa lingua e ao seu espallamento editorial” (1974: 503).

As nebulosas do universo

Se ben *Letras do noso tempo* pode resultar a obra máis destacable dentro da bibliografía de Del Riego dedicada ao coñecemento e espallamento da literatura universal, non podemos esquecer algunhas outras que merecen mención, como poden ser a anterior *Galicia no espello* (1954) ou as posteriores *As letras de fora na literatura galega* (1979) e *Presencias italianas na literatura de Cunqueiro* (1980-1997). Ademais outras que tamén tratan o tema de xeito máis tanxencial son *Escritores do Portugal e do Brasil* (1984), *Galicia hoy y el resto del mundo: Neomozárabes y neomudéjares a cien años del nacimiento de Castela* (1990), *Os escritores galegos e Iberoamérica* (2000) e *Las relaciones galaico-portuguesas: las fronteras invisibles/Relações galaico-portuguesas: as fronteiras invisíveis* (2000). E por suposto deixou constancia o propio Del

Riego do que supuxo para el a literatura universal nas súas memorias *O río do tempo. Unha historia vivida* —“Alá pola década dos sesenta andei a me mergullar no mundo da novelística e a dramática europea e americana da miña contemporaneidade” (1990: 304)— e *Camiño andado* —abondosas son as citas a libros da literatura universal e a relación que o mesmo Del Riego mantivo con eles; exemplos son as seguintes: “Xa de neno gustaba das páxinas dos irmáns Grimm, de Kipling ou de Verne. Na época do bacharelato sentía preferencia polos autores románticos, Byron e Heine en particular”, e “Non me faltaba de seguir as traxectorias da novela contemporánea (...) Tamén tiraban de min, como lector, os dramaturgos (...) De todos eles e de moitos máis teño escrito repetidas impresións en xornais e revistas” (2003: 157-158)—. Cómpre subliñar o específico substantivo “impresións” na contra de “análises” ou “descricións”; tal dá conta dun afán de divulgación dado dende a sensibilidade psicolóxica, intuitiva, mais non dende un criterio científico ou metodolóxico definido.

O infinito é o universo

Así, mediante estas referencias, é factible comprobar a formación de Del Riego en relación ao clima literario do seu tempo e chegar a unha conclusión da época que el mesmo viviu, tanto da literatura universal como da literatura galega. Non pase por alto a súa idea, distante en boa medida da de outros dos seus contemporáneos, de aceptación, en canto á recepción, da literatura externa á galega; mais sempre dentro duns parámetros que, dende a perspectiva esencialista mantida dende a reafirmación da Xeración Nós, mantivo, o de Lourenzá, ao longo de toda a súa traxectoria vital e intelectual.

Nin pase por alto a súa impronta neste terreo, que se analizamos dende *emic* é total, todo un coetáneo do criterio filolóxico que Carballo Calero presenta na súa historiografía (1981) —se ben os dous amigos non compartían o mesmo punto de vista— e mais un precursor en canto aos parámetros e á sensibilidade para coa literatura universal en relación á galega que se pode atopar en, por exemplo, a historia de Xosé Ramón Pena (2013 a 2019). E tamén dende *etic*, ao constituír para a literatura galega, e universal, todo el unha institución de enlace e elo entre contrarios que posibilita, mediante tal contradición, a vitalidade da literatura.

Bibliografía

- Alonso Girgado, Luís (ed.) (1995): *Alba. Hojas de poesía/Follas de poesía*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro (edición facsimilar).
- Angueira, Anxo (2019): *Rexurdimento: a palabra e a idea*. Vigo: Edicións Xerais.
- Carballo Calero, Ricardo (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Cuquejo Enríquez, María e Luís Alonso Girgado (eds.) (2005): *Universitarios. Revista de la F.U.E (Santiago de Compostela, 1932-1933)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades.
- Durán, Carlos (1974): “*Letras do noso tempo*, por Francisco Fernández del Riego”, *Grial*, 46, pp. 501-503.
- Fernández del Riego, Francisco (1955): “O camiño da nosa cultura”, *Lar. Revista mensual de la Asociación Gallega de Beneficencia y Mutualidad*. pp. 45-46.
- _____ (1963): “Iglesia Alvariño: poeta e humanista”, *Grial*, 1, pp. 28-43.
- _____ (1964): “Drummond de Andrade e a realidade do seu tempo”, *Grial*, 5, pp. 364-367.
- _____ (1965): “A Xeneración 'Nós' na cultura galega”, *Grial*, 7, pp. 75-87.
- _____ (1974): *Letras do noso tempo*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1976): “Home do seu país e poeta do seu tempo”, *Grial*, 54, pp. 417-432.
- _____ (1981): *Do posmodernismo aos novos*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1985): “Panorámica das letras galegas contemporáneas”, *Dorna*, 9, pp. 155-159.
- _____ (1989): “O autóctono e o universal”, *Alborada*, p. 6.
- _____ (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1993): “Relembrando a Goethe, hoxe”, *Boletín Galego de Literatura*, 9, pp. 89-96.
- _____ (1995): “Prólogo”, en *De Rosalía a Dieste: 33 anos das letras*. Vigo: Edicións Xerais.
- _____ (2003): *Camiño andado*. Vigo: Edicións Xerais.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Edicións Xerais.
- Pena, Xosé Ramón (2013 a 2019): *Historia da literatura galega*. Vigo: Edicións Xerais.

Hermeneuta da nación: Francisco Fernández del Riego e a filosofía galega

Xosé L. Pastoriza Rozas
(Universidade de Santiago de Compostela)

“Loitador pola idea de Galicia”, “luz que ilumina o país” (Malores Villanueva), “obreiro do galeguismo” (Ramón Nicolás), “guieiro truncado” (Ramón Villares), “pulmón e músculo” (Víctor F. Freixanes), “ourive das palabras” (Xosé M. Beiras), “patriota e activista” (X. L. Méndez Ferrín), “vitalismo militante” (Andrés Torres Queiruga), “guerrero del galleguismo” (Ceferino de Blas), “xeoloxía rotunda e cósmica na historia natural do galeguismo” (Xaime Isla)... Levantar acta da exuberante creatividade de eloxios, louvanzas, símiles e metáforas para describir a transcendencia histórica, cultural e política de Paco del Riego resulta practicamente interminable. Un gurgullar a fío que tenta facer xustiza ao valor prometeico dun dos máis senlleiros guieiros do rexurdimento, resistencia e renacemento de Galicia como nación no século XX.

A súa rexa e lúcida lonxevidade agasalounos cun ronsel de emotivas, plurais e merecidas homenaxes e recoñecementos (VV. AA, 1975, 1992 e 2002; Cabrera e Villanueva, 2013). Esta visibilidade pública —“o intelectual galego máis visible despois de Otero Pedrayo”, segundo Xosé L. Franco Grande (2013: 45)— reforzouse polo feito de que estamos perante o integrante da Xeración Galaxia máis biografado (Franco Grande, 2000; Mascato, 2002; López e Román, 2011; Cabrera e Villanueva, 2013; Blas, 2013; Villanueva, 2023; Nicolás, 2022). Biografías baseadas en conversas e entrevistas (Conde, 2018; Villanueva, 2023), e nos libros de memorias que Del Riego deitou como testemuño histórico da resistencia política e do renacemento cultural protagonizado pola xeración da que formou parte (Fernández del Riego, 1994, 1996, 2003).

Malia a paixón biográfica da que foi obxecto, aínda sentimos saudades dun traballo miúdo de análise da súa biografía intelectual que sitúe o seu hercúleo traballo publicista, divulgador, promotor e escritor na matriz ideolóxica e política do nacionalismo galego.¹ Outrosí, a peneira dos estudos relativos ás múltiples facetas de Del Riego detecta un baleiro na análise do

¹ A produción escrita de Del Riego ten sido caracterizada como “oceánica” (Nicolás, 2023: 99), con máis de 4.000 artigos espallados en xornais e revistas, autor de 159 monografías, e prologuista, editor, escolmador e tradutor en 96 títulos.

seu rol fulcral como “hermeneuta da nación” no marco da súa vivencia comprometida e teimuda reflexión intelectual verbo das notas esenciais da alma, espírito ou fisionomía espiritual de Galicia. “Notas esenciais” que constituíron o miolo do programa-equipos de ensaísmo filosófico en galego promovido pola Xeración Galaxia.

A boa nova vén sendo que o profesor Justo Beramendi (2023) xa ten abordado de xeito pioneiro a reconstrución do ideosistema xuvenil dun dos máis activos e senlleiros representantes da xeración dos “primeiros nativos nacionalistas” (Beramendi, 2002). Complementariamente, habería que trazar as variacións vitais que esta matriz ideolóxica despregou no río do tempo vivido, pero resulta cabal —no marco da “insubornable coherencia galeguista” de Del Riego (Sixto, 1975: 209)—, manter a hipótese de que os elementos fulcrais do seu ideosistema de mocidade se mantiveron estables, mais ficaron espallados na súa farturenta produción como escritor.²

Consonte á análise de Beramendi, estamos perante un nacionalista liberal-demócrata, federalista, europeísta, pacifista, antifascista, antitotalitario, románticista, antiimperialista e preocupado polo problema de Galicia e os problemas de Galicia, especialmente os de natureza política e cultural. Ao longo de toda a súa vida, recoñeceu a débeda formativa galeguista con Vicente Risco e a súa conceptualización orgánico-historicista da nación (Fernández del Riego, 1993: 6) mais mantivo diferenzas con este, como salienta Beramendi, na súa valoración da conciencia e vontade nacionais e dos procesos decimonónicos de liberación das nacións naturais e históricas.

En Del Riego pódese identificar, logo, o cerne dun ideosistema que agroma e se fundamenta durante a súa mocidade na II República e que finca na declaración de Galicia como nación. Para Del Riego, Galicia é unha terra, unha unidade social diferenciada, unha cultura, un espírito, unha lingua orixinal e unha historia e tradición que a dotan dunha “personalidade de seu” sometida a un proceso de desgaleguización, colonización política e cultural e esquecemento. Galicia será redimida e rexurdirá grazas a un movemento de

² No seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, do ano 1960, pódese verificar a vixencia e continuidade do ideosistema nacionalista xuvenil de Del Riego (Fernández del Riego, 1973), unha fidelidade reflectida de vez nos estudos introdutorios aos libros dedicados ao pensamento galeguista do século XIX e XX (Fernández del Riego, 1983a e 1983b).

“mocidade rebelde” e “patriotas fanáticos, dispostos ao mais sublime sacrificio pol-a sua liberdade” que, nunha “mancomunidade de esforzos”, combata prexuízos, recree Galicia como nacionalidade e universalice a súa cultura e historia (Fernández del Riego, 1934). Unha mocidade pura, rebelde, inadaptada, subversiva, antiimperialista, avangarda do espírito galego, restauradora, revolucionaria, orixinal, antimimética, e quen de manterse fiel á lingua galega e ao mandato: “Fe —Forza y Espranza— pra loitar e vencer” (Fernández del Riego, 1933). Un espírito irredento de rebeldía, disidencia e insubmisión que se mantivo aceso até a súa morte.³ Porque como afirmaba do Padre Feijóo, “La inteligencia implica originalidad; y la originalidad es rebeldía. Cuanto más inteligente sea un hombre, más rebelde será. Es decir, menos conformista, menos aceptador de lo ya hecho, de lo ya pensado, de lo ya sentido” (Fernández del Riego, 2005: 23).

Sen oportunidade de meirande afondamento teórico durante a longa noite de pedra, estas ideas permanecerán como unha presenza estable que inspira o seu compromiso ético e vital de “queimar a vida por Galicia” para regaleguizala e fornecer aos galegos e galegas dunha conciencia de país a través da recuperación das esenciais autóctonas obxectivas (lingua, cultura, espírito) dun pobo nunha Terra e na súa Historia (Fernández del Riego, 1996: 7-12). Unicamente identificamos un troco no paso da mocidade á adultez, a transición dunha postura retoricamente agresiva cara a un pacifismo radical. Unha transformación que acontece durante a guerra civil, cando vive en carne propia as consecuencias da violencia fratricida, a intolerancia ideolóxica e a vontade de exterminio do adversario. Unha mutación metafórica da “dialéctica do fouciño” cara á dialéctica da pluma (Fernández del Riego, 1934), ou no seu caso, da máquina de escribir.

Xa que logo, o proceso de maduración intelectual deste ideosistema viuse atrancado pola doma e castración da liberdade que sufriron os “nativos nacionalistas” superviventes da persecución, a guerra, a represión, o cárcere e o exterminio durante o franquismo. En consecuencia, viviu como un “guieiro truncado” cos “vieiros choídos” para a política, a docencia ou a creación intelectual libre (Villares, 2002). Porque durante as dúas primeiras

³ Unha fidelidade ao espírito rebelde da mocidade mesmo na senectude, como lembra Xurxo Martínez (2013: 55).

décadas da ditadura franquista, Del Riego viuse fozado ao monolingüismo creativo en castelán e á autocensura, renuncias que non evitaron a vixilancia, represión, detencións e torturas. Daquela o espazo de liberdade creativa vaino atopar tanto na escrita baixo pseudónimos —sendo Salvador Lorenzana e Cosme Barreiros os máis empregados— como na mesta rede de publicacións promovidas pola diáspora emigrada e exiliada na “Galiza ideal” onde o seu galego campaba rufo.⁴ Nas condicións de liberdade da prensa alén mar, rexurdía o militante nacionalista, o loitador antifascista e antiimperialista, o humanista socialista, o amante da liberdade e da democracia, e o acedo crítico social e político.⁵ Por este motivo, resulta recomendable explorar os textos publicados en América, porque neles se transparenta a expresión máis xenuína do seu pensamento sen mordazas e sen medo.

Estamos, logo, perante a biografía intelectual dun dos líderes da autodenominada “xeración dos realizadores”,⁶ ou Xeración Galaxia (Fernández del Riego, 1996), na que sobrancearon Del Riego canda a Ramón Piñeiro e Xaime Isla Couto. Con todo, a primeira identidade xeracional asumírona como a xeración das Mocedades Galeguistas, compartindo a conciencia de colaboraren durante a II República co auténtico Rexurdimento de Galicia (Angueira, 2019). Un rexurdimento mudado en proceso de resistencia e restauración político-cultural durante o franquismo por causa da mutilación e machadazo da guerra civil, os asasinatos dos irmáns galeguistas, o forzado silencio e desmemoria, as lealdades reviradas, a derrota da loita política partidista clandestina, e o forzado exilio dos guieiros das xeracións anteriores. Unha misión de “realización no fracaso”, en verbas de Xaime Isla (Pastoriza, 2015: 48 e seguintes), que se artellou nunha empresa mercantil que deu cobertura legal á actividade pública e somerxida da disidencia galeguista en Galicia, a Editorial Galaxia (1950).

⁴ O Consello de Cultura Galega ten escolmado e dixitalizado 471 artigos publicados en América. Pódese consultar no cartafol dixital de prensa *Francisco Fernández del Riego. Correspondente para América*. http://consellodacultura.gal/prensa/del_riego.php

⁵ Como se pode comprobar, por exemplo, nos artigos que —asinados como Leixaprén— son publicados en 1954 e 1955 na revista *Adiante. Órgão das Mocedades Galeguistas (Filial de Irmandade Galega)* (Fernández del Riego, 1954a e 1955c).

⁶ “Dentro da historia do galeguismo nós seremos a xeneración dos ‘realizadores’. Coido que nunca se fixo menos propaganda e máis obra positiva que a que se está a facer”, carta de Ramón Piñeiro a Francisco F. del Riego, Compostela, 28/1/1958 (Fernández del Riego, 2000: 135).

O plan de crear unha editorial galega que dese continuidade á esmagada Editorial Nós agromou nas primeiras xuntanzas clandestinas do Partido Galeguista en Vigo entre 1943 e 1946. Mais a detención e encarceramento de Ramón Piñeiro en 1946, o fracaso do Servizo de Edicións, Publicacións e Traducións (SEPT, 1946-1947) e a prohibición en 1950 de continuar coa publicación do *Suplemento de los Sábados* do xornal compostelán *La Noche*, motivaron a Del Riego e a Xaime Isla a acelerar o proceso de constitución dunha sociedade anónima por accións que acubillase a estrutura e militancia do Partido Galeguista.⁷

Ramón Piñeiro, afastado desta iniciativa por atoparse encarcerado en Madrid e, unha vez cumprida a condena, incapacitado por unha doenza na vista, era informado puntualmente por Del Riego. E, desde a distancia, expresaba o seu compromiso cos “altos ideais para que a vida teña sentido” e para que “a nosa alma arda nunha labarada de entusiasmo”.⁸ Porque por mediación da nacente editorial acadaríase que a alma galega comezase a sentir a “pasión dramática da liberdade, que é a única pasión salvadora dos homes e dos pobos”. As novas do proxecto redentor e liberador da editora produciron en Piñeiro a “ledicia íntima” de contactar co “rexurdimento das vellas arelas” onde Del Riego tiña o “honor de ser un dos guieiros de tal rexurdemento”.⁹

O deseño da editorial ía alén da mera edición e venda de libros galegos e libros en galego. A súa estratexia estaba constituída por sete misións:

Quebrar o illamento moral e renovar o galeguismo, acadar a presenza de Galicia no mundo a través do prestixio da súa cultura; tomar contacto coa mocidade universitaria galega e incorporala ás tarefas de responsabilidade que lles ían ser demandadas como xeración; estudo sistemático da realidade económica de Galicia e a súa actividade divulgadora acerca dos seus problemas económico-sociais; a creación de centros e bibliotecas especializadas para dotar

⁷ Sobre a primixenia SEPT, *vid.* Pastoriza, 2020; sobre a creación e deseño da Editorial Galaxia, *vid.* Villanueva, 2015, 2020 e Vidal, 2020; para unha visión global do proceso de resistencia editorial, idiomática e cultural, *vid.* Monteagudo, 2021.

⁸ Carta de Ramón Piñeiro a Francisco F. del Riego, Madrid, 16/3/1949 (Fernández del Riego, 2000, p. 23).

⁹ Carta de Ramón Piñeiro a Francisco F. del Riego, Lugo, 1/8/1949 (Fernández del Riego, 2000: 24-25).

a Galicia da máxima autonomía cultural; atender a formación de xente nova conseguindo pensións para estadias temporais no estranxeiro, e, sobre todo, levar a cabo o estudo científico do idioma tratando de constituír un equipo de lingüistas e filólogos.¹⁰

Mais estas sete misións debían de desenvolverse a través dun comprometido traballo en equipo. Unha verba, “equipo”, que permite describir a Galaxia como unha editorial-equipo,¹¹ que editaba libros-equipo¹² e revistas-equipo (*Grial. Revista galega de cultura* e *Revista de Economía de Galicia*) e desenvolvía un programa-equipo:

E penso que este labor —no que empeñamos con ardimento e gozo entusiasta, a nosa vida enteira— foi un exemplo humano, vivencia e expresión, de irmandade galeguista, de solidario e compenetrado traballo en equipo, dentro do cal, a miña aportación, foi mais ben a de proxectista ou ideador, deseñador de iniciativas e realizacións, que non valerían ren sen o valemto e a sustentación esencial do pensamento creador, a prudente sabiduría e o rigor ético de Ramón Piñeiro, e da enerxía vital e rexa, da lucidez apaixonada e da eficacia operativa de Paco del Riego, xunto con outras moitas e valiosas axudas (Isla, 1992: 8-9).

Un equipo motivado e inspirado por unha épica de rebeldía, resistencia, reconquista e entusiasmo, como ben cedo o aínda preso Piñeiro lle comunica a Del Riego en agosto de 1948:

¿Teremos folgos para acometer con alta cobiza e rexa vontade a empresa de superar a nosa actitude tradicional de pasivo lirismo cunha nova actitude de máis resonancias épicas? Isto sería entrar de novo na Historia, que é a meta irrenunciábel dos pobos que teñen conciencia de si mesmos.¹³

¹⁰ Informe de Compostela. Apartado “Galaxia”, 1957 (Biblioteca Francisco Fernández del Riego. Fundación Penzol).

¹¹ Interpretación que atravesa o conxunto do ensaio de Del Riego (1996) dedicado á Xeración Galaxia.

¹² Expresión de Del Riego en carta a Luís Seoane, Vigo, 30/11/1950: “El propósito es que a comienzos de año aparezca el primer libro-equipo o libro-clan” (Fondo Luís Seoane, Fundación Luís Seoane).

¹³ Carta de Ramón Piñeiro a Francisco F. del Riego, Lugo, 1/8/1949 (Fernández del Riego, 2000: 24-25).

E, nesta mesma carta, Piñeiro comparte con Del Riego unha reflexión transcendental para a historia do pensamento filosófico galego:

Penso que sería interesante chegar a unha determinación rigurosa de cáles son as notas esenciais da nosa alma, os rasgos constitutivos da verdadeira fisionomía espiritual de Galicia, as cualidades realmente características da mentalidade galega.

Para abordar este proxecto, o programa-equipo da Editorial Galaxia incluíu a Filosofía, a través do ensaio, como un dos elementos nucleares no proceso de reivindicación do prestixio da lingua e da cultura galegas para facer fronte á opinión de senlleiros intelectuais e filólogos españois que negaban á lingua galega a capacidade para ser empregada no eido científico e filosófico.¹⁴ No traballo colectivo para facer da lingua galega un “medio total de expresión” coincidiron felizmente toda unha serie de talentos e personalidades intelectuais conectadas coas correntes europeas de pensamento como Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell, Xoán Rof Carballo, Xosé M. López Nogueira ou Celestino Fernández de la Vega.¹⁵

Centrados no marco da batalla político-cultural e na dupla “política da lingua” e “política da influencia” protagonizada pola Xeración Galaxia, a seguir centrarémonos na colaboración activa que prestou Del Riego ao proceso de configuración na segunda metade do século XX dunha filosofía galega ou cando menos dun pensamento filosófico galego “auténtico” e “orixinal” centrado na denominada “fisionomía espiritual de Galicia”.¹⁶

¹⁴ “Temos o proxecto de traducir un texto filosófico ao galego para aniquilar dunha vez a tese insidiosa de Dámaso [Alonso] e outros, segundo a cal o galego só serve pra facer poesías ou pra lles falar aos labregos, pero é inepto pra facer ciencia ou Filosofía... [Este proxecto] responde a unha imprescindible e inapreciable 'política da lingua' que debemos levar a cabo con rigor”, carta de Ramón Piñeiro a Francisco F. del Riego, Lugo, 15/2/1950 (Fernández del Riego, 2000: 36).

¹⁵ Como lle comenta Ricardo Carballo Calero a Francisco Fernández del Riego nunha entrevista en 1955: “Quixemos expresar en galego toda cras de ideas e sentimentos, facer da nosa fala un medio total de expresión. Nisto non fixemos máis que continuar a obra da xeración Nós” (Fernández del Riego, 1955b).

¹⁶ Un proceso histórico de configuración que temos analizado na nosa tese de doutoramento (Pastoriza, 2022: 147-174).

Malia que Del Riego non era filósofo nin se recoñecía como tal — ficando a unha soa materia de se licenciar en Filosofía e Letras (Villanueva, 2023: 44)—, a súa voracidade intelectual e inquedanzas reflexivas inzaron os seus textos coa presenza reiterada de referencias e preferencias filosóficas como as de Ortega y Gasset, Unamuno, Vicente Risco ou Xoán Vicente Viqueira.¹⁷ E con rexa vontade e disciplina, contribuíu a acadar que o ensaísmo galego profundase na devandita “fisionomía espiritual de Galicia”. Un traballo reflexivo que constituía a segunda das misións de Galaxia, “conquerir que a persoalidade diferencial de Galicia fixérase presente fora da nosa Terra”, poñendo de relevo publicamente a “fisionomía espiritoal propia” e gañando prestixio no contexto aveso e desgaleguizador do franquismo”.¹⁸

E malia os atrancos, censuras, prohibicións e persecucións, Piñeiro avaliaba ben cedo en 1952 que “o gran froito da nosa vida intelectual é a *persoalidade* do home galego, sempre rica e complexa aínda no home común” (Piñeiro, 1952: 80). Unha personalidade excluída, marxinada e invisibilizada na Universidade compostelá, que refugaba calquera gromo de lingua, cultura e filosofía galegas e dedicaba enerxías e entusiasmos á creación en 1942 da “Cátedra de Pensamiento Español Vázquez de Mella” consagrada ao estudo do pensamento tradicionalista español.¹⁹

¹⁷ No seu agarimado libro *Letras do noso tempo* (1974) inclúe un capítulo dedicado á literatura do existencialismo francés onde analiza a obra de Sartre, Camus e Simone de Beauvoir. E canda aos seus filósofos de cabeceira, tamén dedicou artigos no *Faro de Vigo* a Marcuse, Adorno, Horkheimer, Nietzsche, Bertrand Russell e Zubiri, entre outros.

¹⁸ Informe de Compostela. Apartado “Galaxia”, 1957 (Biblioteca Francisco Fernández del Riego, Fundación Penzol).

¹⁹ O programa de ensaísmo filosófico promovido pola Editorial Galaxia contrastaba co labor investigador desenvolvido por Carlos París, catedrático de “Fundamentos de Filosofía e Historia dos Sistemas Filosóficos” da Universidade de Santiago de Compostela, que publicou durante a súa estadía compostelá obras como *Física y Filosofía* (Madrid, 1952), *Ciencia, conocimiento, ser* (Santiago de Compostela, 1957), ou *Mundo técnico y existencia auténtica* (Madrid, Guadarrama, 1959). Ao tempo, un persoeiro central na Historia do pensamento filosófico galego e membro da xeración de *La Noche*, Carlos A. Balañas Fernández, doutorábase en Filosofía en Madrid coa tese *El acontecer histórico. Un estudio ontológico sobre la obra del historiador* (1965) e impulsaba a recuperación do estudo e investigación do filósofo galego Ángel Amor Ruibal. Ao incorporarse á USC en 1969 na devandita cátedra, dará inicio ao estudo académico do pensamento filosófico galego na Universidade galega.

Recollendo a suxestión de Piñeiro relativa á “fisionomía espiritual de Galicia”, Del Riego, baixo o pseudónimo de Salvador Lorenzana, publicou en 1949 na súa columna semanal do xornal *La Noche* a transcripción dunha súa conversa cun anónimo interlocutor filósofo —Ramón Piñeiro— á beira do mar nas praias viguesas de Coruxo (Fernández del Riego, 1949).²⁰ Este diálogo describe un programa de investigación para o pensamento galego baseado nas “notas esenciais del alma gallega” (lirismo, saudade, humorismo), realizable en galego e inserido nas grandes correntes da cultura universal.

Este programa-equipo recollía, logo, as liñas esenciais da “ontoloxía do home galego” que desenvolveran teoricamente os membros da Xeración Nós e tentara fundamentar empiricamente o Seminario de Estudos Galegos. Posteriormente, Piñeiro vencellou o traballo de prestixio social e cultural da lingua galega co proxecto de configurar unha literatura e unha filosofía nacionais sobre un imaxinario constituído polos trazos esenciais da personalidade galega. Nesta fusión de Literatura e Filosofía, na súa carta-prólogo á novela *As Covas do Rei Cintolo*, de Daniel Cortezón, a identidade galega foi definida pola presenza dos seguintes elementos: saudade, lirismo, sentimento da paisaxe, humorismo e fantasía (Piñeiro, 1956). Unha “esencia do ser galego” denominada por Piñeiro “galicidade”, en canto expresión da autenticidade esencial das creacións culturais galegas (Fernández del Riego, 1955a: 17). Catro décadas despois, e no solpor deste programa de investigación, Domingo García-Sabell describiu esas notas esenciais como apego á lingua materna, a unión coa Natureza (sentimento da terra e paisaxe), lirismo, imaxinación, humorismo, individualismo, particular vivencia da Historia e europeísmo (García-Sabell, 1994).

O programa de edicións no eido do pensamento filosófico da Editorial Galaxia respondeu con eficacia a este marco identitario como en *La saudade* (1951), que se abre co senlleiro “Siñificado metafísico da saudade. Notas pra unha filosofía galaico-portuguesa” de Ramón Piñeiro; *7 ensayos sobre Rosalía* (1952), onde se aborda o lirismo e a saudade exemplificados na poeta galega; *Paisaxe e cultura* (1955) que aborda o sentimento da paisaxe, complementado co tratamento filosófico do mesmo por Juan Rof Carballo en *Mito e realidade da terra nai* (1957); a tradución ao galego e prohibida

²⁰ A importancia deste artigo confírmase polo feito de que tamén foi publicado en *Galicia. Portavoz de la Federación de Sociedades Gallegas* (20/10/1949), en *El Pueblo Gallego* (8/6/1956) e *La Voz de Galicia* (22/5/1960), neste caso co título “El alma del país”.

publicación da conferencia de Heidegger *Da esencia da verdade* (1956); *O segredo do humor* (1963) de Celestino Fernández de la Vega, focalizado no humorismo; ou *Ensaíos I* (1963) e *Ensaíos II* (1976) de Domingo García-Sabell, que amosaron toda a capacidade do galego para a especulación e a abstracción filosófica. A este repertorio habería que engadir os numerosos artigos e ensaios filosóficos publicados en *Grial. Revista galega de cultura* (1963), dirixida até o seu número 100 por Del Riego.

Canda ao seu recoñecido labor publicista, Del Riego realizou cinco principais achegas á filosofía galega. Promoveu e defendeu con ardimento a “política da lingua” de Galaxia co fin de amosar a capacidade expresiva do galego como lingua filosófica. Difundiu o programa-equipo de investigación que abeirou a Editorial Galaxia no eido do ensaísmo filosófico en galego. Canda a Carballo Calero e Ramón Piñeiro coutou a definición de filosofía galega a aquela escrita en galego, delimitando o repertorio de filósofos e obras integrantes do seu canon. Divulgou activamente as publicacións, os méritos dos ensaístas filosóficos galegos e o seu pensamento,²¹ mantendo acesa a memoria da tradición filosófica en Galicia (Feijóo, Sarmiento, Viqueira, Amor Ruibal, Risco etc.) con actos de “xustiza cultural”.²² E, por último, reflexionou activamente e revisou criticamente nos seus artigos algúns dos tópicos (lingua, paisaxe, sentimento da terra, lirismo, individualismo creador) que integran as notas esenciais da personalidade cultural galega, unha responsabilidade asumida dentro da exemplar división do traballo intelectual entre os ensaístas que executaron o programa-equipo da filosofía galega na segunda metade do século XX.²³

²¹ Son de especial valor as conversas e entrevistas que publicou en *Galicia Emigrante* con Ramón Piñeiro (n.º 11, 1955), Otero Pedrayo (n.º 15, 1955), Domingo García-Sabell (n.º 17, 1956), Celestino F. de la Vega (n.º 22, 1956) ou Daniel Cortezón (n.º 24, 1956).

²² Deste xeito define Ramón Piñeiro o labor de Del Riego á hora de acadar a publicación en 1961 da escolma *Leria* de Vicente Risco, recuperándoo para a lingua galega (carta de Ramón Piñeiro a Francisco F. del Riego, Compostela, 28/11/1961; Fernández del Riego, 2000, p. 188).

²³ Del Riego prestou unha atención singular e obsesiva á relación entre lirismo, paisaxe e o sentimento da terra. A vivencia da paisaxe constitúe un dos miolos da súa actividade como creador e crítico literario, dedicando centos de páxinas a detectar a influencia da paisaxe sobre a intuición e creatividade dos artistas, poetas, intelectuais e do pobo. Como afirma en 1954, “por el sentimiento del paisaje fué por donde nos hemos descubierto a nosotros mismos. Paisaje y Lirismo son esencialmente el alma de Galicia. El ser gallego es siempre

Xunto con estas contribucións, identificamos amais na súa obra a aplicación dun conxunto de regras —ao xeito dunha *ars interpretandi*— para unha “hermenéutica da nación”. No proceso de descubrimento e desencubrimento de Galicia para comprendernos a nós mesmos e espertar unha nova conciencia da nación, cómpre aplicar as seguintes operacións (Fernández del Riego, 1962): a) explorar Galicia de dentro a fóra, coñecer as raíces do seu espírito e traballar a materia galega autóctona con sentido universal, como recomendou Unamuno;²⁴ b) evitar as visións tópicas, pintorescas, exóticas e deformadas da Galicia “de gaita y de tamboril” ou “de gaita y lacón con grelos”; c) fuxir da imitación e mimetismo do alleo sen proceso de depuración e asimilación; d) falar de Galicia con amor e dor sen perder o recato; d) considerar o seu presente en función do pasado e do porvir; e) meditar sobre o seu verdadeiro ser e sentir e os seus íntimos latexos (Fernández del Riego, 1952); f) volver ao autóctono e á tradición, conservada no pobo, para a súa restauración e revitalización e para a promoción de novas creacións con vocación universal tomando como punto de partida o “xenio peculiar” e a espontaneidade da creatividade popular.

Canda a este rol de “hermeneuta da nación”, queremos poñer o ramo a esta análise exploratoria da súa personalidade intelectual salientando brevemente o rol de Del Riego dentro da Xeración Galaxia non só como realizador e executor —un papel sobradamente reivindicado— senón tamén como “ideólogo” ou “ideas-maker” (Even-Zohar, 2010: 185 e seguintes).²⁵ Nos seus escritos, Del Riego manifestou teimuda e repetidamente a conciencia de estar situado en posición de herdeiro respecto do legado dos homes de Nós e do Seminario de Estudos Galegos. Canda el, os membros do equipo Galaxia situáronse na cadea de transmisión xeradora do sentido iniciada polos “ideas-maker” das xeracións precedentes. Inseridos nesta “tradicionalidade” abordaron

una disposición lírica y la poesía gallega adquiere personalidad, porque el paisaje es algo más que su raíz y su savia. Porque es su espíritu” (Fernández del Riego, 1954b).

²⁴ “El carácter de un pueblo no es sino la acumulación de su peculiar pasado hasta aquí. Un pueblo que no se conoce, es un pueblo con voluntad viciada. El deber consiste en estudiar al pueblo por dentro, tratando de descubrir las raíces de su espíritu” (citado en Fernández del Riego, 1962). A universalidade da cultura galega tamén a reivindica con base á obra de Viqueira (Fernández del Riego, 1960).

²⁵ Neste apartado empregaremos o marco de análise de Paul Ricoeur (1985) sobre tradición, tradicións e tradicionalidade.

unha serie de contidos en resposta á súa “situación” histórica e no horizonte do cumprimento da denominada “misión permanente do galeguismo”: “defender e afirmar os valores auténticos da personalidade galega” cunha rexa e “insubornable fidelidade ós problemas permanentes e fundamentais de Galicia” e coa misión de “ir creando conciencia galega, conciencia dos problemas peculiares da colectividade social galega” (Castro, 2000: 397). Os contidos sobre os que traballou o equipo Galaxia foron achegados polas diversas “tradicións” galeguistas (liberal-democrática, neotradicionalista, separatista e filosocialista) que os precederon. Estas “proposicións de sentido” foron obxecto dun proceso dialéctico de revisión consonte aos polos de innovación e conservación. E nesta cadea de recepción transformadora, a Xeración Galaxia asumiu unha tripla responsabilidade: transmitir o ideal galeguista ás novas xeracións co fin de fornecer a súa concienciación; renovar os principios e postulados centrais do galeguismo para a configuración dun novo ideario político e social; e promover a modernización e europeización da ideoloxía galeguista. Xa que logo, coa Xeración Galaxia non nos atopamos ante unha transmisión neutra das tradicións galeguistas. Estamos, sen dúbida, ante unha revisión crítica ou reinvenção das “tradicións” co fin de constituír unha identidade política, o “galeguismo”, orientada a acadar a hexemonía e constituírse na “cultura política” da sociedade galega.²⁶

Consonte a este marco de análise, a nivel intelectual, Del Riego non actuou exclusivamente como un inxel e espelido crítico literario e cronista cultural. Na nosa opinión, significouse como un singular creador ou “ideas-maker” que, en equipo, operou sobre as tradicións e a tradicionalidade galeguista para renovala e abríla ao futuro.²⁷ Neste senso, a súa lembranza sobre un debate no Café Derby de Vigo revélanos unha chave central na autocomprensión individual e grupal do seu carácter compartido de obreiros da tradición:

²⁶ Unha cultura política está constituída “por las ideas, los valores y las pautas de conducta” que son base dun “consenso social abrumador” respecto do sistema político (Beramendi, 1999: 113).

²⁷ Como xa sinalamos, estamos perante unha editorial-equipo cun programa-equipo baseado na revisión crítica dos valores e tópicos da personalidade galega (saudade, paisaxe, lirismo, etc.). A Editorial Galaxia fixo, por tanto, “viable la existencia de un equipo de hombres comprometidos en la empresa de estudiar y rehacer seriamente la fisonomía cultural y económica de Galicia” (Fernández del Riego, 1954c).

Unha noite de tantas, discutiuse sobre futuro e tradición. De remate produciuse o acordo: A vida dun pobo componse dun fluír horizontal na canle do tempo, que é a tradición. E dun xurdir vertical de manantílos novos que achega a vida fresca á tradición (Fernández del Riego, 2010: 164).

A segunda cuestión que queremos salientar céntrase na porfía intelectual de Del Riego respecto do “traballo da memoria” e o combate da desmemoria. Unha teimosa tarefa ao servizo dun “país sen máis dono cá memoria insistente da existencia” (Arias, 2002: 65), en fermosísima descrición de Xela Arias. Xa sinalamos algúns dos actos de “xustiza cultural” ou “xusta memoria” que Del Riego realizou na recuperación do canon e corpus da historia do pensamento galego e da tradición galeguista. Pero cómpre tamén recoñecerlle o seu combate afouto das patoloxías e abusos que a política e prácticas da memoria do franquismo operaron sobre o pobo galego coa intención de forzar a súa desmemoria respecto do seu singular “espírito” e historia. O franquismo alentou unha memoria inmovilizada, manipulada e abusivamente dirixida (Ricoeur, 2000). A traxedia da guerra civil e a violenta represión dos demócratas deu lugar a unha memoria ferida, doente, silenciada e resistente ao traballo de rememoración e restauración. Ao tempo, a memoria manipulouse ao servizo do relato lexitimador do nacionalcatolicismo, o imperialismo españolista e a ditadura caudillista como forma de poder. E no espazo público, a memoria democrática e galeguista invisibilizouse, construíndose unha historia oficial castradora que activou símbolos, lugares e cerimoniais que forzaron unha memoria colectiva abusivamente dirixida e danada. E fronte ao muro da desmemoria forzosa e forzada, Del Riego ergueu o seu martelo de tinta —ao xeito de Cachamuña, heroe vigués da Reconquista— para derrubar resistencias e conquistar o noso dereito á memoria.

Como o dereito á memoria do Castelao, home e mito, que lle inspirou en 1964 a visualización dunha utopía de futuro para a Galicia amada con ardente paixón e leal devoción por ambos.²⁸ A Castelao, que segue vivo en espírito “pra as angueiras galegas de todo porvir”, vaino albiscar,

²⁸ A imposible homenaxe a Castelao en Galicia co gallo da súa morte en xaneiro de 1950 cruzou o mar até as páxinas de *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, onde Del Riego glosou o valor político e cultural de Castelao, transcribiu unha nota de lembranza anónima —atribuíble a Ramón Piñeiro— e escolmou os tributos emocionados de Otero

soñando porvires, predecindo mañás de liberdade pra a Galiza que tanto amóu. Esta Galiza será un enfeitado de xusticia, de progreso e de paz. Concordes co ise espírito, os homes do país rexeitarán todo artificio alleo á súa personalidade singular; traballarán n-unha disciplina de amor ós propios valores e ós valores auténticos da cultura universal. Transpirará na ialma galega un afán de criación nova, de vitalismo rexurdimento, de ampro e gozoso romanxe pol-as estradas da libertade (Fernández del Riego, 1964).

E como elo na cadea irrompible do galeguismo, Francisco Fernández del Riego, o hermeneuta da nación, profundou cos “ollos do noso espírito” nun país e nunha cultura e testemuñou coa súa vida a “verdade fidelidade” daquel equipo de rebeldes que, desde a mocidade, soñaron futuros e liberdades e queimaron a vida por Galicia con “fe, forza y esperanza pra loitar e vencer”.

Bibliografía

- Angueira, Anxo (2019): *Rexurdimento. A palabra e a idea*. Vigo: Edicións Xerais.
- Arias, Xela (2002): “Na retina, desde nena”, en VV. AA., *Homenaxe a Francisco Fernández del Riego*. Vigo: Fundación Premios da Crítica, p. 65.
- Beramendi, Justo (1999). *La historia política. Algunos conceptos básicos*. Santiago de Compostela: Tórculo Ediciones.
- _____ (2002): “Carballo Calero, un xove nacionalista. 1926-1936”, en VV. AA., *Actas do Simposio Carvalho Calero. Memoria do Século*. A Coruña: Universidade da Coruña e Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- _____ (2007). *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais.
- _____ (ed.) (2023): “Un mozo nacionalista na Galicia da II República”, en Francisco Fernández del Riego, *Loitando pola Galicia que non foi. Escritos 1932-1936*. Vigo: Editorial Galaxia [no prelo].
- Blas, Ceferino de (2013): *Fernández del Riego y Faro de Vigo: el guerrero del galleguismo*. Vigo: Faro de Vigo.
- Cabrera Iglesias, María Dolores e María Dolores Villanueva Gesteira (eds.) (2013): *Francisco Fernández del Riego. Vigo dende o corazón de Galicia*. Vigo: Fundación Penzol, pp. 45-48.

Pedrayo, Ramón Baltar, Carlos Maside, Gómez Román, Cuevillas, Xesús Carro, Carballo Calero, Ben-Cho-Shey, Iglesias Vilarelle e Leuter G. Salgado (Fernández del Riego, 1950).

- Castro, Xavier (ed.) (2000): *Castelao e os galeguistas do interior: cartas e documentos 1943-1954*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Conde, Perfecto (2018): *Conversas con Paco del Riego*. Vigo: Edicións Xerais.
- Even-Zohar, Itamar (2010): *Papers in Culture Research*. Tel Aviv: Tel Aviv University.
- Fernández del Riego, Francisco (1933): “Gallola, Mocidade, Revolución”, *A Fouce. Periódico galego*, 58, 31/1/1933, p. 1.
- _____ (1934): “A Bandeira inzada: recreación de Galicia como Nación”, *A Fouce. Periódico galego*, 72, 25/7/1934, p. 2.
- _____ (1949): “Fisionomía espiritual de Galicia”, *La Noche*, 18/8/1949.
- _____ (1950): “Galicia ante la figura símbolo de Castelao”, *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, 444, pp. 19-23 e 46.
- _____ (1952): “El alma de nuestra cultura”, *Galicia. Portavoz de la Federación de Sociedades Gallegas*, 1182, 30/6/1952, p. 8.
- _____ (1954a): “Unha carta da Terra”, en *Adiante. Orgão das Mocidades Galeguistas (Filial de Irmandade Galega)*, 2, p. 4.
- _____ (1954b): “Galicia: paisaje y lirismo”, *Galicia Emigrante*, 3, p. 4.
- _____ (1954c): “La Editorial Galaxia al servicio de la cultura gallega”, *Galicia Emigrante*, 7, pp. 16-18 e 35.
- _____ (1955a): “Unha entrevista con Ramón Piñeiro”, *Galicia Emigrante*, 11, pp. 16-17.
- _____ (1955b): “Á fala con Carballo Calero sobre temas da nosa cultura”, *Galicia Emigrante*, 16, pp. 4-5.
- _____ (1955c): “Festas de Vigo. Desfile de carros representativos”, *Adiante. Orgão das Mocidades Galeguistas (Filial de Irmandade Galega)*, 4, p. 5.
- _____ (1960): “Lo gallego y lo universal”, *Galicia. Portavoz de la Federación de Sociedades Gallegas*, 1316, 30/9/1960, p. 6.
- _____ (1962): “Una y otra Galicia”, *Casa de Galicia de Unidad Gallega de los EE.UU.*, memoria anual.
- _____ (1964): “Castelao sempre”, *Ariños. Revista de la Asociación Casa de Galicia de Buenos Aires*, 17, p. 33.
- _____ (1973): *Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores. Discurso lido o 26 de novembro de 1960 na súa recepción pública por Francisco Fernández del Riego*. A Coruña: Real Academia Galega.
- _____ (1983a): *Pensamento galeguista do século XIX*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1983b): *Pensamento galeguista do século XX*. Vigo: Editorial Galaxia.

- _____ (1994): *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (1996): *A xeración Galaxia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2000): *Un epistolario de Ramón Piñeiro*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2003): *Camiño andado*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2010): “Lembranza daquela vella tertulia”, en Albino Mallo, *Algo máis que un café. O Derby de Vigo (1921-1968)*. Vigo: Editorial Galaxia, pp. 161-164.
- Franco Grande, Xosé Luís (2000): *Francisco Fernández del Riego*. Vigo: Ir Indo.
- _____ (2013): “Dende Policarpo Sanz, 24-1º”, en María Dolores Cabrera Iglesias e María Dolores Villanueva Gesteira (eds.), *Francisco Fernández del Riego. Vigo dende o corazón de Galicia*. Vigo: Fundación Penzol, pp. 45-48.
- García-Sabell, Domigo (1994): “Galicia y Europa”, en José Luis Abellán (coord.), *El reto europeo. Identidades culturales en el cambio de siglo*. Madrid: Trotta, pp. 85-97.
- Isla Couto, Xaime (1975): “Abreviatura para un poema épico”, en VV. AA., *Homenaxe a Fernández del Riego. Galicia 1975*. A Coruña: Imprenta Moret.
- _____ (1992): *Construír Galicia*. Traslba: Fundación Otero Pedrayo.
- López, Xosé e Manuel Román (2011): *Lume aceso. Francisco Fernández del Riego*. Lourenzá: Xunta de Galicia, Concello de Lourenzá.
- Martínez González, Xurxo (2013): “A eternidade dos feitos”, en María Dolores Cabrera Iglesias e María Dolores Villanueva Gesteira (eds.), *Francisco Fernández del Riego. Vigo dende o corazón de Galicia*. Vigo: Fundación Penzol, pp. 53-56.
- Mascato, Antón (2002): *Paco del Riego. Unha historia de restauración política e cultural*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Monteagudo, Henrique (2021): *O idioma galego baixo o franquismo. Da resistencia á normalización*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Nicolás, Ramón (2022): *Francisco Fernández del Riego. Vida e obra dun obreiro do galeguismo*. Vigo: Edicións Xerais.
- Pastoriza Rozas, Xosé Luís (ed.) (2015): *Xaime Isla: raíz e utopía de Galicia*. Vigo: Fundación Isla Couto, Editorial Galaxia.
- _____ (2020): “Servicio de Edicións, Publicacións e Traducións (SEPT). O antecedente da Editorial Galaxia”, *Grial*, 228, pp. 77-89.

- _____ (2022): *Galeguismo, humanismo e desenvolvemento: o pensamento militante de Xaime Isla Couto* (tese de doutoramento). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Piñeiro, Ramón (1952): “Carta a Pedro Abuín (Das tres maneiras de dialogar e das dúas maneiras de entender a cultura)”, en *Aspectos económicos y jurídicos de Galicia. Colección Grial*, 4. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1956). “Carta a Daniel Cortezón Álvarez”, en Daniel Cortezón, *As Covas do Rei Cintolo*: Vigo: Editorial Galaxia, pp. 11-26.
- Ricoeur, Paul (1985). *Temps et récit. Tome III: le temps raconté*. París: Éditions du Seuil.
- _____ (2000). *La mémoire, l'histoire, l'oubli*. París: Éditions du Seuil.
- Sixto Seco, Antón (2002): “Paco del Riego, a insubornable coherencia galeguista”, en VV. AA., *Homenaxe a Francisco Fernández del Riego*. Vigo: Fundación Premios da Crítica, pp. 209-211.
- Vidal Andión, Antón (2020): “Xaime Isla, o enxeñeiro da idea. O modelo de gobernanza da Editorial Galaxia”, *Grial*, 225-226, pp. 8-13.
- Villanueva Gesteira, María Dolores (2015): *A Editorial Galaxia: proxecto e traxectoria 1950-1963* (tese de doutoramento). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- _____ (2020): “Pensar e crear Galaxia. Os inicios dunha empresa cultural que fai 70 anos”, *Grial*, 225-226, pp. 24-31.
- _____ (2023): *Francisco Fernández del Riego, un loitador pola idea de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Villares, Ramón (2002): “Un guieiro truncado”, en VV. AA., *Homenaxe a Francisco Fernández del Riego*. Vigo: Fundación Premios da Crítica, pp. 227-229.
- VV. AA. (1975): *Homenaxe a Fernández del Riego. Galicia 1975*. A Coruña: Imprenta Moret.
- _____ (1993): *Rolda de amigos derredor de Francisco Fernández del Riego*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (2002): *Homenaxe a Francisco Fernández del Riego*. Vigo: Fundación Premios da Crítica.

Francisco Fernández del Riego, cristián na fronteira, e Prisciliano

Victorino Pérez Prieto
(Teólogo e escritor)

Paco del Riego, un cristián na fronteira

No meu libro *Galegos e cristiáns* situei a Francisco Fernández del Riego nun apartado titulado “Na fronteira” (Pérez Prieto, 1994: 304-311). Nel falaba de persoeiros galegos e galeguistas que se manifestaban ademais cristiáns, pero críticos coa Igrexa galega, sobre todo pola práctica antigalega desta ou, polo menos, non comprometida con Galiza e a lingua galega, e que eran de pouca práctica relixiosa. Del Riego ía alí xunto con outros dous amigos comúns: Avelino Pousa Antelo e Carlos Casares Mouriño.

Na miña correspondencia e conversas con Avelino Pousa Antelo nos comezos dos 90, contoume que a súa fe cristiá de mozo fora esmorecendo cos golpes da Guerra Civil e a posición vergoñenta da Igrexa Católica: “Eu dixen daquela dos cregos, non podo bailar con vós”. Pero esa crenza renaceu nel coa chegada dos novos ventos progresistas aventados polo Concilio Vaticano II: “Tomei parte en moitas reunións na Casa Diocesana de Exercicios de Santiago —dixo— e na parroquia do Castiñeiriño”, onde ía á súa Misa cada domingo; e tamén cos Coloquios de Parroquias etc. Logo coas revistas *Encrucillada* e *Irimia* foi atopando unha canle intelectual e expresiva para a súa fe cristiá-galeguista. Por iso, remataba dicíndome daquela: “Considérome crente crítico e con dúbidas. Cristián, desde logo”.

Pola súa banda, Carlos Casares recoñecía nos nosos encontros que, aínda que era crente relixioso e sentíase cristián, non era moi consecuente coa práctica que a Igrexa católica lles pedía aos seus membros: “Eu creo que a miña denominación correcta é a de cristián. Toda a miña formación é cristiá e o meu pensamento tamén o é aínda hoxe”.

Francisco Fernández del Riego escribume unha carta polos mesmos anos 90 (Pérez Prieto, 1994: 307) dicíndome que el tamén se consideraba cristián e católico, aínda que “escasamente practicante” no senso de ir a Misa con frecuencia, xa que na súa vida diaria procuraba ser consecuente cos valores da honestidade e do compromiso coa verdade, coa xustiza e

cos dereitos dos febles que pregoaba Xesús de Nazaret; particularmente co compromiso co seu pobo asoballado. Pero o certo é que, ademais, el si ía a Misa, polo menos de cando en vez. Un matrimonio amigo meu, Celia Castro e Arsenio Díaz, téñenme comentado que foi Del Riego quen leu a epístola da Misa na súa voda, o 31 de outubro de 1966; cerimonia que oficiou o benquerido Padre Seixas na parroquia de San Miguel de Pontearas. Segundo me contou Celia, “Don Paco fora con Xaime Illa falar co cardeal Quiroga Palacios [arcebispo de Compostela] para acadar o permiso de facer a cerimonia en galego, cousa que até daquela non se facía”.

Don Paco tamén era asiduo cada ano á Misa de Rosalía en galego no compostelán Panteón de Galegos Ilustres. A primeira vez que se fixo a Misa de Rosalía foi o 24 de xullo de 1932, daquela aínda en latín —como prescribían as normas litúrxicas desa época previa aos cambios do Concilio Vaticano II polos anos 60—, pero con prédica en galego. A cerimonia fora impulsada polos cristiáns galeguistas Xosé Mosquera e Manuel Beiras, como conta Del Riego no seu libro de memorias *O río do tempo. Unha historia vivida*:

O 24 de xullo [de 1932] concentráronse na igrexa compostelá de San Domingos de Bonaval moitísima xente para homenaxear a Rosalía de Castro e Alfredo Brañas. Dixo a misa conmemorativa o cóengo-arceidiago da catedral de Segovia Don Xacinto Piñeiro, quen pronunciou unha afervoada plática en lingua galega (Fernández del Riego, 1990: 72).

Nos anos do franquismo chamaron logo a esa Misa de Rosalía “Misa de los ateos”... A primeira vez que foi en galego foi o 24 de xullo de 1965; oficiouna o xesuíta Xaime Seixas, tamén amigo de Del Riego. Pero, a pesar de contar daquela coa aprobación oficial por medio do cardeal Quiroga Palacios, o Padre Seixas tivo un conflito coa policía por permitir cantar nela o Himno galego... “completo”.

Del Riego afirmábame claramente na nosa correspondencia que cristianismo e nacionalismo galego son dúas realidades que deben ir vinculadas na nosa terra, pois están nos alicerces da súa identidade e ao longo de toda a historia galega. Así o deixou reflectido nalgunhas das abondosas páxinas que escribiu.

Na súa *Historia da literatura galega* di do Cura de Fruíme —Diego de Zernadas (1698-1777), devoto de Galiza ademais de devoto relixioso, que

cómpre situar por esta razón coma un precursor a carón do Padre Feijóo e o Padre Sarmiento— que “nel descóbrese a arfada da alma dun pobo e a fe íntima que o trato campesiño dá. Vén ser, sen dúbida, por este feito, a primeira figura galega do s. XVIII” (Fernández del Riego, 1978). De Antón Losada Diéguez (1884-1929) —outro devoto cristián e galeguista, a quen Otero Pedrayo chamou “apóstolo das xuventudes” e que escribiu que “o primeiro ideal do home é ser relixioso”, deixando como testamento aos seus fillos “que traballen por Galiza, que sexan homes relixiosos e patriotas”— di que é “o recreador da conciencia galega na xente moza” (Losada, 1985). Grande amigo de Otero Pedrayo, Del Riego foi un dos portadores do cadaleito de Don Ramón no seu solemne funeral de enterro na catedral de Ourense, como quedou reflectido no magnífico cadro de Conde Corbal “Os milagres de Don Ramón”, que vai na portada do meu libro *Galegos e cristiáns*.

En *O río do tempo* di Don Paco: “De rapaz, eu entraba moitas veces na igrexa [de Lourenzá]” (1990: 15). Conta tamén que se preparou para o bacharelato elemental —que faría en Lugo— cos monxes bieitos do mosteiro de Lourenzá: “Entre os profesores lembro ao P. Lamazares, que nos daba clase de Gramática e Literatura, ao P. Mauro Gómez —máis tarde abade de Samos— que nos iniciou no latín...” (p. 17). Conta tamén que, cando ía de Lourenzá a examinarse a Lugo, “acompañábanos sempre no coche de liña un frade pequeneiro, nervoso e intelixente: o P. Rosemdo Fernández... Antes de nos presentar ás probas de exame, levábanos á capela dun convento de monxas, onde misaba” (1990: 20). Fixo o bacharelato superior no Colexio das Escolas Pías de Monforte de Lemos, do que manifesta ter bos recordos: “Iamos sempre en formación aos rezos, ao comedor e as clases...” (1990: 21). Polas súas boas notas converteuse “moi axiña en alumno privilexiado”; e mesmo iniciou daquela o seu labor literario nunha publicación da congregación: “Comecei a colaborar na revista ‘Páginas Calasancias’, que se distribuía mensualmente en tódolos colexios españois das Escuelas Pías” (1990: 24).

Neste libro de memorias, fala tamén da súa amizade cos curas galeguistas do Seminario de Estudos Galegos en Compostela. Fala sobre todo de Xesús Carro García, que sería logo académico de número da RAG; tamén fala de Paulino Pedret Casado, colaborador asiduo da revista galeguista *Logos*, que traduciu ao galego *De correctione rusticorum* (1990: 47). A amizade foi máis intensa co primeiro, “un dos elementos clave do Seminario, ao que me

uniu unha boa e longa amizade... Don Xesús era un afervoadado galeguista, que puxo a proba a su insubornable conduta nos momentos críticos da Guerra Civil” (1990: 50-51). Aínda se escribe con este “vello amigo” na Guerra Civil (1990: 122). Ademais de Xesús Carro e Paulino Pedret, no seu libro aparecen outros curas: Xacinto Piñeiro, o Pai Soares, Andrés Torres Queiruga, Xosé Chao e Manuel Espiña.

En calquera caso, Del Riego sempre manifestou un interese polos persoeiros cristiáns que significaron algo importante na cultura e a historia galega. É o caso de Prisciliano (350-395), bispo inxustamente axustizado por herexe en Tréveris (Alemaña), que tivo grandes simpatías por parte das xentes da xeración Nós, pero tamén de xeracións anteriores e posteriores (Pérez Prieto, 2012)

Un artigo de mocidade sobre Prisciliano na revista *Universitarios* da FUE

Don Paco case non ten escrito sobre Prisciliano, aínda que admiraba a súa figura como todos os galeguistas do seu tempo. Mesmo, nin sequera nomea o gran galego mártir, que está nos alicerces de Compostela con máis probabilidade que o Apóstolo Santiago, no seu libro *As peregrinacións xacobeas* (1984). Podería ter feito tal un home crítico e progresista coma el, pero preferiu seguir mantendo o mito xacobeo, seguramente pola importancia do Camiño de Santiago na construción de Galiza desde a Idade Media até hoxe.

Tampouco teño atopado ningunha referencia a Prisciliano nos epistolarios con egrexios galeguistas que están publicados: con Ramón Piñeiro (Editorial Galaxia, 2000), Álvaro Cunqueiro (Editorial Galaxia, 2003), Ricardo Carvalho Calero (Editorial Galaxia, 2006) ou Xosé Neira Vilas (Editorial Galaxia, 2013). Pero escribiu na súa mocidade un artigo sobre Prisciliano, que é a única publicación que coñezo del a este respecto: “Esprito de Prisciliano: alma da raza”, na revista *Universitarios* (Fernández del Riego, 1933: 6-7); curiosamente, o artigo está escrito en parte con grafía e ortografía portuguesa.

A) A REVISTA *UNIVERSITARIOS* E A FUE

Universitarios foi unha revista da Federación Universitaria Escolar (FUE) publicada na editorial Nós de Ánxel Casal, entre 1932

e 1933. A FUE fora fundada en 1927, e dous anos despois constituíuse en Compostela; conseguiu algúns logros relacionados coa participación democrática dos estudantes na Universidade e no fomento da cultura no pobo. A FUE representaba unha alternativa laica fronte ás asociacións universitarias convencionais como a Confederación de Estudiantes Católicos de España, e tradicionalistas como a da Falanxe. Despois da Guerra Civil, varios dos seus representantes padeceron consellos de guerra entre 1943 e 1947.¹ Ademais de Francisco Fernández del Riego, foron activos membros da FUE outros egrexios galeguistas como Ricardo Carvalho Calero e Álvaro Cunqueiro, tamén colaboradores da revista. (Os tres aquí nunha foto deses tempos).



Cunqueiro, Del Riego e Carvalho Calero

Mentres a Universidade de Compostela se caracterizaba no primeiro cuarto do século XX por ser unha institución fundamente tradicional que vive de costas á realidade galega e que enzalza como a súa imaxe e referente “a Casa da Troia”, había outra maneira de concibir o traballo universitario:

A institución abre as súas portas a un un gran número de rapaces,
e ás primeiras rapazas tamén, procedentes das clases medias

¹ Cf. http://www.uhu.es/derechopenal.posguerra/pdf/CARRILLO_LINARES_El_fin_de_la_FUE.pdf

urbanas, que constitúen un novo modelo de estudante —laico, anticastrense e máis comprometido cultural e politicamente— que ata o momento non coñeceran as aulas de Fonseca. Opóñense aos vellos modelos universitarios (...) Algúns destes estudantes implicáranse fondamente no proxecto de galeguizar os estudos superiores, vella reclamación do galeguismo á que neste intre se suman os mozos universitarios (...) Procurarán converter a Universidade compostelá na institución que forme á *intelligentzia* galeguista, así como no guieiro e centro aglutinador da incipiente comunidade nacionalista que se estaba a callar na Galiza republicana (Cuquejo e Girgado, 2005: 10-13).

Pola súa banda, Del Riego escribe da FUE:

A Federación Universitaria Escolar andaba a marcar unha actividade enfrontada coa inercia continuista dun ensino alleo á vida e á cultura do país. Unha parte dos seus integrantes, aínda que formaba na liña de tendencia anovadora, desentendíase dos problemas específicos de Galicia. Tívoise que traballar arreo para gañar posicións de compromiso galego, non só nas xuntas de Facultade, senón na propia Cámara Federal (Fernández del Riego, 2003: 37).

A revista *Universitarios* desenvolveu a súa actividade en Compostela durante os anos da II República, publicando só dous números: o primeiro en 1932 e o segundo en 1933. Definíase coma unha revista de cultura, “universitaria, en el amplio y noble sentido de la palabra”. O equipo directivo da revista non consta en ningún dos seus números, pero Del Riego afirmou ter desempeñado a función de director da mesma e falou da súa loita para que o galego fose maiormente a lingua da revista:

Tentei que todo o seu contido aparecera en idioma galego; pero batín cunha chea de atrancos... Era forte a hostilidade no seo da FUE ao emprego da nosa lingua, polarizada nun determinado sector. Por iso, houbo que resignarse a que na revista se empregaran as dúas falas (Fernández del Riego, 2003: 61).

Na revista colaboraron, ademais dos citados Del Riego, Cunqueiro e Carvalho Calero, outros ilustres galeguistas como Johán Vicente Viqueira, Antón Fraguas e Fermín Bouza Brey, do Seminario de Estudos Galegos; ademais de Luís Seoane, Colmeiro e Maside nas ilustracións.

B) “ESPRITO DE PRISCILIANO: ALMA DA RAZA”

No pequeno artigo “Espírito de Prisciliano”, Del Riego manifesta en primeiro lugar a importancia de Prisciliano na cultura galega, consonte coa opinión do seu admirado Otero Pedrayo. Comeza o seu traballo con estas verbas:

Como unha pedra miliaria, figura en pleno século IV no pronaos da historia do noso pensamento, unha doutrina de filiazón pagán e panteísta, en cuia discusión se revelan os mais grandes cerebros daquil tempo. É Prisciliano, o gran reformador moral e religioso.

Otero Pedrayo, grande admirador de Prisciliano, chegou a escribir: “Prisciliano é unha poderosa individualidade, a maior se cadra que Galiza xerou” (Otero Pedrayo, 1982: 61). E Castelao, que cita a Prisciliano en *Sempre en Galiza* unha ducia de veces e pono á cabeza da Santa Compañía de inmortais galegos en *Alba de Gloria*, di: “Galiza abrazou o cristianismo de Prisciliano durante máis de cen anos, e aínda hoxe bule no fondo da alma galega” (Castelao, 1961: 36, 50-51 e seguintes). Para el e para Otero, Prisciliano é un necesario mártir simbólico de Galiza.

Dun xeito semellante, Del Riego reconece que Prisciliano é unha referencia fundamental na cultura galega, “unha pedra miliaria”. Pero de seguida atopamos o escaso coñecemento que ten da figura do noso mártir insigne, aínda que semelle ter lido algunhas cousas sobre el, e mesmo cite para falar do esgrevio mártir e teólogo a un historiador francés moi pouco coñecido: Masebiau. Digo “escaso coñecemento” non só porque comete a torpeza de dicir que “foi queimado en Tréveris”, cando todo o mundo sabe que foi decapitado nesa cidade alemá; senón porque desde o comezo até a fin repite o tópico falso do Prisciliano “heresiarca” e “antidogmático”, que tiña unha doutrina “pagán e panteísta” e que negaba as persoas na Trindade divina, que condenou o matrimonio etc. Se tivera lido unha obra fundamental, tamén dun autor francés, publicada xa por esas datas, a de Ernest Charles Babut, *Priscillien et le priscilianisme* (1909), que si coñeceron Otero Pedrayo e Castelao, aquilataría máis as súas expresións.

Con todo, a cita que trae dese autor francés é ben interesante: “O espírito de Prisciliano está entesado do misticismo paulino e do de San Johan... Pero é un misticismo sen metafísica, un misticismo práctico”. Aínda que Don

Paco non nos dá máis referencias do autor que ese apelido, a cita podería ser dalgunha obra dun historiador das relixións francés de finais do s. XIX chamado M. Massebiau; este é citado na voluminosa obra *La fin du paganisme*, que fala de Prisciliano en varias das súas páxinas, concretamente do *affaire de Priscillien*, do “crime horrible e inaudito” que supuxo o seu axustizamento e da defensa que fixo inutilmente del Martiño de Tours, para que non chegara a ter ese funesto final, mesmo que fose un herexe (Boissier, 1903).² Pero con máis probabilidade trátase do historiador Louis Massebieau (1840-1904), especialista no cristianismo primitivo e no século XVI, que publicou un traballo titulado “L’apologétique de Tertullien et l’Octavius de Minucius Felix” (1887: 316-346); no segundo caso, Don Paco teríase trabucado na transcripción do apelido... Neste traballo Louis Massebieau repite o que din os seus contemporáneos, e nin sequera fala da grande obra de Babut que citei anteriormente. Pero con respecto da cita de Del Riego, Massebieau di que Prisciliano ten unha ascética e unha metafísica de orixe paulina na liña dun dos Santos Padres máis relevante, pero moi discutido: Oríxenes.

Con todo, no artigo que estamos a comentar, Del Riego acerta ben cando fala varias veces do ascetismo de Prisciliano:

O ideal ascético da vida, escóitase en chamada á un mais aló lonjano pra se curar de impurezas e callarse en perfeición inmorrente; anque n-ista vida se poida cumprir tamén un ideal de milloramento máisimo, o da “beata paupertas”. O tempo —na dotriña do bispo galego— pasa nun vivir ô diviño, nun perfeicionismo humán, na sinjeleza de costumes, no esprito de renunciación (Fernández del Riego, 1933: 6).

Hoxe sabemos bastante do ascetismo de Prisciliano, que o levou a unha vida de renuncia, fronte á decadencia en que xa estaba a Igrexa no s. IV, particularmente os seus clérigos e bispos. Isto foi o que tamén denunciaron San Xerome e San Martiño de Tours, San Paulino de Nola e outros; mais non acabaron coma o noso mártir. Pero nas comunidades priscilianistas, ademais dos clérigos, monxes e monxas que están nos alicerces do monacato hispano, había tamén laicos e laicas casadas.

² O autor cita un traballo de Massebiau publicado en *Revue de l’histoire des religions* en 1887, do que desafortunadamente non indica o título.

O mozo estudante Del Riego fala tamén doutras presuntas afirmacións de Prisciliano das que hoxe se cuestiona a súa autoría, pois non cadran co pensamento que reflicten os escritos recoñecidos como seus. Unha é o caso de que “a ialma humán é da sustancia Deus, preesiste no ceo, e a que alí peca é condenada a vivir nos corpos, sendo istos feitos polo demo e non han resucitar”. Trátase dunha afirmación moi discutíbel, que só atopamos no *Commonitorium de errore Priscillianistarum et Origenistarum* do galego Paulo Orosio dirixido a santo Agostiño, e que se ten repetido acriticamente como súa, cando non aparece nos escritos que coñecemos do mesmo Prisciliano (Pérez Prieto, 2012: 83-84). Pero isto sérvelle a Don Paco para falar de “espíritos analíticos e ceibes” e de que Prisciliano “inicia o noso esceiticismo rebuscón e antipragmático, que se avén mal a aceptar verdades que eisijan unha incondicional crenza”. Quizais quixo dicir “antiteórico” no canto de “antipragmático”... Pois logo fala tamén da “mística romántica que anima e timbra o esprito galego”; e, como é sabido, o romanticismo é unha reacción contra o racionalismo.

Máis interesante aínda, isto sérvelle a Del Riego para falar da “ialma galega agreste e pagán, os cultos prehistóricos e as tradizóns célticas da Galiza, que aínda hoje é natureza onde se postran os devotos da fermosa relixión da paisage”. Nisto da alma galega abonda o artigo varias liñas máis:

Na man carbonizada [por ter sido queimado...] do virtuoso, foi nada unha primaveira de armoñía. O eco renovador repite entre os carballos centenarios, o balbordo dos deuses pagáns e os ritos celtas, e ilustra as tradizóns da mitoloxía popular.

A dotriña de Prisciliano conquiere pois seu máis afligranado primor n-aquelo que é a i-alma galega de emozón diante dos encantos misteriosos da natureza e seus fermosos paisages: “A natureza diviña emana en cóns”. Veleiqué a mais neta evaluazón da nosa sentimentalidade, do noso esprito aureolado de unha perspetiva de infindo baixo da cal a nosa raza disimula a súa sede de ideal (Fernández del Riego, 1933: 6-7).

O texto que vai entre comiñas no orixinal semella ser unha cita, pero non sabemos de quen pode ser, nin temos moi claro que pretende significar; se acaso unha visión inmanentista da Divindade e panteísta do mundo, como transparenta todo o texto.

En fin, Don Paco fala aquí tamén de algo interesante, e que cadra co espírito e a organización que coñecemos das comunidades priscilianistas, marcadas por un forte estilo democrático, fraternal e sororal, nas que era recoñecido o papel das mulleres en igualdade co dos homes; un xeito de organización oposta á concepción xerárquica, piramidal e autoritaria dos bispos e da Igrexa do seu tempo (Fernández del Riego, 1933). Di que Prisciliano estaba “dotado de un senso democrático” e dunha liberdade de conciencia.

Representou a liberdade de concepción e de experiencia relixiosa persoal fronte ó formulismo de Idacio e Itacio; abriu a roita do libre eisame no pensamento moderno, e fíxose lus ó traveso da néboa da teoloxía formularia dos cregos profesioaes (...) O seu espírito céltico brila na autonomía da comunidade cristián, cuia célula é a parroquia, e maniféstase no reformador social, movido polo ideal místicos e apostólico.ascético, de pureza moral, o dos “Sinn Feiner” (Fernández del Riego, 1933: 7).

Prisciliano foi un predecesor de Lutero, como recoñeceron os primeiros estudos modernos publicados sobre Prisciliano e o priscilianismo, baseándose sobre todo nos seus *Canones* paulinos: o do teólogo pietista G. Arnold *Igrexas imparciais e historia dos herexes desde o comezo do Novo Testamento até o ano de Cristo 1688* (1700), e logo o do teólogo evanxélico F. Paret *Prisciliano. Un Reformador do s. IV* (1891) e outros moitos tras da aparición dos escritos de Prisciliano en Würzburg (Baviera) a finais do s. XIX, séculos despois de ter desaparecido.

Del Riego remata dicindo que Prisciliano “é o espírito da raza mixturando a ialma pagán da nosa paisage, con a ialma cristiá e meieval de Sant-Iago de Compostela”. Como os seus contemporáneos, a pesar das simpatías manifestadas por Prisciliano, non se dá desembarazado do mito de Santiago; un mito construído sobre a base da historia priscilianista. Hoxe imos sabendo que o cristianismo se estendeu pola provincia de Gallaecia fundamentalmente da man das comunidades priscilianistas.

Con todo, cómpre loar a calidade literaria do artigo, e o esforzo, a pesar da brevidade, de reflexionar sobre a figura e o pensamento de Prisciliano.

Bibliografía

- Boissier, Gaston (1903): *La fin du paganisme. Étude sur les dernières luttes religieuses en Occident au quatrième siècle*. París: Hachette et Cie.
- Castelao (1961): *Sempre en Galiza*. Buenos Aires: Editorial As Burgas.
- Charles Babut, Ernest (1909): *Priscillien et le priscilianisme*. París: Librairie Honoré Champion.
- Cuquejo Enríquez, María e Luís Alonso Girgado (eds.) (2005): *Universitarios. Revista de la F.U.E. (Santiago de Compostela, 1932-1933)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Fernández del Riego, Francisco (1933): “Esprito de Prisciliano: alma da raza”, en María Cuquejo e Luís Alonso Girgado (eds.) (2005), *Universitarios. Revista de la F.U.E. (Santiago de Compostela, 1932-1933)*, pp. 6-7.
- _____ (1978): *Historia da literatura galega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1984): *As peregrinacións xacobeas*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (2003): *Camiño andado*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Losada, Xoaquín (1985): “Antón Losada Diéguez, un de nós”, en *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, 42, pp. 56-61.
- Massebieau, Louis (1887): “L’apologétique de Tertullien et l’Octavius de Minucius Felix”, *Revue de l’histoire des religions*, 15, pp. 316-346.
- Otero Pedrayo, Ramón (1982): *Ensaio histórico sobre a cultura galega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Pérez Prieto, Victorino (1994): *Galegos e cristiáns. Deus fratresque Gallaeciae*. Vigo: SEPT.
- _____ (2012): *Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario*. Vigo: Editorial Galaxia.

Salvador Lorenzana lector contemporáneo: Fernández del Riego como crítico ante as Novas Narrativas

Mario Regueira
(Universidade de Santiago de Compostela)

A figura de Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913 - Vigo, 2010) supón un reto de análise para varios eidos da cultura galega. En primeiro lugar, pola importancia dunha actividade incansábel que flutuou desde a política ao mundo da cultura, tocando neste varios aspectos: obras de historiografía da literatura, antoloxías, memorias ou a abordaxe, ocasional pero significativa, da propia creación literaria; sen esquecer, ademais, un continuo traballo xornalístico. Unha produción constante ao longo dunha biografía marcada tamén pola súa lonxevidade e polo recurso, en principio guiado pola cautela política, dunha boa presada de pseudónimos que veñen complicar aínda máis calquera perspectiva dunha produción longa e, a maior parte das veces, de enorme relevancia para o seu contexto cultural. Esa longa biografía funcionou tamén como elemento que permitiu ao autor exercer así mesmo distintos papeis en diferentes épocas nos que non custa, porén, identificar un fondo moi similar marcado polo firme compromiso co galeguismo e coa cultura galega, aproximándose a unha concepción na que predominou o diálogo e a ollada integradora.

Achegarse, por tanto, a Fernández del Riego é facelo a unha cuestión case filosófica sobre o que representa a identidade e a coherencia intelectual ao longo de case cen anos de vida. Non sería xusto recoñecer o mesmo mozo que participou nos Ultreia, o militante galeguista xuvenil e o axente clandestino da inmediata posguerra tratando de reorganizar unha resposta política ao franquismo. Tampouco o culturalista que, xa nos anos corenta, aposta a esa vía a parte máis grande dos seus esforzos, nin sequera desde a súa consideración de ser, xunto con Ramón Piñeiro e Xaime Illa Couto, unha das tres figuras que enlaza a xeración das Mocedades Galeguistas coa resistencia cultural que tenta ser a Editorial Galaxia. O Fernández del Riego enfrontado a Celso Emilio Ferreiro na emigración durante os anos sesenta responde xa a un momento diferente daquela mesma aposta culturalista, convertido o núcleo de Galaxia nunha entidade capaz de mediar con certos elementos do franquismo e criticado xa polas incipientes organizacións de esquerda galeguista. Tampouco será o mesmo o autor que se afasta de Galaxia,

descontento co protagonismo de Carlos Casares na década dos oitenta (Fernández del Riego, 2003: 228-229), nin o que regresa ás institucións que el mesmo fundou e axudou a soste nas décadas finais da súa vida. E engadindo máis complexidade a esta perspectiva, podemos destacar tamén o relativamente discreto dunha actividade na cultura galega na que, moi escasamente abordou espazos de protagonismo directo, sendo un colaborador afastado da primeira liña da relevancia pública.

Abordar, por tanto, a traxectoria dunha figura como esta supón, en poucas páxinas, apostar por unha cata na súa traxectoria, unha perspectiva que nos devolva unha parte dese traballo influínte, moitas veces semi-descoñecido ou, cando menos, presente en espazos habitualmente centrais, como os artigos de prensa ou os paratextos introdutorios das obras.

Nese sentido, escollemos o papel que, neste contexto sinalado, tivo Fernández del Riego como actor cultural ante a introdución das influencias da narrativa internacional como camiño viábel para a literatura galega. Trátase dunha posibilidade que abarca un longo percorrido, centrado principalmente nos anos cincuenta, pero no que aínda podemos identificar antecedentes previos e posicións posteriores, particularmente as referidas a Xohana Torres, unha das autoras que a crítica acostuma colocar nas marxes da corrente innovadora da literatura galega que con frecuencia ten merecido o nome de “Nova Narrativa Galega” (Pena, 2019: 257).

As Novas Narrativas, primeiro debate xeracional da posguerra

A fundación de Galaxia no 1950 vén marcada por un ton de compromiso político máis ousado do que proxectos vinculados fundamente ao réxime, como o Instituto Padre Sarmiento (fundado en 1943 sobre o fondo do Seminario de Estudos Galegos) ou a editorial Bibliófilos Gallegos, constituída en 1948, viñeran anunciando. Mesmo a natureza fronte a proxectos próximos como a Editorial Monterrey, vinculada a unha librería de vello e tamén aparecido no 1948, era máis ambiciosa e apuntaba a camiños como a creación literaria contemporánea en xéneros como a narrativa e o ensaio ou a tradución, até aquel momento dentro do punto de mira do réxime que, directa ou indirectamente, trataba de manter a cultura galega vinculada ao folclórico e á lírica.

O propio Fernández del Riego, nun artigo de 1948, criticaba os “estériles caminos de arqueología literaria” que acometía un proxecto como Bibliófilos Gallegos ante unha cultura en lingua galega practicamente exterminada tras o conflito (Fernández del Riego, 1948a: 4) e apuntando as necesidades dunha actividade cultural diferente.

A editorial bota a andar e ocupa os seus primeiros anos na publicación con éxito de obras que continuaban a carreira de creadores da preguerra, de poetas novos, e coa tentativa dunha revista foi cancelada polo réxime tras unha polémica tradución de Heidegger que merecería as ameazas do director do diario *Pueblo* (Dasilva, 2008). Se a oposición da ditadura, a través dos seus distintos mecanismos de poder, era algo case agardado e parte do risco asumido co proxecto, co que menos contaba o núcleo de Galaxia foi coa rivalidade que apareceu respecto dalgúns dos actores novos e o seu rápido aliñamento fronte a algúns dos postulados de Ramón Piñeiro. O editor escribíalle neste sentido a Fernández del Riego en novembro de 1956:

Temos un curioso e raro problema diplomático: o Vázquez de Calo está, polo visto, fundamente doído porque o segundo libro de contos do seu rapaz non tivo o eco que el agardaba. Resulta que saíu contemporaneamente co de Fole e como o diste tivo extraordinaria resoancia, el establece unha comparanza que, polo que se ve, resúltalle magoante. Dócese de que nin don Ramón, nin ti, nin eu escribimos artigos falando do libro. Naturalmente, as posibles razóns do feito el non as considera para nada; quédase co puro feito que interpreta e valora de maneira tremendamente apaixonada e subxetiva. O peor de todo é que, según tódalas trazas, logrou reflexar no ánimo do rapaz tan inxusta actitude, ata o punto de que o rapaz arredouse dos demais (Fernández del Riego, 2000: 88).

A referencia a Vázquez de Calo e o ano ponos na pista de que se refiren a Gonzalo Rodríguez Mourullo, que naquela altura viña de publicar, novamente coa editorial Monterrey, *Memorias de Tains*, o seu segundo libro en lingua galega tras *Nasce un árbore* (1954). A correspondencia non deixa entrever a profundidade dun debate que cuestiona posicións como as expresadas por Ramón Piñeiro no prólogo de *As covas do Rei Cintolo*, de Daniel Cortezón, publicado por Galaxia ese mesmo ano (Piñeiro, 1956: 11-26). Neste texto, que atoparía continuidade en boa parte da dispersa obra de Piñeiro, púñase en cuestión a verdadeira pertenza á literatura galega daquela

literatura non afiliada a unha serie de valores esenciais aos que respondían, naquel momento, a voz popular de Ánxel Fole e, moi especialmente, a imaxinación desbordante dun Cunqueiro que debutara pouco tempo atrás como narrador en lingua galega coa propia Galaxia. A contraposición entre unha verdadeira literatura galega, entroncada con valores inmateriais e oposta, por natureza, á literatura contemporánea, ligada á representación do absurdo e a falta de liberdade da cultura moderna, era unha cuestión delicada naquel momento histórico. Cun campo literario galego en definición, a caracterización étnica de Piñeiro representaba a práctica expulsión dos autores que renegasen dunha serie de valores identificados co “íntimo manantío imaxinativo da raza” (Piñeiro, 1956: 11-26).

Rodríguez Mourullo responderá a parte destas ideas a través de varios textos, dos que pode que o máis emblemático sexa “Carta a Manuel Antonio”, publicada en *La Noche* o 26 de xaneiro de 1957. Un texto que non só imita o formato de falsa correspondencia que Piñeiro adoitaba empregar nos seus prólogos e artigos, senón que se dirixe ao autor máis representativo dunha vangarda universal que podía atoparse na historia literaria galega. Rodríguez Mourullo abandona a práctica escrita en lingua galega pouco despois, marcando un enfrontamento que vai ser mitificado e reinterpretado numerosas veces con posterioridade. Isto será así, en boa medida, por parte doutros autores novos que, como Xosé Luís Franco Grande ou Xosé Luís Méndez Ferrín, manifestaran a súa admiración por unha literatura innovadora e conectada co panorama internacional como a de Rodríguez Mourullo (Casado e Salgado, 1989: 201).

A evolución da editora, habilitando unha colección como Illa Nova (iniciada no mesmo 1957) para esas voces da creación máis nova, pode entenderse como un intento de acadar un certo consenso ante unha ruptura inesperada. O propio Fernández del Riego manifesta uns poucos anos despois a perspectiva e a importancia que se lle concedía a ese grupo de autores que, sen ser acollidos na mesma canonización que a liña privilexiada por Galaxia, eran convidados a ser integrados no proxecto e sinalados en certo sentido como debedores deste:

Pero además de todos ellos, ha comenzado a hacer acto de presencia el grupo de los más jóvenes escritores, nacidos en plena guerra civil. Se trata de la juventud formada en el clima de la Editorial

“Galaxia” y que de ésta ha recibido cauce para su expresión en la Colección “Illa Nova” (Fernández del Riego, 1959: 29).

A pesar disto, paralelamente, Ramón Piñeiro continuaba expresando en determinados artigos un afianzamento igual de contumaz cun programa esencialista baseado en características étnicas (Piñeiro, 1959: 152-153), unha tendencia ideolóxica que, con certas mutacións, e sen volver exercer o protagonismo abertamente directriz que tomara nos anos cincuenta, a través dos paratextos da propia editora, seguirá mantendo durante toda a súa traxectoria.¹

Asoma aquí un dos papeis repartidos entre os dous actores máis importantes de Galaxia naquela altura. Ambos móvense nunha dinámica que acepta mal a simplificación, xa que en todo momento trata de resultar integradora, con intención de agrandar o proxecto común do galeguismo que é a editora naquel momento. Serve como proba outra referencia da correspondencia entre ambos, referida ao mesmo incidente de novembro de 1956 con Vázquez de Calo, como era coñecido o pai de Rodríguez Mourullo: “Se mañá teño humor farei un artigo sobre Mourullo e mándocho co inquerito. Dese xeito, ó facerlles ti o inquerito e eu un artigo, aliviará algo o enfurruñamento do pai. Polo menos quedámonos tranquiños no senso de ter feito eco á obra deste novo valor galego” (Fernández del Riego, 2000: 115). Máis aló da ironía ou non da afirmación final, cando menos parece evidente a intención de calmar as augas e atraer un dos representantes máis novos da cultura escrita en lingua galega ao ámbito da editora, por máis que Piñeiro nunca aceptará a veta aberta na narrativa galega por Rodríguez Mourullo.

En boa parte, o o experimentalismo do novo escritor, moi influído pola obra de Franz Kafka e William Faulkner, entre outros autores de difícil acceso no contexto da posguerra, supuxo un símbolo de todo o que de innovador podía aparecer na narrativa galega e non tardou en ser vinculado tamén con movementos cos que non tivo ningún contacto directo. Sirva a etiqueta de “Nova Narrativa Galega”, tomada dun *nouveau roman* do que apenas María Xosé Queizán e Xosé Luís Méndez Ferrín recoñecían influencia, xa a mediados

¹ Posicións que tamén resultan moi evidentes no seu discurso privado, tal e como pode comprobarse na abondosa correspondencia publicada do autor (*vid.* Bermúdez, 2010: 55-75).

da década dos sesenta, ou a relación co existencialismo sartreano precedente. Da mesma maneira, tamén se vinculou con referencias menos identificábeis, como pode ser o realismo sucio ou o tremendismo, alén de conectar, de forma relativamente inesperada, coa literatura vinculada á esquerda marxista. En efecto, serían algunhas das persoas integradas nas Novas Narrativas, acusadas frecuentemente de excesivamente intelectualizadas, as que protagonizaron a crítica a Galaxia desde a configuración dun marxismo galego de liberación nacional, tratando de retomar os lazos co exilio e, ao mesmo tempo, a noción de continuidade cunha loita política de orixe republicana que Galaxia deixara esmorecer ao apostalo todo ao posibilismo culturalista.

A participación de Fernández del Riego neste proceso durante os anos cincuenta e sesenta apunta, porén, moito máis a unha mediación aberta do que representa a postura de Ramón Piñeiro. Sustentamos esta afirmación non só no interese por manter esa vinculación de figuras culturalmente promisorias nas inmediacións de Galaxia, senón tamén na perspectiva que implicou elaborar un diálogo posíbel e integrador, levado sempre desde unha visión pouco dogmática e enunciado, principalmente, a través de artigos de revistas, prensa e paratextos, habitualmente asinados por Salvador Lorenzana ou Cosme Barreiros, dous dos pseudónimos de referencia do pensador.

Fernández del Riego como crítico literario

Mesmo tendo en conta a complexidade e amplitude xa mencionada do traballo de Fernández del Riego, cómpre destacar que a súa faceta como crítico literario está, polo común, moito máis preto do discurso xornalístico que do académico. Mesmo tendo formación en Filosofía e Letras (combinada coa carreira de Dereito, como era frecuente na época), o autor que se ocupa de temas literarios faino, polo xeral, con menos fondura e argumentos técnicos do que o fará o seu compañeiro de xeración e amigo Ricardo Carvalho Calero. Podería servir como indicio a comparación entre o seu *Manual de historia de la literatura gallega*, publicado por Galaxia en 1952, e os múltiples traballos do ferrolán nos anos cincuenta, que conducirían á emblemática *Historia da literatura galega contemporánea I* (Carvalho Calero, 1963). Se o primeiro formula unha achega con intención divulgativa, na que rexe unha confusa noción do criterio que delimita a “galeguidade” da literatura (Regueira, 2020), o segundo simboliza a reafirmación e asentamento do

criterio filolóxico que se mantén até os nosos días, alén de establecer as bases académicas dos estudos literarios galegos que o seguirán.

Este apuntamento non pretende cuestionar o criterio de Fernández del Riego no ámbito do comentario literario, senón incidir nun valor de difusión pouco cuestionábel e que formaba parte máis dunha conciencia activista que dunha ambición de construír un saber académico aceptado como tal. Neste sentido, consideramos que é esa intención a mesma que pode atoparse en obras monumentais cun valor de consulta, como *Diccionario de escritores en lingua galega* (1990) ou a multitude de obras panorámicas sobre xeracións ou individualidades da cultura que abundan na súa longa bibliografía. A humildade desta pretensión tamén é un factor a ter en conta no diálogo e valoración que se fai desas innovacións técnicas da narrativa, toda vez que non son condenadas univocamente por traizoar a esencia galega, como as primeiras lecturas de Ramón Piñeiro propoñían, senón que existe un esforzo consciente por entender a súa procedencia, as súas posibilidades e, en certo sentido, tamén o seu valor como elementos válidos para o diálogo literario. Isto tampouco quere dicir que sexan aceptadas sen máis, veremos un Fernández del Riego moi escéptico en ocasións con algunhas destas correntes que influíron na narrativa deste momento histórico, en ocasións reproducindo argumentos moi similares aos da deshumanización e falta de contacto coa realidade autóctona que poden atoparse na obra de Ramón Piñeiro. Con todo, a actitude do autor é ben máis aberta ao debate e moito menos normativa, sen pretensións de eliminar esas correntes por “aberrantes” ou “ultrapirenaicas”, termos que poden atoparse no discurso privado de Ramón Piñeiro (Alonso Girgado *et al.*, 2004: 50-51). Da mesma maneira, o seu papel como introdutor de moita desta literatura non deixa de simbolizar unha sorte de mediación que visa fortalecer unha comunidade diversa pero que non deixa de estar coordinada nun grande proxecto común que a transcende. Unha perspectiva que, en termos bourdieanos, supón de certo un compromiso da autonomía individual en aras da autonomía dun campo literario en situación de emerxencia e delimitación, pero que mantén unha presión sobre as autorías moito menor do que representaron outras posicións normativas.

Non queremos deixar de mencionar a lectura que o propio Fernández del Riego fai no ano 2008 sobre o mesmo Méndez Ferrín que el tivera a posibilidade de prologar cincuenta anos antes: “O escritor coñecía a literatura

atormentada de posguerra. Soubo axectar a súa peculiar creación ao ton literario e intelectual dominante”, comenta, pouco antes de recoñecer, como quen fala dun vello tema xa sobexo e que parecía moito máis relevante no pasado do que resultou ser despois: “nos seus iniciais textos narrativos débelle, sen dúbida, un algo á literatura estranxeira do seu tempo” (Fernández del Riego, 2008: 153).

Salvador Lorenzana e a literatura contemporánea

Fernández del Riego asina unha necrolóxica sobre James Joyce o 2 de agosto de 1942 en *El Pueblo Gallego*. Mesmo tendo en conta a problemática recepción das traducións de Joyce e a tentativa de reinterpretación en clave céltica adoptada xa na época Nós (Ventura, 2002: 759-767), non podemos deixar de mencionar este artigo como un dos precedentes que manifestan a preocupación do autor pola literatura contemporánea mesmo en datas tan temperás. É certo porén que a peza, unha loa a Joyce de ton poético e con poucas referencias á técnica literaria, pode ser lida como unha expresión máis dese substrato céltico ao que, en clave inmanente e dunha forma herdada acriticamente do período literario de preguerra, Fernández del Riego continúa a interpretar a realidade cultural, tal e como demostran outros artigos da época.

Na mesma dimensión precedente podemos mencionar tamén o artigo “La difusión del libro en Galicia”, de 1948, non por abordar directamente a cuestión, senón porque, nos momentos nos que Galaxia é un simple proxecto a ser desenvolvido, apunta a unha perspectiva que, en certo sentido, foi rupturista con algúns dos camiños desenvolvidos nas primeiras publicacións da narrativa desta. A literatura promovida, non pola súa conexión co popular, senón como forma de levar unha cultura diferente ao público: “la literatura no debe escribirse para satisfacer el gusto del público, sino para crear en él un nuevo gusto; o, al menos, encauzarlo, depurarlo, robustecerlo” (Fernández del Riego, 1948b: 6). Apélase así, varios anos antes da súa aparición, a unha das cuestións á que se enfrontarán as Novas Narrativas: a perspectiva intelectualizada en exceso, afastada dun pobo que se recoñecía na reconstrución da oralidade que ofrecían os contos de Ánxel Fole ou a desbordante e libre imaxinación de Cunqueiro.

Finalmente, e como un elemento máis previo á aparición mesma desas novas voces narrativas en lingua galega, podemos apelar tamén ao artigo recollido na Colección Grial sobre Camilo José Cela “Arredor de Cela,

novelista”. Parte da sección “Fiesta das Hespañas”, non podemos pasar por alto a relevancia desta perspectiva sobre un dos poucos narradores galegos en activo nese momento, unha figura coa que o círculo de Galaxia mantivo boas relacións e do que acabarían publicando unha tradución ao galego de *La familia de Pascual Duarte* en 1962. A propia discrepancia dun autor das inmediatezas de Padrón coa estética que se presupón á identidade galega ocupa unha parte do artigo, do que chama a atención a identificación de influencias norteamericanas e a referencia a modelos narrativos novos nos que as descrições de Cela fanse con “friaxe de especialista” (Fernández del Riego, 1952: 91). Son trazos que desconcertan un tanto ao crítico e que deixan ver xa algúns dos elementos aos que aludiré e que trataré de entender posteriormente. A disgregación das formas literarias convencionais baixo novos modelos, a crueza do escenario escollido e a ausencia deses “docísimos relanzos de tenrura e de beleza” (Fernández del Riego, 1952: 93) que mesmo así poden localizarse na existencia humana, forman parte da lectura de Fernández del Riego, aínda que, ao contrario que noutras manifestacións da crítica da época nese mesmo contexto, ese desconcerto non é máis que unha cuestión aberta, mesmo cun punto de fascinación.

A partir do ano 1952, a Colección Grial queda cancelada polo réxime e só se retoma no ano 1963. Trátase dunha época cun profundo desprazamento da crítica literaria vinculada á editora (Regueira, 2020b), que tras perder a súa principal cabeceira ten que limitarse ás seccións dos xornais, os medios da emigración e os prólogos dos propios libros, que pasan a ter unha importancia redobrada nese contexto.² Nun destes espazos, e baixo un titular en castelán, que ademais non parece aludir á crítica dun libro de narrativa, atopamos o artigo “Del bello lugar de Calo”, asinado por Salvador Lorenzana. Trátase dunha cariñosa benvida ao debut literario de Rodríguez Mourullo, *Nasce un árbore* (1954), ao que se recibe como unha verdadeira promesa da literatura galega, por máis que apunte, como é común por outra parte neste tipo de críticas iniciáticas, á excesiva marca das súas influencias. Dous elementos destacan pola relevancia que van ter na polémica que nos próximos anos envolve ao

² Evidencia disto podemos atopala na cantidade de paratextos que inclúe a primeira edición de *Memorias de Tains* (1956) de Rodríguez Mourullo con dous prólogos (Benito Varela Jácome e Xosé Luís Franco Grande), unha “Carta ao lector” do propio autor e un “Brindis” asinado por Domingo García-Sabell. Pode tomarse tamén como un indicio de como as personalidades vinculadas ao núcleo de Galaxia dominaban a pouca crítica existente mesmo sen unha publicación propia.

narrador: a súa reivindicación dentro dun grupo de mozos —“la más nueva generación gallega, en la que están insertos otros muchachos animados por idéntico fervor al suyo, con la dificultad de mantenerse a la altura de las actuales circunstancias, porque las circunstancias son desorbitadas, formidables, árduas” (Fernández del Riego 1955: 6)— e o interese de colocar a obra do novo creador nas coordenadas interpretativas dunha crítica que, como xa mencionamos, se move aínda por parámetros moi conectados ao sentimento inmaterial da terra e da raza do que se falaba nos anos vinte e trinta. O título non engana, xa que se traza unha relación entre a procedencia de Rodríguez Mourullo co rural galego e a súa potencia inmanente na forma de terra e paisaxe, por máis que a aguda lectura de Fernández del Riego atope que esa vinculación dos novos cos grandes conceptos inmateriais xa non é un manancial de sentimentos e está preñada dunha perspectiva ben diferente:

Es de este modo que sus miembros se preguntan, por de fuera de la razón poderosa de la sangre, la razón del amor al país nuestro. Intentan dar con la emoción intelectual de Galicia, desprendida de los grandes tópicos al alcance cualquier insicero y torpe localismo (ibídem).

Mesmo tendo en conta que son tempos dunha crítica entusiasta e promotora desa mesma causa común do galeguismo que podemos atopar noutras obras, incluso moi posteriores, de Fernández del Riego, non deixa de ser unha sorpresa a acollida positiva e integradora que se dá a un autor novel que tan só uns anos despois é tratado con ambivalencia e condenado indirectamente como pouco galego por parte da outra grande personalidade de Galaxia.

Nese sentido, tamén resulta moi indicativo que sexa novamente Salvador Lorenzana, o nome de pluma do noso autor, o escollido para introducir un libro complexo, en certo sentido unha síntese entre o imaxinismo céltico cunqueiriano e a pegada kafkiana que un Rodríguez Mourullo cada vez máis afastado do contexto da literatura galega propugnara uns poucos anos antes. Trátase de *Percival e outras historias* (1958), o debut narrativo dun Méndez Ferrín que, ao seu xeito, acaba por ser tamén un vector de oposición literario e ideolóxico á actividade de Galaxia durante a década seguinte. Nese paratexto, Fernández del Riego volve destacar a influencia estranxeira sobre os novos, aínda que unha vez máis é unha forma de sinalala que non condena a súa existencia nin a práctica da inspiración literaria:

Non cabe dúbida que os grandes mestres americanos, dende Anderson e Aikens até Faulkner, Caldwell e Saroyan, pesan hoxe dabondo na marcha do xénero narrativo. E outro tanto pódese dicir dos europeos Kafka, e Marcel Aymé, unha das figuras modernas do realismo pantástico, tan axeitado ó espírito do noso tempo. Seméllanos que entre os novísimos narradores galegos, existe tamén certa simpatía polo que aqueles mestres representan. Directamente, ou por refrexo, as leituras de algunhas das súas obras, acusan certa resonancia na interesante produción narrativa de Gonzalo R. Mourullo, e aínda na de Xosé Luís Méndez Ferrín (Fernández del Riego, 1958b).

Por outra parte, o prologuista non pode esquivar o feito de estar ante un modelo sincrético (Regueira, 2017), e aproveita para destacar aquela perspectiva que fora sancionada desde os postulados de Ramón Piñeiro:

Pero isto queda escurecido diante do feito de ter lido algo que posúe auténtico nervo, un latexo que é do noso tempo, un punto de fantasía e un interés notable. Méndez Ferrín, nefeito, está dotado de grande fantasía; nótase nil innegable fluidez de inventiva; ocórrenselle as complicacións da trama, cunha sorprendente facilidade. A acción tórnase, con frecuencia, un proceso anímico, sentimental ou intelectual, que emprincipia e remata dentro dos personaxes mesmos, o cal resta importancia a calisquer elemento de ambiente ou escea (Fernández del Riego, 1958b).

Un eco do conflito aínda recente producido pola falta de recepción da obra de Rodríguez Mourullo e o seu afastamento do grupo pode atoparse na conclusión do texto: “A importancia dun equipo de narradores é cousa vital pra un país. Dos nomes mozos que agora xurden —antre os que figura Méndez Ferrín— cabe agardar pra Galicia unha tarefa creadora, con auténtica proxección no mañá (Fernández del Riego, 1958b)”.³

Co regreso da revista *Grial* en 1963, atopamos, nesa época e comezos da década seguinte, unha serie de artigos que tratan de explicar e analizar a pegada destas novas correntes nas novas promocións de creadores e creadoras:

³ A importancia que o autor concede aos novos creadores e creadoras excede o ámbito da narrativa. Pensemos na importancia que ten que entreviste para *Galicia Emigrante*, neses mesmos anos, a figuras como Ramón Lugrís ou Xohana Torres (Fernández del Riego, 1957; Fernández del Riego, 1958a).

“Os derradeiros pasos da novela francesa” (Fernández del Riego, 1965), “Narradores e teóricos do Nouveau Roman” (Fernández del Riego, 1968) e “O mundo de Michel Butor” (Fernández del Riego, 1971a). Trátase de análises que parecen estar arredadas das preocupacións da cultura galega, pero que en realidade fan parte da primeira liña dunha polémica que está moi lonxe de resultar rematada e que, como xa mencionamos, se estendeu desde as mesmas posicións cara a movementos internacionais que, en principio, non estaban na primeira confrontación xerada polo *affaire* Mourullo.

No primeiro destes artigos, o final parece apuntar a un sincero desconcerto por parte do crítico ao respecto do *nouveau roman*:

¿Qué hai no fondo deste movemento literario? ¿Cal é en realidade a súa meta? ¿Tardará moito en perder a aitalidade que, sin dúbida, chegou a adequirir? As novas correntes novelísticas que comezan a se deseñar, semella que apuntan cara outros nordes ben diferentes dos seguidos deica agora polos escritores da nova novela (Fernández del Riego, 1965: 369).

Máis aló da condena a un tipo de literatura que non entende ou que lle resulta fortemente disruptiva, os seguintes artigos nesta liña, aparecidos nos anos posteriores, tratan cada vez máis de preto a cuestión deste movemento, as súas diferenzas internas e o papel que puido e pode ter na literatura da época.

A teima de todos istes escritores é a de empregar as técnicas máis novas nun estilo crú, argueireiro, pero espido de sentementos e de afeicións. Tal é, en xeneral, o que caracteriza á meirande parte dos seus xeitos de novelar. Pesie ó que do “nouveau román” se leva dito, se non pode dudar que tivo os seus acertos, e de que das súas fileiras xurdiron valores que hoxe amosan unha rexa persoalidade literaria (Fernández del Riego, 1968: 51)

Trátase dun xuízo aínda ambivalente, pero que, como vimos indicando, valora a puxanza de novos estilos. A perspectiva crítica volve amosar tons divulgativos, como na definición entre os “dous xeitos de escribir unha novela: o de antes (...) O outro, o novedoso” (Fernández del Riego, 1968: 62). Mesmo con ese tipo de expresións máis populares que descritivas nun sentido analítico, o certo é que a definición de Fernández del Riego sobre estes dous “estilos” é menos inxenua do que parece e evidencia a profunda

transformación que as técnicas narrativas experimentaron a mediados do século XX, unha onda respecto da que a cultura galega, na medida na que se quixese configurar como unha cultura universal en pé de igualdade coas outras, non podía permanecer allea.

Nun sentido similar, o Salvador Lorenzana de 1971 dedica un longo artigo a Franz Kafka (Fernández del Riego, 1971b), cunha vontade de divulgar, e pensamos que tamén de entender, a radical influencia do autor na literatura contemporánea. Unha influencia que collera por sorpresa os presupostos ideolóxicos do galeguismo culturalista dun par de décadas anteriores. O seu final, que apunta a un estilo lírico que procura unha innegábel fermosura, explicando a morte e o enterro de Kafka, evócanos aquel que en 1942 dedicara a outro autor como James Joyce (Fernández del Riego, 1942), que tamén deixara unha influencia perdurábel nas letras galegas. Ao contrario que nos parámetros interpretativos que ondeaban sobre James Joyce, non hai posibilidade de relacionar un xudeu checo de expresión alemá á potencia inmanente que a raza celta ou a paisaxe do atlántico pode manifestar nas letras dun pobo. Trátase dunha evolución evidente pero tamén moi coherente coa actitude e a perspectiva crítica manifestada por Fernández del Riego nos anos anteriores.

A pesar de que o conflito entre a tendencia estranxeira e a radical humanidade das esencia galegas se foi diluíndo no último terzo do século XX, redefiníndose tamén a perspectivas máis traballadas e menos ideoloxicamente simples como as que formulou Ramón Piñeiro na década dos cincuenta, non podemos deixar de mencionar a crítica que Fernández del Riego dedica a Xohana Torres. Nela, volve aparecer esa contraposición entre a fantasía e a literatura “deshumanizada”, aínda que esta figura descrita dunha maneira que, até ese momento, só ficara apuntada; como un reflexo dunha realidade crúa e socioloxicamente atroz que esa xeración ten que atravesar. Ao mesmo tempo, incluso percibindo que o crítico preferiría outros camiños, as ferramentas das técnicas “de arestora” son consideradas como perfectamente lexítimas nunha literatura contemporánea:

Si nos paramos a considerar as novelas de arestora, dexergamos que na maoría delas os escritores sinten a urxencia de documentar aspectos da realidade que lles toca vivir. A fantasía, a imaxinación, o elemento estraguido de zonas alonxadas da

terra firme, queda case relegado. E o sofrido en carne de seu, o padecido nun intre determinado da propia existencia, pasa a ocupar un primeiro plano na obra de creación. No mundo de arestora poderíamos dicir que non hai predisposición pra inventar. O ánimo do home dos nosos días está carregado dunha chea de experiencias chegadas da concreta e enervante realidade que nos arrodea. Experiencias das que necesita descarregarse, ás veces ao ritmo de precipitados e desleixados pulos, polo canle da novela (...) *Adiós, María é*, xa que logo, unha boa novela coa que se arrequecen as letras galegas de hoxe. É a historia dunha ialma sometida aós influxos que denuncian unha dura realidade dos nosos días. Unha historia contada con linguaxe e técnica de arestora, pero sin perder nunca a forza da súa orixinalidade (Fernández del Riego, 1971c: 364).

Non son esa solidariedade co sufrimento humano e esa vontade de entender as novas xeracións elementos ausentes doutras manifestacións do autor. Como exemplo da vontade de comprender o que entendía que era unha cuestión lexítima a ser desenvolvida dentro da cultura galega, aínda publicará *Letras do noso tempo* (1974) no que tamén aparecen cuestións sobre outras correntes que, como o neorrealismo italiano ou o realismo sucio, foran polémicas no contexto da nosa literatura.

Conclusión

Fernández del Riego ten merecido o adxectivo de traballador incansábel pola cultura galega. A súa inmensa obra pode distraernos, porén, do feito de que tamén traballou unha serie de contidos e presupostos cun rigor e unha actitude que se cadra faltaron noutros axentes do campo literario cos que compartía xeración e proxectos. Fronte ás actitudes normativas, en ocasións despreciativas de autores como Ramón Piñeiro e Ricardo Carvalho Calero ante o que entendían como influencias estranxeirizantes, afastadas da estética que debía ser propia ao pobo galego, Fernández del Riego manifestou en todo momento unha actitude de pescuda e de diálogo que lle permitiu valorar algúns dos novos talentos da narrativa, ao tempo que realizaba un evidente traballo activo por entender os seus puntos de partida e a lexitimidade da súa proposta. Trátase dun traballo afastado, polo xeral, dunha primeira liña pública, que se desenvolveu por camiños case sempre secundarios, pero que colaborou moito máis a crear unha comunidade asentada no debate

lexítimo e axudou a normalizar posturas que, naquel momento histórico, eran propias a case calquera cultura europea.

Bibliografía

- Alonso Girgado, Luís, María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña Miranda (eds.) (2004): *Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Bermúdez, Teresa (2010): “Piñeiro e os albores da ‘nova narrativa’ galega”, *Revista de linguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, 15, pp. 55-75 [Disponible en: <http://revistas.uned.es/index.php/RLLCGV/article/view/5969>. Consulta: 21/2/2023].
- Carvalho Calero, Ricardo (1963): *Historia da literatura galega contemporánea I*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casado, Xoán-Manuel e Xosé M. Salgado (eds.) (1989): *X. L. Méndez Ferrín*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- Dasilva, Xosé Manuel (2008): “Ramón Piñeiro e a prohibición de traducir ao galego”, *Grial*, 179, pp. 86-97.
- Fernández del Riego, Francisco (1942): “Requiem por James Joyce”, *El Pueblo Gallego*, 2/8/1942.
- _____ (1948a): “Hacia la difusión de nuestros libros”, *La Noche*, 30/1/1948, pp. 2 e 4.
- _____ (1948b): “La cuestión editorial en Galicia”, *La Noche*, 17/5/1948, pp. 3 e 6.
- _____ (1951): *Manual de historia de la literatura gallega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1952): “Arredor de Cela, novelista”, en VV. AA., *Aspectos económicos y jurídicos de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia, pp. 91-93.
- _____ (1955): “Del bello lugar de Calo”, *La Noche*, 7/2/1955, p. 6.
- _____ (1957): “A voz da mocidade: conversa con Ramón Lugo”, *Galicia Emigrante*, 28, pp. 4-5.
- _____ (1958a): “Conversa Con Xohana Torres”, *Galicia Emigrante*, 36, pp. 11-12.
- _____ (1958b): “Limiar”, en Xosé Luís Méndez Ferrín, *Percival e outras historias*. Vigo: Editorial Galaxia, pp. 9-13.
- _____ (1959): *Galicia y nuestro tiempo: la obra de una generación*. Buenos Aires: Editorial Citania.

- _____ (1965): “Os derradeiros pasos da novela francesa”, *Grial*, 9, pp. 367-369.
- _____ (1968): “Narradores e teóricos do ‘Nouveau Roman’”, *Grial*, 19, pp. 51-62.
- _____ (1971a): “O mundo de Michel Butor”, *Grial*, 31, pp. 111-112.
- _____ (1971b): “Leendo a Kafka”, *Grial*, 33, pp. 264-272.
- _____ (1971c): “Adiós María, de Xohana Torres”, *Grial*, 33, p. 364.
- _____ (1974): *Letras do noso tempo*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1990): *Diccionario de escritores en lingua galega*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (2000): *Un epistolario de Ramón Piñeiro*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2003): *Camiño andado*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2008): “O escritor e o seu mundo literario”, en VV. AA., *A semente da nación soñada. Homenaxe a X. L. Méndez Ferrín*. Santiago de Compostela: Edicións Xerais e Sotelo Blanco Edicións, pp. 153-155.
- Pena, Xosé Ramón (2019): *Historia da literatura galega IV. De 1936 a 1975. A “longa noite”*. Vigo: Edicións Xerais.
- Piñeiro, Ramón (1956): “Carta a Daniel Cortezón Álvarez”, en Daniel Cortezón, *As Covas do Rei Cintolo*. Vigo: Editorial Galaxia, pp. 11-26.
- _____ (1959): “Factores esenciais de la literatura gallega”, *Ínsula*, 152-153, p. 13.
- Regueira, Mario (2015): *A narrativa na reconstrución do campo literario galego de posguerra: repertorios e imaxinario no proxecto de Galaxia* (tese de doutoramento). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- _____ (2017): “Ida e volta polo bosque de Percival: posicións no campo literario na primeira narrativa de Méndez Ferrín (1958-1971)”, en Teresa López, Laurence Malingret e Elías Torres Feijó (eds.), *Estudos literarios e campo cultural galego: en honra do profesor Antón Figueroa*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 259-272.
- _____ (2020): *Narrativa e imaxinario nacional na reconstrución do campo literario de posguerra (1936-1966)*. Vigo: Edicións Xerais.
- Rodríguez Mourullo, Gonzalo (1954): *Nasce un árbore*. Vigo: Monterrey.
- _____ (1956): *Memorias de Tains*. Vigo: Monterrey.

- _____ (1957): “Carta a Manuel Antonio. En el XIX aniversario de su muerte”, *La Noche*, 26/1/1957, p. 3.
- Ventura, Joaquim (2002): “Vicente Risco, redentor de James Joyce: Dedalus en Compostela”, VV. AA., *Actas del XIII Simposio de la Sociedad Española de Literatura General y Comparada. Estudios de Literatura Comparada. Norte y Sur. La sátira. Transferencia y recepción de géneros y formas textuales*. León: Universidad de León, pp. 759-767.

Relacións e amizades

Don Paco del Riego nas publicacións do Centro Ramón Piñeiro

Luís Alonso Gírgado

(Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

Da figura relevante do humanista que foi don Francisco Fernández del Riego (Salvador Lorenzana, Cosme Barreiros ou Adrián Solovio cando as circunstancias obrigaban a empregar pseudónimo, especialmente na prensa) eu pouco poderei falar, pois estiven con el apenas en catro ou cinco ocasións. A primeira delas en 1995, cando veu dar un relatorio arredor de Galicia e de si mesmo aos bolseiros e profesores do Centro Ramón Piñeiro, daquela de moi recente creación entre non poucas críticas do ámbito universitario e dalgúns sectores do galeguismo de esquerdas.

Cando entrou no Centro, a carón de Constantino García e de Manuel Regueiro Tenreiro, estaba eu na miña mesa consultando algúns números da revista *Alba* (1948), que pasou da Coruña a Vigo e da que foi fundador e director Ramón González-Alegre, escritor das terras do Bierzo, avogado, poeta, dramaturgo, antólogo e crítico, frecuentador das páxinas literarias de prensa. Cal non sería a miña sorpresa cando, aos poucos días, advertín no número 3 da citada revista un artigo sobre lírica galega titulado “Onte, hoxe e mañá da nosa lírica”, asinado por Salvador Lorenzana, seguramente o pseudónimo máis frecuente de Don Paco por razóns de censura e para escribir en castelán.

A partir dos anos setenta e da miña incorporación como profesor de Ensino Secundario ao Instituto Xoán Montes de Lugo, tiven un maior contacto con Don Paco, xa solidamente instalado en Galaxia (1950), na súa voceira *Grial* (1963), no grupo continuador do Partido Galeguista que, na Galicia peninsular, proseguíu a liña culturalista encabezada por Ramón Piñeiro. Na súa dilatada existencia traballou arreo, incansable, nunha serie de asuntos e cuestións enraizadas sempre na vida cultural do galeguismo. En Galaxia foi un factótum, colaborador xeneroso de Ramón Piñeiro; na editorial era promotor de libros e coleccións, tradutor e “normalizador” de textos, distribuidor das novidades e divulgador das mesmas páxinas de prensa: *La Noche*, de Goñi e Borobó; *El Progreso*, de Ánxel Fole e a súa Táboa Redonda; *Faro de Vigo*, onde Galaxia impronta algúns dos seus libros

e, con anterioridade, en *Nós*, *El Pueblo Gallego*, *A Nosa Terra*, *Universitarios*, o efémero *Suplemento do Sábado de La Noche*, *Galicia*, do Centro Galego de Buenos Aires e tantas e tantas cabeceiras de xornais e revistas entre as que non faltaban as publicadas na Galicia de alén mar. Naturalmente, estivo moi presente en *Grial*, que dirixiu varios anos e á que levou, como tamén á culturalista *Nós*, a numerosos colaboradores mozos que xa na posguerra serían voces fundamentais da nosa literatura.

Débense ter moi en conta, á hora de xulgar e valorar o labor cultural e vastísimo, polifacético, do escritor e afervoadado galeguista militante da Láncara luguesa, que na panorámica que vai dende ben entrados os anos corenta ata comezos dos setenta, a gravidade das circunstancias (férrea censura, fame e marxinacións, subdesenvolvemento, réxime ditatorial etc.) pesaron con extraordinaria dureza en Don Paco e a súa xeración, que padeceu todo tipo de atrancos e limitacións, empobrecemento cultural, illamento do exterior e demais. O imprescindible *pane lucrando* obrigaba aos escritores a colaborar a máis e mellor cos seus artigos de prensa, que polo menos paliaban as magras cando non inexistentes economías. Así, o Fole que residía na montaña de Lugo coa familia Quiroga como mentor dos fillos da mesma, confesábase *impecune* con certa frecuencia e solicitaba a Don Paco e outros contactos que tiña na prensa os cartos que eran para el urxente necesidade.

Había moita competencia na publicación de artigos ou libros e, por tanta precariedade, confesaba a poeta ourensá Pura Vázquez, que emigrara a Venezuela, onde traballou como mestra, o interese dos escritores galegos en colaborar coa prensa galega das Casas de Galicia de Caracas, no país dos petrodólares, e igualmente na prensa venezolana. A mesma Pura Vázquez foi asidua colaboradora, pois, “pagábanme por todo o que escribía e publicaba en Venezuela, fose artículo ou poesía, poemas infantís incluídos. Non escribía unha liña que non publicase e non cobrase” (Vázquez, 1999: 136). Cobraban tamén Don Paco, Fole, Otero Pedrayo, García-Sabell, Carballo Calero, Ramón Piñeiro, Cunqueiro, Filgueira Valverde, Antonio Fraguas e outros. Eran os primeiros anos da década 1950-1960. Por alí andaba Cela recollendo datos que logo incorporaría á súa novela *La Catira* (1955) por encargo do Goberno do país, que non quedou satisfeito co resultado da súa solicitude.

Vixiante e coadxuvante de obras alleas, o sempre recortado tempo de Don Paco permitiulle porén a construción da súa propia. Son obras en

ocasións pioneiras, nas que o autor acepta certas deficiencias pola urxencia que a cultura galega tiña delas, caso do seu *Manual de historia da literatura galega* (1971). Outros espíritos máis escrupulosos e intransixentes como o de Carballo Calero discutían ou protestaban daquel diletantismo. Un exemplo concreto son algunhas cartas que se cruzaron Carballo Calero e Ramón Piñeiro cando Don Paco publicaba o seu *Manual de historia da literatura galega* (1971).¹

Dende as súas atalaias de Galaxia e *Grial*, dende as moitísimas necesidades e urxencias do esnaquizado galeguismo de posguerra, dende as obrigas de protexer e impulsar a lingua e galeguizar a RAG (á que Don Paco pertencía xa en 1960 e que presidiría anos despois) foi o home da Láncara xestor esforzado, pioneiro e impulsor de incontables iniciativas, propagador da idea, pensamento, arte, literatura, cultura, Universidade e empresas de todo tipo referidas —sempre e exclusivamente— a Galicia, eixe permanente da súa vida e obra. El, con Ramón Piñeiro, presidiu os anos máis escuros, comprometidos e difíciles para Galaxia, xenerosa na súa colaboración, por exemplo, cos institutos de Ensino Medio aos que fornecía libros galegos gratuitamente.

Non cometerei nestas páxinas o erro de trazar nin sequera un mínimo panorama dos traballos e días, discursos e presentacións, libros de *varia re* galega e artigos de prensa, escolmas e notas biográficas de figuras esgrevias do galeguismo e ata dicionarios e historias da nosa literatura. O rexistro de todos eses traballos está escrupulosamente reflectido nunha extensísima e plural bibliografía activa e pasiva que abrangue centos de títulos.

Porén, penso de utilidade falar aquí da relación de Don Paco co Centro Ramón Piñeiro, co que dende a súa apertura en 1994 mantivo unha colaboración como sempre desinteresada e que me leva ao comezo deste escrito e á alusión ás páxinas de *Alba* (1948) onde, como xa dixemos,

¹ Rexeita Carballo Calero con particular reiteración e contundencia os traballos de historiografía literaria publicados ambos en 1951 por Benito Varela Jácome e o propio Del Riego, a propósito dos que manifesta: “Xa vin a *Historia* [da literatura galega] de Varela Jácome. ¡Qué desgraciados somos cos historiadores da nosa literatura... bos homes incapaces de sacramentos estéticos...!” (carta a Ramón Piñeiro de 4/11/1951). Entre eses historiadores, aínda que omite o nome, figuraba o de Don Paco e tamén, agora en cualidade de editor, o mesmo Ramón Piñeiro.

tiña colaborado. Máis significación tivo para el a edición facsimilar que fixo o Centro en 2005 de *Universitarios*, voceira da Federación Universitaria de Estudiantes na breve etapa de 1932-1933 e que tirou seus dous únicos números. Nin o seu fundador nin o director figuran explícitos na revista, mais xa Modesto Hermida cita a Don Paco nesas funcións que o aludido non rexeitou sen facelas porén claramente explícitas.²

*Universitarios*³ foi fiel ao seu título. Foi, ante todo, unha publicación activamente galeguista e crítica da Universidade de Santiago de Compostela nos primeiros e convulsos anos 1932-1933, cando estaba presidida polos reitores Blanco Rivero e, cesado este a petición dos estudantes, polo catedrático de Medicina Alejandro Rodríguez Cadarso, cesado á súa vez a raíz da conferencia pronunciada polo arredista —poeta, dramaturgo e xornalista— Álvaro de las Casas, catedrático de Historia do Instituto de Noia represaliado no ano 1934 e exiliado en diversos países.

Catedráticos de diversas materias e colaboradores literarios, moitos deles estudantes daquela: Cunqueiro, Luís Seoane, Carballo Calero ou o mesmo Fernández del Riego entre outros, protagonizan (comprometidos co galeguismo e o republicanismo) este *Universitarios*⁴ planificador, reformista, galeguizador do ensino e solicitante de cátedras universitarias galegas de Lingua, Literatura, Xeografía, Historia, Enxeñeiría, Etnografía e aínda coexistencia do emprego nas aulas de galego e castelán. En fin, ademais do ensino é novidosa a atención á muller e mesmo a colaboración na revista de

² Respecto da responsabilidade de director da publicación, o propio Don Paco escribe (Fernández del Riego, 1990: 61): “Publicabamos daquela manifestos e algún breve folleto, nos que se reflectían reivindicacións escolares galeguizadoras. Pensouse en editar unha revista, con carácter de certa periodicidade. Foi así como xurdiu a titulada *Universitarios*. No primeiro número tivo intervención especial o estudante de Ciencias Químicas Poza Juncal. O segundo, de formato máis folgado, estivo ao meu cargo, e xa con textos bilingües. Tentei que todo o seu contido aparecese en idioma galego. Pero batín cunha chea de atrancos na propia Cámara Federal, que impediron a realización do propósito. Era forte a hostilidade no seo da FUE ao emprego da nosa lingua (...) Tiña xa [eu] preparado o material para o número seguinte, pero por razóns de financiamento non puido entrar en prelo”.

³ Pode consultarse a edición facsimilar da revista en María Cuquejo Enríquez e Luís Alonso Girgado, 2005.

⁴ Outras referencias de Fernández del Riego sobre a súa presenza nas páxinas de *Universitarios* témolas nos seus libros testemuñais *O río do tempo* (1990) e *Camiño andado* (2003).

María de los Ángeles Hermida (representación cando menos simbólica), a atención a temas científicos e de política universitaria, artísticos, históricos etc., centrados en Galicia. Os traballos sobre *Universitarios* e o seu tempo da autoría de Fernández del Riego, Modesto Hermida, Carballo Calero, Álvaro de las Casas, Isaura Varela, María Cuquejo ou Manuel Núñez Rodríguez farían reiterativas estas nosas apreciacións sobre esta publicación.

Numerosas viaxes e abondosas páxinas adicou Don Paco ao tema migratorio, á Galicia de alén mar, da emigración e do exilio. Unha breve mostra da súa preocupación pola Galicia do desterro é a colaboración de don Francisco na edición facsimilar *Galicia. Revista del Centro Gallego (Caracas, 1952-1954)*, edición que vai presidida por un seu “Proloquio” e que el mesmo posibilitou ao ceder ao Centro Ramón Piñeiro a totalidade dos dez números da publicación. Lembra entón no citado proloquio (Alonso Girgado, Moreda Leirado e Vilariño Suárez, 2006: 13-14):

Esta revista, *Galicia* (1952-54), que vén de se reeditar, como as súas contemporáneas do exilio e da emigración, constitúe un claro testemuño do labor realizado en países americanos. Coa colaboración conxunta de escritores da diáspora e residentes na Galicia territorial, estíbese a defender, a ilustrar o esencial da nosa personalidade diferenciada. Reflectíase a anunciación do novo renacer en praias ultramarinas, do amor cara ao propio pola introspección da alma autóctona.

A institución máis nova das que teñen funcionado no territorio do continente americano foi sen dúbida o Centro Gallego de Caracas. A sociedade fundouse no ano 1948, a base de elementos que procedían do antigo Lar Gallego. Nada cun senso dinámico, de práctica eficacia, contou ao pouco tempo cun axeitado local social. *Galicia*, a revista da que nos vimos ocupando, foi voceira do pensar e do sentir dos membros da institución. As colaboracións literarias de cualificados intelectuais, así como as achegas sobre as actividades da entidade, tiveron marcado protagonismo nas publicacións. Pero non só iso. Tamén se fixo eco dos feitos culturais que se realizaban periodicamente na terra distante. Ademais, promoveu a organización dunha Semana Galega durante a que se pronunciaron conferencias de temario galego e tiveron lugar actos musicais que foron retransmitidos pola Radiodifusión Nacional venezolana.

Por iniciativa dos responsábeis da revista, un importante xornal caraqueño, “El Universal”, dedicou a Galicia dúas das súas páxinas, incluíndo firmas de caracterizadas figuras da cultura galega. Nos salóns do Centro Gallego celebráronse asemade, coa súa axuda, varias homenaxes literarias consagradas a Rosalía, Curros Enríquez e Castelao. Non hai dúbida de que os emigrantes e os exiliados en Venezuela, como os de Buenos Aires, A Habana, Montevideo e New York souberon crear no ambiente foráneo unha realidade viva. Con capacidade de adaptación e con esforzo, conformaron na Galicia ultramarina unha personalidade de seu. Sen tronzar nunca os fíos que os ataban ao país natal, de tal xeito laboraron arreo para servilo. E cando a lingua e a cultura galegas eran obxecto de persecución na metrópole, eles souberon darlle continuidade alén do Atlántico.

Galicia de Caracas, como outras publicacións da diáspora en América, cumpriu unha función significativa na obra de perduración do noso ser diferencial. Escritores, artistas do exilio e xentes da emigración crearon continuidade dándolle corpo e potencia a unha Galicia esmorecente. A proba que ofrecen as páxinas desta revista agora presentada en edición facsimilar, evidencia o labor desnevolvido na Galicia ultramarina ao servizo da Galicia matriz europea.

Cómpre aquí subliñar a interesante e ben documentada colaboración de Xurxo Martínez Crespo, bo coñecedor da Historia de Venezuela e da presenza galega no país, envolveita en liortas e enfrontamentos que un dos seus espectadores, Celso Emilio Ferreiro, denunciou no seu poemario *Viaxe ao país dos ananos* (1968).

Durante pouco máis de vinte anos (1946-1967) funcionou en Compostela o vespertino *La Noche*, que coexistía co matutino *El Correo Gallego*. Raimundo García Domínguez (Borobó) foi alma máter daquelas notables páxinas culturais que o día 15 de outubro de 1949 incrementaron con intensidade a focalización dunha temática xeral de carácter galego e contraria a calquera especialización. Tratábase do *Suplemento del sábado* de *La Noche*,⁵ que chegou aos dezaseis números e desapareceu censurado a comezos

⁵ A idea do *Suplemento del sábado* foi de José Goñi Aizpurua, xornalista vasco e figura directora de *La Noche* e tamén do citado *Suplemento*. Conectou por carta con Don Paco e mais con Xaime Illa Couto e, despois de dúas xuntanzas, o proxecto quedou asegurado

de xaneiro de 1950 como consecuencia dunha nota necrolóxica da morte de Castelao en Buenos Aires o día 7 do citado mes. Tal *Suplemento* semanal, parco en referencias de identidade dos seus responsables, era coordinado e dirixido dende Vigo por Fernández del Riego, que daquela empregaba os pseudónimos Salvador Lorenzana e Adrián Solovio e frecuentaba as páxinas de *La Noche*, *El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo*, *El Progreso*, *A Nosa Terra* ou *La Voz de Galicia*, que nalgúns casos chegou a dirixir. No *Suplemento*, que se imprimía no obradoiro compostelán de *El Correo Gallego* xunto con *La Noche*, era colaborador estreito de Don Paco o seu amigo Xaime Illa Couto. As colaboracións recollíanse en Vigo, onde se configuraban os números, que en 1996 eran recompilados na edición facsimilar que presentaba o Centro Ramón Piñeiro e na que moi xustificadamente colaboraba Fernández del Riego.

As tres referencias a *La Noche. Suplemento del sábado, Universitarios e Galicia* de Caracas configuran as claves do achegamento e colaboración xenerosísima de Don Paco ao Centro Ramón Piñeiro, mais debo engadir as numerosas ocasións nas que nos facilitou libros, documentos ou cartas para as nosas edicións facsimilares ou para algúns dos Cadernos Ramón Piñeiro a través de cesións ou préstamos da Biblioteca Penzol. Sempre ou case sempre deixamos constancia escrita da nosa gratitude, mais se nalgún caso non foi así, esta celebración do ano 2023 que homenaxea a figura de don Francisco Fernández del Riego dedicándolle o Día das Letras Galegas é ocasión oportuna para facelo. Conste, pois, así.

Bibliografía

Alonso Girgado, Luís, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.) (2006): *Galicia. Revista del Centro Gallego (Caracas, 1952-1954)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

tras o acordo de 22 de setembro de 1949 asinado en Santiago de Compostela. Dende un principio falouse de nomes como Ánxel Fole, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Valentín Paz Andrade, Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé María Álvarez Blázquez, Álvaro Cunqueiro, Carlos Martínez-Barbeito e outros. En calquera caso a decisión sobre os artigos que podían ou non entrar era plenamente asumida por Goñi, que tivo non poucos problemas de censura.

- Cuquejo Enríquez, María e Luís Alonso Girgado (eds.) (2005): *Universitarios. Revista de la F.U.E. (Santiago de Compostela, 1932-1933)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Fernández del Riego, Francisco (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada: Ediciós do Castro.
- _____ (2003): *Camiño andado*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Vázquez, Pura (1999): *Terra matria de sonos (memorias)*. Ourense: Editorial Abano.

Francisco Fernández del Riego e o exilio cultural galego: achegamento á súa relación con Luís Seoane a partir do epistolario Seoane-Del Riego/Del Riego-Seoane

Xesús Alonso Montero
(Real Academia Galega)

Nota preliminar

Moitos dos traballos sobre Del Riego salientan, con razón, que el foi quen máis se relacionou cos exiliados galegos de América, cuestión moi presente, tamén, nos libros publicados nas últimas semanas (escribo o 14 de xaneiro), o de Ramón Nicolás (Xerais) e o de Malores Villanueva (Galaxia). O desta autora chega a titular un dos capítulos “O Ministro de Asuntos Exteriores do galeguismo”, que é unha maneira de poñer o acento na actividade literaria do noso escritor que, dun xeito ou doutro, tivo unha intensa relación cos intelectuais galegos da diáspora e, asemade, informou sobre eles, na medida do posible, na prensa galega.

O presente traballo, que me propoño ampliar noutra ocasión, céntrase na relación de Del Riego cos exiliados galegos na Arxentina, o país onde a produción editorial galeguista, ou de temática simplemente galega, foi máis abundosa e rica desde o mesmo final da Guerra Civil (1/4/1939). Repárese no feito de que só en Buenos Aires residen, escriben e publican Castelao, Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Xosé Núñez Búa, Antón Alonso Ríos, Ramón de Valenzuela, Alfonso Gayoso Frías e Otero Espasandín; tamén publicaron obra en galego, xa nos primeiros anos da Posguerra, autores que emigraran antes de 1936, dous moi importantes, Eduardo Blanco Amor e Ramón Rey Baltar. A este grupo pertencen, entre outros, Avelino Díaz, Emilio Pita, Áurea Lorenzo Abeijón, José Tobío Mayo, Antón Zapata García, Manuel Prieto Marcos, Ricardo Flores, Rodolfo Prada e Xervasio Paz Lestón. Estes once escritores, en maior ou menor medida, escriben desde as premisas republicanas e galeguistas dos exiliados. Habería que engadir outros nomes, un deles, moi valioso, fillo de galegos: o de Francisco Luís Bernárdez.

Todos estes, en Buenos Aires, cando na Terra as Letras en idioma galego eran, practicamente, un ermo, nomeadamente entre 1936 e 1950,

foron os que continuaron o discurso literario en galego tronzado, *manu militari*, no verán de 1936, e non só o continuaron senón que produciron, en ocasións, obras de notable valía. Buenos Aires, neses tres lustros, non só produce obra literaria en galego, senón que reedita clásicos: clásicos do XIX (*Aires da miña terra* e *Queixumes dos pinos*, 1940; *Follas novas*, 1944), clásicos do XX (*De catro a catro*, 1940) e “clásicos” da lírica da Idade Media (*Poesía gallega medieval de los siglos XII al XV*, 1941). Estas reedicións, que só en mínima medida chegaron á Terra, débense á intelixencia, á cultura, ó compromiso e á man dun cidadán galego excepcional: Luís Seoane (1910-1979).

Seoane é, precisamente, dos escritores galegos da diáspora arxentina, quen vai ser a conexión entre esa diáspora e Fernández del Riego, conexión que, iniciada, axiña se revela cálida, intensa e eficiente. Téñase en conta que Del Riego e Seoane foran amigos e camaradas (na causa do galeguismo) nos anos da II República, anos e tarefas que viviron xuntos con entusiasmo. Cando o estoupido do 36 os separa fisicamente, xa estaba consolidada moi fortemente a súa condición de “irmáns”, matizada e reforzada, sen dúbida, polo feito de teren, desde os cursos da mesma Facultade, a de Dereito, inclinacións culturais moi semellantes. As circunstancias creadas polo estoupido levarán, a Seoane, ó exilio exterior, e a Del Riego a ter que permanecer no exilio interior, e foron moitos os anos das lembranzas e das saudades, tantos que cómpre chegar ó 10 de maio de 1946 para que se inicie a correspondencia entre os dous. O dato cronolóxico é case arrepiante: Seoane e Del Riego recuperan o diálogo dez anos despois de separárense, período no que transcorre a Guerra Civil Española (1936-1939) e a II Guerra Mundial (1939-1945) e os preliminares da Guerra Fría, acontecementos maiúsculos.

Nese longo e denso período, Seoane, que tamén é un activista, dedica as súas horas, cando non pinta e debuxa, a salvar a causa do libro galego, mentres os compañeiros da Terra case non poden levantar un dedo por esa causa; ás veces, nin sequera reciben as reedicións de títulos moi significativos que o “irmán” do desterro publica. Por se fose pouco, o irmán exiliado tarda anos e anos en recibir, en Buenos Aires, a quinta provincia galega, cartas dos compañeiros máis queridos e lembrados: Luís Seoane non ten quen lle escriba. Así foi durante un decenio, moitos anos na vida das persoas, daquela sobre todo. Persoas moi queridas e admiradas tardaron máis.

Chegado aquí lembro, á forza, a dedicatoria impresa no álbum *Homenaje a la Torre de Hércules*, de maio de 1944: “A Carlos Maside, Ángel Fole, Plácido R. Castro, Luís Manteiga, Aquilino Iglesia Alvariño, con nostalgia”. Pois ben, a primeira carta de Aquilino é do 28 de xullo de 1947 (“recibí hace algún tiempo el *Homenaje...*”), e a de Carlos Maside, de quen era devoto, de agosto do mesmo ano. Amigo moi admirado era Domingo García-Sabell, que lle escribe por primeira vez o 8 de xuño de 1953, véspera da súa viaxe a Buenos Aires, convidado polo Centro Gallego como conferenciante, convite no que, sen dúbida, andaba a man do propio Seoane.¹ Así pois, a carta de Fernández del Riego, do 10 de maio de 1946, semella ser pioneira. Logo sería quen máis lle escribiu desde Galicia.

A primeira carta de Fernández del Riego a Luís Seoane (Vigo, 10/5/1946) e a resposta (20/1/1947)

Paga a pena reproducila completa, pois é, ademais de breve, histórica.

Mi querido amigo:

Aunque hace tiempo que perdí el contacto personal contigo, no por eso dejé de tener frecuentes noticias tuyas. Ahora te escribo con un objetivo concreto. Se trata de lo siguiente:

Con esta misma fecha envió por correo aéreo, a la Federación de Sociedades Gallegas, un trabajo para el Concurso literario de octubre, según las condiciones que señalaron por medio de la prensa. El trabajo, titulado *Cos ollos do noso espírito*, es una colección de breves ensayos literarios. Te agradecería, pues, que si te es factible enterarte de si ha llegado a poder de la entidad que organiza el concurso, me lo comuniques para mi tranquilidad.

Nada más por hoy. Afectuosos saludos a todos esos amigos, y tú recibe el cordial abrazo de siempre de Fernández del Riego

Francisco Fernández del Riego

Quen saiba da vella irmandade entre Del Riego e Seoane, quedará sorprendido, verdadeiramente abraiado, co contido desta carta, escrita dez

¹ As cartas inéditas aquí mencionadas consulteinas, hai moito tempo, no fogar de Maruxa López Fernández, viúva de Luís Seoane. *Vid.* o meu libro *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane*, La Voz de Galicia, 2002, pp. 128-129 (2ª ed.).

anos despois de teren vivido xuntos experiencias que imprimen carácter. Era esperable unha carta moito máis extensa, dabondo para facerlle saber que el, o seu camarada, seguía leal ás vellas inquedanzas e para gabarlle o labor artístico e literario, sempre na liña desas inquedanzas, que desenvolvera, trans-terrado, nese decenio. Trátase, case totalmente, dunha carta de negocios literarios, vencellada a un asunto moi persoal, no que un xesto de Seoane pode beneficiar a Del Riego. É certo que só lle pide que lle comunique se un libro inédito seu chegou á entidade convocante dun “Concurso literario”, pero Del Riego non ignora que a xestión solicitada, polo simple feito de facerse, pode suscitar simpatía, na entidade, cara ó seu libro de ensaios. Téñase en conta que a entidade en cuestión era dirixida, desde 1936, por galegos moi esquerdistas, espazo político no que Seoane tiña moito e moi merecido predicamento. Feita esta persoalísima petición, lonxe de abordar outros temas, estampa: “Nada más por hoy”.

Vexamos agora como foi a resposta de Seoane, escrita oito meses despois, e non por algunha reticencia súa senón polo feito de que a misiva de Del Riego, cun enderezo obsoleto, chega ás súas mans con moito retraso. Aclarado isto, comunícalle

que tu libro de ensayos ha sido premiado² así como la traducción de poetas ingleses enviada por Plácido Castro,³ de manera que, si no pude contestar a tiempo, me adelanto en cambio, a darte la enhorabuena, así como a Plácido, y no podéis tener idea de la alegría que eso nos causa a todos los que estamos aquí y os estimamos profundamente.

Seoane escribe desde outra perspectiva: representa os exiliados (“los que estamos aquí”) e diríxese ós “irmáns” da Terra (“os estimamos profundamente”).

Infórmao, logo, do que fixo nestes anos como artista plástico sen deixar de mencionar o que fixo pola causa que os une:

² *Cos ollos do noso espírito* publicouno, en 1949, Alborada, a editorial da Federación. Trátase do primeiro libro de Del Riego.

³ No mesmo 1949, Alborada publicou *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, obra de Plácido R. Castro, Luís Tobío Fernández e Florencio Delgado Gurriarán.

Hemos trabajado mucho, con suerte o sin ella, de cualquier manera haciendo de todo, pero tratando en todo momento de hacer honor con nuestra conducta y labor a Galicia. [Arturo] Cuadrado y yo hemos fundado dos editoriales dedicadas a publicar, en parte, libros gallegos, idea que tuvimos que abandonar por falta de eco en la emigración, no sin antes publicar unos cincuenta libros gallegos que, por lo menos, quedarán y darán idea de nuestra permanencia en ésta.⁴

Tamén lle fala do impacto que a súa carta produciu en “todos nosotros”:

Tu carta constituyó un pequeño acontecimiento cuando la tuve en mis manos y, *a pesar de que te referías concretamente al envío de una obra tuya*, ella fue leída por todos nosotros porque era algo así como la seguridad de vuestra amistad y ello nos causó a todos una gran alegría. Con ella tuvimos la certeza de que, a pesar del tiempo, nuestros amigos, que recordamos constantemente, no nos habían olvidado.

Os seoanólogos lembrarán que Del Riego publicou, no ano 2002, as cartas que recibira de Luís Seoane, que eu prologuei a pedido seu e que moito lle agradecín;⁵ lembrarán tamén que as cartas entregadas a min foran traducidas ó galego, previamente, polo propio Del Riego, circunstancia que eu sinalaba, laconicamente, no limiar. En realidade, o epistolario, mesmo o de Fernández del Riego, foi escrito en castelán desde 1946 a moi pouco antes do falecemento de Luís Seoane (1979). Quen cotexe o texto en castelán coa versión galega que, no seu día, me proporcionou Fernández del Riego, decatarse de que, nun breve parágrafo, pero moi importante, o tradutor omite as palabras que eu subliñei ó transcribilo. É evidente que o vello amigo faille, desde Buenos Aires, unha leve crítica á carta de negocios, de negocios literarios, con que Del Riego iniciou a súa correspondencia. Aínda así, a carta de Seoane, sete ou oito veces máis extensa, non está exenta de efusións, efusións que non tardarán en aparecer nas do propio Del Riego.

⁴ A relación de “unos cincuenta libros” é rexistrada, en Apéndices, no meu libro *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane*, Edicións Xerais, 1994.

⁵ Esta é a curiosa ficha bibliográfica da publicación: Francisco Fernández del Riego, *Cartas de Luís Seoane desde o exilio*, Edicións do Castro, 2002.

A riqueza informativa deste epistolario

O que importa, no presente artigo, son os datos que nos permitan coñecer o labor literario de Fernández del Riego en relación co exilio. É tanta a información que nos ofrecen estas cartas⁶, as de Del Riego e as de Seoane, que xustifican unha monografía non moi breve. Tantos e tan valiosos son os datos deste epistolario, moitos descoñecidos polos mesmos especialistas, que suscitarían unha monografía útil e moi importante.

Xa é significativo que Fernández del Riego se estree como escritor, como autor de libros, co titulado *Cos ollos do noso espírito*, premiado (1946) e editado (1949) en Buenos Aires por unha institución galega, e non é menos significativo que o autor desexe publicar a *Historia da literatura galega* na capital argentina, manual que se publicou, en Vigo, en castelán, por Galaxia, no ano 1951.

Todo fai supoñer que a opción idiomática da editorial viguesa, que se estreara había meses, respondía á prudencia que aconsellaban as circunstancias da política censora. Tamén é significativo que o manual de Del Riego se beneficie, cando trata de escritores transterrados, das indicacións do propio Seoane.

Decenas e decenas de cartas achégannos datos que os historiadores terán que ter conta. Xa normalizada a correspondencia entre os dous irmáns, Seoane informa a Del Riego de que certos prohombres da colectividade galega non son mecenas, aínda que pense outra cousa a intelectualidade do interior (29/8/1951). É nesta carta onde manifesta estar canso e mesmo arrepentido de “haber sido el primero que trató de iniciar el intercambio cultural que ahora existe entre esta y esa”. Nun ton moi semellante son as súas observacións sobre o Congreso da Emigración Galega, apoiado polo grupo Galaxia pero que foi deseñado e dirixido por galeguistas porteños cos que Seoane era moi crítico. Son os que, morto Castelao, “fallecido Daniel, se han quedado sin nadie que piense por ellos y se han quedado solo con los tópicos y la cursilería que les es natural” (15/11/1951). Referíndose concretamente ó Congreso da Emigración, non lle furta a Del Riego esta declaración:

⁶ Sempre que cito, neste traballo, cartas de Seoane ou de Del Riego, aténome ás transcricións obrantes no Consello da Cultura Galega, institución á que agradezo, *ex corde*, a consulta de epistolario tan inxente como valioso.

Esta es la tercera vez que escribo en estos días. Las dos primeras cartas las he roto luego de escritas. Me pareció imprudente enviarlas hablándote de problemas que se refieren a esta colectividad, de los supuestos dirigentes desacreditados que la enturbian, estando tú y todos los amigos tan lejos de ella. Eran cartas largas y amargas, nacidas de una realidad que vosotros conocéis a medias y no podéis, por eso mismo, comprender suficientemente. De la actitud de algunos, realmente estúpida. Al amparo, sin embargo, del Congreso, que terminó con la petición pintoresca de declarar traidores a Valle-Inclán y la Pardo Bazán... (7/9/1956).

Debemos sinalar que Seoane e o seu grupo, AGUEA,⁷ participaron no Congreso, aínda que non na súa concepción e organización, ideada por persoas moito máis conservadoras. Á AGUEA pertencía Antonio Baltar, profesor da Facultade de Medicina de Santiago (demitido), de claro perfil progresista, que, nunha viaxe a Galicia, non foi recibido por Ramón Piñeiro, o de precaucións máis anticomunistas. Son varias as cartas sobre este feito, que moito doeu a Seoane, capaz de escribirlle a Del Riego nestes termos:

Creo que habéis hecho mal en no dialogar con Antonio Baltar. Ahí estáis absolutamente confundidos, por lo que notamos, con respecto a todos nosotros. Si no fuese así, no se puede explicar vuestra actitud con respecto al congreso del año pasado, y vuestra actitud con Baltar, que llevaba la representación nuestra. Casi toda la obra hecha en Buenos Aires fue hecha al margen de las gentes que aquí aparecen como apoderados vuestros y que cada vez están más solos. Yo no sé cómo hablar de esto, pero sentí una gran tristeza al pensar que si hubiese sido yo el que fuese a Galicia, podría pasarme algo parecido a lo ocurrido a Antonio (8/11/1957).

Estas liñas hai que relacionalas coas cartas nas que Seoane, ó referirse a Ramón Piñeiro, manifesta que lle doen os seus silencios ou a súa incompreensión. Debería saberse que un ano despois, en 1958, Piñeiro e Seoane mantiveron unha polémica epistolar sobre o social-realismo que non está allea ó tema esbozado na carta que, en parte, transcribimos. Interesan, moi en serio, esas cartas e outros textos que as complementan, recolleitos por min no Apéndice 3 do libro de 1994. Nesta altura, en efecto,

⁷ Asociación Gallega de Universitarios, Editores y Artistas, fundada, no 1956, por Seoane, Baltar, E. Blanco-Amor, Ramón de Valenzuela...

os galeguistas da AGUEA, decididamente progresistas pero non comunistas (tampouco anticomunistas), trataban de dialogar coa concepción que do galeguismo tiñan os representantes máis significativos da Editorial Galaxia. Neste epistolario non escasean as páxinas sobre esta cuestión. Del Riego, sen dúbida, era o interlocutor máis aberto.

Abundan as noticias sobre as colaboracións de Fernández del Riego na revista *Galicia* do Centro Gallego de Buenos Aires, revista que dirixía o propio Seoane cando se iniciou a correspondencia entre eles. Foi el, precisamente, quen propuxo a Del Riego para informar cada mes da actividade cultural de Galicia, da Galicia da Terra. Nunca os lectores da colectividade galega da capital arxentina tiveran un cronista, do noso acontecer cultural, tan informado e puntual. Xa en 1950, Seoane animáboos con estas palabras:

Tu colaboración de la revista del C. Gallego es muy leída y son muy buenas las notas que titulas “Ronsel”. Es una lástima que, por razones internas de la entidad, esa revista sea tan desigual y no pueda establecerse ningún plan a seguir. Tiene un gran tiraje, cerca de 50.000 ejemplares y se lee mucho. En el número que corresponde a este mes sale tu colaboración sobre Maside y Laxeiro. Y la primera de una serie de seis artículos de Otero Pedrayo (22/5/1950).

Fernández del Riego non só informa da actividade cultural de Galicia ós nosos transterrados na Arxentina senón que, desde os anos corenta, en xornais de Vigo e en *La Noche* de Santiago, publica artigos e artigos sobre escritores galegos da diáspora, nomeadamente da Arxentina. Por certo, algúns destes artigos eran reproducidos pola revista *Galicia*, da Federación de Sociedades Gallegas, institución esquerdista moi belixerante co Réxime de Franco. De feito, Del Riego foi encarcerado en 1954, durante máis dun mes, por *publicar* artigos no órgano mensual da Federación, que a policía franquista coñecía e seguía. No artigo de Patricia Arias Chachero (“Francisco Fernández del Riego, preso político”), adúcense valiosísimos documentos sobre aquel esperpéntico *affaire*: Del Riego e os seus valedores tiveron que facer ver á autoridade competente que el era autor de tales artigos, pero que non os remitira á *Galicia* da Federación, senón que fora esta revista a que os reproducira tomándoos de *La Noche* (Santiago), xornal, como o resto da prensa española, cumpridor da normativa censoria da época.

Era o ano en que Fernández del Riego escribía estas palabras xusticeiras:

¡De sobra sabemos aquí cómo se desarrolla la labor cultural que estáis llevando a cabo. Nadie desconoce, entre nosotros, el maravilloso y bello esfuerzo que realizáis unos pocos. Pero es indudable que nunca se hizo nada semejante en beneficio de la cultura gallega. Quizá ni vosotros mismos valoráis lo que, con tanto entusiasmo y dignidad, estáis logrando. Por eso, la prensa de Galicia alienta y exalta tan interesante labor (6/12/1950).

As mesmas palabras xusticeiras, se ben referidas agora a Luís Seoane, non ó grupo do que forma parte, escribeas Del Riego tres meses despois: “Por diversos conductos me han comunicado que la extraordinaria labor que ahí se realiza se debe a ti en gran parte, a tu entusiasmo y a tu capacidad directora. No sabes cuánto me satisface esto, aunque para mí no es ninguna sorpresa (1/3/1951)”.

Liñas despois advírtelle que aínda non lle chegou o “volumen de teatro de Sartre”. Chegaría mais adiante, así como libros de Rafael Alberti, León Felipe e outros, publicados na editorial Losada de Buenos Aires e clandestinos en España. O contacto, pois, co exilio literario, fundamentalmente con Luís Seoane, permitiulle a Del Riego, lector curioso e voraz, chegar a títulos case inexistentes en España daquela.

Pasado algún tempo, vai ser Seoane quen recoñeza, quen lle recoñeza a Del Riego, o que está a facer pola actividade cultural dos exiliados:

A ti te debemos mucho todos y no estoy seguro de que correspondamos contigo en la medida de nuestra deuda, pero no puedes imaginarte, perdóname que insista, el beneficio que significa para nuestro trabajo y para el sostenimiento de nuestra moral esa labor tuya cualificada y eficaz que sostienes con motivo de nuestra obra. Si lo que hacemos no se pierde para Galicia y la finalidad de esa obra cobra un sentido para nosotros, a ti te lo debemos (21/12/1954).

O recoñecemento non tarda en repetilo: “Eres casi, o sin casi, la única persoa que me ayuda en este esfuerzo en el desierto de Buenos Aires” (11/11/1955). Seoane e Del Riego estreitaran a súa amizade ano e medio antes, cando o escritor do exilio interior viaxou a Buenos Aires convidado polo Centro Gallego para participar, como orador, nas Xornadas do Día de

Galicia de 1954. Fora Seoane quen movera os fíos ante a institución para que fose Del Riego o intelectual galeguista escolleito; xa fixera o mesmo, a favor de Domingo García-Sabell, o ano anterior.

Observación final

O epistolario destas dúas personalidades, claves no proceso da restauración cultural da Galicia posterior a 1939, ofrécenos multitude de datos e pistas para entendermos a historia, aínda oculta ou pouco manifesta, dese proceso, case heroico ás veces. Non escasean noticias sobre a pugna, máis ou menos xorda, entre a concepción do interior, a de Galaxia, e a do exterior, onde, á beira dos Abraira (22/4/1957), actuaban as voces máis modernas de AGUEA. O conflito de fondo non era secundario, e, no medio e medio dese conflito, está a figura do gran protagonista porteño, Luís Seoane, que atopou en Del Riego o espírito máis receptivo. No apartado anterior fago unhas cantas incursións en distintos anos do epistolario que ilustran sobre a cuestión. Poderían facerse máis, moitas máis. Están á espera dunha monografía.

Nese futuro estudo haberá que reparar en momentos especiais da vida dos dous protagonistas, dos dous cronistas, nomeadamente naqueles en que, cansos, case desesperados, comunícanse que van renunciar ó seu labor cívico-cultural. En realidade, nunca chegaron a dimitir, nin sequera Del Riego, disposto, nunha ocasión, a trasladarse a Cuba onde tiña parentes que o axudarían.

Confeso que me centrei, nun epistolario que vai de 1946 a 1979, nos primeiros anos da relación Seoane-Del Riego. Cartas hai, moi ó final, deste corpus de tanta entidade, que xa non son un diálogo entre o exilio exterior e o exilio interior. Na última de Seoane, do 2 de marzo de 1979, fálalle ó vello amigo do Museo “Carlos Maside” (O Castro de Osedo, Sada), que el, Isaac Díaz Pardo e outros crearon, organizaron e orientaron e ó que o propio Seoane achegou recursos e obras (“arredor de 140”). Era a meniña dos seus ollos. Pois ben, nesta altura, as disidencias con Díaz Pardo, verbo do futuro do Museo, son tales que fai esta declaración:

Xa non discuto máis e retírome de calquera actividade que non teña que ver co que habitualmente fago, grabar e pintar. Na miña resolución non hai acritudes, nin renuncia ás miñas vellas ideas galeguistas e non me arrepiño do meu pasado, do que estou, polo contrario, orgulloso...

E engadía: “Xa non teño máis nada que decir. Máis ben penso que fica todo dito e que en nada afecta á amizade, como se pode deducir da carta que lle remitín a Díaz Pardo o 19 de febreiro deste ano, e que foi contestada o 25 dese mesmo mes”.

Tal carta, que Del Riego non incluíu na súa edición do ano 2002, foi remitida polo autor “a cada un dos membros do Patronato” do Museo Carlos Maside. O autor, Luís Seoane, falecería o 5 de abril de 1979, un mes e tres días despois de escrita esta carta, derradeira dun magno epistolario.

Fontes primarias

Epistolario Seoane / Del Riego no Consello da Cultura Galega.

Bibliografía

- Alonso Montero, Xesús (1994): *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane*. Vigo: Edicións Xerais [a segunda edición aparece en A Coruña: *La Voz de Galicia*, 2002].
- Arias Chachero, Patricia (2023): "Francisco Fernández del Riego, preso político", en Tamara Andrés, Manuel Naveira Fuentes e Armando Requeixo (eds.) (2023), *Cadernos Ramón Piñeiro (XLVI). Francisco Fernández del Riego no río do tempo*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 15-27.
- Castro, Plácido, Lois Tobío e Florencio Delgado Gurriarán (1949): *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*. Buenos Aires: Editorial Alborada.
- Fernández del Riego, Francisco (1949): *Cos ollos do noso espírito*. Buenos Aires: Editorial Alborada.
- _____ (2002): *Cartas de Luís Seoane desde o exilio*. Sada: Edicións do Castro.

Del Riego e Cunqueiro: ser ou non ser

Miguel González Somovilla
(Xornalista)

*Porque poderías chegar a ver que toda as verbas de Hamlet son verdade,
ou que toda as verbas de Hamlet son mentira.*

Álvaro Cunqueiro, *O incerto señor don Hamlet*, 1959

As lembranzas e as fantasías atropélanse na mente de Mauro.
Francisco Fernández del Riego, *O cego de Pumardedón*, 1992

A amizade e a relación profesional de Francisco Fernández del Riego (1913-2010) con Álvaro Cunqueiro Mora (1911-1981),¹ comezada na súa mocidade lucense e compostelá, mantívose incólume ata o final dos seus días. Durou, así, medio século; un tempo de complicidade e admiración mutua, de profundo respecto, pese ás súas diverxencias ideolóxicas e existenciais. Foi a deles unha aventura apaixonante, que culminou ao remate das horas pasadas en compañía á beira das “ondas do mar de Vigo”, con moitas ilusións compartidas e algunhas decepcións persoais que tamén afectaron a ambos.² Vigo foi o porto ao que arribaron ambos en momentos moi distintos:

¹ Os fragmentos recuperados aquí proceden da entrevista inédita —agás algunhas mencións breves adiantadas en publicacións anteriores— gravada polo autor deste texto, o 25 de novembro de 2009, con Francisco Fernández del Riego. A conversa, que durou media hora, tivo lugar na Fundación Penzol de Vigo e o seu destino inicial era unha tese de doutoramento que, lamentablemente, non cheguei a finalizar. O resto das declaracións, recollidas por aquí e por alá e debidamente documentadas, complementan esas confidencias de Fernández del Riego e achégannos aos momentos máis salientables “dunha amizade vella e longa (...) Dil [de Cunqueiro] escoitei as primeiras palabras vivas que fixeron conscente o meu instintivo sentimento de galeguidade” (Fernández del Riego, 1964: 99-101).

² Un caso significativo foi o desencontro con Celso Emilio Ferreiro (1912-1979). Os dous tiveron unha estreita e longa relación de amizade co autor de *Longa noite de pedra*, malograda definitivamente a finais dos anos sesenta do século XX. A ruptura produciuse tras unha serie de críticas e descualificacións do poeta de Celanova cara a eles, algunhas plasmadas en poemas (“El hermoso rostro del país’ [Titular de *Faro de Vigo*]”, *Viaxe ao país dos ananos*, 1968). En Venezuela, onde residiu temporalmente por necesidades económicas, Celso Emilio “lanzou un panfleto contra mín e outro contra Álvaro Cunqueiro (...) Daquela el dicíame que eu era un covarde, confidente da policía ou pouco menos (...), dicía que eu era tan covarde que me chamaban Paco del Miedo. Aquelo foi horrendo” (Conde Muruais, 2018: 167). Armesto Faginas dedica o oitavo capítulo de *Cunqueiro. Unha biografía* (1987) a ese distanciamento: “Cunqueiro-Celso Emilio: da amizade ó rexeitamento, da gavanza á censura máis brutal”.

Fernández del Riego en 1939, disposto a sobrevivir —case clandestino— tras a guerra civil, e Cunqueiro en 1961, cando era xa un autor recoñecido, dentro e fóra de Galicia, e superara os peores momentos do seu ostracismo mindoniense, iniciado tras o seu regreso á cidade episcopal en 1947.

Os dous soñaran con tesouros novos e vellos. Mariñeiros nostáxicos —coa esperanza de Ulises e mais a morriña de Sinbad—, brincaban de nenos polas praias de Foz, no Cantábrico lucense, descubertas nos solleiros e felices días da infancia. Na vellez, notablemente máis longa no caso de Don Paco —Cunqueiro finou con só 69 anos—, seguiron co ollar dirixido cara ás “ondas grandes do mar”, as mesmas que cantaran Martín Códax e Meendinho, dous dos seus trobadores primeiros. Del Riego e Cunqueiro foron en certo sentido complementarios, ao modo machadiano: face e cruz. Compréndese mellor a profunda, persistente e romántica “idea de Galicia” de Fernández del Riego se se somerxe un na literatura envolvente —local e universal ao mesmo tempo— de Cunqueiro. Unha obra que moito lle debe, á súa vez, aos apoios e afáns de Fernández del Riego nas horas baixas do escritor de Mondoñedo:

Vencendo a súa teimosía de se mergullar nun mundo de escepticismo e de soedade, animeino, tamén eu cismante, para que escribise prosa en galego. Foi mesmamente polo meu petarreo, que se decidira a facer narrativa na lingua natal. Xurdiron así, de a pouco, os folios cos que compuxo o libro *Merlín e familia* (1990: 255).

Todas as monografía e notas biográficas aparecidas ata a actualidade destacan a transcendencia desta relación e analízana desde distintas perspectivas. As decenas de cartas intercambiadas, os libros de memorias escritos por Fernández del Riego —*O río do tempo* (1990), *A xeración Galaxia* (1996) e *Camiño andado* (2003)— e o seu ensaio sobre o autor mindoniense —*Álvaro Cunqueiro e o seu mundo* (1991)— reflicten parte desas vivencias. Tamén as recentes biografías publicadas por Ramón Nicolás, Héctor Cajaraville e Malores Villanueva corroboran, entre outros traballos e recensións, a importancia desta amizade. Un afecto e un recoñecemento dos que Cunqueiro deixou igualmente constancia en dedicatorias, prólogos, artigos e epistolarios, como o recompilado por Dolores Vilavedra en *Cartas ao meu amigo* (2003). Para non facer a lista excesivamente dilatada, deixo só un último ápice a modo de mostra: “As frases de maior gavanja e gratitude que lle oín a Cunqueiro cara a unha persoa tiñan por destinatarios a Francisco

Fernández del Riego e a Alberto Casal”,³ conta José Francisco Armesto Faginas (1987: 178) na súa imprescindibile biografía de Cunqueiro.

Unha legua e media

Ao falar da súa relación con Álvaro Cunqueiro, Fernández del Riego adoitaba sinalar que, entre as súas respectivas localidades natais, Vilanova de Lourenzá e Mondoñedo⁴ —na Mariña central lucense—, apenas había “unha legua e media” (uns sete quilómetros) de distancia. Esa proximidade xeográfica favoreceu o seu contacto como estudantes —en Lugo e Santiago de Compostela— e, a comezos dos anos trinta do século XX, a súa primeira militancia no galeguismo republicano.⁵ A guerra civil española distanciounos política e persoalmente durante unha década, pero a posterior insistencia de Fernández del Riego, obstinado en recuperar a Cunqueiro como escritor en

³ A amizade entre o notario Alberto Casal (1921-2014) e Álvaro Cunqueiro deu comezo na década dos cincuenta do século XX. A Casal, que foi secretario do consello de administración do *Faro de Vigo*, débese en boa medida á incorporación de Cunqueiro ao cadro de persoal do xornal en 1961. A correspondencia que ambos mantiveron (1955-1961) foi editada por Luís Cochón e publicada nos *Cadernos Ramón Piñeiro* (XXIII) en 2012.

⁴ No xornal *El Pueblo Gallego* do 19 de marzo de 1936 hai unha crónica de Cunqueiro (“Notas. Diversas historias”) que recrea a súa viaxe a Lourenzá. O autor reproduce no texto a copla popular que alude aos emprazamentos de ambas as localidades: “Mondoñedo está nun baixo,/ Vilanova nun baixiño./ Nosa Señora do Carme/ mesmo á beira do camiño”. Outras versións substitúen a virxe do Carme pola Nosa Señora da Gracia.

⁵ O 25 de xullo de 1931, Fernández del Riego difundiu un manifesto de exaltación da patria galega desde Vilanova de Lourenzá e pronunciou alí, aos seus dezoito anos, o seu primeiro discurso público, recuperado por Ramón Nicolás na súa biografía (2022: 20-22). A iniciativa foi recibida con entusiasmo desde Mondoñedo por Cunqueiro, quen convidou por carta a Del Riego e mais os seus amigos laurentinos a sumarse “a calquera dos tres partidos que funcionaban na cidade mindoniense: O Grupo Galeguista Republicano, a Irmandade Nacionalista e o Partido Arredista Revolucionario. Naturalmente, ningunha destas denominacións respondía á existencia de agrupacións reais. Non pasaban de ser invencións xurdidas da ricaz imaxinación cunqueirá” (Fernández del Riego, 1990: 40). O 25 de xuño de 1931 Cunqueiro figuraba entre os dezasete convocantes do acto constitutivo da sección mindoniense de Esquerda Republicana Galega e aparece como asinante dos seus estatutos, segundo o documento conservado na Fundación Penzol de Vigo. Máis adiante ingresa nas fileiras do Partido Galeguista, que se acababa de crear. Véxanse as informacións facilitadas por Armesto Faginas (*Cunqueiro. Unha biografía*, 1991: 100) e Rodríguez Fer (*Acometida Atlántica*, 1996: 175).

lingua galega malia o ambiente pouco propicio da ditadura franquista para tal propósito, permitiu restablecer e consolidar os vellos lazos.

O reencontro produciuse xa case a comezos da década dos cincuenta, após o obrigado regreso de Cunqueiro a Mondoñedo en 1947, vencido e desencantado da súa errática aventura madrileña. Coincidiu así mesmo coa crise vital sufrida polo autor de *Un hombre que se parecía a Orestes* (1968) tras os seus achegamentos á estética falanxista e, nomeadamente, a certos propagandistas e impulsores do réxime ditatorial do xeneral Franco. O seu inevitable e amargo retorno a Galicia, para establecerse primeiro en Mondoñedo (1947-1961) e máis tarde en Vigo (1961-1981), sinalou o inicio dunha nova etapa, non exenta de dificultades e desacougos.

Merlín e familia (1955), *As crónicas do sochantre* (1956), *O incerto señor don Hamlet* (1959), *Escola de menciñeiros e fábula de varia xente* (1960) e *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (1961) son algúns resultados literarios daquela frutífera etapa. Esta “década prodixiosa de Álvaro Cunqueiro”, segundo a feliz expresión de Manuel Forcadela en *A mecánica da maxia* (2009), ten moito que ver coa intensa e cómplice colaboración entre Cunqueiro e Fernández del Riego. O mesmo Ramón Piñeiro, no retrato que fai de Don Paco no tomo doce da *Gran Enciclopedia Gallega* (1974),⁶ corrobora esta evidencia: “Puede decirse que Paco del Riego fue un factor muy importante para la incorporación de Álvaro Cunqueiro a la prosa gallega. Y animó asimismo a muchos otros escritores al cultivo de nuestras letras”.

As obras de Cunqueiro citadas anteriormente viron a luz na Editorial Galaxia, fundada en 1950 baixo o impulso entusiasta, entre outros, de Ramón Piñeiro, Xaime Isla Couto e o propio Fernández del Riego, auténtico artífice da posta en marcha e consolidación desta iniciativa libresca e cultural. O imprescindible epistolario dese período (1949-1961) entre el e Cunqueiro descúbrenos que Fernández del Riego era xa por aquel entón “un verdadeiro editor moderno” (Cunqueiro, 2003: 14). Por desgraza non se conservan todas

⁶ A *Gran Enciclopedia Gallega*, cun total de trinta e dous tomos publicados —en castelán— entre 1974 e 1992 polo editor asturiano Silverio Cañada, estivo dirixida inicialmente por Ramón Otero Pedrayo. Ramón Piñeiro e Álvaro Cunqueiro formaron parte do seu Comité Consultivo e Francisco Fernández del Riego, xunto con Xesús Alonso Montero e Basilio Losada Castro, eran membros do seu Comité Coordinador.

as misivas remitidas por Del Riego⁷ a Cunqueiro, pero, en todo caso, as constantes alusións do un ao outro nas súas respectivas obras e declaracións permiten reconstruír, aínda que só de xeito parcial, a importancia desa relación. Non en van, como sinala Cunqueiro na introdución do primeiro dos catro tomos da súa *Obra en galego completa* (1980-1991), Francisco Fernández del Riego, “veu nacer, poido decir que folla a folla, cada un dos meus libros primeiros” (Cunqueiro, 1980: 10).

Feita esta introdución, propóñolles retroceder —desde o presente— case catorce anos atrás. A chuvia mansa cantada por algúns poetas, Rosalía de Castro e Álvaro Cunqueiro entre eles, caía suavemente sobre Vigo aquela mañá do 25 de novembro de 2009. A cita con Francisco Fernández del Riego, que contaba entón 96 anos e se fatigaba moito ao falar, fora xestionada polo dilixente e fiel Enrique Méndez Gil, sempre discreto, á sombra de Don Paco, preocupado polo seu benestar e bo coñecedor dos seus gustos e costumes, tamén das súas teimas. Nacido en 1953, Enrique Méndez Gil comezou a traballar na Editorial Galaxia con dezaseis anos, por suxestión —e baixo o acubillo— de Don Paco, e alí botou medio século, desde 1967, dedicado ás tarefas máis diversas. Enrique tivo un trato moi próximo tanto con Fernández del Riego como coa súa muller, a farmacéutica Evelina Hervella Nieto, falecida en 2007. Unha charla con Enrique, como a que mantivemos por teléfono en xaneiro de 2023, permite recrear moitos dos detalles da súa vida cotiá:

Para min, don Paco foi como un pai, así que é normal que o coidara e atendera con agarimo desde entón ata o final. Tiña un carácter forte, pero os prontos pasábanlle axiña. Era divertido e gostáballe desfrutar da vida. Un dos nosos rituais eran os aperitivos de mediodía, antes de xantar. Tomabamos embutidos (xamón, chourizo, salchichón) con viño. Fóra diso, non paraba de traballar; mesmo estando con gripe na cama, lémbrome de velo correxindo probas de imprenta.

A conversa con Fernández del Riego transcorreu no seu despacho da Fundación Penzol, a institución á que dedicou gran parte da súa vida e na que se custodian a súa biblioteca, o seu arquivo e mais a súa pinacoteca, bens que

⁷ Dez das cartas enviadas desde Vigo por Del Riego a Cunqueiro, datadas entre o 29/1/1959 e o 20/2/1961, están recollidas por Luís Cochón (2014: 55-69) (“Cunqueiro, destinatario”).

cedeu ao concello de Vigo en 1995. En total, “máis de trinta mil volumes e un valioso arquivo, porque Paco gardaba todo desde a súa mocidade”, ademais de “setenta e nove cadros e cento doce esculturas, fotografías, obxectos persoais e, por suposto, as primeiras edicións da bibliografía do doador. Aínda reservou uns dous mil exemplares para a biblioteca de Vilanova de Lourenzá”, segundo o cómputo realizado por Malores Villanueva na súa biografía (2022: 223-224).

Fumadeiro de opio cubánico

Antes de ocupar en 1985 a súa sede actual, na Casa Galega da Cultura de Vigo, a Fundación Penzol —creada en 1963 para recoller o legado bibliográfico e documental do rexistrador da propiedade Fermín Penzol (1901-1981)— tivo unha localización distinta. Lémbrao, así, Xosé Luís Franco Grande (2012: 47):

Na Fundación Penzol, no primeiro andar do número 24 da rúa Policarpo Sanz, tiña [Fernández del Riego] a súa oficina permanente de galeguismo, ou, como moi graficamente expresaba Álvaro Cunqueiro, “o seu fumadeiro de opio cubánico”, porque alí era doado atopalo como esluído entre as nubes que debuxaban os seus poderosos xarutos Montecristo do número 4 —que tiñan que ser desa marca e número, unha das súas infinitas teimas—. Algunha vez regaleille unha caixa de Montecristos do número 4, agarrouna con avidez, non fose o conto que eu retirase o ofrecemento, gardouna e díxome: “Es un grande amigo. Por unha caixa de puros podo ser venal”. Un mal reclamo o Paco para unha campaña contra o tabaco, xa que parecía contradicir todos os argumentos posibles contra os males do “opio cubánico”, no dicir de Cunqueiro.

O día do noso encontro en Vigo, que tivo lugar no edificio da Praza da Princesa que alberga actualmente a Fundación Penzol, non había ningún cigarro á vista nin falamos Don Paco e este cronista dos seus hábitos de fumador empedernido, que mantivo sempre, así como a fama de excelente *gourmet* e bo catador de viño e whisky. O motivo da entrevista, necesariamente breve —pouco máis de media hora— polos problemas de saúde de Fernández del Riego, era moi concreto e estaba ben delimitado de antemán: falar da obra xornalística de Álvaro Cunqueiro, con quen compartiu, en circunstancias e

etapas diferentes, talleres, rotativas e cabeceiras: *Vallibria*, *El Pueblo Gallego*, *La Noche*, *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo*⁸ entre elas.

Comentamos, nun momento da conversa, a conveniencia de rescatar e reunir todo ese corpus xornalístico de Cunqueiro, disperso en antoloxías, publicacións monográficas e hemerotecas. Moito se avanzou desde 2009, pero o desafío desa recuperación completa segue pendente. A mesma recomendación podería aplicarse agora ao articulismo de Fernández del Riego, editado soamente en parte. Don Paco era consciente entón desta dificultade recompilatoria.

Os textos xornalísticos de Cunqueiro teñen moita importancia e moita significación. En todos eles evidencia un estilo propio, unhas características propias. Certo que esa obra, tanto a asinada por el como a publicada con pseudónimos, nunca se publicou completa porque é inconmensurable, inmensa. Mesmo algúns textos dos seus libros —penso en *Escola de menciñeiros* ou en *Xente de aquí e de acolá*— proceden dos xornais.⁹

Eu estaba especialmente interesado en coñecer, ou polo menos entender, algúns puntos opacos da biografía de Cunqueiro naquela década axitada (1936-1947), transcorrida entre Mondoñedo, Ortigueira, Vigo, San Sebastián e Madrid. Interesábanme sobre todo a abrupta saída de Cunqueiro do diario *ABC*¹⁰ e algunhas curiosidades das súas actuacións naqueles

⁸ Para coñecer mellor a faceta xornalística de Don Paco, resulta especialmente recomendable o estudo realizado por Ceferino de Blas, quen fora cronista oficial de Vigo: *Fernández del Riego y Faro de Vigo* (2013). De Blas, que tamén dirixiu o *Faro de Vigo* (1986-1994), morreu nesta cidade o 19/2/2023. Desexo subliñar aquí, na súa lembranza, a amizade e a relación profesional que tiveron con Ceferino na nosa época de cronistas políticos en Asturias, no tempo compartido da Transición.

⁹ Cando non se cita expresamente outra orixe das súas declaracións, todas estas citas de Fernández del Riego proceden da entrevista realizada en Vigo o 25 de novembro de 2009, á que xa fixemos referencia.

¹⁰ Cunqueiro traballou na redacción do *ABC* de Madrid entre abril e xullo de 1939. Deixou o diario por razóns imprecisas, máis alá das consabidas especulacións. Nese tempo publicou quince artigos firmados, case todos de exaltación do novo réxime. O primeiro (“En la hora final”) apareceu o 1 de abril de 1939 e o último (“De la grandeza y servidumbre del Caudillo”) o 16 de xullo de 1939. Segundo Augusto Assía (*La Voz de Galicia*, 24 de febreiro de 1991), no *ABC liberado*, dirixido por Juan Ignacio Luca de Tena, Cunqueiro foi “subdirector y segundo de a bordo”. Porén, *ABC* publica o 2 de abril, na terceira pá-

primeiros anos do franquismo. Fernández del Riego, que, paradoxalmente, tivo que alistarse no bando militar dos sublevados contra a República para sobrevivir, foi testemuña ocasional daqueles primeiros meses de Cunqueiro en Madrid, nada máis rematada a guerra civil.

Eu andaba naquela época na clandestinidade e Cunqueiro levoume ao *ABC*, un xornal no que tiña moita consideración. Lémbrome de estar con el na Granxa¹¹ no día de San Xoán. Comentárame que tiña que facer un artigo para *ABC*. Eu díxenlle: por que non o fas sobre a tradición galega do Día de San Xoán? E púxose alí a escribilo, sen unha sola tachadura, e mandouno ao periódico, onde apareceu o día seguinte en primeira páxina.

Lendas cunqueirianas

Foi aquela unha época na vida de Cunqueiro tinguida en exceso polas lendas e fantasías, non sempre contrastadas. Circulan distintas versións sobre unha serie de aventuras que, sen menosprezar o seu significado na traxectoria do escritor, non resultan determinantes para xulgar o valor e o sentido da súa obra. É certo que algunhas veces a contextualizan, mais outras eclípsana e condiciónana. Refírome aos dixomedixomes que o propio Don Álvaro se encargou de alimentar ou de escurecer, en función dos casos, e que conta cunha nómina de intérpretes e recompiladores ben considerable. Del Riego non evitaba eses asuntos, pero amosábase comprensivo:

Daquela mentía a todos. Era un mitógrafo. Chegou a decir que tiña un castelo en Mondoñedo e que os recibiría alí [aos amigos de Madrid]. El era así. Pedía cartos a uns para invitar a outros. Era tan xeneroso que chegaba á prodigalidade.

xina, unha listaxe cos membros do seu cadro de persoal e nesa relación Manuel Halcón figura como subdirector e Cunqueiro como redactor.

¹¹ Fernández del Riego refírese probablemente ao Café Granja el Henar, establecemento lendario polos faladoiros literarios e políticos que se celebraron ao redor das súas mesas. Abriu as portas a comezos do século XX e estivo situado no número 40 da rúa Alcalá de Madrid ata o seu peche en 1948.

O artigo de Cunqueiro mencionado por Fernández del Riego, “Versiones del mes y día de San Juan”, publicouse no *ABC* do 24 de xuño de 1939, no emprazamento máis prezado do xornal, a terceira páxina.

Na entrevista concedida por Fernández del Riego a Perfecto Conde en 2008, publicada como libro dez anos despois, Don Paco confirma a existencia desa curiosidade arredor das andainas persoais de Cunqueiro, especialmente durante a guerra e os primeiros anos do franquismo.¹²

Mesmo houbo un profesor da Universidade de Granada que quería publicar un libro de anécdotas sobre Cunqueiro e dirixiuse a min. Eu díxenlle que non me podía prestar a eso. Contestoume que o que pretendía era referirse só ás anécdotas que fosen auténticas. Non fose ocorrer como con Quevedo, que se lle adxudicaron todas as cousas. Pero non quixen entrar niso, porque eu era amigo persoal de Cunqueiro, padriño da súa neta [Leticia Cunqueiro Méndez, física e investigadora], amigo dos seus fillos [César e Álvaro], entre outras cousas. Pero claro que se contan anécdotas sen fin del (Conde Muruais, 2018: 111-112).

Mais regresemos á chuviosa mañá do 25 de novembro de 2009. Todos temos caído, este cronista o primeiro, na tentación de pescudar en certas lagoas da vida de Cunqueiro, como a mencionada saída do *ABC*. Así que, antes de subir ao despacho de Don Paco, na Casa Galega da Cultura, Enrique Méndez Gil xa me advertiu, ao coñecer as miñas intencións “detectivescas”, da inutilidade da miña pretensión investigadora: “Desa época de Cunqueiro non che vai decir nada novo porque sempre conta o mesmo e de aí non o sacas”. En xaneiro de 2023, trece anos despois, Enrique lembroume, na xa mencionada conversa telefónica, que Fernández del Riego sempre se escapulía con habilidade cando lle preguntaban por cuestións espiñentas do pasado de

¹² O 26 de febreiro de 1943 propúxose a expulsión de Cunqueiro de Falange Española. Na solicitude relaciónase o escritor cun episodio de venda fraudulenta (2800 pesetas) de papel á Editorial Imperio. O 23 de xuño, por disposición do Delegado Nacional de Prensa (Juan Aparicio Bernal), notificase a súa baixa no Registro Oficial de Periodistas, anunciada nos xornais mediante unha nota de inserción obrigatoria. A causa desta *eliminación* do Registro —así foi como se cualificou e publicou daquela— está relacionada co cobro, por parte de Cunqueiro, dun adianto (1950 pesetas) da embaixada de Francia con destino a un suplemento da revista *Misión* sobre o Camiño de Santiago, traballo que non chegou a realizarse. Na Fundación Penzol consérvase a copia de ambos os expedientes —expulsións de Falange e do Registro Oficial de Periodistas—, recollidos tamén en *A Trabe de Ouro* en 1991 por Xosé Luís Franco Grande (Tomo IV, Ano II, pp. 563-568).

Cunqueiro.¹³ El mesmo foi testemuña dun coloquio celebrado en Santiago, onde a Fernández del Riego lle formularon numerosas preguntas sobre o particular e el simplemente se dedicou a botar balóns fóra. O símil futbolístico vén a conto porque, xa no coche de regreso a Vigo, Don Paco así llo recoñeceu a Enrique Méndez: “Xa viches como me desmarquei, como cando xogaba ao fútbol nos meus tempos mozos”.

Don Paco, fiel amigo e “escudeiro” de Álvaro cando a ocasión o requiría, estaba esa mañá de novembro no seu despacho da Fundación Penzol, sentado ante unha mesa con xornais, entre eles *El Progreso* de Lugo. Vino iluminado pola tenue luz que entraba a través dos cristais, polos que caía unha monótona chuvia machadiana. Aparecía rodeado dalgúns trebellos —lupa, lentes, tesoiira e abrecartas— propios de alguén que vía xa moi mal e apenas conseguía ler os titulares. Fernández del Riego tiña merecida fama de home puntualísimo e amante da orde, o que se reflectía na coidada disposición dos obxectos do seu escritorio. Sobre a mesa, situada a carón dun balcón que daba á Praza da Princesa, tamén había, segundo lembro agora coa axuda das fotos, desde unha zoca ata un exemplar avellentado do Código Civil, vestixio do remoto e curto tempo no que Fernández del Riego exerceu como avogado tras estudar Dereito con brillantez en Madrid e Compostela. Unha carreira e unha vida prometedoras, pero truncadas pola guerra civil,¹⁴ igual que lle aconteceu —por razóns distintas— a Cunqueiro, o seu admirado amigo e poeta. Nos primeiros anos trinta, ambos, aínda na vintena, colaboraban e facían gala do seu galeguismo militante en *El Pueblo Gallego*, propiedade do

¹³ Segundo relata Fernández del Riego no seu ensaio biográfico sobre Cunqueiro, “A partir da guerra civil diverxiron os camiños nos que andáramos en común. Orixinouse entón un demorado silencio epistolar. Pero non resultaba doado esquecer tantas angueiras compartidas nun pasado ilusionado. Pasado un tempo, reiniciouse, aínda que episódicamente, e desde mundos diferentes, un pequeno carreo”, que non se retomou ata “xa avantado moito tempo da posguerra”, cando Cunqueiro regresou, en 1947, a Mondoñedo (1991: 152-154).

¹⁴ Nos libros de memorias de Fernández del Riego hai breves alusións aos anos da guerra, nos que permaneceu alistado no exército franquista como forma de supervivencia. Como lembra Xesús González Gómez, Fernández del Riego, igual que o seu personaxe Mauro, protagonista de *O cego de Pumardedón*, “pasou a guerra loitando nun bando que non era o seu” (1992: 19). De feito, Del Riego evitaba falar desa época. En 2023, a Editorial Galaxia publicou *Diario da guerra*, texto esquecido de Fernández del Riego, con limiar de Lourenzo Fernández Prieto.

dirixente republicano Manuel Portela Valladares (1867-1952). Neste xornal publicou Cunqueiro un artigo en defensa do Estatuto de Galicia de 1936, baixo o título “A vocación da liberdade”, aparecido o 28 de xuño de 1936.¹⁵

Cunqueiro militaba no galeguismo e foi membro do Partido Galeguista. En 1936 [nos inicios da guerra civil] colleu medo e escribiulle a un amigo seu [Jesús Márquez Cortiñas (1903-1972)] que era crego en Santa Marta de Ortigueira porque quería saír de Mondoñedo e ver si atopaba algunha cousa na que traballar. E este amigo crego conseguíulle unha praza de profesor nunha academia de Ortigueira [Academia Santa Marta, dirixida por Márquez Cortiñas] na que empezou a dar clases.

Tempos convulsos

Á vez que exercía ese labor docente, Álvaro Cunqueiro comezou a colaborar no xornal *Era Azul*, órgano da Falange de Ortigueira (A Coruña). Jesús Suevos, á fronte entón de *El Pueblo Gallego* —do que se incautaran os militares sublevados contra o Goberno da República—, reparou nos novos artigos de Cunqueiro en *Era Azul* e pediu que se incorporase á redacción do diario vigués, onde empezou a escribir, xa en castelán, ata o seu traslado a *La Voz de España* de San Sebastián en 1938.

Meteuse na roda sin pensar e, polas conversas que tiven con el, nunca creu neso. Estaba actuando por inercia, con pouca responsabilidade. Ese foi o proceso do seu salto [do galeguismo ao falanxismo] na miña opinión.

Era un Cunqueiro completamente inauténtico. Estaba metido nun mundo do que admiraba as persoas, pero non as ideas. Admiraba, por exemplo a Pedro Mourlane Michelena, a Rafael Sánchez Mazas, pero nunca fixo eloxio das institucións nin se identificou

¹⁵ Os artigos publicados por Cunqueiro no rotativo de Portela Valladares antes da guerra civil foron incluídos parcialmente en distintas antoloxías. As máis completas son as recompilacións realizadas por Iago Castro Buerger e Xosé-Henrique Costas en 2013 —*O mundo que teño de meu. Artigos en lingua galega. Prensa e revistas (1930-1980)*— e por Armando Requeixo en *O mundo e outras vésperas. Colaboracións en El Pueblo Gallego (1932-1936)*, libro editado pola Editorial Galaxia en 2022 que ofrece a totalidade deses textos xornalísticos, tanto en galego como en castelán. Na base de datos do blog *Biosbardia* poden consultarse varios artigos de Xesús González Gómez sobre esta e outras épocas de Cunqueiro.

co sistema. El, na realidade, nunca, nunca foi franquista. Nunca. Fixo cousas irresponsables ata o punto de que tivo que saír dese medio [Madrid], denunciado incluso nos xulgados.¹⁶ Refuxiouse en Mondoñedo e non quixo saber máis nada. Estaba triste, desplomado. E foi entón cando eu, insistindo, insistindo, cunha teimosía que teño como característica, conseguín que escribira. Eu pensaba que había que rescatalo para as letras galegas. Cunqueiro *sentía* [Galicia] e a proba é que os libros están sentidos, non están improvisados, senon pensados e sentidos.

Ese afán de Fernández del Riego foi dando os seus froitos a mediados dos anos cincuenta, como xa sinalamos ao inicio destas liñas.

O tránsito entre 1947, cando voltou a Mondoñedo, e 1955, data da publicación de *Merlín e familia*, foi duro. O escritor, separado da súa dona Elvira González-Seco, desposuído do carné de xornalista e sen emprego estable, sentía esa “nugalla” que lle atribuíu a Felipe de Amancia en *Merlín*. Del Riego lembraba esas longas horas de pesadume.

Coincidiu todo. Sentíase solo, desamparado. Fixo cousas que non debía ter feito e eso creoulle enemistade de amigos que el consideraba que o eran. Non atopaba a ninguén a quen agarrarse. En Mondoñedo estaba dedicado a pasear con dous ou tres amigos e pouco máis. Non quería coller a pluma nin á de tres. Costou moito que saíra de aí. Borrouno todo. Era un pasado que non era el. Empezou a ser o que quería ser. Cando volveu escribir en galego colleu unha forza interior e unha actitude de ilusión que perdera totalmente. Pensaba que a súa postura anterior estaba trabucada e empezou a poder escribir, limpa e honestamente. Seguiu por ese camiño. Acreditouse de novo como escritor galego e os seus amigos cataláns¹⁷ apoiárono como escritor en castelán.

¹⁶ Nos últimos anos publicáronse polo menos dous breves manuscritos de Cunqueiro —un de 1947 e outro sen datar— que confirman o su efémero paso polo cárcere, probablemente a Prisión Provincial de Lugo, sen mencionar os motivos. O primeiro pode consultarse na web de Todo Colección (imaxe da carta vendida o 2 de novembro de 2013) e no artigo de Xosé Enrique Acuña no blog *Biosbardia* (25-2-2016). O segundo texto, unha nota de Cunqueiro ao seu amigo Trapero Pardo, aparece en *Un hombre que se parecía a Cunqueiro* (Besteiro: 2021: 409).

¹⁷ Para entender a importancia do apoio dos seus amigos de Barcelona (Joan Perucho e Néstor Luján, entre outros), convén consultar o libro colectivo *Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas* (2003).

Ademais de ser coetáneos e naturais de dúas localidades da Mariña Central moi próximas entre si, Mondoñedo e Vilanova de Lourenzá, Francisco Fernández del Riego e Álvaro Cunqueiro compartiron desde moi cedo inquedanzas e intereses. Del Riego, máis ordenado e mellor estudante universitario que Cunqueiro, sempre foi tolerante con aquel mozo mindoniense bohemio, disperso e soñador, pero moi culto e brillante, dotado dun talento literario que xa se albiscaba nos seus tres primeiros poemarios: *Mar ao norde* (1932), *Poemas do si e do non* (1933) e *Cantiga nova que se chama riveira* (1933).

Del Riego sempre admirou a portentosa facilidade de Cunqueiro para a creación literaria, manifesta xa na súa etapa estudantil: “Ollei gorentosamente como escribía Cunqueiro os seus poemas no Café Español, durante as súas periódicas estadas en Compostela” (1990: 105). Ese recoñecemento cara a Cunqueiro mantívoo Fernández del Riego sen desfalecer e sen quebras. En 1951, o manual *Historia de la literatura gallega*, publicado pola recentemente creada Editorial Galaxia, en castelán, incluía unha breve ficha sobre Álvaro Cunqueiro. Citábanse os seus catro poemarios, tres deles previos á guerra civil, e destacábase “la finura lírica y dulcemente imaginativa de sus escritos”. Non obstante, o autor da nota, Francisco Fernández del Riego, aproveitaba as últimas liñas da mención para mirar máis ao futuro ca ao pasado: “La principal labor de este segrel de nuestros días, quizá se halle todavía por hacer” (1951: 140).

Unha década máis tarde, o prognóstico cumprírase máis que dabondo. E así quedou reflectido no discurso de benvida que Fernández del Riego lle ofreceu a Álvaro Cunqueiro o día do seu ingreso na Real Academia Galega, o 21/4/1963:

Álvaro Cunqueiro Mora chega á Academia por dereito de seu, cunha sona de escritor consagrado. Poucos coma il teñen trasposto istas portas, nunha plenitude tan chamativa da súa personalidade. A vida literaria, coruscante e inzada, do novo académico, tenlle servido para prestixiar as letras galegas dentro e fora do noso país (1964: 99).

Ese camiño non foi sinxelo porque Álvaro Cunqueiro cargou toda a súa vida cunha serie de lastres que opacaban a súa figura literaria. Estaban, por unha banda, os que lle afeaban a súa actitude durante a guerra civil e o primeiro franquismo, do que acabou sendo, en certo senso, outro tipo de vítima. Tamén houbo de lidar cos que descualificaban a súa obra por ir a contracorrente, afastada diso que entón se denominaba compromiso social,

unhas críticas ás que respondeu nalgunha ocasión. Fernández del Riego, na conversa que mantivemos en 2009, lembraba ben estes prexuízos cara a Cunqueiro, pola súa vida e pola súa obra: “Cando o acusaban de facer unha literatura evasiva, decía: ‘xa veremos o día de mañán o que queda deles e o que queda de min’. Eso tenmo dito moitas veces”.

A despedida

O final de Cunqueiro chegou antes de tempo. Como indica Claudio Rodríguez Fer xusto no artigo que aparece a continuación deste (“Cartas e comentarios, a un poeta novo, de Francisco Fernández del Riego”), Don Paco soubo da morte de Cunqueiro, acaecida o 28 de febreiro de 1981 en Vigo, durante unha viaxe a Barcelona, onde interviña nunhas xornadas de literatura galega e catalá. Foi Carlos Casares, quen tamén participaba nas reunións, quen lles transmitiu consternado a todos os presentes, incluído Fernández del Riego, a mala nova, que acababa de recibir por teléfono desde Vigo.

Aquel mesmo sábado, desde Barcelona, Don Paco fixo unhas apresuradas e emotivas declaracións á axencia EFE, recollidas en distintos medios: “Estoy verdaderamente impresionado y afectado, por lo que difícilmente podría decir algo en estos momentos. Sobre todo, pienso en el vacío que deja Cunqueiro [en las letras gallegas], un vacío muy difícil de llenar”.

Uns días despois, o 6 de marzo, *Faro de Vigo* publicou un suplemento especial dedicado a Don Álvaro. Na portada dese número extraordinario salientábase, baixo unha colaxe de imaxes vencelladas á gran repercusión xornalística da morte de Cunqueiro, a súa especial vinculación con Fernández del Riego, “uno de sus mejores y entrañables amigos —amistad que partía de la niñez—”. O xornal fai fincapé neste feito, na súa prolongada relación, para presentar o obituario escrito por Don Paco con destino ás páxinas extraordinarias do *Faro de Vigo*. Un espazo que el e mais o autor de *Os outros feirantes* compartiran. “Lembranza, aquí, de Álvaro Cunqueiro”, titulábase a emotiva necrolóxica:

O escritor mindoniense atopaba con enorme facilidade o nervo dun monólogo vivísimo, pródigo en anécdotas e delator dunha vastísima erudición. De primeiras, o tono da súa voz podería parecer o dun home que se escoita. Pero nada máis lonxe da realidade. Era que a súa voz non medrara, si tal cousa puidera

decírese. Quedárase cortada co aglaio mesmo da adolescencia. Cunqueiro era deses amigos cos que os reloxos da charla perden as minuteiras...

Nos parágrafos seguintes, ademais de evocar momentos e vivencias comúns, Fernández del Riego fai un balance da traxectoria literaria de Álvaro Cunqueiro, enxalzada tantas veces antes por el con anterioridade.

A súa carreira encetouna como poeta en verso. Foi baixo tal condición como o coñecemos nos seus anos mozos. Mais a verdadeira revelación da súa personalidade produciuse cultivando o arte narrativo na idade madura. A prosa galega viu definido neste arte cunqueirano un dos aspectos máis vivos da nosa literatura contemporánea.

Con todo, o autor de *Merlín e familia* foi sustancialmente un poeta. Como poeta aportou ao campo da narración, na lingua nosa, unha luz impalpable desa zona creadora que garda o segredo indescifrable do espírito. Mergullado no mundo da fantasía na precura do maravilloso, o poeta descende raramente ao nivel rastreiro da realidade vulgar; non tenciona, por eso, reflexar como un espello a miseria e a dor que atenazan o curso cotián da existencia humana (...) O grande escritor e o gran amigo foise de entre nós nun chuvioso día do mes de febreiro. Estas páxinas [do *Faro de Vigo*], que tanto aloumiñou, quedan orfas, desde agora, da presenza viva da súa pluma inimitable.

Francisco Fernández del Riego sobreviviu a Álvaro Cunqueiro case trinta anos. Durante ese tempo, xa sen Cunqueiro como referencia terreal, Don Paco —prolífico escritor— publicou gran parte da súa propia obra, presidiu a Real Academia Galega (1997-2001) e continuou á fronte da Fundación Penzol (1963-2010), sen descoidar outras múltiples ocupacións, desde a edición da revista *Grial* ata as súas habituais colaboracións na prensa. Á Fundación Penzol chegaron tamén, en 2019, significativos materiais procedentes do arquivo de Álvaro Cunqueiro, legados polos seus herdeiros.¹⁸ A memoria de ambos, Cunqueiro e Del Riego, permanece e custódíase agora

¹⁸ O 28 de febreiro de 2019, César Cunqueiro, fillo do escritor, doou oficialmente á Fundación Penzol de Vigo o Fondo Álvaro Cunqueiro Mora, arquivado en doce caixas e dúas carpetas que conteñen cartas, manuscritos, fotos, xornais e outros materiais de interese biográfico e documental.

naquela casa, xunto aos fondos doutros insignes galeguistas, e enriquecese con novas achegas e descubrimentos.¹⁹

Del Riego, como ben saben Enrique Méndez Gil e todas as persoas que o atenderon e o rodearon na súa recta final,²⁰ conservou a súa lucidez e a súa innata curiosidade ata a fin dos seus días. Mantivo os seus costumes, as súas filias e as súas fobias, as súas teimas, como a de só comer kiwis na forma na que llos preparaba Enrique: non pelados, senón partidos pola metade e tomados con culler, “porque era moi escrupuloso e non quería que ninguén os tocara”. Aos kiwis, cuxas plantacións asolagaron Galicia na década dos oitenta do século XX, dedicou precisamente Cunqueiro o seu último artigo en Radio Nacional de España, emitido de xeito póstumo o 1 de marzo de 1981: “Ahora mismo estoy esperando a saber cómo se da el kiwi en mi valle de Mondoñedo y se me antoja que quizás sea el más vivificante, el más rejuvenecedor de todos”.

“Eu nascín coas gafas...”

No final da entrevista, cando lle dixen que, se non lle importaba, quería que nos retratasen xuntos —mentres falabamos, xa lle sacara eu algunhas imaxes—, Don Paco chamou a Reme (Remedios Teijeiro Guerreiro), empregada da Fundación Penzol, quen nos *immortalizou* amablemente. Nalgún momento da conversa anterior a esa improvisada sesión fotográfica, Fernández del Riego quitara os lentes, pero quixo poñelos de novo para o

¹⁹ O 9 de novembro de 2020, *Faro de Vigo* publicou a existencia de sete cartas e varios poemas de amor escritos por Álvaro Cunqueiro entre 1929 y 1932. A destinataria era una moza arxentina, Emma Gómez —filla do emigrante mindoniense Manuel Gómez—, a quen Álvaro coñecera na súa cidade natal durante unha estancia da súa familia en Mondoñedo. Da existencia dos versos —anteriores aos seus primeiros poemarios— e das misivas, que menos os extractos aparecidos no xornal seguen inéditas, deu noticia en primicia o xornalista Fernando Franco.

²⁰ Ramón Nicolás menciónaa na súa biografía: “Nos anos finais da súa vida estivo ao coidado, entre outras persoas, de Nancy, Lolita —viúva do seu irmán Joaquín— e mais Enrique Méndez. De igual xeito, é de destacar o acompañamento e coidado que lle dispensou, nos seus derradeiros anos, a docente e investigadora Malores Villanueva. Recibía na súa casa con frecuencia visitas doutros amigos entre os que se contaba Francisco Domínguez, que despachaba semanalmente con el sobre asuntos relacionados coa Biblioteca Penzol” (2022: 91-92).

posado, coma se formasen parte inseparable do seu ser: “É que eu nacín coas gafas”, explicoume.

Fernández del Riego xa dera conta dos seus problemas oculares nalgunha das súas primeiras cartas a Cunqueiro, con quen tivo na vida tantos paralelismos e coincidencias: o gusto pola boa mesa, certa fama *donjuanesca*, a idealización do mar, o abraio polas peregrinacións xacobeas, o amor aos libros e á literatura, a fidelidade cara á paisaxe e o tempo da infancia ou o empeño en usar e dignificar a lingua propia como único garante para a supervivencia de Galicia, a súa gran paixón compartida.

Ollar Galicia (1981) foi precisamente o título da obra póstuma de Cunqueiro, unha última e sentimental contemplación do seu mundo:

Galicia, Fisterra, o extremo occidental da terra coñecida. Máis aló destas rudas rocas está o océano, o Tenebroso, que remata en grandes abismos no borde dos caes navegan enormes baleas, grandes bestas hostiles. Aquí remata o hábitat do home, e este pode asistir cada día á morte do sol (1981: 5).

O ollar foi, do mesmo xeito, esencial para Don Paco. Non en van o seu primeiro libro de ensaios, aparecido en 1949 en Buenos Aires, titúlase *Cos ollos do noso esprito*: “Galicia fita ao mundo, dende a peculiaridade da súa paisaxe, con ollos verdes dun fondo ensoño” (1949: 7). A melancolía, en contra do que puidese parecer, non é incompatible co progreso. Fernández del Riego, máis próximo á nostalxia do futuro preconizada por Fernando Pessoa ca á morriña de tempos pretéritos, gustaba dos avances e das innovacións —favoreceu, de feito, a dixitalización dos fondos da Real Academia Galega—. Non obstante, adoitaba dicir que, ao igual que Ramón Otero Pedrayo quedara na época do bolígrafo como ferramenta tecnolóxica, el, Don Paco, plantárase na máquina de escribir, sen pasar aos ordenadores. Sen desprezar a era dixital, mantívose fiel á Galaxia Gutenberg. Dun xeito ou outro, nunca deixou de encher papeis. A súa irmá Ana María,²¹ relixiosa xesuíta e muller centenaria, sempre valorou a gran laboriosidade do seu irmán, “un traballador

²¹ Retirada actualmente nunha residencia das Hijas de Jesús en Granada, Ana María Fernández del Riego é autora do poemario *Con los pies en el suelo* (Ediciones Agoeiro, Vigo, 2022). No libro recolle as súas vivencias como misioneira e docente en China e Filipinas e como profesora en Vigo.

nato”. “Alguén reparou no dedo corazón da súa man dereita? —preguntaba ela nun artigo— Está completamente desfigurado de tanto escribir. E iso que ten unha maquiña dos anos da Polka que lle axuda non pouco nesa tarefa” (2002: 101).

Alén do tempo

Sobre as máquinas de escribir, e nomeadamente sobre a lendaria Smith Premier de Cunqueiro,²² hai varias alusións no epistolario entre o mindoniense e o laurentino, eses “altos, sonoros e significativos” xentilicios empregados para denominar os naturais de Mondoñedo e Lourenzá, respectivamente.

As cartas son fonte esencial para coñecer mellor os mundos e as vidas de Don Paco e Don Álvaro, que levaron ese tratamento de respecto e distinción con gran naturalidade. O “don” e os lentes eran dous trazos máis das súas personalidades. O mesmo que o emprego de pseudónimos, ao que se viron obrigados en determinados momentos, por razóns distintas: Álvaro Labrada (Cunqueiro) e Salvador Lorenzana (Del Riego) foron os máis coñecidos.

Fernández del Riego adoitaba definirse como “optimista radical”, e así o amosa a súa traxectoria vital, pero algunhas veces sentíase coma o seu álter ego Mauro, o protagonista de *O cego de Pumardedón*,²³ novela autobiográfica: “Toda a súa memoria se eslíe nunha chuvia sin fin que baixa das cousas; mesmo como si a súa inesgotable caída se arrastrara deica o fondal do pasado” (1985: 63). Tamén Felipe de Amancia, o mozo asistente de Merlín, que nos conta as súas andainas cando xa estaba “vello e anugallado”, tiña dificultades para distinguir o auténtico do imaxinado. Era algo que lle

²² Sobre a Smith Premier de Cunqueiro, depositada actualmente na súa Casa-Museo de Mondoñedo, escribín o artigo “Lembranzas dunha máquina de escribir”, publicado, en decembro de 2020, en *Crónicas das San Lucas (2015-2020)*.

²³ Houbo un adiamento de dous capítulos da novela no número 87 da revista *Grial*, aparecido en 1985. A cita procede deste avance editorial. Xesús González Gómez, un dos mellores coñecedores e estudosos da obra xornalística e poética de Cunqueiro, publicou unha recensión de *O cego de Pumardedón* o 28 de maio de 1992 en *A Nosa Terra*: “Francisco Fernández del Riego quixo, coa presente, dar testemuño dun tempo, pero á vez esculcar a alma humana dun home que ama a vida e que só pode sentir dor e melancolía”.

adoitaba pasar ao propio Cunqueiro: “Verdade ou mentira, aqués anos da vida ou da maxinación, foron enchendo cos seus fíos o fuso do meu espírito e agora podo tecer o pano distas historias...” (1955: 9).

Aínda que a obra estea dedicada a Alberto Casal, o primeiro lector de *Merlín e familia* foi Francisco Fernández del Riego cando o libro estaba aínda inacabado. Un ano despois, en 1956, saíu do prelo, dos talleres do *Faro de Vigo*, outro título memorable: *As crónicas do sochantre*, con dedicatoria nesta ocasión a Don Paco. Foi precisamente Fernández del Riego quen a traduciu ao castelán, nunha versión publicada en Barcelona por AHR, que acadou o Premio da Crítica en 1959.²⁴ Só por estas dúas novelas, que supuxeron un fito nas letras galegas da época, a estreita colaboración entre Álvaro Cunqueiro e Francisco Fernández del Riego xa tería dado un par de froitos imperecedeiros, dous clásicos. Por fortuna, houbo moitos máis logros, mesmo travesías simbólicas e reais, como aquela que os levou por mar ata Gran Bretaña, en 1966, a bordo do Montserrat, para recrear mitos e lendas. Como escribe Ceferino de Blas, “por la compañía de Cunqueiro, y por el carácter histórico, este breve viaje a Inglaterra fue uno de los que más apreció [Fernández del Riego] y del que guardó un recuerdo imborrable” (2013: 53).

Malia estar moi apegados ás súas orixes, e de defender con paixón a singularidade histórica de Galicia ao longo dos séculos, ambos asumían a relatividade das fronteiras. Enxalzaban os trovadores medievais e a frei Antonio de Guevara, a Rosalía e a Pondal, pero tamén recoñecían, no caso de Cunqueiro, os poetas chineses, os autores franceses ou os memorialistas ingleses, como Samuel Pepys. Os dous achegábanse con natural asiduidade ás literaturas e aos escritores doutros territorios —alemáns, estadounidenses, italianos—, como fixo Fernández del Riego en *Letras do noso tempo* (1974).

²⁴ Nunha edición popular da obra, aparecida na Biblioteca Básica Salvat en 1970, o seu prologuista, Néstor Luján, lembra as circunstancias nas que Cunqueiro recibiu este galardón: “De todas las obras que entraron en la consideración del jurado que concede este premio (...) era este libro el menos vendido, el más absolutamente desconocido, el que más iba contra corriente de la moda narrativa del momento, tan social y espesa, tan respetable. Pero *Las Crónicas* obtuvo el premio amplia, sosegada, rotundamente. Y ha quedado desde entonces como una de las piezas claves de la actual novelística española”. En febreiro de 2023, Ediciones 98 publicou unha nova tradución ao castelán de *As crónicas do sochantre*, feita por Julio Manso Barrios coa colaboración de César Cunqueiro, fillo do escritor e autor tamén do epílogo desta versión.

Esa vocación cosmopolita era compartida polos fundadores de Galaxia, segundo recolle Don Paco nas súas memorias *Camiño andado*, ao lembrar unha viaxe aos Ancares e ao Cebreiro, enclave xacobeo moi estimado por Cunqueiro: “Galicia foi universal cando foi auténticamente galega” (Del Riego, 2003: 214).

A andaina vital, intelectual e literaria de Fernández del Riego e Cunqueiro —da que deixamos apenas algúns apuntamentos— foi diferente e ás veces distante, contradictoria, sobre todo durante a guerra civil²⁵ e os primeiros anos do franquismo. Con todo, e isto é o substancial, gran parte do seu itinerario fixérono en compañía e con inquedanzas e esperanzas comúns. “Os camiños dan as xentes, as pousadas, as falas, os países”, dicía Felipe de Amancia cando estaba pensativo e lembraba os tempos pasados co seu amo Merlín na selva de Esmelle.

Os traxectos de Fernández del Riego e Álvaro Cunqueiro comezaron en Lourenzá e Mondoñedo respectivamente e, tras bifurcacións varias, terminaron en Vigo. Para ambos Vigo era “aquella ciudad tranquila y seria, tibia y recatada, para la que un poeta [Martín Códax], desde la niebla de los siglos, hizo unos misteriosos versos de amor”, segundo lembraba Cunqueiro no *Faro de Vigo* o 3 de decembro de 1950. Del Riego tamén escribiu sobre aqueles

tres poetas (Xohán de Cangas, Meendinho, Martín Códax), que sintiron o feitizo das ondas. Limitaron cunha brétema mareira de recendos líricos, tres puntos da ría celebrada. Dese xeito, Vigo e o seu mar acadaron sona universal en época tan recuada (1991b: 7).

O Día das Letras Galegas correspondente a 2023, unha conmemoración felizmente ideada polo propio Don Paco en 1963, é unha ocasión propicia para rescatar do esquecemento os paralelismos e as complicidades que se deron nas vidas e as obras de Fernández del Riego e de Álvaro Cunqueiro. A celebración do 17 de maio constitúe unha

²⁵ Nun dos dous apéndices que pechan as memorias de Isaac Díaz Pardo (*Galicia hoy y el resto del mundo*, 1990), Fernández del Riego (“A cultura galega no exilio”) lamenta todo o que destrizou a guerra en Galicia, especialmente no eido cultural: “Varias promociones sucesivas andaban a traballar —dentro dunha atmosfera favorable— para erguer a nosa cultura a un nivel superior, situándoa nun plano de universalidade. A guerra civil destruíu, entre outras moitas cousas, a república das letras e da pescuda autóctonas” (1990: 227).

excelente oportunidade de achegamento a eles, ás súas singularidades e as súas circunstancias, “alén de Pumardedón, alén do tempo”.

Bibliografía

- Armesto Faginas, Xosé Francisco (1987): *Cunqueiro: Unha biografía*. Vigo: Edicións Xerais.
- Besteiro, José (2021): *Un hombre que se parecía a Cunqueiro*. A Coruña: Ediciones del Viento.
- Blas, Ceferino de (2013): *Fernández del Riego* y Faro de Vigo: *el guerrero del galleguismo*. Vigo: Faro de Vigo.
- Cabrera Iglesias, María Dolores e María Dolores Villanueva Gesteira (eds.) (2012): *Francisco Fernández del Riego. Vigo dende o corazón de Galicia*. Vigo: Fundación Penzol.
- Cajaraville, Héctor (2022): *Francisco Fernández del Riego. O legado silandeiro*. Vigo: Edicións Xerais.
- Castro Buerger, Iago e Xosé-Henrique Costas (eds.) (2013): *O mundo que teño de meu. Artigos en lingua galega. Prensa e revistas (1930-1980)*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Cerdà, Jordi, Víctor Martínez-Gil e Rexina R. Vega (eds.) (2003): *Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas. Actas*. Sada: Edicións do Castro.
- Cochón, Luís (ed.) (2012): *Cadernos Ramón Piñeiro, XXIII: Saiban cantos estas cartas viren... Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal (1955-1961)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- _____ (2014): *Cadernos Ramón Piñeiro, XXVIII: Cunqueiro, destinatario*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Conde, Perfecto (2018): *Conversas con Paco del Riego*. Vigo: Edicións Xerais.
- Cunqueiro, Álvaro (1959): *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1968): *Merlín e familia i outras historias*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1980-1991): *Obra en galego completa*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1981): *Ollar Galicia*. Barcelona: Ediciones Destino.
- _____ (2003): *Cartas ao meu amigo. Epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego (1949-1961)*. Edición de Dolores Vilavedra. Vigo: Editorial Galaxia.
- Díaz Pardo, Isaac (1990): *Galicia hoy y el resto del mundo*. Sada: Edicións do Castro.

- Fernández del Riego, Francisco (1949): *Cos ollos do noso espírito*. Buenos Aires: Editorial Alborada.
- _____ (1951): *Historia de la literatura gallega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1954): *Galicia no espello*. Buenos Aires: Ediciones Galicia.
- _____ (1964): “Remate. Discurso de resposta ó recipiendario, de Francisco Fernández del Riego”, en Álvaro Cunqueiro, *Tesouros novos e vellos*. Vigo: Editorial Galaxia, pp. 97-118.
- _____ (1973): *Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores. Discurso lido o día 26 de novembro de 1960 no acto de ingreso na RAG. Resposta de Ricardo Carballo Calero*. Vigo: Artes Gráficas Galicia.
- _____ (1974): *Letras do noso tempo*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1985): “O cego de Pumardedón”, *Grial*, 87, pp. 61-70.
- _____ (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (1991a): *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo*. Vigo: Ir indo Edicións.
- _____ (1991b): *Vigo na industria do libro e nas publicacións periódicas*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (1996): *A xeración Galaxia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2003): *Camiño andado*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Forcadela, Manuel (2009): *A mecánica da maxia. Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Franco Grande, Xosé Luís (2012): “Dende Policarpo Sanz, 24-1º”, en María Dolores Cabrera Iglesias e María Dolores Villanueva Gesteira (eds.), *Francisco Fernández del Riego. Vigo dende o corazón de Galicia*. Vigo: Fundación Penzol, pp. 45-48.
- González Gómez, Xesús (1992): “As memorias dunha xeración eivada”, *A Nosa Terra*, 524, 28/5/1992.
- González Somovilla, Miguel (2020): “Lembranzas dunha máquina de escribir”, en VV. AA., *Crónicas das San Lucas (2015-2020)*. Mondoñedo: Asociación As San Lucas.
- Nicolás, Ramón (2022): *Francisco Fernández del Riego. Vida e obra dun obreiro do galeguismo*. Vigo: Edicións Xerais.
- Requeixo, Armando (ed.) (2022): *O mundo e outras vésperas. Colaboracións en El Pueblo Gallego (1932-1936)*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Rodríguez Fer, Claudio (1994): *A literatura galega durante a guerra civil (1936-1939)*. Vigo: Edicións Xerais.

- _____ (1996): *Acometida Atlántica (por un comparatismo integral)*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (2011): *Álvaro Cunqueiro en Ortigueira*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Rodríguez Fer, Claudio (2023): "Cartas e comentarios, a un poeta novo, de Francisco Fernández del Riego", en Tamara Andrés, Manuel Naveira Fuentes e Armando Requeixo (eds.) (2023), *Cadernos Ramón Piñeiro (XLVI). Francisco Fernández del Riego no río do tempo*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 255-277.
- Villanueva Gesteira, Malores (2022): *Francisco Fernández del Riego, un loitador pola idea de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- VV. AA. (1974-1991): *Gran Enciclopedia Gallega*. Gijón e Santiago de Compostela: Silverio Cañada Editor.
- _____ (2001): *Vivir unha vida. Francisco Fernández del Riego*. Concello de Lourenzá e Xunta de Galicia.
- _____ (2002): *Homenaxe a Francisco Fernández del Riego*. Vigo: Fundación Premios da Crítica.

Cartas e comentarios, a un poeta novo, de Francisco Fernández del Riego

Claudio Rodríguez Fer
(Universidade de Santiago de Compostela)

Como é sabido, o grande activista político e cultural galego Francisco Fernández del Riego foi, sen dúbida, un dos intelectuais máis constante e fecundamente dedicados á causa de Galicia durante o século XX. Pero o seu incansable, prolífico e polifacético labor non só se puxo en evidencia nas grandes empresas que acometeu ou nos importantes libros que escribiu, senón tamén en quefaceres inmensos máis miúdos, como as cartas que remitiu a toda clase de correspondentes ou os breves comentarios que realizou sobre obras alleas, frecuentemente en forma de recensión, que adoitaba asinar cun dos seus pseudónimos, Salvador Lorenzana, ou coas iniciais deste, S. L., alusivo ao seu lugar de nacemento, Vilanova de Lourenzá.

Desta faceta da súa vida e obra podo ofrecer o meu propio testemuño, toda vez que, malia a nosa diferenza de idade, fun beneficiario durante trinta anos, dende 1980 ata o seu falecemento en 2010, da súa sempre agarimosa amizade, da súa atenta comunicación epistolar e telefónica e das súas xenerosas recensións dos meus primeiros libros de poesía. O encomiable esforzo de escribir cartas e comentarios sobre a obra dun poeta novo, como era eu cando nos coñecemos, pon de manifesto a súa xenerosidade persoal, pero tamén o seu compromiso co futuro de Galicia, pois Francisco Fernández del Riego consideraba necesario promover o diálogo interxeracional e prestar atención a quen daquela comezaba o seu labor literario.

Ademais, o agarimo que nos uniu foi compartido pola súa bondadosa e simpatiquísima esposa Evelina Hervella Nieto e pola miña compañeira Carmen Blanco, facéndose extensivo, andando o tempo, á nosa filla Mariña, a quen o matrimonio en cuestión coñeceu ao pouco de nacer e pola que a miúdo preguntaba.

Primeira carta: fonosimbolismo e *Poemas de amor sen morte*

A primeira carta que me enviou Francisco Fernández del Riego, o 12 de xuño de 1980, con destino á miña vivenda na Rúa Vista Alegre, número 1, en Santiago de Compostela, respondía ao envío do meu primeiro libro,

Poemas de amor sen morte, editado en 1979, e do orixinal do meu artigo “O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra”, neste caso para publicar na revista *Grial*, que el mesmo coordinaba, e na que se incluíu no seu número 68, correspondente ao mesmo ano de 1980. Nesta carta anunciaba tamén a recensión do meu poemario, que dende logo fixo e publicou no número 69 da mesma revista e anualidade, pois non adoitaba incumprir nada do que prometía ou do que se propuña realizar.

Malia a novidade que podía supoñer o meu libro, dunha temática erótica e dunha estética persoal moi afastada da poesía galega do momento, e o meu artigo, dunha metodoloxía estrutural e dunha análise fonostilística entón insólitas na crítica literaria galaica, a recepción do veterano galeguista foi tan acolledora como positiva.

En efecto, tras cualificar na carta o libro de “interesante” e os seus versos de “prometedores”, analizou moi lucidamente na recensión a clave da súa poética: “Coñecemento radical e persoal da realidade” a partir dun “tema básico: o amor”. Por vir de quen viña, a súa xenerosa conclusión non deixou indiferente a un poeta novo que se estreaba daquela co seu primeiro poemario: “a poesía destes *Poemas de amor sen morte*, é unha poesía que axunta verdade e calidade”.

Mais na súa primeira carta estendeuse tamén xenerosamente sobre o meu artigo, destacando del, precisamente, a súa rigorosa novidade, que sen dúbida consideraba enriquecedora para a cultura galega, cuxa normalización e progreso eran para o histórico galeguista os obxectivos superiores que había que acadar: “Verbo do teu traballo sobre ‘O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra’, debo dicir que me impresionou moi favorablemente. Abeiras nel un enfoque novo, non tratado aínda que eu seipa, na nosa literatura. Felicítote de verdade”. Esta valoración sobre o meu estudo, como tamén a do propio poeta analizado, Uxío Novoneyra, e a de moitos outros intelectuais e profesores universitarios, tampouco deixou indiferente a un espontáneo estudoso da literatura galega por compromiso e vocación, sen ningunha utilitarista ambición académica, curricular ou económica en tal terreo.

Estes son os textos completos da primeira carta e da primeira recensión (Fernández del Riego, 1980: 371-373) que me dedicou Francisco Fernández del Riego:

Francisco Fernández del Riego
Abogado

Dr. Cadaval, 32
Teléfono 21 37 70

Vigo

12-Xunio-1980

Claudio Rodríguez Fer
Santiago

Estimado amigo:

Recibín a tua carta xunto co libríño de poemas que tiveche a xentileza de me remesar. Penso que se trata dun mollo de poemas certamente interesante, e, xa que logo, prometedores. Farei, no seu momento, unha nota pra “Grial”.

Verbo do teu traballo sobre “O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra”, debo dicirche que me impresionou moi favorablemente. Abeiras nel un enfoque novo, non tratado aínda que eu seipa, na nosa literatura. Felicítote de verdade.

Vaía con estas liñas unha cordial aperta de

Francisco Fernández del Riego

POEMAS DE AMOR SEN MORTE, por Claudio Rodríguez Fer¹

Presentar o libro dun poeta significa entrar na dimensión do mundo subxetivo do seu creador. De certo están os versos como medio expresivo, a traveso dos cales o poeta chega á intelección dos seus lectores. Pero existe sempre un valor case inexpresado, dalgún xeito conscientemente retido. Porque quen escribe nunca traduce en totalidade o que constitúe a significación e a esencia do seu intramundo.

Todo creador dí mediante o que dí, e dí mediante o que suxire. Hai expresión e hai silencio. O lector percibe, sin dúbida, o manifestado en forma máis directa. Pero debe atinxir tamén o suxerido. Ten que interpretar o silencio de quen escribe. En suma, debe chegar á esencia.

¹ Antonio Ubago, Editor, Granada, 1979.

Rodríguez Fer condúcenos, nun breve e ilustrativo limiar, a precisar o sentido dos poemas que inxire no seu recente libro. De primeiras, afirma que escribe poesía respondendo a unha necesidade interna de expresión, máis que de comunicación. Para a poesía —independentemente doutros factores— pode ser un meio de coñecemento da realidade. E, mesmamente, considera esta cuestión como esencial: Coñecemento radical e persoal da realidade ven ser o seu concepto da poesía; motivación que desplaza toda outra preocupación a un segundo plano. Noustante, esto non quere dicir que se desentenda da estética, protagonista ás veces da mesma pescuda poética.

O propio poeta confesa que o concepto de armonía é o eixo estético que predomina nos seus versos. A estes versos, ademais dun sentido novo, incorporálles elementos estéticos da tradición cultural galega. Os poemas obedecen a feitíos diferentes. Porque non foron concebidos cun criterio unitario, pois foron xurdindo dun xeito autónomo en épocas diversas. Concretamente entre os anos 1973 e 1977. Pero, pesie a todo, xiran arredor dun tema básico: o amor. “Vivencia radical do amor, sempre sen morte”, indica o poeta.

E así, “Amor sen morte” titúlase o poema co que se enceta o libro:

“Lingoa lambe emboca esbara lábil
lenta lingoa na lama en que xacente
esperta esbara serpe húmedamente
e ardendo de vidrados cingue hábil”.

Nefeito, o que fundamentalmente trasloce na poesía de Rodríguez Fer é o humano tempero do amor. Por embaixo dos seus lumiosos esquemas formais e da súa fontanal nidiez expresiva, aflora sempre á tona o poderío do amor. O poeta entréganos a súa experiencia como un verídico e puntual testemuño da súa razón de ser. E o lector, afeito a tan mantidas constantes literarias, síntese sorprendido perante a flora amorosa que decora o libríño. O amor, como norma de integridade vital, está aquí ergueito á súa máis manifesta categoría poética. Así, en “Unión libre”, dinos:

“Galicia,
enteira vida plena e total compañeira
que só poden cantarte
os versos de Neruda

ou Torneol
que decía nas molladas mañás frías
tódalas aves do mundo de amor cantaban
e por tí as fontes e os ramos
ledos estaban
e sorrían”.

Ou na belida “Cantiga do cervo solitario”, que ven ser un cántico luminoso e ledno que revela un bó coñecemento da poesía dos nosos Cancioneiros medievais. Tanto como na estrutura do texto, están patentes nela os elementos estéticos da vella tradición galego-portuguesa:

“Que atopos sempre un cervo solitario
que te ame como só aman os cervos solitarios.
Que el te conduza inmune polo bosque salvaxe
e nos outeiros fraguentos e ocultos te ame.
Que xuntos sintades ao baixar das montañas
barcarolas nas ondas das praias
pastorelas tristeiras como serenas albas
i en romaxes e feiras vos distendan bailadas”.

Rodríguez Fer ven a lle chamar realidade, como si dixéramos, ao campo onde opera a poesía. A imaxinación cumpre no poema a función de incorporar o irreal, “o que non está alí”, pra se conectar coa experiencia que lle dá orixe; ten, ao cabo, por obxeto transformar a realidade en coñecemento. Fer “vive” literariamente. Emergulla con claridade a esencia da súa poesía, que, en certo xeito, é a súa persoa mesma. Os versos amósanse así nun nivel vivencial. Alonxado dun estilo decorativo e de vacuidade interior, fai sempre do seu discurso palabra poética; unha palabra na que a imaxe e a metáfora cumpren a súa función creadora. Velahí, sinón, estes versos de “A noite amurallada”:

“A choiva e a muralla
e a perda do sentido
vagando pola tarde
cara a noite prometida polos arbres,
A noite lentamente repetida
a noite redonda da muralla
prolongada nos bairros e arrabaldos”.

O autor de *Poemas de amor sen morte* é un poeta culto, pero sin enfiadas de ignotas referencias. Trátase dun pulsador da palabra; dun esteta de límites en certa maneira intelectualizados, pero sempre aletexantes. Poderíamos dicir que, ás veces, aparece cheo de tensión persoal, de agonía sentidora, de pasión de existencia. Por eso semella construír cada poema como si estivese modelando con materia viva os seus propios sentimentos. Aínda en “Verbo carnal” dille á muller do país:

“Dame tí muller galega
dame o teu corpo carnal
para que eu na anoitecida
diga o meu arte verbal”.

A adxetivación de todo o poemario é unha adxetivación sobria e axeitada, dun curioso afondamento imaxinativo. Por outra banda, o poeta soupo desvelar, con caletrante razón de amor, o seu íntimo coñecemento da realidade. E dese modo, a poesía destes *Poemas de amor sen morte*, é unha poesía que axunta verdade e calidade.

S. L.

Segunda carta: Barcelona, Cunqueiro e *Tigres de ternura*

A segunda carta que me enviou Francisco Fernández del Riego está datada o 3 de xullo de 1981 con destino á vivenda familiar dos meus pais na Explanada da Estación, número 5, de Lugo, despois de ter compartido a miña compañeira Carmen Blanco e mais eu, con el e coa súa esposa Evelina Hervella, unhas xornadas literarias galaico-catalás, que tiveron lugar en Barcelona en febreiro dese ano, nas que tamén participaron Guillermo Díaz-Plaja, Josep Maria Castellet, Basilio Losada e Carlos Casares.

Naquela estancia barcelonesa, na que parte dos convidados galegos fomos hospedados no apartamento que Basilio Losada tiña habilitado por completo como biblioteca, dado que esta excedía con moito os límites físicos da súa propia vivenda no mesmo edificio, intimamos moito e pasámo-lo verdadeiramente ben xuntos, gozando da boa conversa e da boa gastronomía. De aquí que o xa amigo “Paco” mostre “saudades daqueles días barceloneses” e boas expectativas polo reencontro en “novos días, agora vigueses, para recuncar”.

Un dos motivos da nosa satisfacción en Barcelona foi o de comprobar o compromiso maioritario do seu pobo coa liberdade e coa democracia tras o intento frustrado de golpe de estado militar do 23 de febreiro de 1981. En efecto, durante aquela nosa estancia en dita cidade houbo unha gran manifestación antigolpista á que acudiu máis dun cuarto de millón de persoas, así que todos tivemos a sensación de estar máis seguros en Barcelona do que estaríamos na nosa terra, pois de manterse aquel alzamento militar, pensabamos que este, como en 1936, volvería imporse na Galicia que deixamos e fracasar na Cataluña á que arribamos.

Dez anos despois comprobamos que as nosas reservas non estaban infundadas, pois cando, en 1991, o xornalista Carlos Fernández Santander, pioneiro da crónica histórica do franquismo na prensa, publicou en *La Voz de Galicia* as listaxes dos elementos fichados para ser controlados polos militares nas catro provincias galegas elaboradas en función do golpe do 23 de febreiro de 1981, figurabamos nelas dous dos intelectuais participantes naquelas xornadas barcelonesas, aínda que pertencentes a xeracións e ideoloxías distintas: o entón case cuadraxenario Carlos Casares e mais eu, que daquela contaba con vinte e catro anos.

Esta segunda carta de Francisco Fernández del Riego comeza agradecéndome a dedicatoria do meu artigo “A poesía galega de Álvaro Cunqueiro”, envío que eu lle remitira ao seu pedimento en Barcelona dunha panorámica da poesía en galego do escritor mindoniense para publicar en *Grial*. Lembro a este respecto que, tras recibir unha chamada telefónica dende Galicia, Carlos Casares anunciou moi dramaticamente aos escritores cataláns e galegos reunidos no citado encontro a morte de Cunqueiro o 28 de febreiro de 1981, polo que pasamos boa parte da xornada lamentando o óbito e eloxiando a produción do autor falecido, sobre quen nos pediron colaboración inmediata para *La Voz de Galicia*, que eu fixen o mesmo día e que se publicou co título de “A súa cantiga nova” o 5 de marzo de 1981. Ademais, o seu vello amigo Paco anunciou un próximo monográfico de *Grial* dedicado á súa obra, para o cal requiriu alí mesmo a miña colaboración, que se publicou no número 72 de dita revista, no mesmo ano 1981, co mencionado título de “A poesía galega de Álvaro Cunqueiro”.

A razón de dedicarlle o meu artigo ao fiel e fraternal colega de Cunqueiro dende a mocidade debeuse a que aqueles días me ilustrou con

abondosas confidencias persoais e literarias sobre o autor de *Merlín e familia* que me fixeron entender moitas actitudes escuras ou misteriosas deste, algunhas das cales foron logo contadas por el mesmo no seu libro *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo: vivencias e fabulacións*, publicado, dez anos despois, en 1991, con motivo do Día das Letras Galegas dedicado ao escritor en cuestión.

Acompañando esta segunda misiva de Francisco Fernández del Riego viña o orixinal en papel da súa recensión do meu segundo poemario, *Tigres de ternura*, editado no mesmo ano de 1981, que fora publicada o 26 de xuño no xornal *Faro de Vigo*, onde habitualmente colaboraba o hiperactivo activista. Na carta cualifica de “orixinal” tal libro por presentarse todo el en forma manuscrita e ilustrada, sobre cartolina azul, pola miña compañeira Carmen Blanco, o que resultou ser unha novidade alternativa moi en sintonía coa editorial libertaria e underground que o publicou en Santiago de Compostela e que tiña o nome, de memoria federalista e resonancia revolucionaria, de Reprografía 1846.

En consecuencia, na recensión esténdese sobre a feitura do que chama “fermoso libro”, por certo en coincidencia nisto co poeta José Ángel Valente, quen o 7 de marzo de 1982 me escribiu: “gustei moi en especial dos seus *Tigres de ternura* (contido e material feitura). Agora vexo que lle diron o Premio da Crítica, coido que con gran merecemento”. Daquela alegroume moito que o tan experto editor galeguista e o tan esixente poeta en materia estética coincidisen en valorar como tal unha edición artesanal e alternativa, publicada por unha cooperativa libertaria allea ao sistema editorial establecido.

Ademais, aínda máis que os seus eloxios á “calidade” literaria que Francisco Fernández del Riego vía en *Tigres de ternura*, satisfíxome a “autenticidade” persoal e, quizais en consecuencia, a orixinalidade poética que apreciaba na obra, opinión importante para min por vir dun dos críticos e historiadores que máis e mellor coñecían a literatura galega: “Trátase de poemas eróticos de singular feitío, sin apenas antecedentes nin parello na nosa lírica contemporánea”.

Estes son os textos completos da segunda carta e da segunda recensión que me dedicou Francisco Fernández del Riego:

Francisco Fernández del Riego

Dr. Cadaval, 32, 4º

Teléfonos:

Particular: 21 37 70

Despacho: 27 05 00

Vigo

3-7-81

Meu querido amigo:

Moitas gracias pola adicatoria do teu artigo cunqueirían. E gracias tamén polo fermoso libro de poemas, tan orixinal.

Sinto saudades daqueles días barceloneses. Pero están xa ás portas os novos días, agora vigueses, para recuncar.

Garimosos saúdos á túa muller, da miña pra ambos, e pra ti unha cordial aberta de

Paco.

TIGRES DE TERNURA, de Rodríguez Fer

Claudio Rodríguez Fer, xoven catedrático y agudo crítico, ven de publicar un libro poético tan orixinal de presentación como de contido. Trátase de poemas eróticos de singular feitío, sin apenas antecedentes nin parello na nosa lírica contemporánea. Rodríguez Fer, home de sensibilidade e de cultura, logrou nestas páxinas un acento de calidade e de autenticidade, que o califican como fino creador.

Tigres de ternura é de certo un libro de poesía amorosa, no que o autor canta e conta o mensaxe de fruición sensual, que comparte, coa súa compañeira amada. Pero este mensaxe poético, baseado na experiencia erótica, ten ademais outra particularidade: A de nos presentar forte e limpo acento erótico, en palabras expresivas, ben axustadas ao que queren expresar e sempre alonxadas da doada retórica.

O libro, ademais, inclúe unha abondosa serie de dibuxos, inspirados libremente en diferentes elementos. Desde os tigres de Sumatra, aos símbolos serpentiformes castreños; desde a Galaxia na constelación do Cisne, ao grabado inciso en madeira dos

ostiakos siberianos; desde o ídolo cilíndrico galego da Pedra das Ferraduras, ás marcas de canteiros de Santiago de Compostela.

Un fermoso libro, en fin, no que o xoven crítico e poeta aporta unha nota nova e calificada nos eidos da lírica galega dos nosos días.

Terceiro escrito: a voltas con *Cinepoemas*

O terceiro escrito que me dedicou Francisco Fernández del Riego foi unha recensión do meu poemario *Cinepoemas*, editado en Vigo por Edicións Xerais de Galicia en 1983, no número 82 da revista *Grial*, correspondente ao mesmo ano da edición do libro. Nesta ocasión, aínda lle puxen máis difícil as novidades ao meu amigo, por tratarse dun libro de poesía visual completamente alleo en fondo e forma á tradición galega por el comprendida e valorada. Ademais, lamentablemente, eu non puiden controlar nesa ocasión nin o texto nin a imaxe dunha edición que non contou coa miña supervisión, polo que non recoñecín como propia a obra (pese ao recoñecemento e certo éxito que realmente tivo segundo me foi comunicado), ata a edición gráfica realizada por Cristina Fiaño na editorial Ouvirmos publicada en 2015 e reeditada pola Semana de Cine de Lugo en 2021.

Coa súa habitual perspectiva historiadora, o autor comeza a recensión demorándose en loar os meus poemarios anteriores, *Poemas de amor sen morte* e *Tigres de ternura*, antes de tratar de penetrar na materia propiamente cinepoética. Co primeiro di ter descuberto a miña poesía: “*Poemas de amor sen morte*, o seu libro inaugural, díxonos que Rodríguez Fer era un poeta. A simpatía que desperta un poeta é ben coñecida”. Co segundo, di ter mellorado esa impresión: “Máis tarde, en *Tigres de ternura*, a liña encetada con tan prometedor acerto, tivo unha feliz continuidade superadora. Sin vencellos ostensibles ás correntes á moda, fixo o poeta unha lírica de seu”. En correlativa consecuencia, comprendía e valoraba, pois, tanto a miña escolla dun “camiño difícil” como a “esixencia vital ineludible” á que obedecía a miña poesía.

No novo reto crítico que afrontou tamén comprende e valora que *Cinepoemas* “percorre novos camiños que diverxen dos ate agora percorridos” e, malia non sintonizar plenamente cun experimento cinepoético que debía de estar moi lonxe da súa sensibilidade, entende que pode ser útil e ata

necesario na imprescindible actualización reforzadora da cultura de Galicia, tarefa esta que antepón a todo, pois “supoñen un aporte novo á historia da poesía galega”, xa que se trata dunha “cinepoesía que ten acentos de orixinalidade”.

Dada a admiración que sentira pola miña primeira produción poética e crítica, e dada a simpatía persoal que sempre me demostrou, penso que a Francisco Fernández del Riego lle tería prestado gustar máis deste libro experimental, polo que se esforza en asegurar que “reflexa este a calidade que distingue a obra de Rodríguez Fer” e en concluír un “saldo valioso do empeño realizado”, ademais de insistir na preferencia dos libros anteriores cando di que non chega “ao nivel atinxido nos libros precedentes”.

Salvando as distancias e o feito de que gustou dabondo doutros libros meus, nesta entrañable vontade benfeitora lémbreme, con humor non exento de amor, o texto autoficticio “A Leopoldo Lugones” de Borges, que conta que gustaría de que os textos daquel mozo ultraísta e cosmopolita, que o admiraba en Buenos Aires, lle compracesen ao citado poeta modernista arxentino, aínda que nunca chegase a ser posible tal afinidade electiva: “Si no me engaño, usted no me malquería, Lugones, y le hubiera gustado que le gustara algún trabajo mío. Ello no ocurrió nunca”...

En calquera caso, este é o texto completo da terceira recensión (Fernández del Riego, 1983: 511-513) que me dedicou Francisco Fernández del Riego:

CINEPOEMAS, de Claudio Rodríguez Fer²

A poesía, ao noso ver, faise necesaria para algo máis importante que o noso placer estético. Entendémola como riqueza, que acrecenta o que poidera atoparse dentro de nós mesmos. A poesía debe ter a trascendencia dun coñecimento, o exceso dun amor, ou a certidume dunha fe. De non ser así, redúcese a un xogo verbal sin outras consecuencias que as de engadir unhas páxinas nun manual de literatura.

Claudio Rodríguez Fer leva feito unha poesía que se inclina a un mundo descoñecido para nós, pero que desde o primeiro momento se nos fai necesario. O que hai nela de iluminación e

² Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1983.

de misterio fírenos como unha certidume, permítenos camiñar por unha nova terra que se ofrece á nosa inquietude. Trátase da maravillada afluencia dunhas palabras arredor dunhas ideas e duns sentimentos.

Poemas de amor sen morte, o seu libro inaugural, díxonos que Rodríguez Fer era un poeta. A simpatía que desperta un poeta é ben coñecida. Neste caso, a nobreza da inspiración facía supór o desdén pola facilidade do éxito, tan precurada polos xóvenes poetas. No libro, o autor escolleu o camiño difícil. Foi obedente ao seu xeito de expresión.

Máis tarde, en *Tigres de ternura*, a liña encetada con tan prometedor acento, tivo unha feliz continuidade superadora. Sin vencellos ostensibles ás correntes á moda, fixo o poeta unha lírica de seu. O afondamento na propia interioridade é unha das notas distintivas do seu labor poético, e quezais tamén unha esixencia vital ineludible. Xunto a ela, o que reflexa de máis puro e auténtico é o sustento nunha visión erótica. Esa presenza erótica que habita nos seus versos e vixila cada un dos seus pasos, chega a se trocar no poeta nunha compañía adoitada e imprescindible como a existencia mesma.

De certo, ven ser o complexo mecanismo do amor-pasión o que se impón na obra lírica de Rodríguez Fer. A imaxe da imposibilidade que se repite ás veces con outras imaxes alabarantes de felicidade, sustrae aos dous libros sinalados da anécdota, e ubícaos definitivamente no plano desde onde debe mirarse: a poesía. Como un fraseo ou contrapunto modelado no seu aficado motivo, os poemas andan a ordear os versos, insobornablemente suxeitos á voz interior que lles deseña o ritmo; e mesmo, as imperfeccións e os acertos.

A lectura destes dous libros revela fidelidade ao alentar poético que é a alma. E tamén unha vixiada medida, a procura a tentas en materia tan pouco doada como é acceder ao propio ser poético a través de ún mesmo. Hai sentimentos reveladores, de variada gama. O método para expolos é ás veces como un soliloquio ou unha reflexión, case nunca a exclamación ou o énfase. O truco literario é sempre mínimo, a concreción máxima, o estilo estrófico ben coidado. O xogo expresivo apóiase na tensión do canto, na palabra, axeitada. Persisten o ritmo, o movemento, o xesto franco. Pero ao servizo dunha intensidade que se dirixe á ispidex do sentimento, suxerido con certos vocábulos.

Rodríguez Fer reúne nos poemas os seus pensamentos. Necesita reunilos, porque aínda un home só é participación. A poesía é así a voz que ouve, que contesta, que pregunta. Porque, ao cabo, a liberdade dos vincallos está no regreso ao humano. En calquera caso, a poética de Rodríguez Fer queda viva en moitos poemas onde se exaltan os momentos do amor; outros onde a lembranza volve melancólica a imaxe da atmosfera ambiental. Pero de seguro perdura na memoria do lector como un sabor que quere desvelar o por qué do esquezo, que é o por qué da memoria.

Veleiquí, pois, o que *Poemas de amor sen morte* e *Tigres de ternura* nos suxiren. Pero Rodríguez Fer ven de reflexar agora un acento moi diferente do que inspirou estes dous libros. No volume *Cinepoemas* que acaba de editar, o autor percorre novos camiños que diverxen dos ate agora percorridos. Como el mesmo sinala, trátase de poemas xurdidos espontaneamente da súa afición ao cine. Corresponden a momentos moi diferentes da súa vida e da súa poesía; e, polo tanto, caracterízanse por formas e tons diversos entre sí. O único vencello de unión entre todos eles é a cinefilia.

Traducen as composicións deste libro, por outra banda, un afán desmitificador e un certo conceptualismo que, ás veces, alónxanse da esencia singularizadora da poesía que o autor soupo expresar nos seus volumes anteriores. Noustante, pesie á supeditación temática, hai habelencia na expresión e lóstregos de axeitado lirismo en boa parte dos poemas. O verso esmerado amosa o fondo coñecimento que do cine ten o poeta. Son, os seus, poemas escritos baixo a inspiración que lle despertaron películas consagradas e os directores que as realizaron. Nese aspecto supoñen un aporte novo á historia da poesía galega.

No variado desfile que o libro ofrece, danse cita os grandes mestres do cine mudo, figuras do cine sonoro e do cine moderno; os clásicos soviéticos, o cine cómico norteamericano, os principais directores italianos, o cine social, a ciencia ficción, e unha chea de alusións fílmicas. Cada experiencia de evocación poética ven ser como a revelación dun microcosmos cinematográfico, traducido en versos de diferente feitío. O poeta, forzado polo tema concreto das películas que admirou ao longo dos anos, fai unha cinepoesía que ten acentos de orixinalidade, pesie aos condicionamentos motivadores.

Neste volume, o autor tenciona cos seus versos máxicos a cerimonia de eternizar o sentido dunha escolla de filmes que o impresionaron. A visión sentimental da miseria humana, o mundo campesiño ruso, a sátira humanística da tecnoloxía, o misterio, as situacións disparatadas do cine cómico, o paro e a crise social, a tráxica vida do monstro fabricado por Frankenstein, o drama social dos traballadores do campo, os dibuxos animados de Walt Disney, e tantos outros asuntos de películas universais que motivaron os poemas, constitúen o temario do libro.

Aínda que o esforzo creador do poeta padeza pola subordinación ao fío argumental dos filmes que inspiran o poemario, reflexa este a calidade que distingue a obra de Rodríguez Fer. Non chega, certamente, ao nivel atinxido nos libros precedentes. Pero queda, noustante, como saldo valioso do empeño realizado, un conxunto de poemas onde pode apreciárese a autenticidade dos recursos expresivos do autor.

SALVADOR LORENZANA

Terceira carta: *Historia da lúa e revista Grial*

A terceira carta que me enviou o entón xa próximo amigo Paco foi remitida, como a anterior, ao meu enderezo familiar en Lugo, o 8 de xuño de 1984, pero nesta misiva non só termina saudando á miña compañeira Carmen Blanco, senón que tamén envía xa bicos para a nosa filla Mariña, nacida había menos dun ano. Nela comeza por acusar recibo do meu poemario *Historia da lúa*, publicado en Vigo pola Editorial Galaxia nesa mesma anualidade, precisamente con ilustracións de Carmen Blanco, que promete ler con calma e sobre o que xenerosamente me dá xa a súa primeira impresión: “confirmoume no convencemento que teño da valía da túa obra poética”.

A continuación, en condición de director de *Grial*, céntrase na situación xeral da revista e na particular das colaboracións miñas ou de persoas achegadas a min nela que se foron publicando ao longo de 1984. Así, refírese ao meu estudo de estilística estrutural “A recurrencia na poesía de López-Casanova: incursión ao nivel gramatical da obra literaria”, que apareceu no número 83; ao ensaio historiográfico “A crítica literaria de Carballo Calero”, de Carmen Blanco, que apareceu no número 84; e á recompilación etnolingüística “Seudoxentilicios do sudoeste de Chantada”,

do entón aínda adolescente Xosé Luís Cortiñas, residente en Vilaúxe e alumno meu no Instituto de Bacharelato de Chantada (onde eu exercía daquela como catedrático de Lingua e Literatura Españolas), que apareceu no número 85.

Moitas das propostas que me fixo Francisco Fernández del Riego consistiron en demandas de colaboración para a revista *Grial*, da que el foi o máis prolífico colaborador cos seus variados pseudónimos nos seus cen primeiros números, dos que por certo se ocupou en persoa, e da que, segundo adoitaba dicirme, eu fun o máis prolífico colaborador das xeracións entón novas que el e Ramón Piñeiro, como codirectores, trataban de incorporar á trimestral publicación. Así, por exemplo, requiriu a miña participación en monográficos como o dedicado a Álvaro Cunqueiro en 1981 ou a Ánxel Fole en 1987, e pediume tamén que lle buscase colaboradores entre a xente nova, posibilidade que dende logo propuxen moitas veces ao meu alumnado, como ocorreu no caso do mencionado Xosé Luís Cortiñas.

Mais esta terceira carta é a que mellor pon de manifesto a miña resposta a tal labor colaborativo propiciado por Francisco Fernández del Riego na revista *Grial*:

Francisco Fernández del Riego

Dr. Cadaval, 32, 4º

Teléfonos:

Particular: 21 37 70

Despacho: 27 05 00

Vigo

8-6-84

Meu querido amigo:

Recibín a túa *Historia da lúa*, tan gasalleiramente adicado. Boteille unha ollada por enriba, e esta primeira impresión confirmoume no convencimento que teño da valía da túa obra poética. Leereino de vagar, como o libro merece.

O traballo que me mandache para *Grial* metereino no próximo número. Tamén o que fixo o teu alumno, pois aínda que se compuxo, non puideron incluílo no que remata de saír do prelo. En troque, figura nel o ensaio de Carmen, do que se lle mandarán posteriormente 25 exemplares.

Ocorre que, desde comezos do pasado ano, vense recibindo unha mancha de colaboracións para a revista. Teño pois no meu poder moitas atrasadas que vou dando por orde cronolóxico de recepción ata onde é posible.

Garimosos saúdos a Carmen, bicos a Mariña de nós os dous, e para ti unha cordial aperta de

Paco



Del Riego con Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer no Auditorio de Galicia

Cuarto escrito: a erótica de *A boca violeta*

O cuarto escrito que me dedicou Francisco Fernández del Riego (Fernández del Riego, 1987: 384) foi unha recensión do poemario *A boca violeta*, editado por Sotelo Blanco en Barcelona, no número 97 da revista *Grial*, correspondente ao mesmo ano da edición da obra, 1987. Nel trata outra vez dun novo libro meu en conexión cos meus primeiros poemarios, insistindo no marco natural e no amor erótico do “tronco cósmico-vitalista” no que o inscribe: “*Poemas de amor sen morte e Tigres de ternura* constitúen un notorio precedente deste volume”. Perspectiva, pois, historiadora de quen dedicou boa parte dos seus esforzos normalizadores da cultura galega a elaborar, convenientemente actualizados, manuais da historia da literatura galega e dicionarios dos seus escritores.

A BOCA VIOLETA, de Claudio Rodríguez Fer

Este novo libro do poeta lugués reúne poemas diversos escritos en lugares moi diferentes. Na presentación que o propio autor ofrece como limiar, craréxase lúcidamente o contido do poemario nas catro partes que o integran. Forman a primeira —“Mordedura mortal”— composicións eróticas enmarcadas na natureza, tan do estilo de Rodríguez Fer. Participa nelas de temas moi recurrentes nos seus libros anteriores. As que compoñen a serie “Emakume” xiran con preferencia ao redor do arte. As da serie “Herbario” traducen un acento vitalista e cósmico. Deste tronco cósmico-vitalista, chantado en eidos vencellados a Galicia, derívanse ponlas “circunstancialmente ecolóxicas, paisaxísticas, comunais e autobiográficas”. Ao cabo, en “Todo a tí” o poeta ocúpase do tema amoroso, e “da musa en sintonía depurada cos poemarios anteriores”.

Léndo *A boca violeta* chégase á conclusión de que hai unha clase de poesía que se abonda a sí mesma. De non acontecer así, podería ser que a dimensión poética estaría ausente. Pero non é este o caso, porque hai versos —e son tais— que transitan alén dos poemas verbo da necesidade expresiva. As composicións aquí fornécense e complétanse no seu propio lirismo. E non están detidas. Pola contra, adquiren a dinámica literaria sen contornos alleos á esencia sustentadora. Dalgún xeito, non pode negárese que *Poemas de amor sen morte e Tigres de ternura* constitúen un notorio precedente deste volume. Sen embargo, non é Rodríguez Fer o poeta das composicións alí recollidas. Transitou moito con elas, certamente, pero non se detivo nelas. O seu camiñar pola paisaxe poética é constante, e —o que máis interesa— acada nese camiñar os obxectivos precurados.

A poesía que vimos de lér ten certa calma expresiva. Aínda que poidera parecer o contrario, os versos sucédense sen vincallos conceituais. Porque amosan a condición de decir, sen se preocupar polo medo de non atinxir a decir. Reflexan o convencimento da comunicación poética, perfilada en sí mesma. Non aparecen nunca como unha forma de “musicalizar” a falta de significado. Advírtese que este existe, e que se remodela mediante a estrutura propia do xénero escollido.

En definitiva, nos versos de Rodríguez Fer a poesía preséntase en primeiro termo. A afluencia emocional marca fitos de lirismo,

afianzados no acontecer de seu. Parece como si unha antiga transparencia amosase o rosto de horas permanentemente anovadas. O arrinque desde os libros anteriores continúa en *A boca violeta* para que a verdade da poesía amose o retábulo creaxador.

S. L.

Da *Historia da Literatura ao Diccionario de escritores*

A característica eficiencia de Francisco Fernández del Riego, home de irreductible acción cultural resolutive, motivou axiña que abandonásemos a lenta correspondencia epistolar entre nós en beneficio da máis rápida comunicación telefónica, así como que aproveitásemos os nosos frecuentes encontros en actos culturais por toda Galicia para falar e para proxectar actividades conxuntas.

En 1984, Francisco Fernández del Riego publicou en Vigo a súa *Historia da Literatura* na Biblioteca Básica da Cultura Galega, editada pola Editorial Galaxia e patrocinada polas Deputacións de Galicia. Tratábase dunha versión actualizada da súa anterior *Historia de la literatura gallega*, publicada en 1971 pola mesma Editorial Galaxia, que á súa vez partía dunha anterior *Historia de la literatura gallega* que editara tal editora en castelán en 1951.

Pois ben, malia contar eu con pouco máis dun cuarto de século de idade naquela sazón, o autor incluíume nela con palabras que volven caracterizarme como poeta erótico e vital “moi persoal”, ancorado na poética do coñecemento e ademais aberto a dous aspectos dabondo infrecuentes na poesía galega de entón: o humor e a cinefilia. Este foi o para min cabal retrato co que me introduciu por vez primeira nunha historia da literatura galega (Fernández del Riego, 1984: 228):

Claudio Rodríguez Fer

Natural de Lugo, exerce na actualidade como catedrático no Instituto de segundo ensino da vila luguesa de Chantada. Deuse a coñecer como poeta con *Poemas de amor sen morte*. Neste volume, e en *Tigres de ternura*, que publicou despois, ofrece unha expresión de erotismo lírico, pero no trasfondo dos versos amósase como unha necesidade de apreixar o coñecemento desde si mesmo. Hai na poesía de Rodríguez Fer un acento moi de seu, moi persoal no

tratamento dos temas; hai tamén, por veces, unha nota de humor, e unha recreación idiomática que avaloran a expresividade estética do seu decir. Ultimamente editou *Cinepoemas*, unha escolla de versos cinematográficos que compuxo en momentos diferentes do propio decorrer vital e poético.

En consonancia con estas consideracións, cando publicou en 1990 as súas primeiras memorias co título de *O río do tempo. Unha historia vivida*, libro editado por Isaac Díaz Pardo en Edicións do Castro, dedicoume un exemplar con tan concisa como contundente claridade: “A Claudio Rodríguez Fer, con fonda amizade e devoción literaria. Francisco Fernández del Riego”. Pouco despois, convidéino a inaugurar o encontro “Cunqueiro e a cultura europea”, que dirixín no Campus Universitario de Lugo en 1991, e, máis adiante, propúxeno para clausurar no “Congreso Ánxel Fole”, que eu mesmo inaugurei e que organizou a Xunta de Galicia, co meu asesoramento, na Biblioteca Pública de Lugo en 1997, ocupándome da súa presentación en ambos casos.

Ademais, considerando necesario presentar nun manual un *Diccionario de escritores en lingua galega* e apoiado tamén nisto por Isaac Díaz Pardo coas súas Edicións do Castro, radicadas en Sada, Francisco Fernández del Riego acometeu, case octoxenario, tal tarefa, cuxa primeira edición apareceu en 1990, e, debido ao seu éxito, actualizouna nunha segunda edición ampliada, tras esgotarse a primeira, en 1992. Foi o apartado que me dedicou nesta obra o último que escribiu sobre min do que eu teña noticia, nesta ocasión non só en torno á miña produción poética, senón tamén en torno á miña obra crítica e fílmica (Fernández del Riego, 1992: 380-382):

RODRÍGUEZ FER, Claudio

De apelidos Rodríguez Fernández. Naceu en Lugo en 1956. Licenciouse en Filoloxía na Universidade de Santiago de Compostela e opositou en Madrid a cátedras de Lingua e Literatura Españolas. Actualmente exerce como profesor no Campus lucense da Universidade de Santiago. Ten impartido cursos e conferencias por numerosos lugares de Galicia e de Europa.

Como poeta, editou: *Poemas de amor sen morte*, Granada, 1979, *Tigres de ternura*, Compostela, 1981, *Cinepoemas*, Vigo, 1983, *Historia da lúa*, Vigo, 1984, *A boca violeta*, Barcelona, 1987, *Lugo blues*, Lugo, 1987, *Cebra*, Ferrol, 1988 e *Vulva*, Compostela, 1990.

Como narrador, publicou *Meta-relatos*, 1988. Tamén series de relatos en libros diversos, como “Tres” en *Contos eróticos*, 1989 ou “Os paraísos eróticos” en *O relato breve*, Vigo, 1990.

Entre os seus estudos literarios destacan especialmente *Poesía galega. Teoría crítica e metodoloxía analítica e Arte literaria. Catálogo, descrición e teoría crítica para a comprensión e comentario dos textos* (1990). Así mesmo, publicou *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole*, Sada-A Coruña, 1981, e *Antonio Machado e Galicia*, 1989. A súa tese de doutoramento sobre *A literatura galega durante a guerra civil*, será publicada en dous volumes independentes.

Fixo a selección, introducción e notas dos *Contos de lobos* de Ánxel Fole (1985), ampliada logo en *Contos de lobos e outros relatos* (1989). En colaboración con Carmen Blanco realizou o estudo e notas de *Con pólvora e magnolias*, de Méndez Ferrín, 1988, e de *Os eidos*, de Novoneyra, 1990. Tamén elaborou a introducción de *Cántigas de alén*, edición da poesía galega completa de José Ángel Valente.

Colaborou practicamente en todos os medios de comunicación galegos e en moitos outros foráneos, así como en máis dunha ducia de volumes colectivos. Cómpre aludir finalmente á súa dedicación á imaxe, que o levou a escribir en medios especializados sobre o cine, e a participar como guionista en diversas películas e vídeos.

Máis tarde, a partir de 1997, cando foi elixido presidente da Real Academia Galega, trasladoume a súa consideración por min como futuro membro da mesma, unha vez que entrasen nela os escritores da xeración anterior que, segundo el, debían entrar antes. Respecto a min, estimaba que en dita institución tiña que ter cabida, segundo me dixo literalmente, “un verdadeiro poeta antes que calquera versificador”. Así mesmo, como anteriormente me dixera tamén Ramón Piñeiro e despois algún outro membro e mesmo presidente da corporación, Francisco Fernández del Riego aseguroume que as calidades que el recoñecía en min de “universalista preparación intelectual” e de “actualizado rigor metodolóxico” lle podían vir moi ben á Real Academia Galega, sen dúbida sinceros e afectuosos afagos que eu escoitei sempre en silencio, con tanto respecto e agradecemento por quen mos dirixía como distancia ideolóxica e desinterese persoal polo que me propuñan.



Francisco Fernández del Riego e Claudio Rodríguez Fer no Congreso Ánxel Fole (Lugo, 1997)

Conversa derradeira: *Ámote vermella* e Juana Capdevielle

A última vez que lembro ter falado con Francisco Fernández del Riego foi por teléfono en 2009, cando el, xa moi vello e cego, non adoitaba saír da casa nin tampouco escribir a man. A razón da súa chamada foi a recepción dun exemplar do meu poemario memorialista *Ámote vermella*, publicado nese ano en Vigo por Edicións Xerais de Galicia, e que, malia non poder lelo directamente, escoitaba lido por persoas que o acompañaban. Contoume que, falecida en 2007 a súa querida esposa Evelina e sen poder ver nin andar con autonomía, a súa vida era moi triste en tan forzada reclusión, aínda que precisamente atopaba algún consolo no que lle lían.

Non obstante, sempre cumpridor e sempre eficiente, fixo o para min emocionante esforzo de telefonarme para agradecerme o envío e para ofrecerme a última recensión da miña poesía, neste caso por vía obrigatoriamente só oral, eloxiándome unha vez máis polo que el consideraba independente autenticidade poética. Nesta ocasión valorou o reto de acometer a contracorrente, por compromiso ético e memorialista, tal homenaxe testemuñal ás vítimas femininas do fascismo en Galicia, dobre e deliberadamente esquecidas dende o inicio da súa brutal represión pola súa dobre condición de mulleres e de antifascistas. El mesmo coñecera

persoalmente a unha delas, a arquiteira e bibliotecaria Juana Capdevielle, da que me falou durante a súa chamada, pero sobre a que xa escribira nas súas memorias.

Segundo relatou nas súas citadas memorias, *O río do tempo. Unha historia vivida*, Francisco Fernández del Riego compartira mitin autonomista en 1936 co esposo dela, e último gobernador republicano da Coruña, Francisco Pérez Carballo, con quen xa coincidira antes estudando Dereito na Universidade Central de Madrid e quen logo o acollera no recinto do propio Goberno Civil coruñés:


A miña última actuación antes de que se producira a votación plebiscitaria, realiceina en Bergondo. Organizárase unha xuntanza popular para inaugurar o edificio da Sociedade da localidade e dos seus arredores. Interviui, de primeiras, Pérez Carballo, Gobernador Civil da Coruña, que sería fusilado ao seguinte mes do pronunciamento militar. Discurseamos despois Suárez Picallo e máis eu, aproveitando a ocasión para explicar a política que o Estatuto representaba. Durmín aquela noite nas dependencias do Goberno Civil, convidado polo titular, ao que coñecía desde a miña época de estudante en Madrid (Fernández del Riego, 1990, p. 87).

Con posterioridade ao levantamento militar, Francisco Fernández del Riego recibiría angustiada, mentres estaba agachado nunha casa allea en Santiago de Compostela, a noticia do fusilamento de Francisco Pérez Carballo. Nese trágico momento augurou ademais a terrible fin que lle esperaba á esposa do gobernador, quen en efecto foi barbaramente “paseada”, tal como se evoca no poema que titulei “A Juana Capdevielle” no libro *Ámote vermella*, cuxa creación me agradeceu e me loou por teléfono, pois tratábase dun asasinato que dende logo aínda o fería moi no fondo do seu ser despois de case tres cuartos de século. Así contou, no citado libro *O río do tempo*, os pésimos agoiros que o asaltaban en plena sublevación fascista:

Conmocionoume a noticia do fusilamento, na península herculina de Punta Herminia, de Pérez Carballo, o gobernador coruñés, co que me unía unha antiga relación persoal. Pensei de contado na súa muller, Juana Capdevielle, licenciada en Filosofía e Letras, e tan intelixente, así como no final que lle agardaba. Foi andado algún tempo cando apareceu o seu cadáver en estado de preñez preto da vila de Rábade (Fernández del Riego, 1990: 116).

Porque, para o progresista Francisco Fernández del Riego, a muller e o seu desenvolvemento intelectual eran tamén elementos esenciais na súa concepción dun mundo mellor, dunha cultura avanzada e, por suposto, de Galicia. Mais, tras escribir esta última palabra, Galicia, pouco podo engadir a propósito de quen indiscutiblemente foi un dos seus principais valedores, salvo reiterar que resultou ser, ademais dun gran galego, un grande intelectual, un grande home e, para min, un grande amigo.

*A Claudio Rodríguez Fer, con
fonda amizade e devoción li-
teraria*



Francisco Fernández del Riego

O RÍO DO TEMPO

-UNHA HISTORIA VIVIDA-

Dedicatoria de Del Riego a Claudio Rodríguez Fer

Bibliografía

- Fernández del Riego, Francisco (1980): “*Poemas de amor sen morte*, por Claudio Rodríguez Fer”, *Grial*, 69, pp. 371-373.
- _____ (1981): “*Tigres de ternura*, de Rodríguez Fer”, *Faro de Vigo*, 26/6/1981.
- _____ (1983): “*Cinepoemas*, de Claudio Rodríguez Fer”, *Grial*, 82, pp. 511-513.
- _____ (1984): *Historia da Literatura*, Biblioteca Básica da Cultura Galega. Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (1987): “*A boca violeta*, de Claudio Rodríguez Fer”, *Grial*, 97, p. 384.
- _____ (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (1992): *Diccionario de escritores en lingua galega*. Sada: Edicións do Castro.

Francisco Fernández del Riego no río do tempo
acabouse de imprimir en Santiago de Compostela
no mes de maio de 2023, no marco da celebración
do Día das Letras Galegas dedicadas ao autor

ISBN: 978-84-453-5446-9

